


# OS SERVIZOS SOCIAIS NA PROVINCIA DA CORUÑA

Plan de Acción de Servizos Sociais



REDE DE CONCELLOS  
*para o benestar*



# OS SERVIZOS SOCIAIS NA PROVINCIA DA CORUÑA

Plan de Acción de Servizos Sociais





# ÍNDICE

INTRODUCCIÓN. ....	11
OBXECTIVOS E VALORES. ....	13
ESTRUTURA DA DIAGNOSE. ....	16
<b>1. A DINÁMICA DEMOGRÁFICA. ELEMENTOS BÁSICOS E EVOLUCIÓN. ....</b>	<b>18</b>
1.1 A estrutura da poboación. evolución e proxeccións .....	18
1.2 O asentamento da poboación. Densidade, dispersión, soidade e condicións da vivenda. ....	38
1.3 Extracto da dinámica demográfica na Provincia da Coruña. ....	49
<b>2. O CONTEXTO SOCIOECONÓMICO. OS PRINCIPAIS INDICADORES SOBRE AS CONDICIÓN DE VIDA DA POBOACIÓN.....</b>	<b>51</b>
2.1 Economía, traballo e ensino. ....	51
2.1.1 A Economía. ....	52
2.1.2 O Traballo.....	54
2.1.3 A Formación. ....	59
2.2 A cohesión social. ....	65
2.2.1 A renda e os ingresos dos fogares. Evolución e composición. ....	65
2.2.1.1 A renda da poboación. ....	66
2.2.1.2 Os ingresos. A situación dos fogares e das persoas. ....	69
2.2.1.3 A orixe dos ingresos. Traballo e prestacións. ....	71
2.2.2 A desigualdade e as súas diferentes formas. ....	75
2.2.2.1 O risco de pobreza e exclusión social. ....	76
2.2.2.2 A dificultade para chegar a fin de mes. Hipotecas e alugueiros. ....	81
2.2.2.3 A pobreza enerxética. ....	87
2.2.2.4 A pobreza infantil. ....	89
2.2.2.5 Outras vulnerabilidades. Fendas, adiccións e persoas sen fogar. ....	93
2.3 Síntese do contexto socioeconómico, as diferentes vulnerabilidades e o seu impacto na cohesión social. ....	99
<b>3. AS POLÍTICAS DE BENESTAR LOCAIS E AS PERSOAS. OS INDICADORES MÁIS SALIENTABLES SOBRE A ACTIVIDADE E OS RECURSOS. ....</b>	<b>102</b>
3.1 As entidades e os equipamentos de benestar na Coruña. ....	103
3.1.1 As Entidades de Servizos Sociais na provincia. ....	103
3.1.2 Os Centros de Servizos Sociais. ....	105
3.2 Os Departamentos municipais de Benestar e o papel da Deputación da Coruña. ....	116
3.2.1 O financiamento dos Servizos Sociais. ....	116

3.2.2	Os recursos humanos nos Servizos Sociais municipais. ....	128
3.2.3	A actividade e os principais programas dos departamentos municipais de benestar. O Servizo de Axuda no Fogar.....	130
3.2.4	O papel da Deputación da Coruña. Os principais programas e o apoio financeiro ás entidades locais e ás entidades sociais. ....	148
3.2.5	Extracto da situación dos servizos sociais na na provincia.....	153
<b>3.3</b>	<b>Poñendo o foco na atención ás persoas con problemas de autonomía. Os coidados, os servizos e a dependencia.....</b>	<b>155</b>
3.3.1	As persoas dependentes. Elementos a considerar.....	156
3.3.1.1	As persoas con dificultades de autonomía. Evolución e situación dos servizos.....	157
3.3.1.2	As persoas coidadoras. A súa situación xeral. ....	166
3.3.2	A Lei da dependencia. Evolución e servizos. ....	171
3.3.3	Síntese sobre as persoas con problemas de autonomía, as persoas coidadoras e os servizos. ....	174
<b>4.</b>	<b>CONCLUSIÓNS E RECOMENDACIÓNS.....</b>	<b>177</b>
<b>4.1</b>	<b>As principais conclusións .....</b>	<b>178</b>
A)	A evolución demográfica .....	178
B)	O avellentamento e a soidade. ....	183
C)	As múltiples exclusións. ....	188
D)	Os coidados.....	191
E)	Os equipos locais de benestar.....	195
<b>4.2</b>	<b>As principais recomendacións. ....</b>	<b>199</b>
A)	A evolución demográfica .....	199
B)	A soidade e o avellentamento. ....	209
C)	As múltiples exclusións. ....	218
D)	Os coidados.....	226
E)	Os equipos e a continuidade das políticas de benestar. ....	232

## ÍNDICE DE IMAXES

Imaxe 1. Taxa de risco de pobreza e exclusión social. Comunidades Autónomas. 2017. ....	80
---	----

## ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Evolucións comparadas da poboación Galicia – Provincia da Coruña. 1998, 2007, 2017. ....	18
Táboa 2. Evolución comparada da poboación das comarcas da provincia da Coruña. 1998, 2007, 2017. ....	19
Táboa 3. Concellos que amosan saldo vexetativo positivo nas anualidades estudadas. 1975 – 2015.....	25
Táboa 4. Índice de envellecemento de Galicia e provincia da Coruña, 2002 – 2010 – 2017 -2020 -2025 e 2030.....	30
Táboa 5. Índice de sobreenvellecemento de Galicia e provincia da Coruña, 2002 – 2010 – 2017 -2020 -2025 e 2030.....	30
Táboa 6. Índice de avellentamento comarcal comparado cos de Galicia e provincia da Coruña, 2017 -2020 -2025 e 2030....	31
Táboa 7. Índice de sobreavellentamento comarcal comparado cos de Galicia e provincia da Coruña, 2017 -2020 -2025 e 2030. ....	32
Táboa 8. Evolución comparada da poboación das comarcas da provincia da Coruña. 2017 - 2030. ....	34
Táboa 9. Evolucións comparadas da poboación de Galicia para os anos 2007, 2017 e segundo proxeccións de poboación para os anos 2030 e 2050. ....	35
Táboa 10. Evolución da densidade poboacional de Galicia, provincia e comarcas. Habitantes por quilómetro cadrado. 2002 – 2017. ....	40
Táboa 11. Tipos de incidencia máis salientables nas vivendas. Provincia da Coruña. Ano 2015. ....	44
Táboa 12. Medio de transporte utilizado polas persoas ocupadas para acceder diariamente ó seu posto de traballo. Galicia e Provincia da Coruña. Ano 2015. ....	45
Táboa 13. Evolución do PIB por habitante en €. Galicia, Provincia e Comarcas de. 2010 – 2016. ....	52
Táboa 14. Número de empresas da provincia da Coruña por sector de actividade e forma xurídica. 2017.....	54
Táboa 15. Evolución das explotacións agrarias e das UTAs na provincia. 1989 – 2009. ....	55
Táboa 16. Evolución das taxas de actividade, ocupación e paro. Galicia e A Coruña. 2009 – 2018.....	58
Táboa 17. Distribución da poboación por nivel de estudos. Galicia, provincia da Coruña e comarcas. 2011.....	60
Táboa 18. Evolución da renda dispoñible bruta por habitante. Galicia, provincia da Coruña e comarcas. 2008 – 2015.....	66
Táboa 19. Evolución dos Ingresos mensuais dos fogares e dos Ingresos por persoa. Galicia e provincia. 2008 – 2017. ....	69
Táboa 20. Evolución dos Ingresos mensuais dos fogares e dos Ingresos por persoa. Áreas territoriais da provincia da Coruña. 2008 – 2017. ....	70
Táboa 21. Evolución da estrutura de ingresos dos fogares. Galicia e provincia. 2007 – 2017. ....	71
Táboa 22. Evolución do peso das prestacións sobre a renda dispoñible bruta por habitante. Galicia, provincia da Coruña e comarcas. 2010 – 2015. ....	72
Táboa 23. Evolución da porcentaxe dos fogares nos que as prestacións supoñen o 100% do total dos seus ingresos. Áreas territoriais da Provincia da Coruña. 2007 – 2017.....	74
Táboa 24. Evolución do limiar do risco de pobreza. Galicia e provincia. 2007 – 2017. ....	78
Táboa 25. Evolución da taxa de risco de pobreza e exclusión social. España e Comunidades Autónomas. 2007 – 2017.....	79
Táboa 26. Evolución do número de persoas con facilidade, dificultade e moita dificultade para chegar a fin de mes. Galicia e provincia da Coruña. 2007 – 2017. ....	82
Táboa 27. Evolución da taxa de risco de pobreza dos menores de 16 anos (Europa 2020) nos países europeos de referencia. 2007 – 2017. ....	92
Táboa 28. Evolución dos fogares que dispoñen de conexión a internet. Galicia, provincia da Coruña e Áreas. 2012 – 2017. ....	94
Táboa 29. Entidades sociais e privadas por Comarcas e peso sobre o total. 2018. ....	104
Táboa 30. Distribución por comarcas dos centros de servizos sociais por área de actuación. 2018. ....	106
Táboa 31. Distribución por comarcas dos equipamentos de atención á primeira infancia. 2018.....	109
Táboa 32. Distribución por comarcas dos equipamentos de atención á dependencia. 2018. ....	110
Táboa 33. Distribución por comarcas dos equipamentos de atención ás persoas maiores. 2018. ....	111
Táboa 34. Distribución por comarcas dos equipamentos de atención ás persoas con discapacidade. 2018. ....	112
Táboa 35. Análise da oferta, índice de cobertura e necesidade de prazas para acadar a ratio do Mapa Galego por Comarcas. 2018. ....	113

Táboa 36. Análise da oferta, índice de cobertura e necesidade de prazas para acadar a ratio do Cumio de Barcelona do 2010. 2018.....	115
Táboa 37. Orzamento municipal dos Concellos da provincia para o exercicio 2018, importe do programa de “Servizos Sociais e promoción social” dos orzamentos municipais, % do programa sobre o orzamento municipal e investimento por habitante.....	117
Táboa 38. Achegas realizadas pola Deputación da Coruña ós concellos da provincia en concepto de financiamento dos servizos sociais comunitarios. Anos 2016 – 2018.....	120
Táboa 39. Achegas realizadas pola Xunta de Galicia ós concellos da provincia en concepto de financiamento dos servizos sociais comunitarios. Anos 2016 – 2018.....	124
Táboa 40. Evolución dos principais conceptos financiados pola Xunta da Galicia ós concellos da provincia nos servizos sociais comunitarios. Anos 2016 – 2018.....	127
Táboa 41. Número de horas prestadas e usuarios/as atendidos/as segundo a modalidade de SAF libre concorrencia e dependencia nos concellos da provincia. 2018.....	132
Táboa 42. Ratio de cobertura do servizo de SAF segundo as modalidades de libre concorrencia e dependencia nos concellos da provincia. 2018.....	134
Táboa 43. Número de horas prestadas do SAF libre concorrencia nos concellos da provincia menores de 20.000 habitantes. 2016 - 2018.....	137
Táboa 44. Importe das achegas realizadas pola Deputación da Coruña para o financiamento do SAF libre concorrencia nos concellos menores de 20.000 habitantes da provincia. 2016 - 2019.....	140
Táboa 45. Tipo de xestión do servizo de axuda no fogar nos concellos da provincia menores de 20.000 habitantes en función da súa modalidade e número de persoal encargado da coordinación e da prestación do servizo. 2018.....	143
Táboa 46. Distribución das persoas con dificultades de autonomía por Áreas. 2017.....	158
Táboa 47. Evolución da distribución das persoas con dificultades de autonomía por tamaño do Concello. Galicia 2007-2017.....	158
Táboa 48. Evolución da incidencia dos diferentes tipos de persoas cuidadoras. Galicia. 2007 – 2017.....	160
Táboa 49. Evolución da necesidade e recepción de determinados servizos ás persoas con dificultades de autonomía. Galicia. 2011 - 2017.....	161
Táboa 50. Evolución dos diferentes tipos de prestacións. Galicia, 2013 – 2018.....	172

## ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1. Pirámide de poboación Provincia da Coruña, 2017.....	19
Gráfico 2. Distribución da poboación por grupos de idade. Galicia – Provincia da Coruña. 2017.....	20
Gráfico 3. Evolución da pirámide poboacional da provincia da Coruña, anos 1998- 2007 e 2017.....	20
Gráfico 4. Evolución das pirámides poboacionais das comarcas de Terra de Melide, Terra de Soneira e Ortegal. anos 1998 e 2017.....	21
Gráfico 5. Evolución do saldo vexetativo de Galicia e provincia da Coruña, 1975 – 2016.....	22
Gráfico 6. Evolución do saldo vexetativo das comarcas da Coruña, Santiago e do Barbanza. 1975 – 2016.....	23
Gráfico 7. Evolución do saldo vexetativo das comarcas de Betanzos, Ortegal e Terra de Melide. 1975 – 2016.....	24
Gráfico 8. Evolución comparada do saldo migratorio. Galicia e provincia da Coruña. 1998-2017.....	26
Gráfico 9. Comparación das evolucións dos saldos migratorios das comarcas de A Coruña e Santiago. 1998-2016.....	27
Gráfico 10. Comparación das evolucións dos saldos migratorios das comarcas de Terra de Soneira, Ortegal e Muros. 1998-2016.....	28
Gráfico 11. Comparación das evolucións dos saldos migratorios das comarcas do Barbanza, Bergantiños, Betanzos e Ferrol. 1998-2016.....	29
Gráfico 12. Pirámide de poboación Provincia da Coruña, 2030 en base a proxeccións de poboación.....	33
Gráfico 13. Evolución da pirámide poboacional de Galicia, anos 2030 e 2050 en base a proxeccións de poboación. Escenario medio.....	35
Gráfico 14. Proxección das estruturas da poboación das comarcas da Coruña e Santiago. 2030.....	36
Gráfico 15. Proxección das estruturas da poboación das comarcas da Barcala, O Barbanza e Betanzos. 2030.....	37
Gráfico 16. Proxección das estruturas da poboación das comarcas de Muros, Ortegal e Terra de Soneira. 2030.....	37
Gráfico 17. Evolución do número medio de persoas nos fogares. Galicia e provincia da Coruña. 2007 - 2016.....	41



Gráfico 18. Evolución do número de persoas por fogar . Provincia da Coruña. 2007 - 2016.....	42
Gráfico 19. Evolución das persoas que viven soas. Galicia. 2013 – 2017.....	43
Gráfico 20. Evolución da afiliación á Seguridade Social na provincia da Coruña. 2006 - 2018.....	56
Gráfico 21. Evolución da afiliación á Seguridade Social na provincia da Coruña por réximes. 2006 - 2018.....	57
Gráfico 22. Evolución da afiliación á Seguridade Social na provincia da Coruña por sectores. 2009 - 2018.....	57
Gráfico 23. Distribución da poboación na provincia da Coruña por nivel de estudos. 2011.....	60
Gráfico 24. Evolución da matriculación universitaria. Galicia. 2001 - 2017 .....	62
Gráfico 25. Evolución do alumnado matriculado e titulado na USC e UDC. 2003 - 2017.....	62
Gráfico 26. Evolución do alumnado matriculado en Bacharelato ordinario, ciclos formativos grao medio e grao superior. Provincia da Coruña. 2005 – 2018. ....	64
Gráfico 27. Evolución da renda disponible bruta por habitante. Galicia e provincia da Coruña 2008 – 2015. ....	66
Gráfico 28. Evolución da porcentaxe dos fogares nos que as prestacións supoñen máis do 50%, do 75% e o 100% do total dos seus ingresos. Provincia da Coruña. 2007 – 2017.....	74
Gráfico 29. Evolución da desigualdade a través do indicador S80/20. Galicia e provincia da Coruña. 2007 – 2017. ....	75
Gráfico 30. Evolución da Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Europa 2020). Áreas da Coruña. 2011-2017 .....	76
Gráfico 31. Evolución das persoas en situación de carencia material e carencia material severa. Galicia e provincia da Coruña. 2011 – 2017. ....	78
Gráfico 32. Evolución da porcentaxe dos fogares con dificultade e moita dificultade para chegar a fin de mes. Áreas da provincia da Coruña. 2007 – 2017. ....	82
Gráfico 33. Evolución da porcentaxe dos fogares que teñen gasto en hipoteca da vivenda principal. Áreas da provincia da Coruña. 2007 – 2017.....	83
Gráfico 34. Fogares segundo a porcentaxe de ingresos dedicados ao pagamento da hipoteca da vivenda principal. Galicia. 2017 .....	85
Gráfico 35. Evolución do gasto medio mensual do fogar en alugueiro da vivenda principal. Galicia e provincia da Coruña. 2007 – 2017. ....	85
Gráfico 36. Fogares segundo a porcentaxe de ingresos dedicados ao pagamento do alugueiro da vivenda principal. Galicia. 2017 .....	86
Gráfico 37. Evolución do gasto medio por fogar. Galicia. 2006 - 2017.....	87
Gráfico 38. Evolución en porcentaxe do gasto medio por fogar en electricidade, gas e outros combustibles. España e Galicia. 2006 – 2017.....	88
Gráfico 39. Evolución da taxa de risco de pobreza en menores de 16 anos. Galicia. 2011-2017.....	89
Gráfico 40. Evolución comparada da Taxa de Risco de Pobreza (Europa 2020), Taxa de Risco de Pobreza despois de transferencias, Taxa de Risco de Pobreza en menores de 18 anos, Persistencia da Taxa de Pobreza e Persistencia da Taxa de Pobreza en menores de 18 anos. España. 2007 – 2017. ....	91
Gráfico 41. Evolución da taxa de risco de pobreza para menores de 16 anos. Europa 2020. España. 2007-2017. ....	92
Gráfico 42. Distribución da poboación sen fogar nas grandes cidades. Galicia. 2017. ....	99
Gráfico 43. Distribución dos centros de servizos sociais por área de actuación. Provincia da Coruña. 2018. ....	105
Gráfico 44. Distribución do número de prazas dos centros de servizos sociais por área de actuación. Provincia da Coruña. 2018. ....	107
Gráfico 45. Prazas dos diferentes equipamentos de servizos sociais das áreas de actuación máis relevantes. Provincia da Coruña. 2018.....	108
Gráfico 46. Finalidade das achegas recibidas polos concellos da provincia da administración autonómica e provincial para o financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais. Ano 2018. ....	127
Gráfico 47. Peso do persoal técnico, administrativo e de SAF nos Concellos da provincia (non incluíndo ás grandes cidades). Ano 2018.....	128
Gráfico 48. Ocupacións técnicas nos servizos de benestar dos Concellos da provincia (non incluíndo grandes cidades). Ano 2018. ....	129
Gráfico 49 Tipo de xestión do servizo de axuda no fogar nos concellos da provincia menores de 20.000 habitantes en función da súa modalidade. 2018. ....	147
Gráfico 50. Evolución do orzamento definitivo proposto para o financiamento das entidades sociais en materia de benestar. 2014 – 2019. ....	153
Gráfico 51. Distribución da poboación que ten problemas de autonomía por idades. Galicia. 2017. ....	157
Gráfico 52. Análise das persoas con dependencia segundo os anos que hai que o son. Galicia. 2017.....	159

Gráfico 53. Distribución do número de horas de coidados recibidos polas persoas dependentes. Galicia. 2017.....	160
Gráfico 54. Evolución das necesidades e cobertura do servizo de teleasistencia polas persoas con dificultades de autonomía. Galicia, 2011 - 2017 .....	162
Gráfico 55. Evolución das necesidades e cobertura do servizo de axuda no fogar polas persoas con dificultades de autonomía. Galicia, 2011 - 2017.....	163
Gráfico 56. Evolución das necesidades e cobertura de coidados sanitarios especializados das persoas con dificultades de autonomía. Galicia, 2011 - 2017.....	164
Gráfico 57. Evolución das necesidades e cobertura das estadias en centros de día das persoas con dificultades de autonomía. Galicia, 2011 - 2017.....	164
Gráfico 58. Evolución das necesidades e cobertura dos programas de respiro. Galicia, 2011 - 2017 .....	165
Gráfico 59. Evolución das necesidades e cobertura da comida a domicilio. Galicia, 2011 - 2017.....	165
Gráfico 60. Evolución das necesidades e cobertura do transporte adaptado. Galicia, 2011 - 2017.....	166
Gráfico 61. Distribución das persoas coidadoras por tamaño do Concello. Galicia. 2017 .....	167
Gráfico 62. Distribución das horas adicadas ós coidados. Galicia. 2017.....	168
Gráfico 63. Análise das persoas coidadoras segundo os anos que hai que o son. Galicia. 2017 .....	169
Gráfico 64. Análise das actividades habituais que son reducidas polas persoas coidadoras. Homes e mulleres. Galicia, 2017. ....	169
Gráfico 65. Análise das persoas coidadoras que acudiron a actividades de formación e contido das mesmas. Galicia, 2017. ....	170
Gráfico 66. Evolución das solicitudes, resolucións, persoas con dereito recoñecido e beneficiarios/as con prestacións no seo da lei da dependencia. Galicia, 2013 – 2018. ....	172
Gráfico 67. Evolución do total de prestacións relacionadas coa dependencia e o SAF dependencia. Galicia, 2013 – 2018. .	173
Gráfico 68. Distribución dos tipos de prestacións da lei da dependencia. Galicia. 2018. ....	174

## Introdución.

A diagnose sobre a situación dos servizos sociais na provincia da Coruña é o primeiro dunha serie de documentos que integran o Plan de Acción de Servizos Sociais da Coruña que ten como obxectivo dotar á Deputación dun marco estratéxico para o desenvolvemento das políticas de benestar na provincia en relación cos Concellos menores de 20.000 habitantes e coas entidades sociais do territorio.

Este novo marco susténtase na axeitada interpretación do contexto demográfico e socioeconómico do territorio como elemento fundamental para a construción conxunta dun novo modelo de política pública que dea resposta á evolución das necesidades sociais. É, neste sentido, onde radica a importancia de contar non unicamente con datos fiables e actualizados sobre a realidade na que vimos traballando dende os departamentos de servizos sociais, senón dunha adecuada interpretación dos mesmos que nos leve a deseñar medidas efectivas no camiño cara a construción de sociedades máis xustas e con maior benestar.

Deste xeito, se ben a Diagnose que aquí se presenta é un apartado fundamental no conxunto do Plan de Acción, a incorporación dun sistema de traballo participativo leva a transcender ós meros datos a través da obtención de diferentes interpretacións das súas causas e dos fenómenos que os xeran. Así, se ben as problemáticas sociais se poden definir en termos de políticas públicas como *wicked problems* ou problemas malvados debido ás súas múltiples relacións cruzadas, non é posible o deseño dun Plan de Acción efectivo sen asumir tanto a complexidade das propias situacións sociais como a multiplicidade das visións que os actores da política teñen sobre os mesmos, aspectos estes que serán a base das medidas deseñadas dentro do propio Plan de Acción da Deputación.

Con todo, e aínda que a existencia de matices na interpretación da realidade social é un elemento consubstancial ás propias políticas sociais, existen aspectos cuantificables que evidencian a presenza de situacións definidas comunmente como non desexadas sobre as que é preciso incidir dende os poderes públicos. Así, realidades como o devalo demográfico xeral ou o despoboamento de zonas importantes do territorio, o avellentamento ou a presenza de núcleos salientables de exclusión social constitúen realidades que, conxuntamente con outras, marcan e marcarán a actuación dos departamentos de benestar social a medio prazo.

Dentro deste esquema xeral é onde cobra especial valor a obtención de datos fiables sobre a realidade social e sobre a actividade que están a realizar os departamentos municipais de servizos sociais.

A continuación preséntase a Diagnose sobre a situación dos servizos sociais na Provincia da Coruña como marco de referencia xeral a partir da cal se elabora o Plan de Acción, salientando que este

traballo será realizado tanto para a realidade global do territorio provincial como a nivel comarcal, se ben a aproximación comarcal será realizada en documentos individuais.

## Obxectivos e valores.

Tal e como se mencionou con anterioridade, a presente Diagnose formar parte do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña, que é a ferramenta que utilizará a Deputación para conformar o seu marco de actuación e a súa relación cos Concellos e coas Entidades Sociais en relación ás políticas de benestar.

O **obxectivo da Diagnose do Plan de Acción de Servizos Sociais** é o seguinte:

**A Diagnose do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña ten como obxectivo fornecernos de datos oficiais, fiables e contrastados sobre a situación demográfica e socioeconómica do territorio, así como sobre a actuación que as administracións locais están a levar a cabo en relación ás políticas de benestar. Esta recompilación de información será unha parte fundamental sobre a que deseñar o conxunto de medidas que conformen o Plan de Acción, así como a liña de base sobre a cal realizar o seguimento posterior da súa efectividade no marco dun novo modelo de relación entre administracións e entes sociais no seu traballo de procura na mellora da autonomía das persoas.**

Para facer fronte a este obxectivo xeral, a Diagnose do Plan de Acción de Servizos Sociais realizou as seguintes tarefas:

- Análise de fontes estatísticas oficiais galegas e estatais.
- Análise documental de publicacións oficiais e de recoñecido prestixio.
- Análise da normativa e dos actos administrativos propios da Deputación e dos Concellos relacionados coas políticas de benestar.
- Análise do Rexistro Unificado de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia.
- Análise do Sistema de Información de Usuarios dos Servizos Sociais (SIUSS)
- Recompilación de información cuantitativa municipal relacionada coa dotación de recursos dos departamentos de benestar.
- Outras.

Un dos elementos máis importantes do Plan de Acción e da Diagnose como unha das súas partes centrais, é o conxunto de valores sobre os que se sustenta e que, polo tanto, serán os que guíen o seu desenvolvemento. Estes valores, dun xeito coherente coa Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, aterran o marco normativo vixente á actuación da Deputación da Coruña dentro da súa misión global de apoiar ós Concellos, con especial atención ós de menos de 20.000 habitantes, de modo que supoñen non só a nosa interpretación da lexislación senón os principios que a Deputación

Ile traslada a tódalas actuacións e ós modelos de relación enmarcados dentro do propio Plan de Acción.

Os valores do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña son os seguintes:

- **Compromiso.** O Plan de Acción de Servizos Sociais supón o compromiso da institución coa cidadanía e cos equipos dos Concellos á hora de responder ás demandas sociais e prestar servizos de calidade que promovan e melloren a autonomía das persoas.
- **Solidariedade.** O Plan de Acción define un marco de relación estable entre a Deputación e os Concellos que garante a sustentabilidade dos servizos sociais comunitarios a través da dotación de recursos e de ferramentas compartidas, poñendo a primeira pedra para a creación da Rede de Concellos para o Benestar. A través do valor da solidariedade garántese que a Rede de servizos sociais comunitarios estea ó alcance de toda a cidadanía da provincia, eliminando as fendas territoriais e promovendo o acceso universal.
- **Integración.** O Plan de Acción contén a creación dun modelo de apoio institucional e técnico que a Deputación da Coruña poñerá a disposición dos Concellos. Este modelo garantizará que a asistencia técnica da Deputación chegue a tódolos equipos municipais dando unidade ás intervencións dentro da necesaria adaptación ás realidades locais.
- **Participación.** O Plan de Acción constrúese sobre a base da participación das persoas profesionais dos servizos sociais tanto nos Concellos como nas Entidades Sociais, e mantén ese espírito a través da creación de espazos de reflexión conxunto para compartir experiencias e mellorar na prestación de servizos. A participación é un elemento consubstancial á Rede e á mellora continua, ademais de constituír a base para a co-responsabilidade dos membros da Rede e para o seu compromiso.
- **Proximidade.** O Plan de Acción ten como un dos seus alicerces fundamentais o achegamento tanto á realidade social de cada contexto de referencia como o achegamento ás persoas como xeito de fomentar a súa autonomía. A proximidade dos equipos ás persoas e a proximidade do apoio técnico ós equipos son elementos constituíntes do novo modelo de política de benestar e teñen no fomento do traballo relacional o seu máximo expoñente.
- **Liderado público.** O liderado público das políticas de benestar potencia e dálle forza ás iniciativas de coordinación e complementariedade coas entidades do terceiro sector. O liderado público é a garantía de que a cidadanía pode exercer os seus dereitos sociais con independencia das súas posibilidades ou localización territorial. O liderado público da rede de axentes que traballan nas políticas de benestar afianza as súas capacidades, multiplica o efecto das súas intervencións, posibilita a participación da cidadanía e garante a resposta ás necesidades sociais.

- **Intelixencia.** O Plan de Acción comprende no seu seo un importante abano de información sobre a realidade dos servizos prestados polos Concellos e polas entidades sociais no territorio. Estes datos, así como diferentes propostas especificamente deseñadas para mellorar a toma de información e a súa xestión para incrementar a coordinación local e o rendemento dos servizos, serán elementos básicos á hora de planificar o desenvolvemento das actuacións e xerar maior coñecemento sobre as intervencións. O coñecemento e a intelixencia nos servizos sociais son elementos sobre o que pivotará o desenvolvemento da Rede e a adaptación dos servizos á realidade social.
- **Diversidade.** A diversidade é o valor sobre o que se asenta tanto a especificidade comarcal das análises e das actuacións territoriais de proximidade contempladas no Plan de Acción, como o recoñecemento da complexidade social á que ten que dar resposta os servizos sociais locais. Esta crecente diversidade social comporta un esforzo por parte dos equipos técnicos á hora de adaptarse ás diferentes circunstancias e, polo tanto, a necesidade de maior apoio, maiores recursos e mellores ferramentas á hora de deseñar intervencións no territorio.

Ademais, e na liña mencionada de coherencia coa normativa de referencia, o Plan de Acción asume como propios os principios xerais presentes no Art. 4 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia que son: (I) a universalidade; (II) a prevención; (III) a responsabilidade pública; (IV) a igualdade; (V) a equidade; (VI) a solidariedade; (VII) a atención integral e personalizada; (VIII) a autonomía persoal e vida independente; (IX) a participación; (X) a integración e normalización; (XI) a globalidade; (XII) a descentralización e proximidade; (XIII) a coordinación; (XIV) a economía, eficacia e eficiencia; (XV) a planificación; e (XVI) a avaliación e a calidade.

## Estrutura da Diagnose.

Dentro do conxunto de documentos que forman parte do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña atópase presente a Diagnose sobre os Servizos Sociais como un dos seus elementos máis salientables. Con todo, é preciso indicar que esta Diagnose dividírase en diferentes documentos independentes, aínda que respondendo a unha mesma lóxica, filosofía e estrutura interna de contidos, atendendo ó seu respectivo alcance territorial.

Así, a Diagnose componse dun documento xeral representativo da realidade provincial e dun total de 18 documentos comarcais onde se afonda nas circunstancias propias de cada unha das comarcas e onde se focaliza a atención na situación dos Concellos que as compoñen, incorporando así a atención pola complexidade territorial como parte esencial do Plan de Acción de xeito complementario á claridade expositiva e á conformación dun marco xeral representativo do conxunto dos territorios.

Con respecto á estrutura da Diagnose, e tendo en conta o mencionado relativo á presenza de documentos específicos que traten sobre as diferentes realidades comarcais, esta comporase dos seguintes apartados:

- Análise da **estrutura poboacional** e da súa evolución nos últimos anos. Neste apartado, ademais de estudar elementos como a dispersión ou a densidade da poboación que son centrais para a prestación de servizos á cidadanía, teranse en conta as proxeccións oficiais manexadas dende a Xunta de Galicia para a poboación a medio e longo prazo, de tal xeito que os diferentes escenarios incidan no proceso de planificación e deseño de servizos nos territorios.
- Análise da **situación socioeconómica** da poboación e da súa evolución nos últimos anos. Neste apartado teranse en conta os principais indicadores relacionados coa disposición de recursos das persoas, do emprego, da formación ou exclusión social. Esta variada información socioeconómica, ademais de conformar parte do contexto de actuación das políticas de benestar, utilizarase a xeito de liña de base sobre a que deseñar e medir as medidas integradas no Plan de Acción.
- Análise da **actividade e dos recursos** dos departamentos de benestar social. Unha vez establecido o contexto demográfico e socioeconómico do territorio, procederase a estudar a dotación de recursos tanto económicos como humanos dos departamentos municipais de benestar social, así como a súa actividade. Neste sentido, tomaranse os datos oficiais procedentes do Sistema de Información de Usuarios dos Servizos Sociais da Xunta de Galicia, así como doutras fontes oficiais, polo que se realizará un importante achegamento ó traballo



cotiá dos servizos e ás súas circunstancias de actuación co obxectivo final de analizar a adecuación dos recursos e a súa posible variación.

- Deseño das principais **conclusións** obtidas froito da análise das fontes de información e dos diferentes apartados mencionados. Estas conclusións formarán parte do Plan de Acción e, xa no proceso participativo propio do Plan, serán interpretadas polos diferentes actores básicos da política pública, sendo a base do deseño das medidas que integran o novo marco das políticas de benestar da Deputación da Coruña.

Finalmente é preciso mencionar que para a Diagnose dos Servizos Sociais na provincia da Coruña, en cada un dos apartados mencionados establecerase unha sistemática de comparación entre os principais indicadores a nivel provincial e a nivel de toda Galicia co obxectivo de realizar unha contextualización axeitada da realidade exposta. Ademais, tamén se contemplará un primeiro achegamento á heteroxeneidade territorial da provincia, se ben a análise específica das diferentes comarcas será obxecto das correspondentes Diagnoses comarcais.

## 1. A dinámica demográfica. Elementos básicos e evolución.

Tal e como se comenta con anterioridade, unha parte fundamental da Diagnose é a análise da evolución da poboación da provincia da Coruña e da súa estrutura nos últimos anos, inseríndose dentro do marco xeral da evolución da poboación galega.

Neste sentido, o presente apartado ademais de estudar indicadores poboacionais, afondará noutros elementos de relevancia para as políticas de benestar como pode ser a distribución da propia poboación no territorio, de tal xeito que se amosará unha panorámica completa non só das cifras demográficas, senón do contexto das mesmas na liña da análise de factores que inciden na necesidade de servizos e na súa prestación.

Atendendo a este esquema xeral, a continuación amósanse os indicadores demográficos máis salientables a partir de cuxa análise se comporá unha parte do marco xeral de traballo para o deseño do Plan de Acción de Servizos Sociais.

### 1.1A ESTRUCTURA DA POBOACIÓN. EVOLUCIÓN E PROYECCIONES

Para o ano 2017, a poboación da provincia da Coruña ascende a un total de 1.120.294 persoas, o que supón o 41,3% das 2.708.339 persoas habitantes de Galicia. Este peso da poboación da provincia sobre o de Galicia é ascendente xa que medra dende o 40,6% obtido para o ano 1998, primeiro ano da serie histórica que será tomado como referencia dentro deste apartado.

A evolución positiva do peso da poboación da Coruña sobre o total de Galicia non se debe a un incremento substancial da poboación, senón a unha menor diminución dentro dun marco de estabilidade xa que se están a considerar as seguintes evolucións comparadas.

*Táboa 1. Evolucións comparadas da poboación Galicia – Provincia da Coruña. 1998, 2007, 2017.*

Territorio	1998	2007	2017
Provincia da Coruña	1.106.325	1.132.792	1.120.294
Galicia	2.724.544	2.772.533	2.708.339

Fonte: IGE.

A relativa estabilidade nas grandes cifras de poboación que, se ben na provincia da Coruña amosan unha evolución positiva 1998-2017 dun 1,3% e para Galicia dun -0,6%, non poden agochar o

comportamento heteroxéneo das diferentes comarcas da provincia ó longo do período analizado tal e como se pode observar na seguinte táboa.

Táboa 2. Evolución comparada da poboación das comarcas da provincia da Coruña. 1998, 2007, 2017.


Comarca	1998	2007	2017
A Barcala	12.173	11.126	10.424
A Coruña	350.446	384.616	398.730
Arzúa	19.719	18.084	16.500
Barbanza	66.487	67.205	66.672
Bergantiños	70.588	69.960	67.357
Betanzos	39.308	39.261	37.975
Eume	28.992	27.309	24.834
Ferrol	166.592	162.929	154.802
Fisterra	25.747	23.966	21.770
Muros	16.785	14.948	12.852
Noia	38.166	36.144	33.527
O Sar	18.156	17.117	15.922
Ordes	38.007	38.412	36.702
Ortegal	17.688	15.218	12.531
Santiago	142.475	156.833	166.692
Terra de Melide	15.035	13.709	12.153
Terra de Soneira	22.353	20.188	17.360
Xallas	17.608	15.767	13.491

Fonte: IGE.

Neste sentido, se ben a tendencia xeral é ó equilibrio, tal e como se observou nos datos globais, a realidade amosa comarcas que contan cun comportamento demográfico crecente (A Coruña e Santiago basicamente), outras comarcas que amosan equilibrio (O Barbanza) ou equilibrio con lixeira baixa (Bergantiños, Betanzos, Ordes), con outras comarcas cuxa evolución é negativa (Arzúa, Ferrol, Fisterra, Muros, Noia, Ortegal, Soneira ou o Xallas, por exemplo).

Con respecto á estrutura da poboación, o estudo das pirámides demográficas amosan a evolución da estrutura por cohortes de idade e permiten observar unha dinámica constante de descenso de natalidade e avellentamento continuo en ámbolos dous territorios, presentando unha evolución homoxénea.

Gráfico 1. Pirámide de poboación Provincia da Coruña, 2017.




Fonte: IGE.

A estrutura demográfica da poboación da provincia da Coruña da gráfica amosa unha poboación equilibrada en canto ó sexo da poboación a pesar de que no cómputo xeral as mulleres representan o 52% da poboación. Non existen notables diferenzas entre mulleres e homes en ningún dos grupos de idade, aínda que nas idades máis elevadas, o grupo considerado de anciáns, o número de mulleres é superior ó dos homes, aspecto este que indica unha maior esperanza de vida entre as mulleres, que é de 85,87 anos fronte os 79,19 anos de esperanza de vida dos homes.

En canto á distribución da poboación por idade, a pirámide amosa a estrutura típica dos países desenvolvidos, nos que os grupos de idade con maior peso son os de persoas adultas e persoas maiores, co conseguinte avellentamento da poboación debido ós importantes descenso nas taxas de natalidade e o aumento na esperanza de vida da poboación como consecuencia do control nas taxas de mortalidade. Neste sentido, as distribucións da poboación correspondentes á Provincia e a Galicia son moi semellantes.


Gráfico 2. Distribución da poboación por grupos de idade. Galicia – Provincia da Coruña. 2017.



Fonte: IGE.

A evolución da estrutura demográfica da poboación da provincia da Coruña nos últimos vinte anos amósase no seguinte gráfico, onde se pode observar a comparación entre tres momentos do período, os anos 1998 - 2007 e 2017.

Gráfico 3. Evolución da pirámide poboacional da provincia da Coruña, anos 1998- 2007 e 2017.



Fonte: IGE.

As diferentes figuras amosan como a estrutura demográfica da provincia evoluciona dunha figura aínda con trazos de pirámide, no ano 1998, aínda que comeza a presentar unha base cada vez máis estreita debido á diminución na taxa de natalidade; a unha pirámide en forma de tonel, é dicir, unha pirámide regresiva característica dunha sociedade desenvolvida, onde os grupos superiores da figura son máis anchos que os da base, indicando unha diminución progresiva da natalidade e un aumento da esperanza de vida da poboación.


A estrutura que presenta a poboación da provincia da Coruña, ó igual que acontece en Galicia, apunta a unha tendencia de estancamento poboacional, cando non de perda de poboación, e de progresivo avellentamento.

Con todo, ó longo da diagnose poderase observar que a situación da provincia non pode ser considerada como un todo homoxéneo, senón que existen múltiples matices con respecto ós diferentes datos, polo que é preciso realizar achegamentos máis territorializados co obxectivo de interpretar axeitadamente as tendencias e as diferenzas comarcais.

Deste xeito, con respecto ás estruturas da poboación, é posible observar salientables diferenzas entre as realidades das comarcas de carácter rural e aquelas con maior peso das grandes cidades e dos Concellos situados nunha primeira coroa metropolitana.

Así, como exemplos máis representativos da estrutura poboacional das comarcas de carácter rural, a continuación achéganse as pirámides obtidas para os anos 1998 e 2017 de Terra de Melide, Ortegá, e Terra de Soneira que, en termos visuais e reais, amosan os principais aspectos da tendencia xeral xa mencionada relacionada co avellentamento vencellado co incremento da esperanza de vida, así como co escaso peso que teñen as xeracións máis novas a raíz da limitada natalidade e que, como se pode comprobar, incide directamente no devalo demográfico.

Gráfico 4. Evolución das pirámides poboacionais das comarcas de Terra de Melide, Terra de Soneira e Ortegá. anos 1998 e 2017.



Fonte: IGE


Como se pode comprobar da visualización da evolución das pirámides, nas comarcas sinaladas estase perante un proceso caracterizado, en primeiro lugar, por un retroceso/estancamento das natalidade que, conxuntamente co incremento da esperanza de vida, leva a un salientable avellentamento reflectido a través do incremento do peso das cohortes de maior idade. Neste sentido, é salientable o caso da Comarca do Ortegal na que o grupo de idade de maior relevancia no 2017 son as mulleres maiores de 85 anos conxuntamente cos homes de entre 55-69 anos; así como o caso da Comarca de Terra de Soneira na que o grupo de poboación de máis relevancia son as mulleres de entre 70 e 74 anos.

Este proceso conxunto ten como primeira consecuencia o devalo demográfico xeral nos territorios estudados, no que impacta tamén a existencia de saldos migratorios negativos ou dun escaso peso no caso de seren positivos, o que contribúe a unha salientable caída poboacional que, por exemplo, para o caso do Ortegal, supera o 29% no período analizado.

É dicir, nestas comarcas tomadas como exemplo, preséntase unha dinámica demográfica que pode ser considerada dentro do proceso de “*demotanasia*” que segundo Pazo e Moragón (2018: 125-127) enténdese como a “*..muerte paulatina de un territorio, a su agotamiento demográfico con todas las consecuencias que se derivan de ello a raíz de una serie de omisiones o acciones políticas o socioeconómicas que afectan directa o indirectamente a ese territorio*”, o cal supón que numerosos Concellos se poidan considerar “*en riesgo de extinción*” dentro dunha dinámica xeral de “*...evolución sin retorno y de difícil reversión (...) que se agravará a corto y medio plazo*”.

Neste sentido, resulta relevante analizar a evolución no número de nacementos e defuncións nos últimos anos. Así, o gráfico amosa con claridade a tendencia decrecente dos saldos vexetativos que se inicia a mediados dos anos 70 coa decadencia do fenómeno co *baby-boom*, tendencia que a partir de mediados dos anos oitenta se agrava entrando nunha fase negativa onde o número de defuncións é sempre superior ó de nacementos.

Gráfico 5. Evolución do saldo vexetativo de Galicia e provincia da Coruña, 1975 – 2016.



Fonte: IGE.


Con todo, é posible observar como as curvas que representan á provincia e ó conxunto de Galicia presentan unha tendencia paralela pero máis acentuada no caso de Galicia o cal amosa que o proceso demográfico xeral se ve matizado na provincia da Coruña aínda que este matiz non teña a suficiente forza como para inserir á provincia dentro dunha lóxica diferente á galega.

Ademais, e tamén de xeito paralelo, obsérvase como entre os anos 1995 e 2010 se amosa, sempre dentro do saldo negativo, unha salientable recuperación que racha a partir do 2010 afondando na tendencia histórica. Como se indicaba con anterioridade, a evolución galega é máis acentuada cá provincial.

Como acontecía coa evolución da estrutura da poboación, o saldo vexetativo provincial non é homoxéneo xa que no seu interior contén diferenzas comarcais que contribúen á conformación dun territorio con numerosos matices que determinan a presenza de lóxicas poboacionais diferentes. Así, a nivel comarcal obsérvanse realidades máis dinámicas, pero sempre dentro da lóxica mencionada, conxuntamente con outras asentadas nun proceso de depresión demográfica que levan á conformación dun panorama demográfico complexo dentro da homoxeneidade.

Para ilustrar esta complexidade, a continuación amósase a evolución do saldo vexetativo das comarcas de A Coruña, Santiago e do Barbanza, escollidas como exemplos das tendencias máis dinámicas en termos demográfico para, con posterioridade, realizar a comparación con outras comarcas escollidas co obxecto de exemplificar o devalo demográfico, neste caso, dende a óptica do saldo vexetativo.

Gráfico 6. Evolución do saldo vexetativo das comarcas da Coruña, Santiago e do Barbanza. 1975 – 2016.




Fonte: IGE.

Como se pode comprobar, os saldos das comarcas expostas presentan en tódolos casos unha salientable caída xeral ata chegar á presenza de saldos negativos que, no caso de Santiago, son puntuais. Con todo, obsérvase como, se ben con diferentes ritmos, a tendencia xeral é o retroceso do saldo, entrando en cifras negativas dende mediados dos anos 80 e introducindo un matiz nesta caída dende mediados dos anos 90, aínda que esta suave recuperación non afecta ó caso do Barbanza, para volver caer nos últimos anos da serie.

As curvas das comarcas máis dinámicas en termos demográficos supoñen o recoñecemento do proceso de caída sostida da natalidade, acrecentado no caso das comarcas menos dinámicas.

Gráfico 7. Evolución do saldo vexetativo das comarcas de Betanzos, Ortegá e Terra de Melide. 1975 – 2016.



Fonte: IGE.

As gráficas das comarcas de Betanzos, Terra de Melide e Ortegá, escollidas co obxectivo de exemplificar a heteroxeneidade comarcal dentro do proceso xeral de caída do saldo vexetativo, amosan a intensidade que o proceso toma atendendo ó territorio de referencia. Así, tanto a comarca de Ortegá como Betanzos, presentan saldos negativos en toda a serie analizada, en tanto que Terra de Melide inicia a súa xeira negativa dende primeiros da década dos anos 80, sendo todas elas exemplo do devalo demográfico.

De tódolos xeitos, ó igual có observado nas comarcas máis dinámicas, a evolución toca fondo a mediados dos anos 90 (concretamente no ano 1995), a partir de onde se inicia unha xeira ascendente que se ve interrompida nos últimos anos, se ben nunca se acada o saldo vexetativo positivo e, incluso, na comarca de Terra de Melide os datos das últimas anualidades superan o saldo do ano 1995, de tal xeito que en termos xerais se retoma a caída.

Tal como se pode observar dos exemplos, os saldos vexetativos negativos inciden tanto nas comarcas máis dinámicas en termos demográficos (as máis urbanas) como nas de carácter rural, se ben nestas últimas os saldos iníciáanse con anterioridade e son máis profundos, ademais de amosar tamén unha recuperación máis limitada nos últimos anos da década dos 90. É dicir, a evolución negativa dos saldos vexetativos non é característica das comarcas rurais, o é a súa intensidade.

Neste sentido, un elemento que aparece na análise da evolución demográfica a nivel local e comarcal é a presenza da lóxica xeral dos saldos vexetativos descendentes e negativos na liña do xa mencionado a nivel comarcal. Así, son poucos os exemplos de Concellos que manteñen un saldo vexetativo positivo nas diferentes anualidades analizadas, que se resumen na seguinte táboa.



Táboa 3. Concellos que amosan saldo vexetativo positivo nas anualidades estudadas. 1975 – 2015.

Concello	Comarca	1975	1985	1995	2005	2015
<b>Ames</b>	Santiago	11	15	33	226	186
<b>Arteixo</b>	A Coruña	101	53	27	125	70
<b>Cambre</b>	A Coruña	35	1	31	117	16
<b>Culleredo</b>	A Coruña	85	23	54	137	6
<b>Oroso</b>	Ordes	26	10	8	23	46

Fonte: IGE.

A táboa amosa que do total dos Concellos da provincia, incluídos as grandes cidades, só 5 contan cunha estabilidade dos seus saldos vexetativos positivos. Neste sentido, salienta o feito de que incluso casos como os Concellos de Narón ou Oleiros, que amosan un dinamismo demográfico importante, non acadan saldos positivos en todo o período.

Os Concellos de maior dinamismo sitúanse, como se pode comprobar, nas comarcas máis urbanas ou forman parte da primeira coroa metropolitana das cidades de referencia, como é o caso do Concello Oroso. Estes Concellos contan cunha importante evolución da súa poboación en termos xerais e, ó mesmo tempo, salientan pola capacidade de atracción de veciños procedentes das centralidades urbanas (caso da Coruña ou Santiago de Compostela), polo que conforman unha estrutura demográfica de menor idade cós promedios, o cal incide positivamente no saldo vexetativo local ó mesmo tempo que o fai de xeito negativo nas cidades de referencia que, se ben actúan a xeito de atracción económica ou laboral, non o fan en termos de fixación de residencia.

De tódolos xeitos, a estabilidade nos saldos positivos municipais mencionada, non é quen de compensar a situación comarcal que, como foi observada, é descendente nestas zonas demograficamente dinámicas.

Esta evolución local e comarcal dos saldos vexetativos, así como a evolución das estruturas demográficas plasmadas nas pirámides, vai conformando un panorama poboacional provincial onde se observan dous grandes polos ó redor das Áreas Metropolitanas das cidades de A Coruña e Santiago de Compostela, e un conxunto de polos de carácter secundario encabezados pola Área Metropolitana da cidade de Ferrol (co Concello de Narón como máximo expoñente), a comarca do Barbanza ou a comarca de Bergantiños onde salienta o caso do Concello de Carballo.

Nestes polos primarios e secundarios obsérvase, dentro da lóxica xeral xa mencionada, unha evolución máis matizada que se complementa coa presenza de núcleos de salientable puxanza demográfica, como poden ser os Concellos con saldo vexetativo positivo constante.

O resto do territorio asume unhas lóxicas evolutivas semellantes marcadas polo avellentamento, pola intensidade dos saldos vexetativos negativos e pola perda de poboación a nivel comarcal que non é compensada pola presenza de dinámicas locais e parroquiais que xeran centralidades urbanas cunha limitada capacidade de atracción de habitantes e de renovación demográfica. Este pode ser o caso de Concellos como o de Muros, Cee, Melide, Ordes ou Ortigueira, por exemplo, que, a pesar de se constituíren como centralidades comarcais de carácter administrativo ou comercial non son quen


de xeraren dinámicas de crecemento propias con suficiente intensidade como para compensar a tendencia xeral.

A imaxe creada polos saldos vexetativos negativos con carácter xeneralizado non se corresponde cuns datos de evolución da poboación que, sobre todo a nivel provincial, se amosan estables entre o ano 1998 e a actualidade, se ben cunha primeira etapa crecente (1998-2007) e cunha segunda etapa (2007- actualidade) decrecente.

A esta estabilidade contribúe de xeito definitivo o saldo migratorio xa que tanto a provincia da Coruña como Galicia teñen, ó longo dos últimos vinte anos, un saldo migratorio positivo, a pesar de que o peso das inmigracións está experimentando unha progresiva e notable redución na última década que, nos últimos anos tende a elevarse de novo.

A continuación amósase o gráfico cos saldos migratorios comparados entre Galicia e a provincia da Coruña onde se poden observar as tendencias comentadas. Así, en primeiro lugar é palpable o paralelismo dos datos que amosan un proceso de constante crecemento ata acadar no ano 2007 o seu teito para, a partir deste ano, descender bruscamente e entrar en cifras negativas cuxo chan se atopa no ano 2013. Este ano 2013 constitúe un punto de inflexión xa que a partir del a evolución do saldo é progresivamente crecente, ata acadar valores positivos no saldo a partir do ano 2015 para a provincia e do ano 2016 para o conxunto de Galicia.

Gráfico 8. Evolución comparada do saldo migratorio. Galicia e provincia da Coruña. 1998-2017.



Fonte: IGE.

Como se pode comprobar, agás no período 2013-2015 para Galicia e 2013-2014 para a provincia da Coruña, o saldo migratorio é positivo, elemento este que complementa ós saldos vexetativos analizados ata chegar ó marco de estabilidade global nas cifras de poboación amosadas con anterioridade, se ben dentro dun salientable proceso de avellentamento como xa foi observado.


Neste sentido, o teito dos datos acádase no ano 2007, cando en Galicia se rexistra un valor de 19.583 persoas e na provincia de 9.396 persoas de saldo migratorio positivo, en tanto que o chan se acada no ano 2013, cando en Galicia se rexistra un saldo negativo de 2.833 persoas e na provincia de 1.128 persoas. Así, en termos xerais, o saldo migratorio amosa que os territorios (agás no 2013-2015) reciben máis persoas das que saen, aínda que a evolución do saldo responde ó ciclo económico e, como se pode observar, intensifica a entrada de persoas na expansión da primeira parte dos anos 2000, en tanto que se reverte ata chegar a saldos negativos no ciclo de recesión.

Con todo, é preciso afondar na realidade territorial para observar o efecto dos saldos migratorios a escala comarcal xa que, na liña do analizado, obsérvanse comarcas con dinámicas demográficas heteroxéneas que responden ás tendencias locais, se ben dentro dunha lóxica conxunta a nivel galego e provincial.

Deste xeito, é posible incidir a xa mencionada polaridade con respecto ás dinámicas migratorias presentes a nivel comarcal ó se observar comarcas cun saldo migratorio positivo (aínda que irregular) con aquelas que se manteñen dentro dun saldo negativo constante, é dicir, na que o saldo migratorio reforza o proceso de devalo demográfico apuntado a raíz da análise do saldo vexetativo.

Así, o dinamismo migratorio concéntrase nas comarcas de A Coruña e Santiago, que contan cuns datos positivos estables (agás no ano 2013 que na comarca da Coruña obsérvase un saldo negativo de 120 persoas) aínda que irregulares dentro das grandes liñas xa mencionadas ó analizar os contextos provincial e galego onde salientaban o teito positivo no ano 2007 e o chan negativo ó redor dos anos 2013 – 2014.

*Gráfico 9. Comparación das evolucións dos saldos migratorios das comarcas de A Coruña e Santiago. 1998-2016.*




Fonte: IGE.

A pesar da presenza de saldos migratorios positivos nas dúas comarcas analizadas, que son as responsables, en termos xerais, do panorama de estabilidade poboacional na provincia, a nivel local é posible indicar que estes saldos globalmente positivos son protagonizados por concellos como poden ser os de Arteixo, Culleredo, Oleiros ou Sada (no caso da comarca da Coruña) ou Ames e Teo (no caso da comarca de Santiago), xa que os concellos da Coruña ou de Santiago de Compostela amosan certa irregularidade ó alternar anos de saldo positivo con anualidades negativas no período analizado. É dicir, son os concellos da coroa metropolitana os que sosteñen a estabilidade no saldo migratorio positivo comarcal e provincial.

Esta situación das comarcas máis dinámicas demograficamente é paralela no tempo á de outros territorios que, con matices, presentan saldos migratorios xeralmente negativos aínda que con intensidades variables.

Gráfico 10. Comparación das evolucións dos saldos migratorios das comarcas de Terra de Soneira, Ortegal e Muros. 1998-2016.



Fonte: IGE.


Nos gráficos tomados como exemplos, pertencentes ás comarcas de Terra de Soneira, Ortegal e Muros para os períodos 1998 – 2016, é posible observar como ó longo dos anos analizados o saldo migratorio permanece negativo de xeito irregular pero estable, agás na comarca de Muros que no ano 2008 acadou un saldo positivo de 51 persoas para volver caer en cifras negativas nos anos inmediatamente posteriores.

Nestas comarcas a fase de saldos migratorios positivos crecentes mencionada con respecto ós datos de Galicia e da provincia que tiveron lugar entre os anos 1998 – 2007 no se deu ou, no caso de Muros no que se pode observar unha tendencia ascendente nestes anos, non se dá co suficiente impulso como para acadar saldos positivos estables en varias anualidades.

Deste xeito, a liña destas comarcas nas que, por exemplo, se pode incluír tamén o Xallas, Noia (esta con tres anualidades positivas correspondentes ó 2004, 2005 e 2009) ou o Eume (con catro anualidades positivas correspondentes ó 1999, 2000, 2001 e 2008), presenta unha importante estabilidade dentro dos saldos negativos con puntas que permiten achegar un dato positivo pero de escaso volume como é o caso, por exemplo, do Eume que no ano 2000 presenta un saldo positivo de 1 persoa, ou no 2008 de 14 persoas.

Finalmente, nunha posición intermedia entre os dous extremos xa mencionados, atópanse unha serie de comarcas que, respondendo á tendencia global, alternan boa parte do período analizado con saldos positivos pero decrecentes e, nalgúns casos, negativos.

Gráfico 11. Comparación das evolucións dos saldos migratorios das comarcas da Barbanza, Bergantiños, Betanzos e Ferrol. 1998-2016.



Fonte: IGE.

A comparación dos gráficos das comarcas da Barbanza, Bergantiños, Betanzos e Ferrol amosan unha tendencia intermedia entre aquelas comarcas máis dinámicas en termos demográficos e migratorios, e aquelas menos dinámicas. Así, como se pode observar, este grupo de comarcas amosan, dentro dunha tendencia decrecente que acaba achegando saldos negativos, que os saldos positivos non son puntuais, senón que corresponden a varias anualidades dentro do período estudado, nin de escaso volume xa que, por exemplo, na Barbanza entre o 2002 e o 2012 o menor dato corresponde a un saldo positivo de 85 persoas.

Con todo, nestas comarcas tamén se nota a influencia do período iniciado no 2007 que leva a que a estabilidade observada, por exemplo, no caso de Betanzos, rache para iniciar unha caída das cifras positivas e rematar por caer a saldos negativos, o que acontece na Barbanza no 2013 (cun saldo negativo de 188 persoas), Bergantiños no 2011 (cun saldo negativo de 31 persoas que se recupera no ano seguinte con 81 persoas, para volver caer xa no 2013 con 83 persoas), ou Ferrol no 2011 (no que se perden 53 persoas).

Neste sentido, é posible afirmar que, se ben en termos agregados os saldos migratorios positivos observados ó longo do período analizado contribúen á estabilización da poboación na provincia equilibrando os saldos vexetativos negativos, este proceso non é xeneralizable a tódalas comarcas, observando dinámicas propias dos saldos migratorios comarcais que, non só non contribúen a equilibrar a baixa natalidade, senón que inciden negativamente nos datos.

Así, con excepción das comarcas de A Coruña e Santiago, as máis dinámicas dende o punto de vista vexetativo, así como de varias comarcas que amosan unha posición intermedia alternando saldos migratorios positivos e negativos, son numerosas as comarcas nas que a saída neta da poboación reforza a baixa natalidade, o cal xera un escenario demográfico no que a renovación xeracional se ve seriamente dificultada.

Estas dificultades á hora da renovación xeracional vense ilustradas ó falar do proceso de avellentamento demográfico en Galicia e na provincia que, atendendo ás realidades territoriais, ten matices relacionados coa súa intensidade, pero dentro dunha lóxica xeral.

Neste sentido, o avellentamento da poboación é consecuencia do aumento da esperanza de vida da poboación que, xunto co decrecemento das taxas de natalidade e cos saldos migratorios que non incrementan de xeito representativo as bases das pirámides, contribúen a que o número de persoas de 65 ou máis anos sexa moi superior ó grupo de idade de menores de 20 anos. Os índices de envellecemento e sobreenvellecemento, tanto en Galicia como na Coruña, son indicadores do progresivo avellentamento da poboación.

Táboa 4. Índice de envellecemento de Galicia e provincia da Coruña, 2002 – 2010 – 2017 -2020 -2025 e 2030<sup>1</sup>.

Territorio	2002	2010	2017	2020	2025	2030
<b>Provincia da Coruña</b>	<b>113,94</b>	<b>134,32</b>	<b>148,98</b>	<b>156,20</b>	<b>177,20</b>	<b>213,10</b>
<b>Galicia</b>	119,70	139,37	154,77	162,50	185,10	223,60

Fonte: IGE. Indicadores demográficos.

A táboa amosa, mediante o índice de envellecemento, como o número de persoas maiores de 65 anos experimenta un aumento constante con respecto á cantidade de persoas de menos de 20 anos. Así, no 2017, por cada 100 menores de 20 anos hai 148,98 persoas de 65 ou máis anos na provincia da Coruña e, as proxeccións realizadas polo Instituto Galego de Estatística, estiman que para o ano 2030 a proporción sexa de 213,10 persoas maiores de 65 anos por cada 100 persoas de menos de 20 anos.

Este incremento do peso no grupo de poboación de maior idade (maiores de 65 anos) vai acompañado dun progresivo aumento na cohorte de máis idade (de máis de 84 anos), é dicir, o número de persoas de 85 ou máis anos por cada 100 persoas de máis de 65 presenta unha incremento progresivo, tanto na provincia da Coruña como en Galicia.

Táboa 5. Índice de sobreenvellecemento de Galicia e provincia da Coruña, 2002 – 2010 – 2017 -2020 -2025 e 2030<sup>2</sup>.

Territorio	2002	2010	2017	2020*	2025*	2030*
<b>Provincia da Coruña</b>	<b>10,79</b>	<b>13,38</b>	<b>16,35</b>	<b>18,30</b>	<b>17,90</b>	<b>18,30</b>
<b>Galicia</b>	11,45	14,46	17,48	19,40	18,90	19,00

Fonte: IGE. Indicadores demográficos.

Na actualidade por cada 100 maiores de 65 anos hai, aproximadamente, en Galicia 17 maiores de 85 anos, sendo a estimación para o 2030 de 19 persoas maiores de 85 anos por cada 100 maiores de 65 anos. Deste xeito, as proxeccións de poboación veñen a confirmar a tendencia demográfica xa citada que compaxina unha gradual perda de poboación cun pronunciado avellentamento poboacional.

Tal e como se mencionaba con anterioridade, os procesos de avellentamento globais responden a lóxicas propias en cada comarca, de tal xeito que se ben se observa a tendencia xeral ó

<sup>1</sup> Datos dos anos 2020, 2025 e 2030 correspondentes a proxeccións de poboación.

<sup>2</sup> Datos dos anos 2020, 2025 e 2030 correspondentes a proxeccións de poboación.

avellentamento, esta conta con matices de intensidade provocadas por contextos sociodemográficos locais que, se ben supoñen a constatación de perfís poboacionais diferentes, non teñen a suficiente forza como definir lóxicas demográficas heteroxéneas dentro do territorio galego e provincial, como se pode comprobar nas seguintes táboas.

Táboa 6. Índice de avellentamento comarcal comparado cos de Galicia e provincia da Coruña, 2017 -2020 -2025 e 2030<sup>3</sup>.

Territorio	2017	2020	2025	2030
A Barcala	206,1	206,1	217,2	244,2
A Coruña comarca	126,3	132,6	151,9	185,1
Arzúa	249,89	253,5	270,5	303,9
Barbanza	117,6	132,1	158	199,5
Bergantiños	182,1	189,5	210,9	248,1
Betanzos	210,5	213,4	230,6	267,9
Eume	184,4	197,3	229,3	277,8
Ferrol	170,6	178,6	202,7	243,5
Fisterra	190,1	221,8	267,1	330,8
Muros	283,2	313,5	375,3	460,1
Noia	190	201,2	228,1	269,4
O Sar	172,8	182,1	210	257,1
Ordes	174,8	181,1	201,5	238,4
Ortega	350	371,7	420,9	492,8
Santiago	107,3	113,7	133,1	165,9
Terra de Melide	243,8	255,8	276,8	318,3
Terra de Soneira	262,3	291,1	349,9	429,3
Xallas	243,8	255,8	276,8	318,2
<b>Índice de avellentamento A Coruña</b>	<b>148,98</b>	<b>156,2</b>	<b>177,2</b>	<b>213,1</b>
<b>Índice de avellentamento Galicia</b>	<b>154,77</b>	<b>162,5</b>	<b>185,1</b>	<b>223,6</b>

Fonte: IGE. Indicadores demográficos.

Deste xeito, como se pode observar, con respecto ó proceso de avellentamento só tres comarcas (as da Coruña, a Barbanza e Santiago) contan cuns datos actuais inferiores ó dato xeral de Galicia e da provincia da Coruña, confirmándose como as máis dinámicas xa que as súas proxeccións indican que esta situación se manterá ata o 2030.

Nunha posición intermedia, pero sempre superando os promedios, atópanse comarcas como as de Ferrol, O Sar ou Ordes, dentro das cales é preciso ter en conta realidades locais como poden ser as dos Concellos de Narón ou Oroso, de elevado dinamismo demográfico.

Finalmente, dentro dun amplo grupo de comarcas que presentan uns datos moi superiores ós xerais de Galicia e da provincia, salientan territorios como o de Arzúa, Muros, Terra de Melide, Soneira ou Xallas, cuxa proxección é substancialmente superior ás referencias. Neste sentido, é posible facer unha mención especial á comarca do Ortega, que na actualidade duplica os datos xerais e cuxa proxección non prevé modificacións, situándose como exemplo do avellentamento dentro da provincia.

<sup>3</sup> Datos dos anos 2020, 2025 e 2030 correspondentes a proxeccións de poboación.

Táboa 7. Índice de sobreavellentamento comarcal comparado cos de Galicia e provincia da Coruña, 2017 -2020 -2025 e 2030<sup>4</sup>.

Índice	2017	2020	2025	2030
A Barcala	19,3	20,8	20,1	20,4
A Coruña comarca	15,1	17	16,8	17,3
Arzúa	21,79	22,9	21,6	21
Barbanza	14	17,4	17,1	17,5
Bergantiños	16,6	18,5	18,2	18,8
Betanzos	19	21,6	21,3	21,3
Eume	16,5	18,3	17,5	17,7
Ferrol	16,3	18,5	18,2	18,6
Fisterra	14,7	17,1	17,5	18,9
Muros	14,9	18,5	19	20,3
Noia	17,3	19,3	19,2	19,9
O Sar	17,2	19,4	19,1	19,5
Ordes	17,7	19,8	19,7	20,3
Ortegal	20,2	22,7	22,5	22,9
Santiago	16,5	17,6	16,5	16,6
Terra de Melide	19,1	23	22,3	22
Terra de Soneira	18,5	21	21,7	23,2
Xallas	19,1	23	22,3	22
<b>Índice de sobreavellentamento A Coruña</b>	<b>16,35</b>	<b>18,3</b>	<b>17,9</b>	<b>18,3</b>
<b>Índice de sobreavellentamento Galicia</b>	<b>17,48</b>	<b>19,4</b>	<b>18,9</b>	<b>19</b>

Fonte: IGE. Indicadores demográficos.

Con respecto ó índice de sobreavellentamento, o panorama muda xa que son varias as comarcas que presentan datos inferiores ó promedio da provincia, como é o caso das comarcas da Coruña, Barbanza, Ferrol, Fisterra ou Muros. Con todo, só as comarcas da Coruña e a Barbanza se manteñen por baixo dos promedios nas proxeccións, salientando que a comarca de Santiago, se ben na actualidade se atopa por riba do promedio, amosará a medio prazo datos inferiores ó promedio provincial.

No outro extremo atópanse comarcas como Arzúa ou Ortegal que presentan na actualidade un elevado diferencial en relación ós restantes territorios, e que sosterán este diferencial nas proxeccións. Neste sentido, estas comarcas veranse acompañadas por outras como Betanzos, Ordes, Terra de Melide, Terra de Soneira ou o Xallas completando así un panorama de elevada incidencia do sobreavellentamento que vén a ratificar o proceso de avellentamento xa mencionado con anterioridade.

É dicir, na liña do exposto, o dinamismo demográfico provincial concéntrase nas comarcas de Coruña, Santiago e A Barbanza que, se ben se atopan inmersas dentro da liña xeral de incidencia do avellentamento, a súa intensidade non é comparable coa de territorios como, por exemplo, Ortegal, Soneira ou Xallas que se ven afectados de cheo polo avellentamento como peza que complementa ó

<sup>4</sup> Datos dos anos 2020, 2025 e 2030 correspondentes a proxeccións de poboación.




devalo demográfico e ós saldos migratorios negativos converténdoo en exemplo da xa mencionada *demotanasia*.

Neste sentido, e de xeito independente ó proceso de perda de habitantes, o avellentamento e a presenza de picos de intensidade do mesmo a nivel comarcal nos territorios mencionados, provoca que non só sexa considerado como un elemento referencial das políticas de benestar a nivel provincial, senón que nestas comarcas sexa considerado unha das súas principais bases xa que modifica substancialmente o perfil da cidadanía e, polo tanto, determina as súas necesidades. Con todo, non é posible obviar que as políticas de benestar deben contribuír á construción de territorios atractivos, de tal xeito que unha política de benestar integral levará, de xeito complementario coas restantes políticas públicas locais, a incrementar a capacidade de atracción de habitantes matizando o impacto dos procesos de perda de poboación xerais nos que Galicia, a provincia da Coruña e, sobre todo determinadas comarcas, se ven inmersas.

Os procesos demográficos que se mencionan ó longo do documento inciden directamente nas proxeccións de poboación oficiais que amosan, para o ano 2030, que o conxunto da provincia contará con 1.044.487 habitantes, cunha redución do 7% sobre as cifras actuais. Estas proxeccións son a base sobre a que se constrúe a pirámide que amosa o seguinte gráfico.

Gráfico 12. Pirámide de poboación Provincia da Coruña, 2030 en base a proxeccións de poboación.



Fonte: IGE. Proxeccións de poboación a curto prazo.

En comparación coa estrutura actual da poboación, a proxección da poboación amosa unha pirámide cunha base cada vez máis estreita, consecuencia das baixas taxas de natalidade, na que as cohortes de idade inferiores ós 10 anos non chegan ó 2% do total da poboación, cando na actualidade estas cohortes acadan a porcentaxe do 2%. Esta diferenza salienta, sobre todo nos/as nenos/as máis pequenos (0-4 anos), que non superan o 1,5% no 2030, a diferenza da actualidade onde se supera o 2%. Isto supón o afondamento nas baixas cifras de natalidade e a posible continuidade das cifras xerais dos saldos migratorios xa observadas, que imposibilitan a recuperación demográfica pola vía migratoria.

Con respecto ás cohortes de idade máis amplas, estas correspóndense coas xeracións nadas nos últimos anos do *baby boom* dos anos 70 do século XX que, na proxección contarán con máis de 50 anos. Neste sentido, salienta que, tanto en homes como en mulleres, tódolos grupos de idade (agás o de mulleres entre 80 e 84 anos e o de homes de 85 e máis anos) superan o 3% da poboación, con especial atención ó grupo de mulleres de máis de 85 anos que supera o 3,5% da poboación o cal reflicte a intensidade da ampliación da esperanza de vida.

Con todo, é preciso aterrizar estes datos globais á realidade comarcal, de tal xeito que a continuación se amosan as proxeccións de poboación en termos absolutos para as comarcas da provincia da Coruña, así como a súa evolución en porcentaxe con respecto ó 2017.

Táboa 8. Evolución comparada da poboación das comarcas da provincia da Coruña. 2017 - 2030.

Comarca	2017	2030	Evolución (en %)
A Barcala	10.424	9.440	-9,4%
A Coruña	398.730	394.731	-1,0%
Arzúa	16.500	14.424	-12,6%
Barbanza	66.672	59.785	-10,3%
Bergantiños	67.357	59.348	-11,9%
Betanzos	37.975	34.342	-9,6%
Eume	24.834	20.519	-17,4%
Ferrol	154.802	135.564	-12,4%
Fisterra	21.770	19.326	-11,2%
Muros	12.852	9.914	-22,9%
Noia	33.527	28.962	-13,6%
O Sar	15.922	13.830	-13,1%
Ordes	36.702	32.371	-11,8%
Ortegal	12.531	9.699	-22,6%
Santiago	166.692	166.920	0,1%
Terra de Melide	12.153	10.450	-14,0%
Terra de Soneira	17.360	13.550	-21,9%
Xallas	13.491	11.306	-16,2%

Fonte: IGE.

Como se pode comprobar, a evolución da poboación comarcal presenta dous grupos de comarcas claramente diferenciadas. Por unha banda atópanse as comarcas de A Coruña e Santiago, que presentan unha estabilidade xeral (se ben A Coruña presenta unha baixa do 1% e Santiago un incremento do 0,1%); en tanto que as restantes comarcas presentan todas elas diminucións avultadas da súa poboación. Neste sentido, as dúas únicas que amosan baixas que roldan (ou son inferiores) ó 10% son as de A Barcala, A Barbanza e Betanzos, en tanto que Muros, Ortegal ou Terra de Soneira superan cifras do 20% de descenso poboacional.

No caso das proxeccións oficiais previstas para Galicia, estas permiten ver a evolución demográfica tamén a longo prazo, elaborándose en base a escenarios, baixo, medio e alto. Seguidamente recóllense as proxeccións para os anos 2030 e 2050 en Galicia.

Táboa 9. Evolucións comparadas da poboación de Galicia para os anos 2007, 2017 e segundo proxeccións de poboación para os anos 2030 e 2050.


	2007	2017	2030	2050
<b>Real</b>	2.772.533	2.708.339	-	-
<b>Escenario Baixo</b>	-	-	2.303.397	1.762.246
<b>Escenario Medio</b>	-	-	2.689.546	2.428.327
<b>Escenario Alto</b>	-	-	3.142.579	3.304.078

Fonte: IGE. Proxeccións de poboación de Galicia..

Como se pode comprobar, os escenarios medio e baixo recollen unha tendencia decrecente na poboación galega, se ben nun primeiro intre 2017 – 2030 o escenario medio presenta unha estabilidade xeral que racha no período seguinte (2030 – 2050), en tanto que o escenario baixo adianta esta caída e atribúelle unha maior intensidade. Neste sentido, o escenario baixo recolle unha perda do 35% da poboación para o 2050 (case 950.000 habitantes), en tanto o escenario medio recolle unha perda do 10,3% (máis de 280.000 habitantes).

Con respecto ó escenario alto, este é o único que presenta unha recuperación da poboación, cun incremento do 16% para o 2030 e do 22% total para o 2050, rematando a proxección con máis de 3,3 millóns de habitantes. A efectos do Plan de Acción, tomaranse como referencia as cifras do escenario medio así como a proxección da estrutura da poboación que presentan, o cal xera unhas pirámides demográficas para o conxunto de Galicia como as que seguen.

Gráfico 13. Evolución da pirámide poboacional de Galicia, anos 2030 e 2050 en base a proxeccións de poboación. Escenario medio.




Fonte: IGE. Proxeccións de poboación de Galicia.

As proxeccións oficiais do escenario medio para os anos 2030 e 2050 amosan, en termos xerais, unha estabilidade das cohortes de menor idade en torno ás cifras do 2%, en tanto que os grupos de idade de maior peso corresponden ás mulleres e homes de entre 50 e 54 anos para o 2030 e ás mulleres e homes de entre 70 e 74 anos para o ano 2050. É dicir, ó longo desta primeira metade do século XXI, as xeracións máis amplas seguen a corresponder ós últimos grupos do *baby boom* dos anos 70 do século XX. Ademais, é salientable o peso que acadan as mulleres de máis de 85 anos para o ano 2050.

Con todo, tal como se vén comentando, tanto os datos agregados a nivel provincial ou galego como as súas proxeccións achegan un panorama xeral, pero é preciso afondar na análise territorial a través das proxeccións oficiais que permiten albiscar as dinámicas comarcais. Neste sentido, é preciso estudar as proxeccións de poboación dispoñibles para as comarcas máis dinámicas, é dicir, as da Coruña e Santiago, que se corresponden coas que incrementan poboación ou que amosan un equilibrio xeral no período 1998-2017-2030.

Gráfico 14. Proxección das estruturas da poboación das comarcas da Coruña e Santiago. 2030.



Fonte: IGE. Proxeccións de poboación de Galicia.

Como se pode observar graficamente, as estruturas demográficas das comarcas que ó longo do período analizado son as máis dinámicas manteñen unha salientable semellanza cunhas bases cada vez máis estreitas (a porcentaxe de menores de 0-4 anos non chega en ningún dos casos ó 2%), cunhas cohortes de elevado volume que se corresponden ás persoas de entre 50 e 60 anos, ademais de presentar tamén un peso importante das idades máis elevadas con especial incidencia das mulleres de máis de 85 anos.


Como se vén indicando ó longo do documento, a realidade das comarcas da Coruña e de Santiago é considerada unha excepción dentro do panorama demográfico provincial xa que o feito de asumiren un peso crecente, ó pasar de supoñer o 44% da poboación no 1998 ó 54% no 2030, baséase nunha baixa xeneralizada das cifras do resto das comarcas.

Neste sentido, é posible identificar dous grupos de comarcas en función da intensidade do proceso de devalo demográfico. Por unha banda, tal como se comenta con anterioridade, obsérvanse as comarcas cunha evolución decrecente que rolda o 10% no período 2017 – 2030, en tanto que o segundo grupo de comarcas amosa unha intensidade superior no proceso de devalo que as fai superar cifras do 20% de redución no período e que se veñen a sumar ás cifras de redución xa observadas dende o 1998, de tal xeito que é nestes territorios nos que volve emerxer o concepto de *demotanasia* xa utilizado.

Ámbolos dous tipos de comarcas mencionados presentan xa nos datos relativos ó período 1998 – 2017 indicadores salientables con respecto ó proceso de avellentamento, saldos vexetativos ou

saldos migratorios que non son variados nas proxeccións, de tal xeito que se afonda nas características demográficas presentando as seguintes estruturas.


Gráfico 15. Proxección das estruturas da poboación das comarcas da Barcala, A Barbanza e Betanzos. 2030.



Fonte: IGE. Proxeccións de poboación de Galicia.

A diferenza do acontecido con respecto ó grupo de comarcas máis dinámicas, nas comarcas da Barcala, A Barbanza e Betanzos é posible observar un maior peso das idades superiores ós 50 anos complementado por un peso menor dos grupos de menor idade ó que se lle engade, como consecuencia do sobre-avellamento, unha posición moi salientable dos grupos de idade máis elevada, con especial atención ás mulleres de máis de 85 anos que, para as comarcas da Barcala e de Betanzos, se atopan entre os grupos de maior volume.

Gráfico 16. Proxección das estruturas da poboación das comarcas de Muros, Ortelgal e Terra de Soneira. 2030



Fonte: IGE. Proxeccións de poboación de Galicia.

Con respecto ó último grupo de comarcas, as que presentan reducións poboacionais que roldan ou superan o 20% para o ano 2030, tendo en conta a traxectoria previa de redución demográfica, é posible observar como as estruturas toman forma definitiva de pirámide invertida, na que os chanzos máis estreitos situados na base non superan o 1% da poboación, en tanto os grupos de máis idade son os que van asumindo un peso maior. No caso da comarca de Muros os chanzos correspondentes ás mulleres de máis de 70 anos superan amplamente o 4% da poboación ata chegar ás mulleres de máis de 85 anos con cifras achegadas ó 6% da poboación, o que as converte no grupo de maior volume. Casos semellantes acontecen en Ortegal ou Soneira, se ben o proceso é máis intenso ó representar as mulleres de máis de 85 anos cifras superiores ó 6% do total. Nestes casos estase perante ós efectos do sobre-avellentamento mencionado ó longo da análise que non é paliado a través da variación dos saldos migratorios ou vexetativos no período.

### **1.20 ASENTAMENTO DA POBOACIÓN. DENSIDADE, DISPERSIÓN, SOIDADE E CONDICIÓNS DA VIVENDA.**

Un dos elementos máis salientables do modelo galego de asentamento da poboación no territorio é o relacionado coa elevada dispersión presente no medio rural. Esta dispersión, conxuntamente coas dinámicas de agrupación poboacional nas capitais propias de mediados do século XX causadas polos procesos migratorios rural-urbano e co proceso de avellentamento global xa analizado, conforma un escenario de distribución da poboación na provincia no que se complementan os procesos de agrupación en torno ás áreas metropolitanas máis dinámicas e o avellentamento e devalo demográfico xeral.

Este panorama, que observado a nivel provincial supón a preeminencia demográfica das áreas da Coruña e Santiago, replícase de xeito matizado a nivel comarcal en función da capacidade coa que contén as vilas intermedias ou cabeceiras de comarca para asentar a poboación dos concellos que compoñen a devandita comarca. Así, é posible observar comarcas como Bergantiños na que se pode observar unha estabilidade con lixeiro devalo demográfico no período 1998 – 2017 onde a centralidade comarcal (Concello de Carballo) incrementa a súa poboación en máis dun 13%; en tanto que tamén se poden observar comarcas nas que a centralidade comarcal amosa capacidade para matizar o devalo xeral como é o caso, por exemplo, de Terra de Melide, onde a perda dun 19% de poboación a nivel comarcal é paralela á perda dun 12% da poboación do Concello de Melide.

A nivel agregado é posible indicar a presenza dun proceso xeral que leva ó progresivo debilitamento demográfico dos núcleos tradicionais dispersos a través da mobilidade, da limitada natalidade e do avellentamento, en beneficio das áreas metropolitanas provinciais e, no seu caso, das centralidades comarcais. Este proceso provoca unha elevada concentración de poboación de elevada idade nos núcleos rurais máis dispersos e, polo tanto, supón unha elevada esixencia en termos de servizos de benestar relacionados coas persoas maiores; en tanto que estas necesidades varían nas capitais de comarca e, sobre todo, nos concellos máis dinámicos que forman parte das coroas metropolitanas da Coruña e de Santiago (caso, por exemplo, dos Concellos de Arteixo, Culleredo, Teo ou Ames).

É dicir, o modelo tradicional de asentamento territorial da poboación amosa fatiga a raíz dos cambios estruturais que sufriu Galicia dende mediados do século XX, sendo esta circunstancia de capital importancia para a planificación das políticas de benestar locais e do seu abano de servizos ás persoas.

Para realizar un achegamento ó detalle da evolución do asentamento territorial da poboación na provincia é posible utilizar a parroquia como ente singular. Deste xeito, das 932 parroquias recollidas polo Instituto Nacional de Estadística pódese analizar a evolución poboacional entre o ano 2000 e o 2017 dun total de 926<sup>5</sup>, amosando que o 16,9% das parroquias da provincia gañan poboación, o 81,9% perden poboación, non se amosan datos sobre o 0,6% delas, e obsérvanse un total de 4 casos, que corresponden co 0,4% cuxa poboación non varía.

Os datos sobre a evolución da poboación a nivel parroquial amosan que o 50,3% das parroquias da provincia (471 parroquias) perden no período analizado máis do 20% da súa poboación, observando que estas perdas atinxen a máis do 30% da poboación nun 22% dos casos (205 parroquias). Con todo, as parroquias que medran en máis do 20% da poboación correspóndense co 7,1% dos casos (un total de 97 parroquias), en tanto que as que suman máis do 30% da poboación no período analizado ascenden ó 4,1% (39 parroquias), sendo posible observar un total de 10 parroquias que medran máis do 100% da súa poboación e, concretamente 4 parroquias que medran máis do 200%.

Estudando a distribución territorial das parroquias que gañan poboación, é posible diferenciar dous tipos de casos:

En primeiro lugar, trátase dos territorios encadrados nas coroas metropolitanas das grandes cidades ou, no seu caso, na propia cidade central. Dentro deste caso intégranse as diferentes parroquias pertencentes, por exemplo, ós Concellos de Arteixo (caso de Santiago de Arteixo que medra un 80%), A Coruña (San Cristovo das Viñas que medra un 111% ou San Vicente de Elviña cun 214%), Culleredo (Orro medra un 243%), O Boqueixón (Pousada medra un 262% e Santa María de Lamas un 232%), Ames (Ortoño medra un 154% e Biduído un 109%), ou Teo (Luci medra un 126% e Cacheiras un 106%).

En segundo lugar, trátase das centralidades comarcais dos territorios rurais que atraen poboación das zonas máis afastadas do seu propio concello ou dos concellos da súa contorna. Dentro deste caso intégranse as parroquias pertencentes, por exemplo, ós Concellos de O Pino (Arca medra un 52%), Carballo (San Xoán de Carballo medra un 33%), Boiro (Santa Eulalia de Boiro medra un 28%), Cee (Santa María de Xunqueira medra un 26%), Santa Comba (Santa Comba medra un 22,7%) ou Coirós (San Xulián de Coirós medra un 20,7%).

En relación ás parroquias que perden poboación, as cifras máis avultadas aparecen en territorios integrados en comarcas rurais como poden ser Ortegá, o Eume, Noia, Arzúa ou o Xallas, respondendo así á orixe da poboación que, en boa medida, protagoniza os movementos analizados nos parágrafos anteriores. Neste sentido, a título de exemplo, son salientables tres parroquias do Concello de As Pontes que perden máis do 57% da súa poboación (San Mamede co 67%, Deveso co

---

<sup>5</sup> Atópanse excluídas as parroquias do Concello de Narón sobre as que non se ofrecen datos.

58% e Freixo co 57%); a parroquia de San Pedro de Outes no Concello de Outes que perde o 66% da súa poboación; as parroquias de Ínsua, Freires, O Ermo, Neves e Couzadoiro no Concello de Ortigueira que perden máis do 50% da súa poboación; ou Arcos e San Fins de Eirón, en Mazaricos, que perden máis do 45%.

Deste xeito, na liña da análise realizada, a complexidade territorial da evolución demográfica supón, tendo en conta o impacto de diferentes condicionantes locais, a presenza dun proceso de agrupamento e concentración en centralidades locais e comarcais e, á súa vez, en centralidades metropolitanas, o cal amosa a fatiga do modelo tradicional de dispersión poboacional galego observado como proceso de longo percorrido iniciado a raíz dos diferentes tipos de migracións presentes na historia de Galicia dende o século XIX.

De tódolos xeitos, para observar o impacto do devalo demográfico, sobre todo do eido rural, na densidade poboacional, é preciso afondar na análise territorial do indicador de densidade xa que, tal como se pode comprobar na táboa 10, en termos agregados para a provincia e para o conxunto de Galicia os datos amosan unha estabilidade global. Neste sentido, dentro dun contexto onde só as comarcas da Coruña e de Santiago evolucionan á alza na densidade, as comarcas que presentan unha maior caída da densidade son aquelas que amosan unha evolución á baixa máis pronunciada da súa demografía, como son as de Ortegal, Arzúa, Soneira, Melide, Muros, Xallas ou o Eume, por exemplo, ás que se lles engade a comarca da Barbanza.

Táboa 10. Evolución da densidade poboacional de Galicia, provincia e comarcas. Habitantes por quilómetro cadrado. 2002 – 2017.

Territorio	2002	2007	2017	Evolución
A Barcala	53,5	53,2	51,3	-4,1%
A Coruña comarca	760,6	807,3	843	10,8%
Arzúa	38,7	37	34,4	-11,1%
Barbanza	265,6	275,4	216,3	-18,6%
Bergantiños	93,7	93,4	91	-2,9%
Betanzos	57,3	57,8	57,2	-0,2%
Eume	52,4	50,1	45,9	-12,4%
Ferrol	259,4	257,2	245,9	-5,2%
Fisterra	72,3	70,7	66,2	-8,4%
Muros	108,7	103,7	91,9	-15,5%
Noia	112,6	110	103,3	-8,3%
O Sar	96,8	96,9	91,5	-5,5%
Ordes	50	50,7	49,2	-1,6%
Ortegal	42	38,9	32,7	-22,1%
Santiago	210	224,7	242,6	15,5%
Terra de Melide	38,8	37,4	34,4	-11,3%
Terra de Soneira	56,4	54,5	49	-13,1%
Xallas	42,3	38,4	36,1	-14,7%
<b>Provincia da Coruña</b>	<b>137,9</b>	<b>141</b>	<b>141,1</b>	<b>2,3%</b>
<b>Galicia</b>	<b>91,2</b>	<b>92,7</b>	<b>91,6</b>	<b>0,4%</b>

Fonte: IGE.




Ademais, é preciso ter en conta os efectos locais dentro desta análise xa que, por exemplo, é a nivel local onde se poden apreciar mellor os efectos da evolución. Así, o Concello de Monfero rolda os 11,5 habitantes por quilómetro cadrado, en tanto que Sobrado, Toques, Aranga ou As Somozas amosan cifras entre os 15 e 16 habitantes, seguidos por Mañón ou Irixoa con 17 e 20 habitantes respectivamente. Neste sentido, o estudo da densidade complementa ó da evolución demográfica e o do avellentamento amosando os territorios que presentan (e presentarán) unha maior intensidade das súas necesidades de servizos de benestar relacionados tanto coas persoas maiores, como coa matización ou reversión das tendencias demográficas dos últimos anos.

A evolución da densidade da poboación, a evolución da propia demografía e a evolución do asentamento da poboación amosan unha derivada salientable de especial impacto ó longo dos últimos anos que é a soidade. Así, o fenómeno da soidade preséntase tanto en territorios de elevado dinamismo (como poden ser as zonas urbanas dos núcleos ou das coroas metropolitanas) como en territorios caracterizados polo devalo e perda de poboación, se ben no primeiro dos casos atópase relacionada co illamento social e no segundo dos casos co illamento físico.

Con todo, aínda que con orixes diferentes en función dos contextos territoriais mencionados, ámbolos tipos de soidade agrávanse ó se reducir o número de persoas que residen nas vivendas do territorio, o cal incide na diminución da poboación (illamento físico) e no progresivo deterioro e retroceso das relacións comunitarias que son as que determinan o illamento social. É dicir, a evolución no promedio de persoas residentes nas vivendas é un indicador útil para estudar o proceso relacionado co illamento físico e, ó mesmo tempo, é un síntoma para a detección da posibilidade de illamento social.

Gráfico 17. Evolución do número medio de persoas nos fogares. Galicia e provincia da Coruña. 2007 - 2016.




Fonte: IGE.

Neste sentido, os datos oficiais amosan que a evolución do número de persoas por fogar nos últimos anos baixa, tanto en Galicia como na provincia, que presentan liñas parellas. Esta baixa supón que, se ben para o 2007 o indicador amosara 2,71 habitantes por fogar para Galicia e 2,72 para a provincia, na actualidade estas cifras se sitúen nos 2,53 para Galicia e 2,51 para a provincia, o cal supón unha diminución dun 7% e dun 8% respectivamente.

Esta evolución tamén é posible observala analizando as vivendas atendendo ó número de habitantes que residen nelas. Así, en consonancia coa evolución de Galicia, na provincia da Coruña dáse, dende

o ano 2007 ó 2016 un dobre proceso. Por unha banda obsérvase un incremento substancial do número de vivendas, pasando dun total de 409.910 a 442.503, o que supón o incremento do 8% do parque inmobiliario provincial. Por outra banda, obsérvase que este incremento dáse en vivendas nas que residen unha persoa (a cifra medra o 39%), dúas persoas (medra o 13%) e tres persoas (medra o 4%), en tanto que as vivendas ocupadas por 4, 5 e 6 e máis persoas diminúen (un 6%, un 33% e un 29% respectivamente). É dicir, cada vez hai máis vivendas ocupadas por menos persoas, tal como se pode observar no seguinte gráfico.

Gráfico 18. Evolución do número de persoas por fogar . Provincia da Coruña. 2007 - 2016.



Fonte: IGE.

Estes dous últimos indicadores relacionados coas persoas que residen nas vivendas deben ser cruzados co xa analizado proceso de avellentamento poboacional, así como con outros relacionados coa mobilidade demográfica, de tal xeito que, alén da presenza de familias de menor tamaño como elemento configurador do actual modelo de sociedade a nivel xeral, tamén é preciso salientar a cada vez máis frecuente presenza de núcleos onde residan persoas maiores vivindo soas, sendo este un novo aspecto característico da distribución da poboación no territorio.

Aludindo especificamente á realidade dos fogares unipersoais, no ano 2016 existen un total de 224.439 en Galicia, dos cales 97.154 corresponden á provincia da Coruña. Esta cifra vén evolucionando á alza dende o ano 2007, período no que o número de fogares unipersoais medra un 19% para Galicia e un 38% na provincia.

Territorialmente, os fogares unipersoais contan cunha implantación máis estendida nos Concellos galegos menores de 10.000 habitantes (no 2016 o 31% dos fogares destes Concellos eran de carácter unipersoal) e nos Concellos de máis de 50.000 habitantes (o 39,6% dos fogares son unipersoais), en tanto que nos Concellos de entre 10 e 20 mil habitantes a cifra non rolda o 15% e nos Concellos de entre 20 e 50 mil a cifra é do 14%. Con todo, a evolución nos Concellos menores é á baixa, partindo no 2007 do 37%, en tanto que nos Concellos maiores é á alza ó partir no 2007 do 35,9%.


Ademais, tendo en conta o crecemento dos fogares unipersoais, é preciso estudar tanto o sexo como a idade media das persoas que residen neste tipo de fogares. Así, na actualidade o 58,3% dos fogares unipersoais galegos son habitados por mulleres, correspondéndolle o 41,6% restante ós homes. No caso da provincia, as mulleres habitan no 59,6% dos fogares unipersoais e os homes no 40,3% restante.

Con respecto á idade media das persoas ocupantes dos fogares unipersoais, no período 2007 – 2016 obsérvase como esta para Galicia rolda entre os 62 e 63 anos, en tanto que este dato correspóndese cos 61 anos para a provincia. Tamén se pode salientar o feito de que esta idade media é substancialmente superior no caso das mulleres que residen soas, que roldan os 67 anos para o conxunto de Galicia e os 65 para A Coruña no ano 2016, en tanto que no caso dos homes estes contan con 56 e 55 anos respectivamente.

Finalmente, é preciso indicar que no ano 2016 o 22% dos fogares galegos estaban compostos por persoas maiores de 65 anos ou máis, correspondéndolle á provincia da Coruña o 21,4%, o que supón un total de 94.731 fogares.

Na actualidade (ano 2017) estímase que 274.100 persoas residen soas en Galicia, cifra que evoluciona á alza dende as algo máis de 250.000 contabilizadas no ano 2013. Desta cifra, o peso das persoas maiores de 65 anos que viven soas sitúase ó redor do 45%, contabilizándose no 2017 máis 125.000 persoas maiores de 65 anos viven soas en Galicia, dato que ascende dende as 110.800 contabilizadas no ano 2013. É dicir, case o 19% da poboación galega maior de 65 anos reside actualmente soa, cifra inferior ó 32,2% da Unión Europea e á do 24% de España<sup>6</sup>, se ben estes últimos datos son do 2015.

Gráfico 19. Evolución das persoas que viven soas. Galicia. 2013 – 2017.



Fonte: INE<sup>7</sup>

Este fenómeno non é protagonizado en exclusiva por persoas maiores, senón que se poden dar episodios de soidade ou illamento social en todo tipo de idades xa que, ó estar relacionado co deterioro das relacións comunitarias, vellaríase coa exclusión e provocaría efectos sobre, por exemplo, a vivenda ou sobre as posibilidades de integración laboral.

Outro dos elementos salientables á hora de estudar o asentamento da poboación é o relacionado coas condicións das vivendas, aspecto este que enfía coa habitabilidade das mesmas e, polo tanto, cunha parte importante da calidade de vida da poboación.

<sup>6</sup> Datos obtidos do CSIC. Véxase en <https://envejecimientoenred.wordpress.com/2016/11/30/una-de-cada-tres-personas-mayores-vive-sola-en-europa/>

<sup>7</sup> INE. Encuesta Continua de Hogares. Véxase <http://www.ine.es/dynt3/inebase/index.htm?type=pcaxis&path=/t20/p274/serie/prov/p05&file=pcaxis&L=0&dh=0&capsel=0>

Neste sentido, case medio millón de vivendas en Galicia declaran, no ano 2015, ter problemas relacionados co espazo, coa luz, con ruídos, co illamento, con pingueiras, humidades ou podremias. Na provincia da Coruña esta cifra ascende a máis de 225 mil vivendas, supoñendo o 51% do total, en tanto que para Galicia representa o 47%.

Analizando a territorialidade destas cifras, as porcentaxes máis salientables atópanse nas Áreas da Coruña Suroriental (que agrupa as comarcas de Ordes, Arzúa e Terra de Melide) con máis do 57% das vivendas (máis de 10.000 vivendas) que declaran contar cos problemas mencionados, ou na Costa da Morte (Área que agrupa as comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira, Fisterra, Xallas e Muros), cuxa porcentaxe supera o 61% do total e que supón máis de 19.000 vivendas.

Con todo, as Áreas que amosan unhas cifras absolutas máis elevadas son as da Coruña (que agrupa ás comarcas da Coruña e Betanzos) que conta con máis do 49% das vivendas na situación mencionada, o que supón case 91.000 vivendas, a Área de Ferrol-Eume-Ortega con máis de 44 mil vivendas (o 44% do seu parque inmobiliario), e a Área de Santiago (que engloba as comarcas de Santiago, a Barcala e O Sar) con máis de 34 mil vivendas que supoñen o 53% do seu total.

Afondando na análise dos diferentes problemas presentados polas vivendas da provincia, é posible amosar a seguinte táboa.

*Táboa 11. Tipos de incidencia máis salientables nas vivendas. Provincia da Coruña. Ano 2015.*

Tipo de incidencia	Porcentaxe	Número
<b>Deficiencias de illamento térmico ou acústico</b>	21,57%	95.412
<b>Pingueiras</b>	4,46%	19.750
<b>Humidades</b>	32,07%	141.864
<b>Podremias en chans ou fiestras</b>	2,54%	11.253
<b>Deficiencias na instalación eléctrica</b>	4,74%	20.954
<b>Deficiencias na instalación de fontanería</b>	4,60%	20.334
<b>Subministración eléctrica deficiente</b>	4,07%	18.012
<b>Subministración de auga deficiente</b>	3,81%	16.838
<b>Deficiente acceso a internet</b>	15,17%	67.108

Fonte: IGE.

Como se pode comprobar, a presenza de incidencias nas vivendas que afectan directamente á habitabilidade, como poden ser as humidades, pingueiras ou as deficiencias no illamento, afectan a un número salientable de fogares, así como outras relacionadas co deficiente servizo das redes básicas de subministracións que, na actualidade, afectan a case un 4% do total de fogares da provincia.

Con todo, un elemento a ter en conta é a presenza en máis de 67.000 fogares de problemas relacionados co deficiente acceso a internet, elemento este que determina a presenza da fenda dixital. Neste sentido, se ben as anteriores incidencias marcaban a existencia de problemas relacionados coa habitabilidade, as deficiencias no servizo de internet inflúen na capacidade das persoas de informarse e interactuar cunha parte do seu contexto, contribuíndo ó illamento social.

De tódolos xeitos, complementariamente coas cifras mencionadas, estímase que no 2015 o número de fogares que presentan deficiencias graves que dificultan substancialmente a habitabilidade, entendidas como os fogares que contan simultaneamente con problemas relacionados con pingueiras, humidades, podremia en chans ou fiestras e deficiencias de illamento térmico ou acústico; ascenden a máis de 2.700 na provincia (o que supón o 0,63% do total dos fogares) e a 8.100 en Galicia (o 0,76% do total).

Finalmente, e tendo en conta a dispersión da poboación en Galicia e na provincia, aínda que dentro das dinámicas que se veñen mencionando, e asumindo o avellentamento e o devalo demográfico como características consubstanciais do modelo de poboación (se ben con diferentes lóxicas e intensidades comarcais e locais), é preciso afondar nos medios para a mobilidade das persoas xa que, como se vén mencionando, estas tenden a agruparse en centralidades rachando así paulatinamente o esquema de distribución territorial tradicional.

Neste sentido, é posible analizar o comportamento da poboación galega e da provincia atendendo ás súas pautas de mobilidade por razón laboral, por razón de estudos e por outros motivos entre os que se atopa o lecer. Ademais, estes datos amosan a descrición do comportamento galego e provincial, en tanto que tamén poden ser analizados diferentes indicadores por Áreas territoriais que, como se vén indicando, agrupan as diferentes comarcas.

Con respecto á mobilidade por razóns laborais, no ano 2015 o 92% das persoas ocupadas en Galicia e na provincia traballan en centros de traballo situados no seu Concello (o 59% e o 55% respectivamente) ou noutro Concello de Galicia (o 33% e o 37% respectivamente), en tanto que só o 1,5% dos ocupados galegos e o 1,8% dos ocupados na provincia o facían dende o seu propio fogar. Ademais ó redor do 5% restante para ámbolos espazos territoriais prestaban servizos en varios concellos ó mesmo tempo, ou noutro país. Isto supón que, por motivos laborais, diariamente se desprazan en Galicia máis de 921.000 persoas e na provincia da Coruña máis de 390.000.

A continuación amósase táboa coa análise dos medios de transporte utilizados polas persoas ocupadas para acceder ó seu posto de traballo.

*Táboa 12. Medio de transporte utilizado polas persoas ocupadas para acceder diariamente ó seu posto de traballo. Galicia e Provincia da Coruña. Ano 2015.*

Tipo de medio de transporte	Galicia		A Coruña	
	Número total	Porcentaxe	Número total	Porcentaxe
<b>Só transporte privado</b>	621.504	66,9%	268.339	68,2%
<b>Só transporte público</b>	46.832	5%	24.201	6,2%
<b>Só transporte non motorizado</b>	240.166	25,9%	92.436	23,5%
<b>Outros</b>	20.168	2,2%	8.265	2,1%
<b>Totais</b>	928.670	100%	393.241	100%

Fonte: IGE.

Os datos oficiais do ano 2015 indican que practicamente o 70% das persoas ocupadas en Galicia e na provincia utilizan diariamente o seu vehículo privado para acceder ó seu posto de traballo, aínda que este se sitúe no seu propio Concello, tal como se puido observar con anterioridade. É salientable que

o transporte público só preste servizo ó 5% e ó 6% das persoas ocupadas para Galicia e para a provincia respectivamente, en tanto que outros tipos de transporte (sobre todo a pé) se sitúen en cifras superiores ó 25% e ó 23% respectivamente.

Entre os motivos máis nomeados polas persoas ocupadas para non utilizar o transporte público salientan os relacionados coa ausencia de servizo ou frecuencias escasas (64% para Galicia e 68% para a provincia), a comodidade (49,9% para Galicia e 44,1% para a provincia), a disposición de aparcadoiro para o seu automóbil no lugar de traballo (13,9% e 12,9% respectivamente) ou a duración da viaxe (12,5% e 15,2% respectivamente). É dicir, na actualidade, para a maior parte das persoas ocupadas, o transporte público non é alternativa efectiva ó transporte privado para acceder diariamente ó seu posto de traballo, aínda que os desprazamentos realizados sexan, para un 80% dos ocupados, de entre 0 e 15 quilómetros, polo que se trataría de percorridos de proximidade tanto para o conxunto de Galicia como para a provincia.

Neste sentido, analizando os datos por Áreas territoriais, é posible indicar que as persoas ocupadas que máis utilizan o transporte privado para desprazarse ó seu traballo residen na área de Ferrol-Eume-Ortegal (o 79,1%), seguidas da Barbanza-Noia (co 77,7%), da Costa da Morte (o 70,8%), e a Coruña Suroriental (o 70,1%), en tanto que as áreas de Santiago ou da Coruña amosan cifras do 69,6% e do 65% respectivamente.

Con respecto ós desprazamentos realizados por motivos relacionados cos estudos, os datos amosan no 2015 unha certa equiparación entre os medios privados (25,8% para Galicia e 27,9% para a provincia da Coruña, o que supón neste último caso máis de 47.000 persoas desprazadas diariamente), os medios públicos (32,4% para Galicia e 32,2% para a provincia, o que supón máis de 54.000 persoas diarias), e os medios non motorizados (36,4% para Galicia e 35,6% para a provincia, o que supón máis de 60.000 persoas diarias).

No relativo ós motivos máis mencionados polos estudantes que non utilizan o transporte público, para toda Galicia, atópanse o relacionado coa ausencia de servizo ou escasas frecuencias (o 46,3% dos casos), a comodidade (o 42,1%) ou a posibilidade de compartir desprazamento con outras persoas (o 29,2%). Con todo, na liña das distancias mencionadas no anterior apartado, é preciso indicar que para Galicia máis do 92% dos estudantes desprazados se circunscriben a distancias de entre 0 e 15 quilómetros, distancia que na provincia da Coruña supón case o 93%.

En relación a outro tipo de razóns para a mobilidade, é posible indicar que (I) para a realización de compras, tanto en Galicia como na provincia máis do 53% das persoas utilizan o vehículo privado, en tanto que o 4,9% dos galegos e o 3,8% dos coruñeses utilizan o transporte público, e máis do 25% fano a pé; (II) por motivos de lecer as porcentaxes son semellantes, superando o 53% os coruñeses e o 54% os galegos que utilizan o vehículo privado, o 5% as persoas que utilizan o transporte público en ámbolos territorios, e o 26% dos galegos e o 28% dos coruñeses que se desprazan a pé; (III) para a realización de visitas a familiares e amigos, as porcentaxes de persoas que utilizan o vehículo privado roldan o 70% (68,9% dos galegos e 67,5% dos coruñeses), o transporte público é utilizado polo 6,6% dos galegos e o 7,4% dos coruñeses, e outros sistemas non motorizados son utilizados polo 16,8% dos galegos e dos coruñeses; (IV) con respecto a traxectos realizados para acompañar a nenos/as ou

persoas maiores, o 55,9% dos galegos e o 53,1% dos coruñeses fano en vehículo privado, o 3,9% dos habitantes fano en transporte público, e o 17,1% dos galegos e o 14,2% dos coruñeses fano a pé, salientando tamén que o 23,1% dos galegos e o 28,8% dos habitantes da provincia desprázanse andando menos de 10 minutos neste aspecto; e (V) para a realización de xestións persoais ou familiares, o 61% dos galegos e dos habitantes da provincia fano en vehículo propio, o 8,4% dos galegos e o 9,2% dos coruñeses fano en transporte público, e o 23% dos galegos e o 22% dos habitantes da provincia fano a pé.

Realizando esta análise por Áreas territoriais, obtense o seguinte esquema de mobilidade por motivos non relacionados co traballo ou cos estudos:

- Na Área da Coruña Suroriental, (I) para a realización de compras o 67,9% da poboación maior de 16 anos faino en vehículo privado, o 1,4% en transporte público e o 25,7% faino a pé, en tanto que para o 17% estes desprazamentos son menores a 10 minutos camiñando; (II) por motivos de lecer, o 59,5% da poboación desprázase en vehículo privado, o 0,5% faino en transporte público e o 32% faino a pé; (III) para a realización de visitas a familiares ou amigos, o 78% da poboación faino en vehículo privado, o 3,2% en transporte público, e o 13,2% a pé; (IV) para acompañar a nenos/as ou persoas maiores, o 71% da poboación faino en vehículo privado, o 1,2% faino en transporte público e o 6,9% faino a pé, salientando que para o 28,7% estes desprazamentos non son superiores a 10 minutos andando; (V) finalmente para a realización de xestións, o 82,4% da poboación utiliza o vehículo privado, o 4,2% o transporte público e o 7,8% faino a pé.
- Na Área de Ferrol-Eume-Ortega, (I) para a realización de compras o 58,6% da poboación maior de 16 anos faino en vehículo privado, o 1,9% en transporte público e o 21% faino a pé; (II) por motivos de lecer, o 60,1% da poboación desprázase en vehículo privado, o 2,5% faino en transporte público e o 31,9% faino a pé; (III) para a realización de visitas a familiares ou amigos, o 68,7% da poboación faino en vehículo privado, o 2,7% en transporte público, e o 20,8% a pé; (IV) para acompañar a nenos/as ou persoas maiores, o 52,6% da poboación faino en vehículo privado, o 0,6% faino en transporte público e o 17,8% faino a pé, salientando que para o 29% da poboación estes desprazamentos non son superiores a 10 minutos camiñando; (V) finalmente para a realización de xestións, o 63,3% da poboación utiliza o vehículo privado, o 2,8% o transporte público e o 24,2% faino a pé.
- Na Costa da Morte, (I) para a realización de compras o 66% da poboación maior de 16 anos faino en vehículo privado, o 6% en transporte público e o 13% faino a pé, en tanto que para o 14,8% estes desprazamentos son menores a 10 minutos camiñando; (II) por motivos de lecer, o 63,2% da poboación desprázase en vehículo privado, o 4,3% faino en transporte público, o 13% faino a pé, e para o 19,6% estes desprazamentos fanse a pé ó non supoñeren máis de 10 minutos; (III) para a realización de visitas a familiares ou amigos, o 71,4% da poboación faino en vehículo privado, o 5,8% en transporte público, e o 10,5% a pé, en tanto que para o 12,3% da poboación o desprazamento é menor a 10 minutos camiñando; (IV) para acompañar a nenos/as ou persoas maiores, o 72% da poboación faino en vehículo privado, o 0,7% faino en transporte público e o 7,2% faino a pé, salientando que para o 13,8% estes desprazamentos non son superiores a 10 minutos andando; (V) finalmente para a realización de xestións, o 71,9% da poboación utiliza o vehículo privado, o 9,6% o transporte público e o 10,4% faino a pé.

- Na Área da Barbanza-Noia (I) para a realización de compras o 55,8% da poboación maior de 16 anos faino en vehículo privado, o 2,2% en transporte público e o 21% faino a pé, en tanto que para o 21% estes desprazamentos son menores a 10 minutos camiñando; (II) por motivos de lecer, o 45,5% da poboación desprázase en vehículo privado, o 2,5% faino en transporte público e o 36,4 faino a pé; (III) para a realización de visitas a familiares ou amigos, o 56,7% da poboación faino en vehículo privado, o 2,4% en transporte público, e o 26,7% a pé; (IV) para acompañar a nenos/as ou persoas maiores, o 43,7% da poboación faino en vehículo privado, o 0,7% faino en transporte público e o 21,4% faino a pé, salientando que para o 34% estes desprazamentos non son superiores a 10 minutos andando; (V) finalmente para a realización de xestións, o 58% da poboación utiliza o vehículo privado, o 3,2% o transporte público, o 14,5% faino a pé e para o 21,3% o desprazamento camiñando non é superior ós 10 minutos.
- Na Área da Coruña (I) para a realización de compras o 40,6% da poboación maior de 16 anos faino en vehículo privado, o 3,6% en transporte público e o 31,2% faino a pé, en tanto que para o 24,5% estes desprazamentos son menores a 10 minutos camiñando; (II) por motivos de lecer, o 45,8% da poboación desprázase en vehículo privado, o 7,7% faino en transporte público e o 33,8 faino a pé; (III) para a realización de visitas a familiares ou amigos, o 63,2% da poboación faino en vehículo privado, o 10,9% en transporte público, e o 18,4% a pé; (IV) para acompañar a nenos/as ou persoas maiores, o 40,6% da poboación faino en vehículo privado, o 4,9% faino en transporte público e o 14,7% faino a pé, salientando que para o 39,7% estes desprazamentos non son superiores a 10 minutos andando; (V) finalmente para a realización de xestións, o 50% da poboación utiliza o vehículo privado, o 14% o transporte público e o 29% faino a pé.
- Na Área de Santiago (I) para a realización de compras o 61,4% da poboación maior de 16 anos faino en vehículo privado, o 5,9% en transporte público e o 25% faino a pé; (II) por motivos de lecer, o 60,5% da poboación desprázase en vehículo privado, o 7% faino en transporte público e o 25,5 faino a pé; (III) para a realización de visitas a familiares ou amigos, o 74,8% da poboación faino en vehículo privado, o 9,5% en transporte público, e o 9,8% a pé; (IV) para acompañar a nenos/as ou persoas maiores, o 66,1% da poboación faino en vehículo privado, o 5,6% faino en transporte público e o 13,3% faino a pé, salientando que para o 15% estes desprazamentos non son superiores a 10 minutos andando; (V) finalmente para a realización de xestións, o 67,7% da poboación utiliza o vehículo privado, o 9,5% o transporte público e o 19,3% faino a pé.

O estudo dos datos correspondentes á mobilidade, amosan un panorama marcado pola asentada presenza do transporte privado para todo tipo de desprazamentos, en detrimento de solucións de carácter colectivo a raíz, maioritariamente, da súa escasa presenza ou da súa incomodidade en comparación con outras alternativas. É dicir, a mobilidade atópase protagonizada polo vehículo privado ó non situarse o transporte público como alternativa a considerar pola cidadanía de cara ós diferentes tipos de desprazamentos analizados.

Esta situación é preciso complementala coas características analizadas ó longo do apartado ata completar un escenario onde as necesidades de mobilidade da cidadanía non se están a ver seguidas pola prestación efectiva de solucións públicas, o cal contribúe á concentración poboacional en detrimento dos modelos tradicionais de espallamento e dispersión territorial.



A continuación, tendo en conta os elementos analizados no presente apartado, amosaranse as principais achegas que contribuirán á determinación do contexto onde se insiren, onde se deseñan e implementan as políticas locais de benestar e onde a Área de Benestar da Deputación da Coruña conta con competencias para o seu desenvolvemento.

### 1.3 EXTRACTO DA DINÁMICA DEMOGRÁFICA NA PROVINCIA DA CORUÑA.

Ó longo deste apartado foron analizados múltiples indicadores relacionados coa evolución demográfica a nivel de toda Galicia, da provincia, das diferentes comarcas, así como incluso a nivel local e parroquial, contribuíndo á conformación dun escenario que amosa un proceso complexo, pero que vén marcado polo avellentamento e, na maior parte dos territorios, polo devalo ata chegar ó xa mencionado concepto da *demotanasia* entendido como punto dende o cal é difícil a recuperación do dinamismo poboacional nun territorio.

Ó aludir á complexidade do proceso de evolución demográfica é preciso indicar que este avellentamento e devalo é a característica propia da provincia en termos xerais, pero a realidade propia das Comarcas da Coruña e de Santiago e o seu elevado impacto, provocan que as cifras observadas a nivel macro amosen estabilidade e, incluso, certo crecemento nos últimos anos.

Con todo, as dinámicas locais non agochan a profundidade do proceso de avellentamento global que capilariza en todo o territorio e que, en termos de asentamento, vén complementado cunha progresiva concentración poboacional en diferentes centralidades, tanto comarcais como provinciais.

Así, é posible observar como as parroquias máis rurais perden poboación ata puntos de non retorno, en tanto as centralidades locais ben amosan equilibrio, ben medran. Este proceso aplícase tamén a nivel provincial, funcionando as localidades máis importantes das áreas metropolitanas das grandes cidades como territorios que atraen poboación de toda a provincia e das propias grandes cidades, xa que se observa como as capitais se manteñen estables fronte ós salientables crecementos dos principais núcleos das súas coroas metropolitanas.

Este progresivo *baleirado* do territorio rural cara ós núcleos máis poboados dáse, sobre todo, entre a poboación máis nova, ficando nos lugares máis rurais a poboación máis avellentada, o cal, conxuntamente coa diminución do número de persoas por fogar, supón unha profunda modificación das necesidades que, en termos de benestar, é preciso cubrir nestes lugares e que é preciso afrontar para garantir a igualdade efectiva de dereitos de toda a cidadanía alén do seu lugar de residencia.

Neste sentido, incidindo na modificación das necesidades sociais, e tendo en conta o cruzamento dos numerosos factores definidos ó longo deste primeiro apartado da diagnose, é preciso ter en conta que a soidade, nas súas múltiples acepcións, será un dos elementos que marquen a realidade social de cara ó futuro.

Esta grande liña de traballo determinada pola soidade, tanto física como social, e polo avellentamento, co que isto comporta en termos de servizos de benestar de proximidade, deberá ser complementada pola resposta a necesidades derivadas, por exemplo, da mellora nas condicións de habitabilidade das vivendas con especial atención ás zonas máis rurais onde se está a detectar a presenza de infravivendas en contextos de illamento territorial.

Outro elemento a ter en conta derivado das análises realizadas é o relacionado coa mobilidade e cos fluxos habituais da poboación. Dentro deste aspecto, tal como foi observado, o automóbil particular protagoniza as alternativas de mobilidade por razóns laborais, de formación ou de lecer, tendo o transporte público un rol residual, sobre todo nas zonas máis rurais onde maiores necesidades hai de reconstruír a interconexión das persoas debido á intensidade do avellentamento, da perda de poboación, e da perda de pulo das tradicións comunitarias.

Neste sentido, asumindo un concepto amplo das políticas de benestar locais onde a mobilidade se converta nun dereito, amósase preciso levar adiante unha fonda reflexión sobre a presenza e a intensidade do transporte público, así como sobre os seus efectos sobre a mellora da conectividade das persoas e a súa relación cos fluxos habituais. Así, tendo en conta o necesario establecemento de cruzamentos entre os diferentes indicadores analizados, perante un escenario onde o transporte público non dea resposta ás necesidades sociais, e asumindo o elevado impacto do avellentamento nas zonas máis rurais, é posible prever un incremento nas dificultades de mobilidade das persoas que derivará, ben en ausencia da mesma (o que comporta o illamento físico e social), ben na excesiva utilización de solucións privadas co que isto comporta en termos de seguridade viaria.

Como se pode comprobar, a complexidade dos procesos demográficos amosa un novo contexto no que as políticas locais de benestar deben ampliar o seu foco para responder a retos non presentes ata a actualidade dende ópticas máis integrais, próximas, colaborativas e comunitarias, ó mesmo tempo que se integrarían dentro das devanditas políticas de benestar aspectos como as políticas de vivenda, as de mobilidade ou a introdución e uso das novas tecnoloxías, que se entenderán como ferramentas para a mellora da calidade de vida das persoas e para a garantía do equilibrio territorial.

## **2. O contexto socioeconómico. Os principais indicadores sobre as condicións de vida da poboación.**

A evolución demográfica analizada no anterior apartado conforma un contexto de actuación para as políticas de benestar que é completo xa que, como se pode comprobar, os departamentos de benestar actúan sobre un contexto complexo onde inflúen numerosos factores, salientando pola súa importancia e impacto aqueles de carácter socioeconómico que serán os protagonistas do actual apartado da diagnose.

Dentro deste apartado, e co obxectivo de contextualizar a situación da cidadanía da provincia, utilizaranse diferentes indicadores relacionados coa evolución da renda, da actividade económica e laboral ou, por exemplo, da cohesión social. Neste último sentido, e atendendo á dispoñibilidade de datos procedentes de diferentes fontes oficiais e de reputado prestixio, farase un especial seguimento en relación a elementos tales como a pobreza enerxética ou ás persoas sen fogar, o cal achegará maior riqueza á complexidade das políticas sociais, se ben introducirá matices con respecto á territorialidade xa que, en diferentes ocasións o contexto provincial ou sub-provincial non é obxecto de análise individualizado.

Así, o estudo do contexto socioeconómico establecerá as bases para, de modo complementario coa evolución demográfica, avanzar nas principais características da sociedade sobre a que deben actuar as medidas do Plan de Acción.

### **2.1 ECONOMÍA, TRABALLO E ENSINO.**

No primeiro apartado da análise socioeconómica da provincia estudaranse conceptos como os relacionados coa situación económica, a situación laboral ou os datos relacionados coa oferta e situación formativa da poboación, facendo especial fincapé na análise comparada das evolucións comarcais co obxectivo de avanzar na conformación dunha diagnose que responda a un territorio complexo no que se poden observar diferenzas salientables a nivel comarcal e local.

### 2.1.1 A Economía.

Un dos factores máis habituais que permite medir a situación económica xeral dun territorio é a evolución do Produto Interior Bruto por habitante, entendido este como o resultado da actividade produtiva de tódalas unidades de produción residentes no territorio en relación ó número de habitantes. A continuación amósase unha táboa comparativa cos datos de Galicia, da provincia da Coruña, e das comarcas.

Táboa 13. Evolución do PIB por habitante en €. Galicia, Provincia e Comarcas de. 2010 – 2016.

Territorio	2010	2012	2014	2016	% Evolución 2010-2016
<b>Galicia</b>	20.574	19.660	20.177	21.727	<b>5,6%</b>
<b>Provincia da Coruña</b>	<b>21.918</b>	<b>21.462</b>	<b>21.996</b>	<b>24.328</b>	<b>11%</b>
Comarca de Arzúa	14.645	14.537	14.858	15.783	<b>7,8%</b>
Comarca do Barbanza	16.201	16.285	16.435	17.852	<b>10,2%</b>
Comarca da Barcala	12.054	12.400	12.958	13.178	<b>9,3%</b>
Comarca de Bergantiños	13.659	12.951	13.218	14.434	<b>5,7%</b>
Comarca de Betanzos	17.149	16.311	15.972	16.832	<b>-1,8%</b>
Comarca de A Coruña	26.997	26.283	28.378	32.499	<b>20,4%</b>
Comarca do Eume	28.542	40.399	35.480	35.227	<b>23,4%</b>
Comarca de Ferrol	18.490	17.310	17.284	18.446	<b>-0,2%</b>
Comarca de Fisterra	18.649	16.792	17.998	17.557	<b>-5,9%</b>
Comarca de Muros	11.864	11.114	11.275	11.839	<b>-0,2%</b>
Comarca de Noia	13.072	12.973	13.428	14.457	<b>10,6%</b>
Comarca de Ordes	18.584	21.111	21.178	22.734	<b>22,3%</b>
Comarca de Ortegal	14.272	14.342	14.405	15.324	<b>7,4%</b>
Comarca de Santiago	27.878	25.697	24.142	26.193	<b>-6%</b>
Comarca do Sar	19.073	18.298	19.434	22.552	<b>18,2%</b>
Comarca de Terra de Melide	14.937	14.179	15.227	15.845	<b>6,1%</b>
Comarca de Terra de Soneira	13.253	13.169	13.296	14.035	<b>5,9%</b>
Comarca do Xallas	15.844	16.011	17.091	17.716	<b>11,8%</b>

Fonte: IGE.

A táboa amosa un PIB per cápita que evoluciona favorablemente en termos agregados, xa que tanto o conxunto de Galicia como a provincia recuperan no 2014 as cifras do 2010, superándoas no 2016 ata acadar un crecemento global do 5,6% no caso galego e do 11% no provincial.

Este esquema positivo tamén se pode observar na maior parte das comarcas, se ben é preciso introducir certos matices. Deste xeito, obsérvanse tres grandes grupos de comarcas en relación á súa evolución:

- Comarcas cunha evolución máis intensa có promedio provincial. Dentro deste grupo inclúense territorios como a comarca da Coruña, que medra un 20,4%, o Eume cun 23,4%, Ordes cun 22,3% ou O Sar cun 18,2%.
- Comarcas cunha evolución parella ó promedio provincial e galego. Dentro deste conxunto, que agrupa á maior parte dos territorios, inclúense Arzúa (7,8%), A Barbanza (10,2%), A Barcala

(9,3%), Bergantiños (5,7%), Noia (10,6%), Ortegá (7,4%), Terra de Melide (6,1%), Terra de Soneira (5,9%) ou o Xallas (11,8%).

- Comarcas cunha evolución substancialmente peor cós territorios de referencia. Este é o caso das comarcas que amosan unha evolución negativa, de xeito que non recuperaron as cifras do 2010. É o caso de Betanzos, que perde un 1,8%, Ferrol (-0,2%), Fisterra (-5,9%), Muros (-0,2%), e Santiago (-6%).

Como se pode comprobar, se ben existe unha grande parte do territorio provincial que amosa uns datos positivos, tanto no promedio da evolución como superiores ós propios promedios, tamén existen comarcas que non unicamente non superan os datos do 2010, senón que amosan uns datos inferiores, elemento este que achega unha idea do salientable proceso de recesión económica vivida a partir do ano 2009.

Con todo, non se pode obviar que a agregación supralocal non permite observar as complexidades locais, sendo preciso afondar na análise dos datos municipais para completar a heteroxeneidade da evolución do indicador.

Deste xeito, obsérvanse varios tipos de comarcas:

- Comarcas homoxéneas con respecto á evolución positiva dos seus concellos, como son os casos da Barbanza, A Barcala, Noia, O Sar, Terra de Soneira, Terra de Melide e o Xallas.
- Comarcas nas que a evolución positiva xeral é matizada por Concellos concretos cunha evolución negativa. Obsérvanse os casos da comarca de Arzúa, co Concello de O Pino que decrece un -1,7%; a comarca de Bergantiños, co concello de Coristanco que decrece o -1,3%; a comarca da Coruña, cos concellos de Cambre (-1,6%), Culleredo (-0,9%) e Oleiros co (-3,5%); a comarca do Eume, cos concellos de Cabanas (-6%), A Capela (-5,8%) e Pontedeume (-7,6%); a comarca de Ordes, co caso do concello de Ordes (-0,8%); e a comarca de Ortegá, co caso do concello de Cariño (-3,2%).
- Comarcas nas que a evolución xeral negativa é matizada por Concellos concretos que amosan datos positivos. Caso da comarca de Betanzos, onde Aranga (22,4%), Coirós (30,2%), Irixoa (13,2%), Paderne (20%) e Vilasantar (26,3%) amosan datos positivos; a comarca de Ferrol, onde Ares (3,5%), Cedeira (1,9%), Fene (1,2%), Moeche (10%), Mugar dos (8,8%), San Sadurniño (99,9%), As Somozas (50,4%) e Valdoviño (0,4%) amosan datos positivos; a comarca de Fisterra, onde os concellos de Corcubión (20,9%), Fisterra (20,8%) e Muxía (12,6%) amosan datos positivos; a comarca de Muros, onde Carnota (2,9%) amosa datos positivos; e a comarca de Santiago, onde O Boqueixón (20,9%), Val do Dubra (7,9%) e Vedra (0,1%) tamén amosan datos positivos.

É dicir, a evolución do indicador é complexa e heteroxénea a nivel local, complementándose casos como os do Concello de San Sadurniño (99,9%), A Baña (25,1%), Coirós (30,2%), Abegondo (28,9%), Arteixo (83,4%), As Pontes (38%), As Somozas (50,4%), Cerceda (70,3%), Frades (27,9%) ou Toques (27,3%); con casos como os de Betanzos (-11,7%), Cee (-15,5%), Dumbría (-18,2%) ou Brión (-15,8%). Nestes aspectos, salientan as realidades locais relacionadas coa presenza de empresas de importante

capacidade (caso de INDITEX en Arteixo, Endesa en As Pontes, ou Ferroatlántica en Dumbría e Cee, por exemplo) que teñen un importante efecto no indicador.

Con todo, dentro da heteroxeneidade territorial referida, é posible observar como a nivel comarcal o indicador se sitúa entre o chan do 54% da comarca de Muros e o teito do 162% da comarca do Eume ou o 150% da Coruña sobre o dato galego. É dicir, a nivel estatístico obsérvase como os datos do Eume triplican ós da comarca de Muros, por exemplo.

Con respecto ós Concellos, en comparación co dato galego, o Concello de Arteixo presenta o 596% do dato galego, supoñendo o teito do dato, en tanto que o Concello de Ares presenta o 43%. No que se refire á comparación co dato provincial, Arteixo presenta o 532%, seguido das Somozas co 353% e As Pontes co 261%, en tanto que Ares e Vilarmaior presentan o 39%. Neste sentido, tamén é preciso referirse á implantación de importantes núcleos de produción nestes Concellos como elementos que determinan o dato.

### 2.1.2 O Traballo.

Como se vén comentando, o volume e a evolución do indicador do PIB per cápita amósase vencellado á estrutura do tecido empresarial territorial e ós seus sectores de actividade. A continuación amósase un primeiro achegamento á análise do tecido empresarial da provincia e das diferentes comarcas.

Táboa 14. Número de empresas da provincia da Coruña por sector de actividade e forma xurídica. 2017.

Forma xurídica	Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Totais
<b>Persoas físicas</b>	14.174	2.361	6.652	41.761	<b>64.984</b>
<b>Sociedades anónimas</b>	33	270	190	712	<b>1.205</b>
<b>Sociedades limitadas</b>	497	2.724	5.281	17.855	<b>26.357</b>
<b>Sociedades cooperativas</b>	83	68	69	231	<b>451</b>
<b>Outros</b>	595	277	755	6.079	<b>7.706</b>
<b>Totais</b>	<b>15.382</b>	<b>5.700</b>	<b>12.947</b>	<b>66.638</b>	<b>100.667</b>

Fonte: IGE.

As máis de 100.000 empresas que no ano 2017 conformaban a estrutura empresarial da provincia supoñen o 41% do total de toda Galicia, observándose un peso salientable do sector servizos (co 66% do total) e das persoas físicas (co 64% do total), seguidos de lonxe polo peso das sociedades limitadas e, sectorialmente, das empresas adicadas ó sector primario e á construción. En termos xerais, as cifras mantéñense estables dende o ano 2014, medrando un 0,5% o número de empresas ata o ano 2017.

Con respecto ó tamaño das devanditas empresas, tendo en conta que o principal peso recae as persoas físicas, o 87% das mesmas contan con entre 0 e 2 asalariados, contando unicamente o 0,3% con máis de 100 persoas asalariadas. Ademais, por sectores, das empresas adicadas ó sector servizos,

o 85% contan con entre 0 e 2 persoas asalariadas, das adicadas á construción a porcentaxe é do 89%, das adicadas á agricultura o 96%, en tanto que das adicadas á industria, a porcentaxe redúcese ó 69%.

Neste sentido, o escenario empresarial xeral na provincia vén marcado polo peso das persoas físicas adicadas ós servizos e cun número de persoas asalariadas residual, salientando dentro do sector servizos o comercio (cun 20,2% das empresas), a hostalaría (cun 8,7%), e as actividades profesionais, científicas e técnicas (cun 10,2% das empresas, que engloban ás actividades de carácter xurídico e contable – un 4,3% das empresas – ou os servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría – un 3% das empresas-).

Dentro do achegamento ó universo empresarial da provincia, é preciso realizar unha panorámica xeral sobre o sector agrario, debido á importancia do mesmo e, sobre todo, ó salientable rol que este ten no eido rural. Para realizar este achegamento, estudaranse as evolucións do número de explotacións agrarias e o das UTAs<sup>8</sup>.

*Táboa 15. Evolución das explotacións agrarias e das UTAs na provincia. 1989 – 2009.*

Provincia da Coruña	1989	1999	2009	Evolución
<b>Número de explotacións agrarias</b>	104.390	80.947	28.418	<b>-72,7%</b>
<b>Número de UTA</b>	87.810	67.187	29.937	<b>-65,9%</b>


Fonte: IGE a partir de INE Censo Agrario

Como se pode comprobar, o sector agrario asume ó longo do período analizado un forte proceso de contracción tanto en número de explotacións como na súa actividade medida en UTAs e, polo tanto, en termos de emprego xerado tanto de carácter familiar como non familiar. Así, no 2009 quedaban activas ó redor do 27% das explotacións inicialmente contabilizadas no 1989, en tanto que estas xeraban un 66% menos de actividade en termos de traballo a tempo completo, co impacto que esta redución ten en termos territoriais no eido rural e que, como xa foi apuntado en apartados anteriores, contribúe ó deterioro demográfico xeral dos territorios historicamente agrarios.

En relación coa situación do tecido económico do territorio atópanse, en termos de emprego, os datos relacionados coa afiliación á seguridade social e a súa evolución ó longo dos últimos anos.

<sup>8</sup> Unha UTA equivale ao traballo que realiza unha persoa a tempo completo ao longo dun ano.

Gráfico 20. Evolución da afiliación á Seguridade Social na provincia da Coruña, 2006 - 2018



Fonte: IGE

Tal como se pode comprobar do gráfico, a afiliación á Seguridade Social na provincia estudada no período 2006 – 2018 permite observar unha parte do proceso de expansión económica, así como a perda de postos de traballo derivada da crise económica, ata chegar á actualidade onde non foron retomadas as cifras previas á crise.

Así, o dato máis elevado da afiliación á Seguridade Social na provincia corresponde a decembro do 2007, con máis de 436.000 persoas afiliadas, intre no que se inicia un prolongado descenso que terá como chan o dato de decembro do 2013 que, con 366.868 persoas afiliadas supuxo un descenso dun 15,9% sobre do dato do 2007. A partir do 2013 iníciase un suave proceso de recuperación do emprego que chega ata a actualidade, se ben as cifras amosan unha diferenza dun 6,7% de persoas afiliadas con respecto ó ano 2007.

A evolución da provincia é paralela, aínda que menos acentuada, cós datos galegos que partindo dun mesmo teito no ano 2007 (con máis de 1.056.000 afiliados), chega ó chan da afiliación tamén no 2013 cunha perda de case un 18% de persoas afiliadas e máis de 180.000 persoas, iniciando un mesmo proceso de suave recuperación ata a actualidade cando se acadan os máis de 966.000 afiliados, se ben estes datos supoñen un 8,5% menos de persoas afiliadas con respecto ó ano 2007.


Analizando territorialmente a evolución da afiliación, é posible observar como o dato actual é inferior ó dato do 2007 en tódalas comarcas, coa excepción da Barbanza onde medra un 3,5% ata chegar ás máis de 23.000 persoas afiliadas. Neste sentido, é salientable a caída da afiliación no Ortegal, onde se perde máis do 20% con respecto ó 2007, en tanto que tamén destacan as cifras de Terra de Soneira, cun 17,8% menos, Eume e o Xallas cun 13,5% ou Ferrol cun 12,3% menos.

A nivel municipal, son máis de 30 os Concellos que perden unha porcentaxe superior ó 15% das persoas afiliadas, salientando as diminucións producidas nos Concellos de A Baña (que perde un 25,2%), Cabana de Bergantiños (21,4%), Coristanco (24%), A Capela (20,9%), As Somozas (26,8%), Carnota (25,7%), Mesía (20%), Tordoia (23,7%), Ortigueira (23,6%), Sobrado (21,3%), Toques (22%), ou Zas (22,6%). Neste sentido, como se pode comprobar, obsérvase un salientable paralelismo entre os Concellos que máis están a sufrir o devalo demográfico xa mencionado, con aqueles nos que máis



impacto está a ter a crise económica en termos de perda de persoas afiliadas á Seguridade Social, se ben dentro dun contexto xeral de suave recuperación do emprego.

Gráfico 21. Evolución da afiliación á Seguridade Social na provincia da Coruña por réximes. 2006 - 2018




Fonte: IGE

Con respecto á evolución da afiliación en función do réxime, é posible observar como o principal réxime de afiliación é o xeral, que case recupera na actualidade as cifras dos anos 2007 e 2008 considerados como teito da serie. O réxime de persoas autónomas chega ó teito no ano 2007 con case 95.000 afiliados, para caer ó chan no ano 2011 con algo máis de 85.000, cifra que se mantén na actualidade despois de medrar lixeiramente entre o 2014 e o 2016. Finalmente, o réxime do mar inicia a serie con case 7.000 afiliados no 2006, para caer no 2015 ata os 5.876, en tanto que na actualidade conta con 6.336 afiliados, sen recuperar as cifras iniciais.

Ademais dos réximes de afiliación á Seguridade Social, é preciso estudar a evolución da propia afiliación atendendo ó sector de actividade no que se presta servizo. Neste sentido, tal como se pode observar no seguinte gráfico, o sector máis salientable é o relativo ós servizos, que parte cun peso no ano 2009 do 67% do total para chegar á actualidade co 74%. A industria evoluciona á baixa, partindo dun peso do 14,3% no 2009 para acadar na actualidade o 12,9%. Con respecto á construción, esta parte do 12% no inicio da serie para situarse na actualidade no 8%, se ben acada o seu chan no ano 2014 cun 7,3%, data a partir da que medra. Finalmente, na agricultura e pesca dáse unha paulatina diminución, partindo do 5,7% ata chegar na actualidade ó 4,5%.

Gráfico 22. Evolución da afiliación á Seguridade Social na provincia da Coruña por sectores. 2009 - 2018



Fonte: IGE

Neste sentido, obsérvase un efecto traslado das baixas analizadas nos sectores da industria, agricultura e pesca e construción ó sector servizos, se ben é preciso ter en conta a evolución positiva que nos últimos anos tivo a construción, despois dunha caída salientable. Así, na liña do anteriormente mencionado, o sector máis salientable é o dos servizos que acada o 74% do total de persoas afiliadas na actualidade, o cal confirma a coherencia establecida entre a distribución das empresas por sectores e a distribución das afiliacións á Seguridade Social tamén por sectores económicos.

Os datos absolutos e relativos correspondentes á afiliación á Seguridade Social da provincia e do conxunto de Galicia complementan ás taxas relacionadas coa poboación activa/inactiva, ocupada e coa poboación en situación de desemprego, así como coa súa evolución ó longo dos últimos anos, de tal xeito que en función desta complementariedade é posible obter un panorama completo sobre o emprego para pasar, en posteriores apartados, á análise das condicións deste emprego.

Táboa 16. Evolución das taxas de actividade<sup>9</sup>, ocupación<sup>10</sup> e paro<sup>11</sup>. Galicia e A Coruña. 2009 – 2018

Taxas e territorios		2009 – 4ºt	2010 – 4ºT	2011 – 4ºT	2012 – 4ºT	2013 – 4ºT	2014 – 4ºT	2015 – 4ºT	2016 – 4ºT	2017 – 4ºT	2018 – 3ºT
Taxa actividade	Galicia	54,4	54	54,9	54,8	54	53,5	53,3	53,4	53	53,5
	A Coruña	55,9	55,3	55,6	56,4	54,9	54,5	54,5	55,2	54,5	55,2
Taxa ocupación	Galicia	47,4	45,6	45	43,2	42,2	42,3	43,9	44,7	45,2	47
	A Coruña	49,5	47,3	47,1	45,2	43,9	44,5	45,8	47,2	47,2	49,2
Taxa paro	Galicia	12,8	15,6	18,2	21,1	21,9	20,9	17,7	16,3	14,7	12,2
	A Coruña	11,5	14,4	15,9	19,9	20	18,4	15,8	14,5	13,5	10,9

Fonte: IGE

O estudo das diferentes taxas e da súa evolución supón a confirmación do apuntado con respecto á afiliación á Seguridade Social analizadas con anterioridade, é dicir, que na actualidade estase a dar unha recuperación dos indicadores relacionados co emprego, pero que estes aínda non acadaron os datos do período inmediatamente previo á crise económica.

Así, o período analizado nas taxas contempla dende o 2009 ó 2018, amosando que, en termos xerais, existe un diferencial positivo para a provincia con respecto ós datos de Galicia, o cal supón que a

<sup>9</sup> Atendendo á definición do IGE, enténdese por poboación activa as persoas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse a dita produción. Comprende a todas as persoas de 16 ou máis anos que compren as condicións necesarias para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou paradas. Enténdese por taxa de actividade a porcentaxe do número total de activos sobre a poboación total (poboación de 16 ou máis anos).

<sup>10</sup> Atendendo á definición do IGE, enténdese por poboación ocupada as persoas de 16 anos ou máis que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, nalgunha das seguintes situacións: traballando polo menos unha hora por un soldo, salario ou beneficio empresarial ou ganancia familiar en metálico ou en especie; ou con emprego pero sen traballar por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas, mal tempo ou razóns análogas. Enténdese por taxa de ocupación a porcentaxe de ocupados sobre a poboación de 16 ou máis anos.

<sup>11</sup> Atendendo á definición do IGE enténdese por poboación parada as persoas de 16 anos ou máis que durante a semana de referencia estiveron sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando emprego. Son parados tamén os que atoparon un traballo e están esperando incorporarse, sempre que se verifiquen as dúas primeiras condicións. Enténdese por taxa de paro a porcentaxe de parados sobre o total de activos.

actividade e a ocupación son maiores na provincia, en tanto que o desemprego é menor ó longo do período analizado.

Con respecto á taxa de actividade, se ben para Galicia os datos roldan en toda a serie entre o 54% e o 53%, esta amosa para A Coruña uns datos que roldan entre o 54% e o 55%, situándose na actualidade a taxa a 0,7% de acadar os datos do 2009, en tanto que para Galicia este diferencial ascende a 0,9%.

En termos absolutos, no 2009 Galicia parte con 1.309.000 persoas activas, correspondéndolle á provincia 553.400 persoas. A evolución marca un chan da poboación activa no primeiro trimestre do ano 2018, presentando en Galicia un total de 1.236.000 persoas activas, e na Coruña 525.700, para recuperarse ata os 1.249.400 persoas en Galicia e as 534.000 na Coruña no último dato dispoñible do terceiro trimestre do 2018. É dicir, obsérvase unha suave tendencia á baixa das persoas activas que supón a perda de máis de 60.000 persoas activas en Galicia dende o inicio da serie e de máis de 19.000 na provincia da Coruña.

Con respecto á taxa de ocupación, a interpretación é semellante á anterior xa que, se ben dende o inicio da serie se observa unha caída salientable ata o ano 2013, con posterioridade a este obsérvase unha suave recuperación ata case acadar os datos iniciais.

En termos absolutos, no ano 2009 Galicia parte con 1.142.200 persoas ocupadas no último trimestre do ano, en tanto que na provincia atópanse ocupadas 489.500 persoas. A evolución observada toca chan no primeiro trimestre do 2014, onde se perden con respecto ó dato inicial 159.400 persoas ocupadas en Galicia e 69.300 na provincia, para chegar á actualidade (terceiro trimestre do 2018) con 1.069.500 persoas ocupadas en Galicia e 475.800 na provincia, o que supón a perda de case 60.000 ocupados en Galicia e case 14.000 na provincia.

A evolución da taxa de paro responde á lóxica xa mencionada, co apuntamento de que na actualidade a taxa atópase en cifras menores ás do inicio do período. Así, partindo dun 12,8% de desemprego en Galicia e do 11,5% na Coruña, acádase o teito do indicador no primeiro trimestre do 2014 cun 23,2% en Galicia e o 21,7% na Coruña. A partir deste intre, a evolución é á baixa, ata chegar á actualidade coas xa referidas cifras menores ás do inicio da serie analizada.


### 2.1.3 A Formación.

Un dos elementos máis salientables que incide, e sobre o que incide á súa vez, a situación económica do territorio e a situación do tecido empresarial e laboral é o relacionado coa formación da poboación, de tal xeito que se xeran complementariedades entre o abano de opcións formativas presentes no territorio e o seu aproveitamento nos diferentes sectores económicos e nas administracións públicas. Este aproveitamento ten como obxectivo non só que se estableza a optimización dos recursos e o seu máximo aproveitamento en termos sociais, senón que se establezan dinámicas de innovación xeradas a raíz da axeitada inserción laboral das persoas en

función das súas capacitacións e do establecemento de carreiras laborais amplas e profundas que leven ó seu desenvolvemento profesional.

Neste sentido, a análise da situación formativa da poboación débese iniciar a través dos datos relativos ó nivel de estudos xeral obtido.

Gráfico 23. Distribución da poboación na provincia da Coruña por nivel de estudos. 2011.



Fonte: IGE

Como se pode comprobar, a distribución da poboación por niveis formativos para o ano 2011 amosa que case a metade da cidadanía da provincia conta co segundo grao (o 47% da poboación, o que supón máis de 529.000 persoas), seguida da obtención do terceiro grao ou estudos superiores, que é completado polo 15% da poboación (máis de 176.000 persoas). O 14% da poboación conta con estudos de primeiro grao ou estudos primarios (máis de 161.000 persoas), en tanto que o 13% da poboación eran persoas menores de 16 anos. Finalmente, o 11% da poboación eran considerados persoas sen estudos, que non completaron cando menos 5 anos de escola, ou en situación de analfabetismo, o que correspondería con máis de 125.000 persoas.

A distribución da poboación observada para a provincia é coherente coa presente no conxunto de Galicia, en tanto que é posible observar características comarcais que incorporan complexidade á análise da distribución, de tal xeito que os datos comarcais expostos na seguinte táboa permiten introducir o elemento territorial como factor a ter en conta de cara á análise da formación da poboación.

Táboa 17. Distribución da poboación por nivel de estudos. Galicia, provincia da Coruña e comarcas. 2011.

Territorio	Analfabetos/as ou sen estudos	Menores de 16 anos	Primeiro grao	Segundo grao	Terceiro grao
<b>Galicia</b>	11%	13%	15%	47%	14%
<b>Provincia da Coruña</b>	<b>11%</b>	<b>13%</b>	<b>14%</b>	<b>47%</b>	<b>15%</b>
Comarca de Arzúa	17%	9%	22%	45%	7%
Comarca do Barbanza	13%	15%	17%	47%	8%
Comarca da Barcala	18%	11%	20%	44%	7%
Comarca de Bergantiños	19%	11%	20%	44%	6%

Territorio	Analfabetos/as ou sen estudos	Menores de 16 anos	Primeiro grao	Segundo grao	Terceiro grao
Comarca de Betanzos	11%	11%	19%	48%	10%
Comarca de A Coruña	8%	14%	11%	47%	21%
Comarca do Eume	9%	10%	15%	53%	12%
Comarca de Ferrol	10%	12%	15%	50%	13%
Comarca de Fisterra	16%	12%	22%	43%	7%
Comarca de Muros	15%	9%	19%	49%	7%
Comarca de Noia	15%	12%	18%	47%	9%
Comarca de Ordes	19%	12%	16%	46%	7%
Comarca de Ortegal	19%	8%	21%	44%	8%
Comarca de Santiago	7%	14%	10%	43%	25%
Comarca do Sar	12%	12%	16%	51%	9%
Comarca de Terra de Melide	19%	10%	23%	42%	6%
Comarca de Terra de Soneira	26%	10%	20%	39%	5%
Comarca do Xallas	26%	10%	17%	41%	6%

Fonte: IGE

A análise comarcal da distribución da poboación en función do seu nivel de estudos leva á observación da presenza de salientables diferenzas entre as comarcas, sobre todo, en relación ás porcentaxes de persoas sen estudos e con estudos de terceiro grao completados.


Así, a presenza de persoas sen estudos en comarcas como Terra de Soneira (26%), Xallas (26%), Ordes (19%), Ortegal (19%), Terra de Melide (19%), Bergantiños (19%) ou A Barcala (18%) superan amplamente as porcentaxes promedios da provincia e do conxunto de Galicia, en tanto que comarcas como A Coruña (8%), Santiago (7%) ou o Eume (9%) sitúanse por baixo dos promedios.

Este feito repítese analizando as persoas con estudos de terceiro grao, onde as comarcas de A Coruña (21%) ou Santiago (25%) superan amplamente os promedios, en tanto que comarcas como Terra de Soneira (5%), Bergantiños (6%), Terra de Melide (6%) ou Xallas (6%) contan con datos amplamente inferiores ós promedios.

Neste sentido, a análise realizada permite incluír o elemento territorial como factor a ter en conta de cara á presenza de maiores ou menores niveis de estudos e, polo tanto, xerando un contexto de concentración no que as persoas de maiores capacidades académicas se vaian localizando progresivamente nas centralidades, co que isto comporta á hora de atraer ou xerar actividade económica, investimento, innovación e, polo tanto, dinamización territorial xeral na liña do xa analizado no apartado demográfico onde se introducían os conceptos de territorios *gañadores* e territorios *perdedores*.

Dentro da análise da situación académica da poboación, e tendo en conta o vencello existente entre a capacidade de atracción dos territorios a través da xeración de actividade económica e benestar, coa presenza de amplas capas da poboación con acceso ós chanzos máis elevados do sistema formativo, é posible analizar a evolución dos centros universitarios situados na provincia da Coruña en termos de persoas matriculadas e tituladas na súa oferta formativa.

Gráfico 24. Evolución da matriculación universitaria. Galicia. 2001 - 2017




Fonte: IGE

Os datos oficiais amosan unha tendencia á baixa relacionada co número de persoas matriculadas nas diferentes ensinanzas nas Universidades galegas, iniciando a serie no ano 2001 con máis de 95.000 matriculados e rematándoa no 2017 con 56.878 persoas matriculadas, o que supón unha perda do 32% do total de estudantes. Con todo, o chan da serie histórica corresponde ó 2016 con 53.710 persoas matriculadas, recuperando no último ano máis de 3.000 estudantes.

Con respecto ás Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña, a continuación amósase a evolución dos totais relacionados co alumnado matriculado nos seus diferentes campus e do alumnado titulado.

Gráfico 25. Evolución do alumnado matriculado e titulado na USC e UDC. 2003 - 2017



Fonte: IGE

Os datos correspondentes ó alumnado matriculado nas Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña amosan unha evolución á baixa na liña do mencionado con anterioridade para toda Galicia, iniciándose a serie con 60.011 estudantes matriculados no 2003 e rematando no 2017 cun total de 34.346 estudantes, o que supón a perda de máis do 42% no período analizado.

Con respecto ó alumnado titulado, obsérvase unha estabilidade xeral entre os anos 2003 e 2015, onde a evolución oscila entre os 8.388 titulados do 2013 e o chan que marcan os 6.506 no ano 2008. Con todo, nos dous últimos anos estudados as cifras descenden por baixo deste chan, marcando o ano 2017 a cifra máis baixa do período con 5.556 estudantes titulados.

Dentro destes datos é posible diferenciar entre as Universidades de Santiago de Compostela (USC) e da Coruña (UDC), se ben a distribución amósase estable ó roldar o peso da USC entre o 58% e o 55% do total do alumnado matriculado, en tanto que a UDC oscila entre o 42% e o 45% do total.

Neste sentido tamén é preciso salientar o peso crecente do Campus de Lugo da USC, que na actualidade conta con 3.400 estudantes matriculados (sobre os máis de 16.000 dos Campus de Santiago de Compostela), en tanto que na UDC obsérvase estabilidade entre os Campus da Coruña (na actualidade con case 12.000 estudantes) e o de Ferrol (que se mantén en cifras lixeiramente inferiores ós 2.000 estudantes dende o 2014).

Ademais do ensino universitario, é preciso analizar a distribución do resto das posibilidades formativas coa idea de estudar a evolución das mesmas e, con posterioridade, o seu impacto en termos laborais e de mobilidade social ascendente.


Para realizar esta análise, tomaranse como referencia a Educación Infantil, a Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria, o Bacharelato ordinario e os ciclos formativos de grao medio e superior ordinarios como as modalidades de maior impacto cuantitativo a raíz da súa obrigatoriedade ou da súa influencia profesional posterior.

Na actualidade (ano 2018) na provincia da Coruña atópanse matriculados en centros de réxime xeral en ensinanza non universitaria un total de 161.289 persoas, cifra que evoluciona á alza dende o 2005 no que se atopaban matriculadas 156.738 persoas, o que supón un incremento do 3%. Das cifras do 2018, un total de 25.655 matriculados corresponden á educación infantil (segundo ciclo), o que supón o 16% do total; 57.907 matriculados corresponden á educación primaria (o 36% do total); e 37.360 matriculados corresponden á educación secundaria obrigatoria, o que supón o 23% do total.

Analizando as ensinanzas non universitarias non obrigatorias, salientan polo seu peso as relacionadas co bacharelato, así como coa formación profesional a través dos ciclos medios e superiores ordinarios.

Así, se ben na actualidade o bacharelato supón o 8% do total do alumnado matriculado (con 13.139 persoas), os ciclos formativos de grao medio o 4% (o que supón 5.943 persoas) e os ciclos formativos de grao superior o 5% (con 7.602 persoas), estes niveis académicos tiveron unha evolución desigual ó longo do período analizado, como se poderá observar no gráfico seguinte:

Gráfico 26. Evolución do alumnado matriculado en Bacharelato ordinario, ciclos formativos grao medio e grao superior. Provincia da Coruña. 2005 – 2018.



Fonte: IGE

Así, tal como se pode observar, o bacharelato ordinario segue a ser a opción máis escollida polo alumnado, se ben a tendencia é descendente ó iniciar a serie con máis de 15.000 alumnos matriculados e contar, no 2018, con 13.139, o que supón un descenso do 13%.

Con respecto ós graos medios da formación profesional, estes teñen unha evolución á baixa no período, partindo dun dato inicial de 7.712 alumnos matriculados para chegar á actualidade ó chan da serie con 5.943 alumnos, o que supón unha caída do 17%.

No relativo ós ciclos superiores, estes parten duns datos de 7.811 alumnos matriculados no 2005, chegando no 2015 ó teito da serie con 7.955 alumnos e contando na actualidade con 7.602, o que supón unha caída do 3%, se ben dentro dun equilibrio xeral agás no período entre 2008 e 2011 onde caeu dos 7.000 alumnos.

As cifras relacionadas coa formación amosan, en termos xerais, unha dobre evolución que debe ser tida en conta dentro dun contexto demográfico global marcado polos elementos mencionados no anterior apartado. Dende un primeiro punto de vista, as matriculacións nas ensinanzas ordinarias obrigatorias amosan unha salientable estabilidade, con lixeiras variacións á alza entre o 2005 e a actualidade relacionadas coa educación primaria, con presenza dunha evolución irregular con suaves alzas e baixas na educación infantil, e cunha lixeira tendencia descendente na educación secundaria obrigatoria.

Dende un segundo punto de vista, a estabilidade xeral (dentro do xa mencionado) nas ensinanzas obrigatorias non se retoma nas non obrigatorias. Así, o bacharelato ordinario presenta unha evolución lixeiramente descendente en case todo o período, coa excepción dos anos 2016 – 2018 onde se dá un suave ascenso; en tanto que os ciclos formativos medios amosan a xa mencionada tendencia á baixa, e os superiores evolucionan de xeito irregular compaxinando etapas de descenso (2005-2010 e 2014-2016) con etapas de suave ascenso (2011-2014 e 2017-2018).

Como contrapunto ás evolucións mencionadas, que amosan como unha das súas características máis salientables a suavidade nas súas dinámicas, o ensino universitario presenta unha marcada evolución descendente en termos xerais en todo o período analizado, caendo substancialmente o número de alumnos matriculados na USC e na UDC.



Ademais, dentro dunha análise máis global da formación e da capacitación da poboación, é preciso sinalar a focalización comarcal da poboación con titulacións superiores, o cal conxuntamente coa evolución á baixa da mesma, leva a un escenario de concentración do capital humano de maior valor engadido que se atopa vencellado ás oportunidades de desenvolvemento, á xeración de valor e, como efecto, á introdución de especializacións territoriais que non sempre se atopan vencelladas á equidade territorial na distribución de rendas, con independencia da presenza ó longo dos últimos anos de intensos procesos de exclusión que afectan a amplas capas da sociedade.

## **2.2 A COHESIÓN SOCIAL.**

Un dos elementos máis salientables para as políticas de benestar local son os diferentes aspectos relacionados coa cohesión social e coa evolución das rendas, é dicir, co impacto que a evolución económica global ten no territorio a través da súa relación coas persoas e co seu estilo de vida.

Ó longo do presente apartado adicado á cohesión social complementaranse os datos recollidos anteriormente relacionados co emprego ou coa afiliación á Seguridade Social dende a óptica social, prestando especial atención á distribución das rendas dos fogares e das familias, á orixe e ás contías das devanditas rendas, ou a fenómenos como o risco de pobreza ou exclusión social que nos últimos anos están a emerxer como elementos sistémicos da sociedade.

Neste sentido, atendendo á liña expositiva mantida, é preciso indicar que o panorama da cohesión social atópase intimamente vencellado co elemento territorial, de tal xeito que para unha correcta análise da mesma é preciso analizar de xeito cruzado as tendencias de Galicia e da provincia coas posibilidades que determinados datos abren a nivel comarcal. Así, é a nivel comarcal e local onde se pode ver o impacto dos grandes procesos demográficos e socioeconómicos, sendo este nivel territorial onde se producen as tensións máis evidentes relacionadas coa evolución das necesidades sociais da cidadanía e onde os servizos públicos se deben adaptar con maior flexibilidade ós contextos de referencia.


### **2.2.1 A renda e os ingresos dos fogares. Evolución e composición.**

A continuación estudaranse diferentes indicadores relacionados coa capacidade adquisitiva das persoas e dos fogares da provincia e do conxunto de Galicia, co obxectivo de avanzar na realidade económica cotiá e nos seus condicionantes máis salientables á hora de evolucionar no deseño de políticas de benestar locais.

## 2.2.1.1 A renda da poboación.

A análise da evolución da renda dispoñible bruta<sup>12</sup> da poboación permite a comparación, en termos monetarios, da distribución da renda e, polo tanto, do poder adquisitivo que teñen nun intre dado as persoas que habitan nos territorios e que, como se vén comentando con anterioridade, atópase intimamente vencellada co dinamismo económico do propio territorio, co conxunto de actividades levadas a cabo no mesmo, así como co abano e intensidade de prestacións percibidas pola cidadanía.

Gráfico 27. Evolución da renda dispoñible bruta por habitante. Galicia e provincia da Coruña 2008 – 2015.



Fonte: IGE

En termos agregados, a evolución da renda dispoñible bruta en Galicia e no conxunto da provincia presenta unha lóxica paralela, se ben cun diferencial entre os dous datos sempre favorable á provincia xa que a renda dos seus habitantes é superior á galega en ó redor dun 6% dun xeito estable.

Así, no 2015 a renda dispoñible por habitante sitúanse para Galicia en 13.838€ e para a provincia en 14.751€, cifra que non acada as do 2008 (data do período pre-crise económica) aínda que evoluciona á alza dende o chan da serie analizada que corresponde ó ano 2012 e no que se observa unha caída de máis do 4% para a provincia e do 4,6% para Galicia con respecto ó 2008 cando se partía dunha renda de 14.015€ para Galicia e de 14.855€ para a provincia.

Con todo, a distribución da renda e a súa evolución son desiguais entre as diferentes comarcas da provincia, tal como se pode observar na táboa seguinte.

Táboa 18. Evolución da renda dispoñible bruta por habitante. Galicia, provincia da Coruña e comarcas. 2008 – 2015.

Territorio	2008	2010	2012	2015
<b>Galicia</b>	14.015	13.661	13.365	13.838
<b>Provincia da Coruña</b>	<b>14.855</b>	<b>14.488</b>	<b>14.247</b>	<b>14.751</b>
Comarca de Arzúa	12.073	11.511	11.510	11.594

<sup>12</sup> A definición da Renda dispoñible bruta ofrecida polo IGE é “O saldo da conta de distribución secundaria da renda. Obtense a partir do saldo de rendas primarias sumando as prestacións sociais e as transferencias correntes que son un recurso para os fogares; e restando os impostos sobre a renda, as cotizacións sociais e as transferencias correntes que son un emprego para os fogares. Véxase en <http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=ga&paxina=001&c=0307007004&gnp=0&ruta=definiciones/defcod.jsp?C=03070070040000>

Territorio	2008	2010	2012	2015
Comarca do Barbanza	12.048	11.639	11.344	12.952
Comarca da Barcala	11.423	11.073	10.704	10.873
Comarca de Bergantiños	12.196	11.798	11.496	11.730
Comarca de Betanzos	13.918	13.515	13.136	13.350
Comarca de A Coruña	17.206	16.782	16.826	17.331
Comarca do Eume	15.459	15.461	14.547	14.927
Comarca de Ferrol	14.183	13.957	13.525	13.671
Comarca de Fisterra	11.356	10.905	10.441	10.676
Comarca de Muros	10.844	10.641	10.459	11.036
Comarca de Noia	12.410	11.742	11.560	12.303
Comarca de Ordes	12.546	11.675	11.536	12.012
Comarca de Ortegá	12.354	12.183	12.001	12.855
Comarca de Santiago	16.598	16.377	15.588	16.089
Comarca do Sar	11.492	11.244	10.898	11.725
Comarca de Terra de Melide	10.924	10.192	10.194	10.479
Comarca de Terra de Soneira	11.329	10.529	10.374	10.587
Comarca do Xallas	11.337	10.473	10.663	10.474

Fonte: IGE

Como se mencionaba con anterioridade, a renda ten unha compoñente territorial que determina tanto a súa contía como a evolución da mesma.

Así, na táboa obsérvase como son as comarcas con maior dinamismo xeral as que contan con maiores rendas dispoñibles por habitante tanto no 2008 como no 2015, salientando A Coruña (17.331€ no 2015) e Santiago (16.089€ no 2015) que, por exemplo, no caso da comarca da Coruña presenta un 25% máis de renda có dato galego e un 17% máis có dato provincial.

Este dato complementábase, en sentido inverso, coas comarcas que presentan menores rendas e que, en termos xerais, coinciden con aquelas con menor dinamismo xeral. Neste sentido, por exemplo, salientan as comarcas do Xallas e de Terra de Melide (cun 24% menos da renda galega e un 29% da renda provincial ámbalas dúas), Terra de Soneira e Fisterra (cun 23% menos da renda galega e un 28% menos da renda provincial) ou A Barcala (cun 21% menos da renda galega e un 26% menos da renda provincial). Así, o dinamismo demográfico e económico xeral amosan unha elevada correlación coa renda dos habitantes e, polo tanto, coa capacidade de compra xeral dos mesmos.

Analizando a evolución na serie temporal, pódese observar que, en termos xerais, as rendas non recuperan no 2015 os volumes do 2008, se ben a realidade é heteroxénea xa que a comarca da Barbanza supera o dato inicial nun 8%, en tanto que as comarcas da Coruña, Muros, Ortegá e O Sar presentan evolucións de entre o 4% (Ortegá) e o 1% (A Coruña).

Con todo, a grande parte dos territorios presentan datos inferiores ós do 2008 aínda que ascendentes con respecto ó ano 2012 que marca o chan da serie coa excepción da comarca do Xallas, que afonda na súa evolución presentando no 2015 datos peores ca no 2012 (no 2012 presenta un -6% da renda do 2008 e no 2015 un -8%).

Estudando os datos a nivel municipal, é posible observar un maior grao de heteroxeneidade na distribución xa que se afonda na desigualdade entre as rendas. Así, para o ano 2015, o Concello que presenta unha maior renda é o de Oleiros (24.230€), en tanto que o Concello cunha menor renda é o de Toques (8.098€), de tal xeito que se pode indicar que unha persoa que habita no Concello de Oleiros dispón de tres veces a renda dunha persoa de Toques.

Esta presenza de desigualdades económicas supón que, do total de Concellos da provincia, 86 amosen datos inferiores ó promedio de renda provincial, e 78 inferiores ó promedio galego.

Neste sentido, dentro dos Concellos con maiores rendas sitúanse tanto as centralidades urbanas máis salientables (caso da Coruña e Santiago de Compostela, en tanto que Ferrol conta cunha renda inferior á provincial), como os Concellos das coroas metropolitanas (caso de Oleiros, Bergondo, Culleredo, ou Teo, por exemplo). Dentro desta distribución inclúese o Concello de As Pontes, que presenta unha renda de 16.996€ por habitante, é dicir, un 15% superior ó dato provincial (o Concello de As Pontes é o cuarto con maior renda no 2015 de toda a provincia), polo que dentro da análise municipal é preciso incluír elementos locais que xeran dinamismo localizado como é o caso dos grandes complexos industriais.

Pola contra, os Concellos con menor renda correspóndense ós municipios rurais do interior como pode ser o Concello de Toques (8.098€), o Concello de Santiso (9.458€), o Concello de A Baña (9.927€) ou o Concello de Sobrado (9.928€), así como ós Concellos da Costa da Morte, salientando Camariñas (9.513€), Fisterra (9.701€), Dumbría (9.926€) ou Muxía (9.929€) que non chegan ós 10.000€ anuais.

Neste sentido, é salientable que entre os 20 Concellos de menor renda, se atopen representadas as comarcas de Fisterra, Muros, Terra de Soneira, Xallas, Terra de Melide, Terra de Soneira, A Barcala, Arzúa, Noia, Ordes, Ferrol, Betanzos, Bergantiños, O Eume, e O Sar; é dicir, na súa maior parte comarcas de carácter rural que perden poboación e que non se ven influídas polas lóxicas de xeración de dinamismo das centralidades.

Dentro deste punto tamén é preciso referirse á evolución da renda a nivel municipal ó longo do período comprendido entre o 2008 e o 2015, tomados como referencia para a análise. Así, dos 93 Concellos da provincia, unicamente 20 presentan unha evolución positiva na renda, salientando as cifras dos Concellos de Ribeira (a renda dos seus habitantes ascende un 28%) e de Oleiros (26%). Pola contra, 72 Concellos presentan un descenso na súa renda, en tanto que o Concello de Oza-Cesuras non é posible analízalo debido á súa fusión posterior ó 2008.

Con respecto ós Concellos cuxo descenso é maior, salientan o Concello de Santiso, que perde un 15% da súa renda, Monfero co 13%, A Capela e Curtis con cadanseu 12%, Sada co 11% e Corcubión co 10% de descenso; confirmando o mencionado con anterioridade con respecto á especial incidencia tanto das limitadas rendas como da evolución negativa dos datos en comarcas de marcado carácter rural.

A análise das rendas é preciso completala acudindo a datos tales como pode ser a estrutura dos ingresos dos fogares, de tal xeito que se obteña un panorama integral sobre a situación, en termos de capacidade de compra, tanto dos individuos como das familias que habitan nun territorio, co que isto implica para a dinamización xeral da economía local.

### 2.2.1.2 Os ingresos. A situación dos fogares e das persoas.

Dentro desta análise, a continuación amósase a evolución dos ingresos mensuais dos fogares e das persoas entre os anos 2008 e 2017, obtendo así a panorámica completa dende o período previo á crise económica ata a actualidade, e aproveitando a posibilidade de establecer comparativas territorializadas ó atopárense os datos oficiais organizados por Áreas territoriais. A continuación amósase a primeira das táboas nas que se exporán os datos, que corresponde ás cifras de Galicia e da provincia.

Táboa 19. Evolución dos Ingresos mensuais dos fogares e dos Ingresos por persoa. Galicia e provincia. 2008 – 2017.

Ano	Galicia		Provincia	
	Ingreso dos fogares	Ingreso por persoa	Ingreso dos fogares	Ingreso por persoa
2008	2.029€	761€	2.152€	802€
2009	2.010€	765€	2.098€	794€
2010	1.977€	764€	2.108€	811€
2011	1.908€	745€	1.984€	772€
2012	1.906€	734€	1.995€	775€
2013	1.910€	744€	1.993€	783€
2014	1.915€	749€	2.015€	795€
2015	1.930€	759€	2.036€	807€
2016	2.007€	792€	2.095€	834€
2017	2.079€	824€	2.148€	857€

Fonte: IGE

Como se pode comprobar dos datos expostos, na actualidade (ano 2017) o ingreso medio mensual dos fogares galegos ascende a 2.079€, en tanto que o dos fogares da provincia é de 2.148€, o que supón un 3% máis có dato galego. A evolución das cifras é ascendente dende o chan acadado no ano 2011, o que supón para o dato galego recuperar e superar a cifra do 2008, feito que non acada o dato provincial.

Con respecto ó ingreso medio mensual por persoa, este sitúase en 824€ para o caso galego e en 857€, o que supón un 4% de diferenza. Ó igual có mencionado con anterioridade, o dato evoluciona de xeito positivo, se ben dende o ano 2012 no que toca chan para o caso galego e dende o 2011 no caso coruñés, ata superar dende o ano 2016 as cifras do 2008 no caso galego e dende o 2015 no provincial.

Táboa 20. Evolución dos Ingresos mensuais dos fogares e dos Ingresos por persoa. Áreas territoriais da provincia da Coruña. 2008 – 2017.

Ano	Área da Coruña Suoriental		Área de Ferrol-Eume-Ortegal		Área da Costa da Morte		Área do Barbanza		Área da Coruña		Área Santiago	
	Ingreso fogar	Ingreso persoa	Ingreso fogar	Ingreso persoa	Ingreso fogar	Ingreso persoa	Ingreso fogar	Ingreso persoa	Ingreso fogar	Ingreso persoa	Ingreso fogar	Ingreso persoa
2008	1.863	666	1.992	776	1.793	631	2.020	684	2.333	913	2.342	824
2009	1.916	698	2.011	794	1.791	642	1.955	673	2.221	881	2.275	814
2010	1.936	719	1.979	793	1.671	611	1.858	651	2.257	909	2.419	880
2011	1.690	643	1.817	732	1.719	645	1.827	649	2.084	846	2.320	849
2012	1.769	671	1.954	788	1.699	638	1.773	630	2.114	857	2.168	793
2013	1.875	658	1.796	737	1.731	630	1.963	696	2.119	880	2.137	811
2014	1.992	704	1.903	784	1.802	660	1.905	679	2.111	880	2.109	804
2015	2.027	720	1.862	770	1.816	669	1.951	700	2.104	880	2.250	862
2016	2.082	746	1.965	818	1.865	693	2.040	737	2.122	889	2.353	904
2017	2.028	730	2.064	862	1.914	717	2.089	759	2.154	903	2.442	939

Fonte: IGE

A comparación entre as dúas táboas anteriores amosa a heteroxeneidade dos ingresos (tanto dos fogares como das persoas) en función do territorio no que se habite. Así, a amplitude abarca dende unha relación entre os datos galego e o da Área de Santiago do 17% favorable á Área con respecto ó ingreso dos fogares e do 14% con respecto ó ingreso das persoas, así como do 14% e do 10% respectivamente en relación á provincia; ata un diferencial negativo no caso da Costa da Morte dun -8% e dun -13% con respecto ós ingresos dos fogares e das persoas para o caso galego e dun -11% e dun -16% respectivamente con respecto ó dato provincial.

Esta heteroxeneidade non é unicamente propia do ano 2017 como final da serie analizada, senón que é unha característica estrutural da distribución territorial dos indicadores estudados, de tal xeito que, se ben no ano 2008 (ano inicial da serie) era a Área territorial da Coruña a que amosaba uns ingresos das persoas máis elevados e a Área de Santiago os ingresos máis elevados dos fogares, a Área cos datos máis baixos era a Costa da Morte. Neste sentido, a Costa presentaba un -12% dos ingresos dos fogares e un -17% dos ingresos das persoas en relación ó dato galego, en tanto que en relación ó dato provincial era dun -17% e dun -21% respectivamente.

Con todo, dentro de que, tal como se comprobaba con respecto da renda bruta por habitante, o ingreso por fogar da Costa do 2017 é do 78% en relación ó dato da Área de Santiago, e do 76% con respecto ó dato do ingreso por persoa; a evolución de ámbolos ingresos en tódolos niveis territoriais é ascendente dende os anos 2012 e 2013, anualidades nas que se toca chan despois das caídas observadas dende o ano 2008.

### 2.2.1.3 A orixe dos ingresos. Traballo e prestacións.

Dentro desta análise é relevante estudar a procedencia dos ingresos dos fogares. Esta aproximación realizarase atendendo ós datos oficiais vixentes que permiten un achegamento territorial á realidade de Galicia e da provincia, e que amosan información sobre as orixes destes ingresos en función do traballo por conta allea, por conta propia, por prestacións ou por rendas e outros ingresos.

A continuación amósanse os datos en evolución dende o ano 2007 ata o 2017.

Táboa 21. Evolución da estrutura de ingresos dos fogares (%). Galicia e provincia. 2007 – 2017.

Ano	Traballo por conta allea		Traballo por conta propia		Prestacións		Rendas e outras orixes	
	Galicia	A Coruña	Galicia	A Coruña	Galicia	A Coruña	Galicia	A Coruña
2007	57,10	58,65	13,14	12,66	27,43	26,13	2,33	2,56
2008	56,19	57,40	11,87	11,56	28,93	27,73	3,01	3,28
2009	54,80	56,77	11,60	10,64	30,76	29,31	2,83	3,27
2010	53,68	55,88	10,88	10,44	32,50	30,44	2,94	3,25
2011	52,93	54,62	10,05	9,50	33,86	32,64	3,15	3,25
2012	50,58	52,78	10,16	9,96	36,31	34,28	2,95	2,99
2013	49,87	51,69	10,48	10,74	36,9	34,81	2,75	2,76
2014	50,43	52,14	9,87	9,75	36,87	35	2,82	3,1
2015	50,84	53,26	9,89	8,87	36,35	34,75	2,92	3,12
2016	50,47	51,99	10,49	10,43	36,02	34,31	3,02	3,27
2017	51,02	53,07	10,61	10,12	35,88	33,72	2,49	3,08

Fonte: IGE

A táboa amosa a evolución da estrutura de ingresos dos fogares onde se pode observar como ó longo do período as diferentes orixes de fondos amosan unha evolución decrecente do traballo por conta allea e por conta propia, para incrementar o peso das prestacións. Así, para o caso de Galicia o traballo por conta allea supón máis do 50% dos ingresos dos fogares, en tanto que as prestacións supoñen o 35,9% e o traballo por conta propia rolda o 10%. As porcentaxes e a evolución difiren pouco para o caso da provincia, se ben o peso do traballo por conta propia mantén un diferencial positivo con respecto ó dato galego, en tanto que o traballo por conta propia amosa unhas cifras paralelas.

Con respecto ás prestacións, e dado que os datos permiten a análise dende a etapa previa á crise económica, é posible observar como o seu peso se incrementa substancialmente en todo o período, pasando do 27% para Galicia e do 26% para a provincia no 2007, ata chegar ó teito de practicamente o 37% no 2013 e 2014 para Galicia e do 35% nas mesmas anualidades para o caso da provincia.

Con todo, ó longo da serie obsérvase un salientable traslado de peso nos ingresos dos fogares procedentes do traballo (ben por conta propia ou allea) ás prestacións, traslado que tende a remitir nas últimas anualidades pero de xeito incipiente e suave. Así, este traslado pódese valorar nunha caída conxunta dos ingresos do traballo entre os anos 2007 e 2013 dun 9,9%, en tanto que as

prestacións incrementáanse nun 9,5% para o caso galego, en tanto que para o provincial os datos de caída dos ingresos do traballo son dun 8,9% e o de incremento das prestacións dun 8,7%.

Focalizando a análise no estudo das prestacións, é posible observar a evolución do peso das mesmas sobre os datos da renda dispoñible bruta por habitante a nivel territorial.

Táboa 22. Evolución do peso das prestacións sobre a renda dispoñible bruta por habitante. Galicia, provincia da Coruña e comarcas. 2010 – 2015<sup>13</sup>.

Territorio	2010	2012	2015
<b>Galicia</b>	29%	32%	32%
<b>Provincia da Coruña</b>	<b>28%</b>	<b>31%</b>	<b>31%</b>
Comarca de Arzúa	31%	33%	34%
Comarca do Barbanza	31%	34%	31%
Comarca da Barcala	32%	35%	36%
Comarca de Bergantiños	30%	34%	35%
Comarca de Betanzos	29%	32%	33%
Comarca de A Coruña	26%	28%	28%
Comarca do Eume	36%	37%	38%
Comarca de Ferrol	35%	38%	38%
Comarca de Fisterra	32%	37%	38%
Comarca de Muros	37%	40%	41%
Comarca de Noia	32%	35%	35%
Comarca de Ordes	28%	31%	32%
Comarca de Ortegal	36%	39%	39%
Comarca de Santiago	22%	25%	25%
Comarca do Sar	31%	34%	34%
Comarca de Terra de Melide	35%	36%	37%
Comarca de Terra de Soneira	31%	34%	38%
Comarca do Xallas	32%	35%	39%

Fonte: IGE

Tal como se pode observar na táboa, dentro dunha tendencia global de evolución positiva do peso das prestacións na renda dispoñible bruta por habitante que tanto para Galicia como para a provincia se sitúa en tres puntos na serie histórica analizada, esta evolución conta con matices e intensidades diferentes atendendo ós territorios de referencia.

Así, en tanto en comarcas como a da Barbanza no ano 2015 se retoman os pesos do ano 2010, ou en casos como os da Coruña, o Eume ou Terra de Melide o crecemento é inferior ós promedios; é posible observar outras comarcas que amosan incrementos substancialmente superiores ós dos

<sup>13</sup> Esta análise constrúese sobre os datos oficiais procedentes do IGE relacionados coa conta de distribución secundaria da renda, que amosa como se asigna o saldo das rendas primarias dos fogares por medio da redistribución, é dicir, mediante os impostos correntes sobre a renda, o patrimonio, etc., as cotizacións e prestacións sociais en efectivo e as outras transferencias correntes. Nesta conta rexístranse as operacións que para os fogares residentes, constitúen unha redistribución da renda en efectivo, tanto en recursos (prestacións sociais, indemnizacións de seguros non vida, ...) coma en empregos (impostos correntes, cotizacións sociais, primas netas de seguro...). O saldo da conta é a renda dispoñible, que reflicte as operacións correntes e que exclúe, explicitamente, as transferencias de capital, as ganancias e perdas de posesión reais e as consecuencias de sucesos como as catástrofes naturais. Ademais, dentro das prestacións sociais inclúense as prestacións da seguridade social en efectivo, as prestacións doutros sistemas de seguros sociais e as prestacións da asistencia social en efectivo.



datos xerais. Trátase, por exemplo, dos casos do Xallas e de Terra de Soneira, onde o peso medra en sete puntos, en Fisterra o peso medra en seis puntos, ou en Bergantiños o peso medra en cinco puntos.

É dicir, dentro dun contexto xeral de diminución das rendas procedentes do traballo e de incremento das prestacións, estas prestacións teñen máis impacto agregado en territorios nos que as rendas son menores e onde, en termos xerais, se poden observar lóxicas de menor dinamismo económico e demográfico, co cal as transferencias públicas se volven elementos básicos para o sustento das persoas, dos fogares e dos territorios.

De igual xeito có realizado coa renda bruta por habitante, é posible afondar na análise do peso das prestacións na realidade municipal. Con todo, e tendo en conta que o dato xeral de peso en Galicia é do 32% para o ano 2015, existen un total de 41 Concellos que presentan pesos superiores en cinco puntos ó dato galego, dos cales 26 superan o 40% do peso das prestacións sobre a renda. Estes datos amósanse con especial intensidade en Concellos como Santiso (47%), Toques (46%) ou Carnota (45%) nos que case a metade da renda dos seus habitantes procede de prestacións.

Pola contra, un total de nove Concellos amosan pesos inferiores en cinco puntos ó dato galego, é dicir, ó 27%. Dentro deste grupo salienta o Concello de Oleiros que conta cun peso do 18%, seguido de Ames cun 20%, en tanto que Concellos como Culleredo, Oroso e Teo contan co 24% e Arteixo, Cambre e Brión teñen o 25%, seguidos de Santiago de Compostela co 27%.


Con respecto á evolución, os Concellos que presentan incrementos máis salientables no período analizado son os de A Capela e Santiso cun incremento de nove puntos; Cabana de Bergantiños, Camariñas, Vimianzo e Santa Comba cun incremento de oito puntos; Laxe, Malpica de Bergantiños, Vilasantar, Corcubión e Muxía cun incremento de sete puntos; e Dumbría, cun incremento de seis puntos. De xeito oposto, só tres Concellos amosan unha redución do peso das prestacións sobre a renda, listaxe encabezada polo Concello de Ribeira que presenta unha redución de catro puntos, Oleiros con tres puntos e Pontedeume con dous puntos; en tanto outros vinte e nove Concellos presentan evolucións iguais ou inferiores á evolución do conxunto de Galicia.

Neste caso, dentro da heteroxeneidade xeral da distribución territorial, continúa a poder observarse unha evolución máis intensa en Concellos rurais do interior ou da Costa da Morte englobados dentro dos que con anterioridade se identificaban como aqueles de menor dinamismo económico e demográfico; aínda que esta lóxica global é matizable atendendo, por exemplo, ós casos de Concellos como poden ser os de Paderne ou Vilarmaior que amosan unha evolución inferior ó dato galego de referencia, o cal incrementa as complexidades das análises ó afondar na realidade local.

Incidindo no peso das prestacións na renda dos fogares, é posible observar a cantidade de fogares que contan con porcentaxes maiores ó 50% da devandita renda procedente das prestacións. Así, se ben en Galicia no ano 2017 esta cifra ascendía a un 43% (incluíndo un 35,2% dos fogares nas que as prestacións eran máis dun 75% da renda e o 31,5% onde estas prestacións supoñían o 100%), esta cifra era para o caso provincial dun 40,4%, do 32,9% e do 29% respectivamente. Estas porcentaxes evolucionan dende o ano 2007 no que se inicia o período de análise, tocando teito entre os anos

2012 e 2015, para descender ata chegar ás cifras actuais aínda lonxe das iniciais, segundo se pode observar no gráfico seguinte para o caso da provincia da Coruña.

Gráfico 28. Evolución da porcentaxe dos fogares nos que as prestacións supoñen máis do 50%, do 75% e o 100% do total dos seus ingresos. Provincia da Coruña. 2007 – 2017.



Fonte: IGE

O gráfico amosa unha evolución crecente dos fogares nos que as prestacións supoñen máis do 50%, 75% e o 100% dos ingresos totais, o cal ratifica o mencionado con anterioridade relacionado ó proceso de traslado dende as rendas do traballo ás prestacións da compoñente principal do peso nos ingresos dos fogares. Neste sentido salienta que aqueles fogares nos que o 100% dos seus ingresos corresponden ás prestacións soben do 24,1% ó 29% no período analizado para a provincia da Coruña.

Analizando estes datos con carácter territorial, e prestando especial atención ós fogares que dependen ó 100% das prestacións, é posible amosar a seguinte táboa resumo coa súa evolución dende o ano 2007 ata a actualidade.

Táboa 23. Evolución da porcentaxe dos fogares nos que as prestacións supoñen o 100% do total dos seus ingresos. Áreas territoriais da Provincia da Coruña. 2007 – 2017.

Área territorial	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
<b>A Coruña Suroriental</b>	26,6	26,7	24,7	32,6	31,1	30,8	33,8	29,3	30,2	30,9	32,8
<b>Ferrol-Eume-Ortegal</b>	32,9	28,5	29,5	33,4	31,6	38,2	40,1	39,9	37,1	35,4	34,1
<b>Costa da Morte</b>	27	28,7	29,9	33,6	35,2	33,9	37,7	38,9	36,1	33,1	35,1
<b>Barbanza-Noia</b>	24,7	24,8	26,1	28,6	25,1	30,8	28,9	21,8	27,4	27,4	30,5
<b>A Coruña</b>	20,8	21,9	24,1	20,8	23,1	26,6	26,8	27,8	26,9	25,8	28,2
<b>Santiago</b>	18,2	18,2	17,9	19,6	19,2	23,2	24,1	23,5	23,6	22,1	19,8

Fonte: IGE

Como se pode comprobar, a nivel territorial ratifícase a evolución crecente dos datos, situándose o teito da serie, en función das Áreas, a partir do ano 2013, se ben entre o 2015 e o 2016 obsérvase un descenso que tende a matizarse na anualidade correspondente ó 2017 na que só as Áreas de Santiago e de Ferrol-Eume-Ortegal continúan cunha evolución positiva.

Con respecto ás porcentaxes, salienta o caso da Área de Ferrol-Eume-Ortegal que entre o 2012 e o 2014 amosa unhas porcentaxes de ó redor do 40% dos fogares nos que o 100% dos ingresos

proceden das prestacións, cifras estas algo menores no caso da Costa da Morte nas anualidades 2013-2014 pero tamén significativas.


Neste sentido, obsérvase unha diferenza de intensidade entre as Áreas da Coruña, Santiago e a Barbanza-Noia con respecto ó resto dos territorios, xa que estes se manteñen (coa excepción do Barbanza-Noia das anualidades 2012 e 2017) por baixo da porcentaxe do 30%, en tanto que o resto das Áreas superan ampla e reiteradamente esta porcentaxe, o cal supón que de xeito estrutural as prestacións representan a totalidade dos ingresos de ó redor de 1 de cada 3 fogares e, polo tanto, amosa un panorama socioeconómico no que as transferencias públicas representan un papel fundamental en termos agregados para a vitalidade territorial.

### 2.2.2 A desigualdade e as súas diferentes formas.

Unha vez analizados dende diferentes puntos de vista os elementos máis salientables relacionados coa renda, coa súa estrutura interna, cos ingresos dos fogares, así como coa súa distribución territorial, é preciso focalizar a atención nos efectos da desigualdade e das diferentes formas de pobreza e exclusión como elementos que están a emerxer na axenda das políticas de benestar locais.

Neste sentido, dentro da análise da desigualdade un dos indicadores máis salientables é o estudo da distribución da renda a través do S80/20 que mide a desigualdade a través de ratios entre percentís, interpretado como a relación entre a renda media obtida polo 20% da poboación coa renda máis alta (quintil máis alto), en relación á renda media obtida polo 20% da poboación coa renda máis baixa (quintil máis baixo).

Gráfico 29. Evolución da desigualdade a través do indicador S80/20. Galicia e provincia da Coruña. 2007 – 2017.



Fonte: IGE

Como se pode observar, a evolución da desigualdade en Galicia e na provincia é parella, partindo dun dato no 2007 de 4,06 para Galicia e de 3,94 para a provincia, ata chegar á actualidade con 4,18 para Galicia e con 4,25 para a provincia, aínda que o teito da serie dáse no 2013 cun dato de 4,51 para Galicia e de 4,64 para a provincia. Así, ó longo do período analizado a renda do 20% da poboación con máis capacidade económica incrementa a súa diferenza con respecto á renda do 20% da poboación con menor capacidade, multiplicándoa po 4,25 no caso da provincia.


En comparación coa situación do conxunto de España, os datos do INE difiren con respecto ós do IGE<sup>14</sup>, aínda que é posible indicar que a evolución do conxunto tamén é crecente ó pasar de 5,6 no ano 2008 a 6,6 no ano 2017. Con respecto ás Comunidades Autónomas, estas tamén evolucionaron á alza no seu conxunto, salientando os datos de Illes Balears (8,2), Madrid (7,7) ou Canarias (7) pola súa desigualdade, en tanto que na zona contraria salientan os datos de Navarra (4,4), La Rioja (4,5) ou Aragón (4,6). Coa metodoloxía de cuantificación do INE, Galicia conta cun 5,8 para o 2017, situándose á par de Cataluña (5,7), Murcia (5,6) ou Estremadura (5,9).

### 2.2.2.1 O risco de pobreza e exclusión social.

Un dos indicadores máis utilizados á hora de estudar os efectos da desigualdade é a taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020)<sup>15</sup> que, en datos do ano 2017, indica que o 20,26% dos galegos e o 18,65% dos habitantes da provincia se atopan nesta situación. De tódolos xeitos, a taxa evoluciona substancialmente á baixa dende o teito acadado no ano 2012 para Galicia e no 2013 para a provincia, onde se atopaban en risco de pobreza un 23,58% dos galegos e un 22,27% dos habitantes da provincia<sup>16</sup>.

Analizando o indicador por Áreas territoriais, é posible observar a seguinte evolución.

Gráfico 30. Evolución da Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Europa 2020). Áreas da Coruña. 2011-2017



Fonte: IGE

<sup>14</sup> Véxase nota metodolóxica do INE explicativa en

[http://www.ine.es/ss/Satellite?L=es\\_ES&c=INESeccion\\_C&cid=1259944509412&p=1254735110672&pagename=ProductosYServicios%2FPYSLayout&param1=PYSDetalleFichaIndicador&param3=1259937499084](http://www.ine.es/ss/Satellite?L=es_ES&c=INESeccion_C&cid=1259944509412&p=1254735110672&pagename=ProductosYServicios%2FPYSLayout&param1=PYSDetalleFichaIndicador&param3=1259937499084)

<sup>15</sup> Segundo o IGE, a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que se atopa nalgunha das seguintes situacións: Atoparse en risco de pobreza, cando o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana dos ingresos por unidade de consumo; atoparse en carencia material severa; ou persoas de 0 a 59 anos sen fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo.

<sup>16</sup> Para a realización desta análise, tómanse datos do Instituto Galego de Estatística xa que permiten a súa desagregación a nivel provincial e ás Áreas territoriais. Con todo, os informes do Instituto Nacional de Estatística, de EUROSTAT, así como os de FOESSA (2018) ou da Rede EAPN (2018) manexan a taxa AROPE con diferentes resultados a nivel de Galicia, pero con ausencia de datos territorializados a outros niveis. Os resultados da taxa AROPE (at-risk-of poverty and exclusion) indican que o 22,6% dos galegos entran dentro do risco de pobreza no 2017, o que supón un diferencial de 2,34 puntos con respecto ó dato do IGE.

Como se pode observar, tendo en conta a evolución xeral dos datos de Galicia e da provincia xa mencionada, as diferentes Áreas amosan diferentes lóxicas de evolución do risco de pobreza, se ben dentro dunha grande liña xeral de redución (aínda que con matices) do indicador.

Así, a Área de Santiago (que integra as comarcas da Barcala, O Sar e Santiago) amosa ó longo do período os datos máis baixos, situándose tanto no inicio como na última anualidade por baixo do 15%, aínda que chega a un teito do 19,9% no ano 2012.

A Área da Coruña Suroriental (que integra as comarcas de Arzúa, Ordes e Terra de Melide), que presenta o segundo dato máis baixo na actualidade (o 16,54%), evoluciona dende a cifra do 23,18% acadado no 2011.

A Área de Ferrol-Eume-Ortegal ten unha evolución marcada pola súa intensidade tanto nos incrementos como nos descenso. Así, no ano 2011 inicia a serie cun 23,9%, para situarse no 2012 no 19,7% e pasar no 2013 ó 26,7%. Este dato é o teito da Área na serie analizada, xa que a partir de aí se sitúa no 2014 no 19,95% para iniciar unha nova xeira ascendente que a leva no 2016 a acadar o 24%, e volver descender ata o dato do 18,97% actual.

Con respecto á Área da Barbanza-Noia esta ten na actualidade unha taxa do 19,12%, cifra inferior ó 19,34% inicial do ano 2011, e á que se chega dende o 28,53% de teito acadado no ano 2012 para, a partir de aí, roldar entre o 17,81% do 2013 e o 20,81% do 2016.

A Área da Coruña (integrada polas comarcas da Coruña e Betanzos) amosa unha evolución heteroxénea con ascensos e descenso. O dato actual (19,66%) é inferior ó do inicio da serie (21,38% no 2011), aínda que a Área amosa ó longo de todo o período unhas taxas que roldan entre o 21,2 do 2013 e o 17,92% do 2014, se ben o dato máis baixo é o correspondente ó ano 2016 co 15.8%.

A Área da Costa da Morte (integrada polas comarcas de Bergantiños, Terra de Soneira, Fisterra, Muros e o Xallas) amosa na actualidade a peor taxa cun 21,38% que, se ben é netamente inferior ó 28,3% do inicio da serie, racha coa tendencia descendente que ten dende o 2013 (28,9%) no que acada o chan do 19,33% no 2016.

Deste xeito, tendo en conta a heteroxeneidade territorial mencionada, pódese afirmar que ó longo dos últimos anos o risco de pobreza é un elemento estrutural da sociedade xa que se observan anualidades onde diferentes territorios se aproximan a taxas do 30% (Costa da Morte entre o 2011 e o 2014 con taxas superiores ó 28%, Barbanza-Noia no 2012 co 28,53%, Ferrol-Eume-Ortegal no 2013 co 26,7%, por exemplo), en tanto que o dato máis baixo á o presentado na actualidade pola Área de Santiago que supera o 14,5% da poboación.

Este indicador, como se pode observar na definición oficial utilizada polo Instituto Galego de Estatística, está relacionado co ingreso, determinándose como limiar do risco de pobreza o 60% da mediana de ingresos equivalentes de todas as persoas dun territorio. Neste caso, as contías do limiar en unidades monetarias e a súa evolución para Galicia e para a provincia da Coruña responden á seguinte táboa.

Táboa 24. Evolución do limiar do risco de pobreza. Galicia e provincia. 2007 – 2017.


Territorio	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Galicia	603,11	609,48	605,02	603,02	597,2	588,89	592	599,67	600	638,68	663,87
Provincia da Coruña	622,91	646,89	629,32	636,67	619,8	616,07	615,5	642,86	630	669,55	687

Fonte: IGE

O limiar evoluciona atendendo á mediana de ingresos das persoas do territorio, de tal xeito que as cifras son diferentes para Galicia e para a provincia, o cal determina á súa vez a taxa de persoas en risco de pobreza. Con todo, na actualidade o limiar sitúase nos 687€ para a provincia e nos 663,87€ para Galicia.

Outro dos compoñentes da taxa de risco de pobreza é a denominada carencia material que, á súa vez, estrutúrase en carencia material<sup>17</sup> e carencia material severa<sup>18</sup>.

Gráfico 31. Evolución das persoas en situación de carencia material e carencia material severa. Galicia e provincia da Coruña. 2011 – 2017.



Fonte: IGE

Na actualidade (ano 2017) atópanse en situación de carencia material un total de 421.533 persoas en Galicia e 184.271 habitantes da provincia, o que supón o 15,73% da poboación de Galicia e o 16,55% dos e das habitantes da provincia. En situación de carencia material severa, na actualidade atópanse 111.778 persoas en Galicia e 47.371 persoas na provincia da Coruña, o que supón o 4,17% dos galegos e o 4,25% dos habitantes da provincia.

<sup>17</sup> A definición oficial do IGE afirma que unha persoa vive nun fogar con carencia material cando ten carencia polo menos en 3 conceptos dos 7 seguintes: (I) Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano; (II) non pode permitirse unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días; (III) non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada; (IV) non ten capacidade para facer fronte a gastos imprevistos; (V) tivo atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, gas, comunidade...); (VI) non pode permitirse dispoñer de coche; e (VIII) non pode permitirse dispoñer de ordenador persoal.

<sup>18</sup> A definición oficial do IGE afirma que unha persoa vive nun fogar con carencia material severa cando ten carencia polo menos en catro conceptos dos seguintes: (I) Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano; (II) non pode permitirse unha comida de carne, polo ou pescado polo menos cada dous días; (III) non pode permitirse manter a vivenda cunha temperatura adecuada; (IV) non ten capacidade para facer fronte a gastos imprevistos; (V) tivo atrasos no pagamento de gastos relacionados coa vivenda principal (hipoteca ou aluguer, gas, comunidade, etc.); (VI) non pode permitirse dispoñer de coche; (VII) non pode permitirse dispoñer de teléfono (fixo ou móbil); (VIII) non pode permitirse dispoñer de televisor a cor; (IX) non pode permitirse dispoñer de lavadora.

O gráfico amosa como as persoas en ámbalas situacións descendentes nos dous ámbitos territoriais analizados. Así, en relación ás persoas con carencia material, estas descendentes desde as 504.984 persoas en Galicia no 2011 ata as 421.533 na actualidade, se ben é preciso indicar que se chega ó teito da serie no ano 2013 con 530.062 persoas que supoñía o 19,45% da poboación. Con respecto á provincia, a serie iníciase con 214.520 persoas en situación de carencia material, chegando ó teito no ano 2012 con 226.957 persoas (o 20,35% da poboación), para descender ata as cifras actuais de 184.271 persoas que representan o 16,55% da poboación.

En relación á carencia material severa, a tendencia é igualmente á baixa. Así, a serie iníciase no ano 2011 onde se atopan nesta situación un total de 182.544 galegas e galegos (o 6,73% da poboación), chegando ó teito no 2012 no que a cifra chega ata os 185.085 persoas (o 6,85% da poboación), para caer ata os e as 111.778 galegos e galegas na actualidade (o 4,17% da poboación), aínda que no ano 2015 obsérvase un alza que racha coa tendencia xeral.

Con respecto ós datos da provincia, estes iníciase no 2011 con 93.665 persoas en carencia material severa (o 8,37% da poboación), dato que supón o teito da serie e a partir do que se inicia o devalo ata as cifras actuais (47.371 persoas e o 4,25%), se ben ó igual ca no caso galego, no ano 2015 obsérvase un alza.

Como se pode comprobar nos datos da serie histórica, tanto a taxa de persoas en risco de pobreza, como os seus diferentes compoñentes analizados relacionados coa carencia material, amosan unha tendencia decrecente, pero dentro duns volumes que os fan salientables e dentro dunha permanencia no tempo que os fai considerar como parte estrutural da realidade social de Galicia, do conxunto da provincia, e dos diferentes territorios. A esta percepción leva a análise dos datos procedentes de EUROSTAT<sup>19</sup> e do Instituto Nacional de Estadística<sup>20</sup> que permiten, sempre dentro das cautelas metodolóxicas expostas con anterioridade, a comparación entre as taxas do conxunto do Estado e das diferentes comunidades autónomas dende o ano 2007.

Táboa 25. Evolución da taxa de risco de pobreza e exclusión social. España e Comunidades Autónomas. 2007 – 2017.

Territorio	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
<b>España</b>	23,3	23,8	24,7	26,1	26,7	27,2	27,3	29,2	28,6	27,9	26,6
<b>Galicia</b>	<b>23,1</b>	<b>25,1</b>	<b>24,6</b>	<b>22,7</b>	<b>21</b>	<b>23,8</b>	<b>24,3</b>	<b>23,8</b>	<b>25,7</b>	<b>25,4</b>	<b>22,6</b>
<b>Principado de Asturias</b>	18,6	19,5	18,8	16,5	20,4	24,5	21,8	23,4	24,2	18,5	17,2
<b>Cantabria</b>	16,2	19,9	17,3	22,5	23	24,1	25,3	27,4	20,4	24,6	20,5
<b>País Vasco</b>	15,9	13,9	14,8	16,3	18,9	17,7	16,8	15,3	17,6	15,9	14,5
<b>Comunidade Foral de Navarra</b>	8,5	8,6	10,4	13,8	13,1	12	14,5	14,5	13	13	13,5
<b>La Rioja</b>	22,2	19,6	19,5	27,3	26,1	22,6	22,2	20,1	22,1	17,4	14,4

<sup>19</sup> Para ver definición da taxa de risco de pobreza e exclusión social de EUROSTAT consultar <https://ec.europa.eu/eurostat/tgm/web/table/description.jsp>

<sup>20</sup> Para máis información metodolóxica, véxase información do Instituto Nacional de Estadística en [https://www.ine.es/ss/Satellite?L=es\\_ES&c=INESeccion\\_C&cid=1259941637944&p=1254735110672&pagename=ProductosYServicios/PYSLayout](https://www.ine.es/ss/Satellite?L=es_ES&c=INESeccion_C&cid=1259941637944&p=1254735110672&pagename=ProductosYServicios/PYSLayout)


Territorio	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
Aragón	19	17,1	12,6	17,5	18,6	18,4	19,8	20,7	17,7	18,7	15,8
Comunidade de Madrid	16	19,3	19,6	19,3	18,6	19,8	20,1	19,2	20,5	21,7	20,6
Castilla y León	25,9	21,4	22,1	23,8	22,3	20,4	20,8	26,1	23,3	23,2	18,4
Castilla-la Mancha	30,8	28,8	28,6	32,3	35,3	35,1	36,7	36,9	36,7	37,9	33,9
Extremadura	43,4	37,9	35,4	40,3	36	35,2	36,1	39,8	35,2	35,8	44,3
Cataluña	16,9	15,6	19	19,8	21,6	22,6	20,1	21,8	19,8	17,9	19,4
Comunidade Valenciana	20,5	27,5	26,5	29,6	27,9	30,6	31,7	34,7	32,9	30,5	31,3
Illes Balears	21,1	23,6	24,3	26	26,7	25,1	27,8	23,8	26,3	19,1	24,7
Andalucía	33,1	31,6	33,3	35	38,4	36,9	38,3	42,3	43,2	41,7	37,3
Rexión de Murcia	31	27,5	33,3	37,5	31,9	33,5	34,1	44,9	38,8	34,8	34,7
Canarias	29,3	34,8	38,2	35,7	37,8	40,3	35,5	37	37,9	44,6	40,2
Ceuta	40,7	43,4	37,3	35,9	33,6	38,4	47	47,9	41,7	41,9	35,8
Melilla	29,4	24,6	33,9	35,4	34,7	14,5	31,4	25,8	31,8	29,3	29,4

Fonte: EUROSTAT<sup>21</sup>

A pesar das cautelas metodolóxicas que levan á consideración das diferenzas entre os datos relativos a Galicia en función da súa orixe, amósase a táboa 25 con datos procedentes do Instituto Nacional de Estadística e recollidos por EUROSTAT que permiten a súa comparación a nivel interno entre as Comunidades Autónomas.

Así, como se pode comprobar, na actualidade Galicia conta con mellores datos có promedio español, e ocupa un lugar considerado como intermedio entre as taxas de risco de pobreza das Comunidades, afastada tanto das taxas máis salientables como é o caso de Extremadura (44,3%), Canarias (40,2%), Andalucía (37,3%) ou a Comunidade Valenciana (31,3%), en tanto que tamén se atopa afastada das Comunidades con menores taxas como son Navarra (13,5%), o País Vasco (14,5%), La Rioja (15,8%), Aragón (15,8%) ou Asturias (17,2%). Esta distribución amósase no mapa facilitado polo Instituto Nacional de Estadística.

Imaxe 1. Taxa de risco de pobreza e exclusión social. Comunidades Autónomas. 2017.



Fonte: INE

<sup>21</sup> Véxase [https://ec.europa.eu/eurostat/tgm/refreshTableAction.do?tab=table&plugin=1&pcode=t2020\\_50&language=en](https://ec.europa.eu/eurostat/tgm/refreshTableAction.do?tab=table&plugin=1&pcode=t2020_50&language=en)



A visualización do mapa leva á presenza dunha liña imaxinaria que segmenta as taxas de pobreza entre o Sur de España e o Norte. Esta liña determina a existencia de importantes diferenzas nas taxas e, polo tanto, nos volumes de poboación en situación de risco nos territorios que se veñen repetindo ó longo dos anos tal como se pode comprobar na táboa previa.

Neste sentido, é salientable como o posicionamento relativo de Galicia se mantén ó longo da serie histórica analizada, aínda que tamén é posible observar como nos primeiros anos desta serie correspondentes ó período previo á crise económica, se manteñen taxas no conxunto de España de máis do 23%, taxa esta que tamén corresponde a Galicia.

É dicir, existen ó longo do tempo unhas taxas de risco de pobreza sostidas, aínda que crecentes e decrecentes atendendo á etapa da crise económica (fase de recesión ou de inicio da recuperación), de tal xeito que o risco de pobreza amósase como unha das condicións estruturais do modelo de sociedade que, no caso de Galicia vén afectando de xeito variable a unha de cada catro/de cada cinco persoas.

### 2.2.2.2 A dificultade para chegar a fin de mes. Hipotecas e alugueiros.

Directamente relacionado coa vulnerabilidade atópase o indicador relativo á dificultade para chegar a fin de mes que pode ser desagregado a nivel galego, provincial, así como por Áreas territoriais.

A dificultade para chegar a fin de mes atópase relacionada co ingreso medio do fogar, de tal xeito que no ano 2017, considerábase que un fogar galego estaba en dificultade para chegar a fin de mes se contaba cun ingreso mensual inferior ós 1.689€, en tanto que estaba en situación de moita dificultade se ingresaba menos de 1.143€ mensuais. No caso da provincia da Coruña, os fogares que chegan a fin de mes con dificultade ingresan menos de 1.737€ mensuais, sendo a cantidade de 1.163€ o ingreso para os fogares que chegan a fin de mes con moita dificultade.

Así mesmo, considérase que un fogar chega a fin de mes con facilidade ou moita facilidade se ingresa mensualmente, para o caso galego, máis de 2.538€, e para o caso da provincia 2.618€.

Estas cantidades mensuais evolucionan á baixa dende o ano 2007 no que, para un galego os ingresos para chegar a fin de mes con facilidade, con dificultade ou con moita dificultade eran de 2.636€, 1.830€ e 1.426€ respectivamente; en tanto que para a provincia eran de 2.695€, 1.920€ e 1.477€.

Con todo, a mediana de ingresos mensuais dos fogares varía substancialmente para as categorías de maior dificultade, situándose esta mediana no 2017 en 966€ e 900€ para o caso galego e provincial no relativo ós fogares que teñen moitas dificultades para chegar a fin de mes.

Tal como se pode observar na táboa seguinte, a cantidade de persoas que se atopan en situación de chegar con dificultade ou moita dificultade a fin de mes evoluciona á baixa de xeito substancial xa que o teito da serie histórica analizada na que se inclúen datos previos á crise económica, é do ano

2007 onde para Galicia o 66,25% das persoas chegaban con facilidade e moita dificultade á fin de mes, e para a provincia esta cifra correspondíase co 63,45%. En termos absolutos, supón que no 2007 se atopaban na situación case 1.8 millóns de galegos, en tanto que a nivel provincial esta cifra ascendía ós 708.483 persoas.

Táboa 26. Evolución do número de persoas con facilidade, dificultade e moita dificultade para chegar a fin de mes. Galicia e provincia da Coruña. 2007 – 2017.


Ano	Persoas con facilidade		Persoas con dificultade		Persoas con moita dificultade	
	Galicia	A Coruña	Galicia	A Coruña	Galicia	A Coruña
2007	916.247	408.119	1.282.295	517.354	516.828	191.129
2008	1.125.354	479.916	1.303.780	543.559	291.215	96.702
2009	1.131.481	492.795	1.171.435	448.997	421.915	181.663
2010	1.085.164	495.535	1.206.402	466.291	437.318	164.701
2011	1.143.847	495.348	1.150.574	458.516	417.838	164.720
2012	1.160.877	515.517	1.147.776	460.190	391.957	139.600
2013	1.146.642	508.514	1.227.611	491.063	350.466	126.087
2014	1.121.367	482.461	1.234.341	488.217	356.441	150.501
2015	1.280.132	527.323	1.106.346	468.883	312.903	120.377
2016	1.354.161	553.865	1.053.750	448.997	277.047	109.217
2017	1.406.731	600.659	1.025.998	410.611	247.487	102.123

Fonte: IGE

A evolución descendente mencionada, que supón unha rebaixa nas cifras iniciais dun 29,2% en Galicia e dun 27,6% na provincia, e o consecuente ascenso das cifras relacionadas co número de persoas que chega con facilidade e fin de mes (que medra un 53% en Galicia e un 47% na provincia), non oculta que, na actualidade, se atopan en situación de dificultade ou moita dificultade, máis de 1.2 millóns de galegos, e 512.734 habitantes da provincia.

A nivel territorial é posible observar a mesma liña xeral descendente con respecto ós fogares que están atravesando dificultades ou moitas dificultades para chegar a fin de mes, pero como en anteriores indicadores, a heteroxeneidade é un elemento fundamental. Así, como se pode observar no gráfico seguinte, as Áreas parten de porcentaxes moi diferentes xa que, se ben no 2007 a Costa da Morte ou a Barbanza-Noia acadan cifras do 76% de fogares na situación indicada, esta porcentaxe redúcese ata o 56,5% en Ferrol-Eume-Ortegal ou o 57,6% na Coruña.

Gráfico 32. Evolución da porcentaxe dos fogares con dificultade e moita dificultade para chegar a fin de mes. Áreas da provincia da Coruña. 2007 – 2017.



Fonte: IGE

Neste mesmo sentido, e tendo en conta que o teito da serie histórica é o ano 2007, a partir dese intre a evolución é descendente pero con claros matices territoriais xa que, aínda que a maior parte das Áreas se sitúan no 2017 por baixo do 50% dos fogares con dificultades, representando a Área de Santiago o chan de tódolos datos ó contar na actualidade co 40,8% dos fogares nesta situación; tamén se pode observar a Área da Barbanza-Noia que, dentro dunha liña irregular, ascende máis de 20 puntos entre os anos 2016 e 2017, marcando na actualidade o teito territorial do dato cun máis do 65% dos fogares en dificultades.


Deste xeito, como se vén indicando con anterioridade, incídese na compoñente territorial da dificultade para chegar a fin de mes, representando as Áreas máis urbanas (A Coruña e Santiago) os datos máis baixos tanto no ano no que os datos xerais son máis elevados, como na anualidade no que os datos xerais son máis baixos.

Con todo, tamén se debe mencionar que a evolución positiva xeral dáse de xeito máis acentuado en Áreas como a Costa da Morte ou a Coruña Suroriental onde se reducen os fogares en situación de dificultade en 27,7 puntos e 21,8 puntos respectivamente, en tanto a redución na Coruña é de 15,5 puntos ou en Ferrol-Eume-Ortega é de 7,5 puntos, amosando esta última o comportamento máis estable de tódalas Áreas sen superar en toda a serie histórica o 59% dos fogares en situación de dificultade.

Un dos elementos que ó longo dos últimos anos veñen determinando a capacidade económica dos fogares é o relacionado co acceso á vivenda, para o cal é preciso estudar a relación entre titularidade da vivenda e o gasto mensual asumido en concepto de hipoteca e de alugueiro, así como as diferentes contías do mesmo en función dos territorios de referencia.

Neste sentido, para o ano 2017, en Galicia un 18,99% dos fogares contaban con hipotecas activas da vivenda principal, porcentaxe que se elevaba ó 21,08% para a provincia da Coruña. Estas cifras mantéñense nunha relativa estabilidade dende o 2007, onde en Galicia a porcentaxe era do 20,71% e na provincia do 23,13%, para tocar teito en Galicia no ano 2011 co 21,95% e na provincia no 2012 cun 23,63%. Analizando estes datos por áreas territoriais, e estudando a súa evolución dende o 2007, é posible construír o seguinte gráfico.

Gráfico 33. Evolución da porcentaxe dos fogares que teñen gasto en hipoteca da vivenda principal. Áreas da provincia da Coruña. 2007 – 2017.



Fonte: IGE

Como se pode observar, e dentro da liña xeral mencionada para Galicia e para a provincia dunha relativa estabilidade con certa tendencia suave á baixa das hipotecas, as Áreas onde máis salientable é a porcentaxe de hipotecas activas da vivenda principal son as de carácter urbano, é dicir, as da Coruña (24,88%) e de Santiago (25,15%), seguida da de Ferrol-Eume-Ortegal (23,08%). Pola contra, as Áreas máis rurais son as que menor incidencia ten o fenómeno, coa Coruña Suroriental como a que menos hipotecas ten (5,2%), seguido da Barbanza-Noia (7,8%) e a Costa da Morte (15,1%).

A evolución por Áreas recolle a tendencia xeral mencionada, con diferenzas territoriais que é preciso mencionar. Así, en tanto Coruña, Santiago e Ferrol-Eume-Ortegal evolucionan dentro da estabilidade con suave descenso; o caso da Barbanza-Noia salienta pola súa irregularidade xa que se observa un teito no ano 2012 do 23,36%, para baixar de xeito acelerado ó 7,8% actual. O caso da Coruña Suroriental tamén é irregular xa que oscila entre o dato inicial do 2007 do 19,08%, para pasar no 2009 ó 11,61% e, a continuación no 2012 ó 21,97%, dende o que se descende no 2013 ó 9,03% e ascender no 2014 ó 18,66%, ata o actual 5,2%. Con respecto á Costa da Morte, a evolución é máis suave, aínda que compaxina o teito da serie no 2011 co 15,36% co chan no 2012 co 9,48%.


Con todo, obsérvase unha tendencia na última anualidade á alza das hipotecas que se plasma en incrementos (suaves) na Coruña, Santiago e na Costa da Morte, e máis abruptos no caso de Ferrol-Eume-Ortegal.

Con respecto ó gasto medio que cada fogar (con hipoteca activa) lle adica á propia hipoteca, a evolución é claramente descendente dende o inicio da serie histórica no 2007 xa que, no caso de Galicia o dato é de 462,72€ mensuais e na provincia de 461,08€. O dato do 2007 galego é o teito da serie, en tanto que o da provincia dáse no 2009 con 478,16€ mensuais. A partir destes teitos, evóluciónase á baixa ata chegar á actualidade con 379,95€ no caso galego e 380,89€ no caso provincial.

De tódolos xeitos, estes importes relaciónanse co tamaño dos Concellos no que se sitúa a vivenda xa que, en tanto os valores máximos se acadan en Concellos de máis de 50.000 habitantes (o teito é de 500,57€ mensuais no 2009 e na actualidade o gasto está nos 407,2€), os valores mínimos corresponden ós Concellos de menos de 10.000 habitantes (onde o teito é de 441,29€ mensuais no 2008 e o chan da serie é o dato actual de 347,05€).

Ademais, é posible estudar o peso que as cantidades pagadas mensualmente en concepto de hipoteca en relación ós ingresos dos fogares. A continuación amósase gráfico coa distribución.

Gráfico 34. Fogares segundo a porcentaxe de ingresos dedicados ao pagamento da hipoteca da vivenda principal. Galicia. 2017




Fonte: IGE

Neste sentido, na actualidade case o 69% dos fogares con hipotecas activas da súa vivenda principal adica menos do 20% dos seus ingresos totais, en tanto que non chegan ó 5% os fogares que adican o 40% ou máis. Esta distribución actual supón o teito da serie histórica en relación ó menor peso das hipotecas sobre os ingresos das vivendas, sendo preciso mencionar que, se ben por exemplo na actualidade a porcentaxe de fogares que lle adican entre o 30% e o 40% dos ingresos é do 5,88%, este dato ten o seu teito no 2009 cun 12,5%; de tal xeito que a evolución á baixa da porcentaxe (na liña das contías xa analizadas) supón un respiro para as economías domésticas nos últimos anos.

Outro dos elementos a ter en conta á hora de estudar o gasto en vivenda é o relacionado cos alugueiros. Neste sentido, os fogares que afrontan alugueiros relacionados coa vivenda principal na actualidade sitúase no 12,31% en Galicia e no 13,18% na provincia, porcentaxes lixeiramente ascendentes dende o ano 2007 no que se estaba nun 10,57% en Galicia e no 11,97% na provincia, pero que nos últimos anos oscilan, se ben de xeito limitado.

Con respecto ó importe promedio dos alugueiros, este é posible observalo no seguinte gráfico de evolución.

Gráfico 35. Evolución do gasto medio mensual do fogar en alugueiro da vivenda principal. Galicia e provincia da Coruña. 2007 – 2017.




Fonte: IGE

Os datos amosan a salientable evolución á alza do custo mensual dos alugueiros tanto en Galicia como na provincia da Coruña, partindo dun chan rexistrado no ano 2008 de 278,69€ en Galicia e nos 277,57€ na provincia, para chegar ó teito na actualidade de 324,4€ en Galicia e de 327,41€ na provincia, o que supón unha suba do 16,4% e do 17,9% respectivamente. Con todo, este custo é diferente atendendo ó tamaño dos Concellos, de tal xeito que na actualidade o máximo prezo atópase nos Concellos galegos de máis de 50.000 habitantes con 348,65€ mensuais (2017), en tanto que o prezo menor corresponde ós Concellos de menos de 10.000 habitantes con 243,75€ (2017).

Neste sentido, a evolución xeral tamén incide en relación co tamaño dos Concellos. Así, para os Concellos de máis de 50.000 habitantes o chan do prezo é do ano 2008 con 299,57€, contabilizando ata a actualidade (2017) unha suba do 16,3%. Para os Concellos de menos de 10.000 habitantes o menor prezo é do 2008 con 175,3€, evolucionando ata o teito acadado no 2013 con 260,21€, o que supuxo unha suba do 48,4% en cinco anualidades.

Ademais, é posible estudar o peso que as cantidades pagadas mensualmente en concepto de alugueiro en relación ós ingresos dos fogares. A continuación amósase gráfico coa distribución.

*Gráfico 36. Fogares segundo a porcentaxe de ingresos dedicados ao pagamento do alugueiro da vivenda principal. Galicia. 2017*



Fonte: IGE

Como se pode observar na distribución, na actualidade máis do 48% dos fogares que pagan alugueiro para a súa vivenda habitual adican menos do 20% dos seus ingresos, en tanto que o 15,7% dos fogares adican o 40% ou máis.

Neste sentido, a diferenza do acontecido coas hipotecas, existe unha relativa similitude entre os grupos de fogares que adican menos do 20% da súa renda ó alugueiro (48%) e os fogares que adican entre o 20% e o 40% (35,9%), polo que é posible concluír que o pagamento de alugueiros comporta unha tensión nas economías familiares máis elevada có pagamento das hipotecas, observándose deste xeito un traslado das tensións dende a propiedade ó alugueiro.

Ademais, nesta liña é salientable a sensible redución dos fogares que adican menos do 10% da súa renda ó pagamento do alugueiro, pasando do teito da serie no ano 2008 cun 20,58% ó chan no ano 2016 co 9,15%.

### 2.2.2.3 A pobreza enerxética.

As desigualdades de carácter económico teñen un efecto determinante á hora de estudar outro tipo de pobreza e vulnerabilidades que, ó longo dos últimos anos, están emerxendo nas axendas locais do benestar como é o caso, en primeiro lugar, da pobreza enerxética.


A utilización do concepto de pobreza enerxética engloba diferentes elementos que é preciso definir con carácter previo á aproximación cuantitativa ó fenómeno, seguíndose neste caso a Tirado Herrero., S., Jiménez Meneses, L., López Fernández, J.L., Irigoyen Hidalgo, V.M. (2018, 21:23) que, seguindo a Bouzarovski e Petrova (2015), consideran que a pobreza enerxética se define como a incapacidade dun fogar de acadar un nivel social e materialmente necesario de servizos domésticos de enerxía. Este concepto permite considerar tanto os problemas de pagamento das facturas da enerxía como o acceso de calidade ás fontes de enerxía.

De xeito complementario á pobreza, tamén son recollidos conceptos como a vulnerabilidade enerxética, definido como a propensión dun fogar a experimentar unha situación na que o devandito fogar non recibe a cantidade axeitada de servizos de enerxía, sendo a pobreza unha demostración dun determinado nivel de vulnerabilidade enerxética nun intre dado, polo que se introduce un elemento dinámico na *entrada* e *saída* da pobreza enerxética.

Finalmente, e recollendo as últimas tendencias europeas, Tirado Herrero., S., Jiménez Meneses, L., López Fernández, J.L., Irigoyen Hidalgo, V.M. (2018, 21:23) tamén recollen a desigualdade enerxética como concepto a ter en conta, definido como o feito de que diferentes grupos de fogares non están afectados de igual xeito por condicións asociadas á pobreza enerxética como é, por exemplo, a incapacidade de manter a vivenda a unha determinada temperatura ou ter retardos no pagamento de facturas.

Como se pode comprobar, e aínda que é preciso ter en conta o acceso (e os problemas de acceso) ás fontes de enerxía, os elementos vencellados á pobreza enerxética como problema público recoñecido nos últimos anos (integrando aquí nun sentido amplo tanto a vulnerabilidade como a desigualdade) vencellan a renda co uso da enerxía como servizo básico, de tal xeito que as evolucións na renda dispoñible conxuntamente coas evolucións nos prezos da enerxía poden supoñer problemas para facer fronte ós pagamentos correspondentes e, polo tanto, xerar discontinuidades no nivel de recepción do servizo.

Gráfico 37. Evolución do gasto medio por fogar. Galicia. 2006 - 2017




Fonte: INE

Neste sentido, ó longo dos últimos anos o gasto medio dos fogares galegos evoluciona sensiblemente á baixa, retrocedendo un 4% dende o 2006 ata o 2017, se ben como se pode observar no gráfico, o teito do gasto acádase no ano 2008 e o chan no 2014, descendendo neste sub-período un 13,5%.

En termos absolutos, na actualidade o gasto promedio dos fogares galegos ascende a 26.962,72€ anuais, e 10.937,72€ por persoa, situándose case un 8% por baixo do promedio estatal que ascende ós 29.188,19€ por fogar e ós 11.726,36€ por persoa.

Dentro deste gasto global dos fogares, é posible estudar a evolución do gasto en electricidade, gas e outro tipo de combustibles en termos comparados.

Gráfico 38. Evolución en porcentaxe do gasto medio por fogar en electricidade, gas e outros combustibles. España e Galicia. 2006 – 2017.



Fonte: INE

O gasto dos fogares galegos en electricidade, gas e outros combustibles é superior ó do conxunto dos fogares españois, adicándolle en Galicia na actualidade un 3,90% do total do gasto dos fogares, en tanto que no resto do Estado adícaselle un 3,76%. Neste sentido, tendo en conta a existencia dunha diferenza situada entre o 12% do ano 2007 e o 4% da actualidade con respecto ós gastos, é preciso indicar a tendencia á igualación das porcentaxes dentro dunha evolución xeral semellante na que se observa un período inicial de alza entre o 2006 e o 2012 (onde se toca o teito do 4,70% en Galicia), para pasar a un período de suave descenso da porcentaxe ata o 3,90% actual.

Con todo, a evolución destes anos supón que cada fogar galego destine case un 33% máis da renda ó gasto en electricidade e gas na actualidade ca no ano 2006, dato que para o conxunto dos fogares españois ascende ata o 42%.

En termos absolutos, cada fogar galego destina na actualidade 1.052,73€ ó gasto en luz e gas, cifra á que se chega dende os 827,72€ do 2006, e que toca teito no ano 2012 con 1.282,08€ para suavizarse ata a actualidade, se ben entre o ano 2016 e o 2017 volve detectarse unha lixeira suba. É dicir, o gasto dos fogares galegos ascende un 27% entre o 2006 e a actualidade, aínda que o ascenso entre o ano chan (2006) e o ano teito (2012) se sitúa nun 55%.

Con respecto ós fogares do conxunto de España, na actualidade o gasto ascende a 1.097,35€, ascendendo dende os 799,26€ do 2006, o que supón unha suba do 37%. Ó igual có acontecido no



caso galego, o teito da serie tócase no 2012 con 1.198,16€ de gasto anual, o que supuxo unha suba entre o ano chan e o ano teito dun 50% no gasto dos fogares.


Con todo, para comprender a dinámica dos gastos da luz e gas é preciso inserilos dentro da comprensión da evolución previamente mencionada dos gastos xerais dos fogares, é dicir, o incremento dos gastos da luz (tanto en termos absolutos como relativos) dáse nun período de significativa contracción dos gastos xerais dos fogares, sobre todo entre os anos 2008 – 2014.

Neste sentido, na actualidade o INE indica que a situación de non poder permitirse manter a vivenda cunha temperatura axeitada en Galicia afecta no ano 2017 a case un 7% dos fogares, cifra que evoluciona á baixa dende o 16% do ano 2014<sup>22</sup>. De tódolos xeitos, a pobreza enerxética está a ser obxecto de diferentes análises, entre os que salientan os realizados pola Asociación de Ciencias Ambientales<sup>23</sup> que, a través do deseño de indicadores propios como o 2M<sup>24</sup>, indica que o 17% dos fogares galegos se atopan no 2016 en dificultades debido ó desproporcionado do seu gasto enerxético, ou como o indicador de pobreza enerxética agochada ou HEP<sup>25</sup> (Tirado Herrero, S., Jiménez Meneses, L. López Farnández, J.L., Irigoyen Hidalgo, V.M, 2018:53), que establece que o 14% dos galegos se atopan nesta situación.

#### 2.2.2.4 A pobreza infantil.

Incidindo nas complexidade das diferentes formas de desigualdade e exclusión, é preciso facer referencia á pobreza infantil como parte do fenómeno relacionado coa exclusión, pero que ten unha especial incidencia nos e nas menores e que, ademais, supón a presenza dunhas condicións que, de non seren alteradas a través das políticas de benestar, poden xerar exclusión crónica.

Gráfico 39. Evolución da taxa de risco de pobreza en menores de 16 anos. Galicia. 2011-2017



Fonte: INE

<sup>22</sup> Datos do INE (Enquisa de Condicións de Vida) explotados por Europa Press en <https://www.epdata.es/>

<sup>23</sup> Véxase a recompilación de análises en <https://www.cienciasambientales.org.es/index.php/nuestra-labor/estudios-y-guias>

<sup>24</sup> O indicador de poboación con gastos desproporcionados ou 2M estuda se un fogar está en dificultades cando a súa carga enerxética, entendida como a porcentaxe de gastos en enerxía doméstica sobre ingresos medidos en unidades de consumo equivalentes, supera o dobre da mediana estatal.

<sup>25</sup> O Indicador de Pobreza Enerxética agochada (HEP) mide a porcentaxe da poboación para a que o gasto total en enerxía doméstica está por baixo da metade da mediana nacional.

Como se pode comprobar do gráfico, a evolución da taxa de risco de pobreza en menores de 16 anos no período comprendido entre o 2011 e o 2017 amósase estable, se ben tendo en conta unha parte inicial do período onde se produce un alza significativa (pasando do 23,96% ó 27,35%) para, a continuación, iniciar un suave descenso que chega ata a actualidade, aínda que coa excepción do ano 2017 onde se produce unha nova alza (pásase do 2016 dun 22,56% ó 2017 cun 23,73%). Con todo, a taxa en todo o período amósase estable incluíndo dentro do risco de pobreza a case 1 de cada 4 persoas menores de 16 anos en Galicia.

Neste sentido, como amosa Save the Children (2017) e Intermon Oxfam (2019) aludindo á transmisión xeracional da desigualdade, as situacións de exclusión social en España hérdanse, o cal supón unha limitación inicial das condicións para a mobilidade social (que xa de por si sofre ó longo da crise económica), e ameaza con facer crónica a situación para o 80% da poboación infantil que se atopa en situación de pobreza, que no ano 2015 se cifraba en 2,5 millóns de nenos e nenas, en tanto que case 1,4 millóns se atopaban en situación de pobreza severa (Save the Children, 2017:6).

Isto supón que en España o 29,6% dos/as menores de 18 anos se sitúen en situación de pobreza relativa (atopándose por baixo do 60% da mediana de ingresos) e que sexa o segundo país de Europa con peores datos por detrás de Romanía (Save the Children, 2017:47).


A variedade de fontes que traballan en relación á pobreza, sobre todo á que afecta ás persoas menores de 18 anos, levan a amosar un escenario global de fonda preocupación por este fenómeno. Neste sentido, EUROSTAT afirma que, se ben a taxa de risco de pobreza segundo a Estratexia Europa 2020 en España se está a situar dun xeito estable nos últimos anos ó redor do 21%-22% da poboación despois das transferencia sociais<sup>26</sup> (se ben antes das transferencias a cifra na actualidade é do 26,6 como se comentou con anterioridade), a taxa de pobreza para os/as menores de 18 anos toca teito no 2014 cun 30,5% para situarse no 2017 no 28,3%<sup>27</sup> segundo a enquisa EU-SILC do propio EUROSTAT; en tanto que a taxa de persoas en risco de pobreza menores de 16 anos sitúase, para a Estratexia Europa 2020 de EUROSTAT, no 31% no mesmo 2017.

A continuación amósase gráfica comparativa da evolución das diferentes taxas, focalizando a atención na situación das persoas menores de 16 anos entre o período 2007 – 2017.

<sup>26</sup> Datos referidos ó risco de pobreza ou exclusión despois de transferencias sociais. Véxase [https://ec.europa.eu/eurostat/tgm/refreshTableAction.do?tab=table&plugin=1&pcode=t2020\\_52&language=en](https://ec.europa.eu/eurostat/tgm/refreshTableAction.do?tab=table&plugin=1&pcode=t2020_52&language=en)

<sup>27</sup> Datos referidos á porcentaxe de at-risk-of poverty detallada por grupos de idade na enquisa EU-SILC. Véxase en <https://ec.europa.eu/eurostat/tgm/refreshTableAction.do?tab=table&plugin=1&pcode=tessi120&language=en>

Gráfico 40. Evolución comparada da Taxa de Risco de Pobreza (Europa 2020), Taxa de Risco de Pobreza despois de transferencias<sup>28</sup>, Taxa de Risco de Pobreza en menores de 18 anos<sup>29</sup>, Persistencia da Taxa de Pobreza<sup>30</sup> e Persistencia da Taxa de Pobreza en menores de 18 anos<sup>31</sup>. España. 2007 – 2017.



Fonte: EUROSTAT

Como se pode comprobar na gráfica, a evolución de tódalas taxas segundo información fornecida por EUROSTAT é crecente en todo o período, se ben é preciso mencionar a existencia de puntos de partida salientables en todas elas en época previa á crise económica.

Así, a taxa de risco de pobreza (Europa 2020) para o conxunto de España xa foi analizado con anterioridade, aínda que se debe mencionar o elevado impacto que teñen as transferencias sociais no conxunto do Estado para minorar o seu impacto. Deste xeito, por exemplo, no 2017 a taxa de risco de pobreza final redúcese en 5 puntos, o cal amosa ás claras a influencia das transferencias, tanto máis canto, como se pode observar ó longo da análise, existen numerosos territorios onde as prestacións teñen un peso cada vez máis crecente na renda bruta dispoñible.

Con respecto á taxa de pobreza para persoas menores de 18 anos, e tendo en conta que o propio EUROSTAT tamén facilita o dato referido ós/ás menores de 16 anos para a Estratexia Europa 2020 que será mencionado a continuación, esta tamén evoluciona á alza dende o dato do 26,2% do 2007 ata o 28,3% actual, aínda que se toca teito no 2014 co 30,5%, cifra do 30% que roldan as anualidades do 2010 (29,3%), 2015 (29,6%) e 2016 (29,7%).

Con respecto á persistencia da taxa de pobreza, este indicador amosa aquelas persoas que veñen formando parte da taxa de pobreza tanto no ano corrente como en, cando menos, dous dos tres anos anteriores. Neste sentido, a persistencia ascende dende as cifras do 10% no inicio do período ata o 14,7% actual, se ben toca teito no 2015 cun 15,8%. Este indicador tamén é posible desagregalo

<sup>28</sup>Versión orixinal extraída de EUROSTAT. At-risk-of-poverty rate. The share of persons with an equivalised disposable income below the risk-of-poverty threshold, wich is set at 60% of the national median equivalised disposable income (after social transferences). Véxase en <https://ec.europa.eu/eurostat/tgm/web/table/description.jsp>

<sup>29</sup>Datos referidos á porcentaxe de at-risk-of poverty detallada por grupos de idade na enquisa EU-SILC. Véxase en <https://ec.europa.eu/eurostat/tgm/refreshTableAction.do?tab=table&plugin=1&pcode=tessi120&language=en>

<sup>30</sup>Versión orixinal extraída de EUROSTAT – enquisa EU-SILC. Persistent at risk of poverty rate. The indicator shows the percentage of the population whose equivalised disposable income was below the “at-risk-of-poverty threshold” for the current year and and least 2 out of the preceding 3 years. Véxase en <https://ec.europa.eu/eurostat/tgm/web/table/description.jsp>

<sup>31</sup>Véxase enquisa EU-SILC en <https://ec.europa.eu/eurostat/tgm/table.do?tab=table&init=1&language=en&pcode=tessi022&plugin=1>


para os/as menores de 18 anos que, partindo do 13,6% no ano 2007, chega ata o teito do 22,2% no ano 2016, para situarse na actualidade no 19,2%.

Así, para EUROSTAT, a taxa de pobreza e a persistencia da pobreza son elementos de preocupación en España, salientando dous fenómenos observables dos datos amosados.

Por unha banda, os indicadores empeoran sensiblemente ó analizar a poboación menor de 18 anos, co cal estase a afondar no fenómeno xa mencionado por parte de Save The Children (2017) con respecto á transmisión da desigualdade e da pobreza en España ó incrementar o número de persoas menores de 18 anos que integran este grupo.

Estudando a situación das persoas menores de 16 anos, a evolución da taxa de risco de pobreza para este grupo de idade, segundo a Estratexia Europa 2020, pódese observar na seguinte gráfica.

Gráfico 41. Evolución da taxa de risco de pobreza para menores de 16 anos. Europa 2020. España. 2007-2017.



Fonte: EUROSTAT

Como se pode comprobar, a taxa evoluciona de xeito ascendente no período, iniciando a serie no 2007 cun 27,8% para chegar no 2017 ó 31% dende o teito do 35,4% do ano 2014, o cal amosa tanto o impacto da situación como a súa permanencia no tempo.

Así, por outra banda, se ben a crise económica agrava a situación das diferentes taxas e, sobre todo da persistencia, o risco de pobreza (con especial atención ós/ás menores de 16 e de 18 anos) é un problema estrutural do contexto socioeconómico español que presenta un salientable diferencial cos países europeos de referencia.

Táboa 27. Evolución da taxa de risco de pobreza dos menores de 16 anos (Europa 2020) nos países europeos de referencia. 2007 – 2017.

Territorio	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
<b>Bélxica</b>	21,3	20,6	20,1	23,2	22,9	22,6	21,5	22,3	22,7	21,2	21,3
<b>Dinamarca</b>	14,1	12,7	14,0	15,1	16,1	14,3	15,4	14,4	15,3	13,6	14,5
<b>Alemaña</b>	19,8	19,7	20,1	21,3	19,9	18,2	19,1	19,3	18,6	18,9	18,0
<b>Irlanda</b>	26,5	27,3	31,5	34,4	33,8	32,5	34,1	29,1	27,8	26,9	24,0
<b>Grecia</b>	27,5	27,8	29,4	27,8	29,6	35,1	37,6	36,0	36,6	36,3	35,7

Territorio	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017
<b>Francia</b>	19,4	20,9	20,5	23,0	22,6	22,8	20,2	21,4	20,9	22,1	21,7
<b>Italia</b>	28,2	28,0	28,2	28,9	31,2	34,0	31,7	31,9	33,4	32,8	31,5
<b>Holanda</b>	17,3	15,8	17,2	16,2	18,0	17,1	17,0	17,0	16,3	17,2	16,2
<b>Austria</b>	18,9	23,3	21,6	23,3	22,5	21,7	24,2	23,8	22,7	20,6	24,0
<b>Polonia</b>	36,4	32,4	30,4	30,3	29,1	28,8	29,1	27,4	25,6	23,3	16,8
<b>Portugal</b>	26,8	29,2	27,7	27,1	27,7	27,0	30,8	30,8	29,1	26,2	22,6
<b>Romanía</b>	52,0	50,7	50,6	48,2	49,0	52,8	51,4	49,9	46,0	48,5	40,9
<b>Finlandia</b>	14,7	15,2	13,8	14,1	16,4	15,1	12,8	15,5	14,8	15,1	15,0
<b>Suecia</b>	14,3	16,7	18,1	18,3	19,4	18,8	19,2	20,0	19,3	19,3	18,3
<b>Reino Unido</b>	28,0	29,7	27,5	29,8	26,9	31,2	32,2	30,8	30,4	27,0	27,0
<b>Noruega</b>	15,6	12,6	13,9	13,7	12,3	11,5	13,4	11,7	13,3	14,4	15,5
<b>España</b>	<b>27,8</b>	<b>29,6</b>	<b>31,9</b>	<b>32,6</b>	<b>31,6</b>	<b>31,4</b>	<b>31,9</b>	<b>35,4</b>	<b>33,4</b>	<b>31,7</b>	<b>31,0</b>

Fonte: EUROSTAT

A táboa amosa unha evolución crecente da taxa en boa parte dos países analizados, se ben os datos finais sitúan a España nunha situación, xunto con Italia ou Grecia, que supera o 30% dos/as menores de 16 anos en risco de pobreza, afastada tanto de Romanía como país cunha taxa máis elevada (40,9%) como de outros países continentais con cifras máis suaves (caso de Francia, Portugal ou Austria); en tanto que as menores cifras recóllense en Noruega, Dinamarca, Finlandia, Holanda ou Polonia.

Así, non unicamente se presenta unha taxa de elevado nivel cuantitativo, senón que esta taxa mantense ó longo do tempo dende etapas previas á crise económica (se ben como se indicaba con anterioridade, esta crise acentúaa), en tanto que no relativo ó diferencial cos países europeos situados en posicións intermedias como pode ser Francia, por exemplo, tamén se observa unha tendencia a un suave ascenso no período analizado a diferenza do acontecido en Portugal no que se produce un salientable descenso nos últimos anos.

#### 2.2.2.5 Outras vulnerabilidades. Fendas, adiccións e persoas sen fogar.

A cohesión social depende, nunha parte importante, da presenza de rendas e capacidades económicas na sociedade que poidan dar acceso á compra de bens e servizos no mercado, pero tamén é preciso ter en conta outro tipo de elementos non directamente vencellados coa capacidade de renda sen os cales se incrementa a vulnerabilidade e que, en determinados casos, poden levar á exclusión das persoas ou limitar a súa autonomía persoal ou relacional.

#### *A fenda dixital.*

Dentro destas outras vulnerabilidades diferentes da económica salienta, polo seu elevado impacto en termos territoriais, a denominada fenda dixital ou as diferenzas que os territorios teñen no seu

acceso ás novas tecnoloxías da información e da comunicación. Estas diferenzas no acceso ás ferramentas tecnolóxicas e, concretamente, a internet, dan en numerosas dificultades para as persoas e para os territorios, incluíndo dende as posibilidades das empresas de abriren mercado, as posibilidades do estudantado para acceder a recursos de coñecemento ou, por exemplo, as posibilidades de desenvolvemento profesional e de acceso a un posto de traballo.

Ademais, é preciso mencionar que na actualidade o acceso a internet convértese nun medio de socialización máis, polo que as limitacións no mesmo supoñen maiores posibilidades de illamento social sobre todo nas xeracións de maior dependencia dixital.

Así, a fenda dixital constitúese como a separación que existe entre as persoas (comunidades, territorios...) que teñen acceso e utilizan as novas tecnoloxías da información e comunicación como unha parte da súa vida cotiá, e aquelas que non poden acceder as mesmas ou, aínda que as teñan, descoñecen como utilizalas (López Penín, 2016)<sup>32</sup>.

Con respecto á implantación da conexión a internet en Galicia e na provincia, esta amósase na seguinte táboa.

*Táboa 28. Evolución dos fogares que dispoñen de conexión a internet. Galicia, provincia da Coruña e Áreas. 2012 – 2017.*

Área territorial	2012	2013	2014	2015	2016	2017
A Coruña Suroriental	39,48	49,21	46,77	55,74	66,45	71,15
Ferrol-Eume-Ortegal	51,36	55,72	59,95	63,02	69,72	72,17
Costa da Morte	34,96	50,83	56,42	55,02	63,61	71,38
Barbanza-Noia	52,08	55,37	62,37	72,65	74,31	75,28
A Coruña	61,49	69,14	68,61	73,65	74,28	81,08
Santiago	64,06	71,83	68,7	76,42	78,55	83,64
<b>Provincia da Coruña</b>	<b>54,8</b>	<b>62,66</b>	<b>64</b>	<b>69,04</b>	<b>72,56</b>	<b>77,84</b>
<b>Galicia</b>	<b>50,29</b>	<b>59,19</b>	<b>63,15</b>	<b>64,2</b>	<b>70,62</b>	<b>75,92</b>

Fonte: IGE

Como se pode comprobar, salienta a evolución na implantación da conexión a internet que ten lugar tanto en Galicia como na provincia ó longo dos últimos anos. Así, partindo dunhas porcentaxes do 50% dos fogares con conexión a internet contratada no 2012 para Galicia, e do 54,8% para a provincia, no ano 2017 as cifras ascenden ó 75,92% e ó 77,84% respectivamente.

Analizando territorialmente a contratación de internet, é posible observar como a salientable fenda dixital presente a primeiros da década entre as Áreas máis urbanas (Coruña ou Santiago) e as máis rurais (Coruña Suroriental ou a Costa da Morte) se vai matizando, aínda que persiste unha diferenza a ter en conta.

<sup>32</sup> Véxase máis información sobre conceptos relacionados coa fenda dixital en <http://stellae.usc.es/red/blog/view/36429/glosario-dos-terminos-mais-traballados> ou <http://stellae.usc.es/red/blog/view/18920/fenda-dixital>

Así, en tanto as Áreas da Coruña ou Santiago superan o 80% de fogares con contratación de internet, esta porcentaxe redúcese ó redor de dez puntos nas restantes Áreas coa excepción da Barbanza – Noia, que conta cun 75% de fogares con internet.

Con todo, é preciso indicar que no período entre 2012 e 2017, a Costa da Morte incrementa os seus fogares con internet en máis de 35 puntos, e a Coruña Suroriental en máis de 31, de tal xeito que a importante fenda existente con carácter previo se vai suavizando co que isto supón á hora de favorecer as diferentes capacidades de persoas e territorios.

### ***A adicción a internet entre a mocidade.***

Directamente relacionado coa utilización das novas tecnoloxías, aínda que dende un punto de vista oposto ó analizado en referencia á fenda dixital, atópanse as diferentes vulnerabilidades xeradas en torno á utilización, exposición e sobre-exposición ás propias novas tecnoloxías, é dicir, a adicción ás mesmas e as múltiples derivadas xurdidas como consecuencia entre as que salientan a ludomanía ou as prácticas de ciberacoso como extremos<sup>33</sup>.

Neste sentido, ó longo do proceso de elaboración das diferentes partes do Plan de Acción de Servizos Sociais numerosas fontes confirman a preocupante tendencia que, nos últimos anos, se vén detectando a nivel local en relación ó excesivo uso en idades temperás das novas tecnoloxías que pode derivar en adicións e que se relaciona cunha caída do rendemento académico e que xera problemas relacionados co xogo on-line, así como con diferentes formas de acoso.

Esta tendencia tamén é detectada por ferramentas que, a nivel estatal, estudan cuantitativamente o comportamento do alumnado de secundaria e a relación entre este comportamento e o consumo de alcohol, tabaco e drogas ilegais, así como coas prácticas de lecer máis cotiás.

Así, tendo en conta a fenda dixital territorial analizada con anterioridade, a evolución do uso de internet por parte dos nenos e nenas de entre 10 e 15 anos tanto en Galicia como no resto do Estado é positiva, chegando na actualidade (ano 2018) a cotas de máis do 95% en Galicia e de case o 93% no conxunto de España. Deste xeito, é posible afirmar que o acceso e uso de internet (nos últimos 3 meses) por parte de nenos/as de entre 10 e 15 anos é universal.

Ademais, a utilización de ordenadores segue o mesmo patrón, acadando no ano 2018 cifras para Galicia de máis do 94% e no conxunto de España de máis do 91%, o que supón que o ordenador é un equipamento utilizado tamén de xeito universal polos nenos e nenas de entre 10 e 15 anos.

Con respecto ó uso do teléfono móbil, a dinámica é diferente xa que, se ben a evolución dende o 2006 é á alza, obsérvase un teito no ano 2013 cunha porcentaxe de nenos/as galegos que utilizan

---

<sup>33</sup> Entre as prácticas máis perigosas atópanse o *sexting*, ou envío de contidos de tipo sexual (principalmente fotografías ou vídeos) gravados polo propio remitente por medio de teléfonos móbiles (Código penal, art. 197); a *sextorsión* ou forma de explotación sexual na que unha persoa sofre chantaxe cunha imaxe ou vídeo onde realiza actos sexuais; o *ciberbullying* ou uso de medios telemáticos para exercer acoso psicolóxico entre iguais (Código penal, art. 172); ou o *grooming*, prácticas on line de certos adultos para gañar a confianza dun/dunha menor con fins de satisfacción sexual (Código penal, art. 183).

móbil de máis do 72%, para caer ata a actualidade a datos de máis do 66%. Esta evolución é semellante á acontecida no conxunto de España, aínda que a tendencia á alza é máis suave e lineal, situándose nos últimos anos ó redor do 69% de xeito estable.

Con todo, é preciso mencionar que a utilización de internet dáse de xeito complementario entre o ordenador e o móbil (no caso de móbiles intelixentes), polo que é salientable a práctica universalidade do acceso e uso de internet a través dos diferentes dispositivos por parte dos nenos e nenas de entre 10 e 15 anos.

Con respecto ó uso de internet por parte do alumnado español de ensino secundario, e tendo en conta a universalidade previamente mencionada no acceso ó mesmo, este uso salienta en relación ó lecer, onde aplicacións como Whatsapp, o e-mail ou MSN son utilizadas polo 92% dos rapaces españois no ano 2016. Esta cuase-universalidade matízase acontece no relativo ó uso das redes sociais, se ben as porcentaxes son moi elevadas situándose no 83,8%. Ademais, é preciso ter en conta que os datos mencionados refírense ó uso case-diario, reducíndose á práctica irrelevancia a xuventude que os usa con menos frecuencia, segundo ESTUDES (2016).

É salientable a intensidade diaria deste uso das novas tecnoloxías para o lecer xa que, por exemplo, o uso de WhatsApp ou e-mail de 4 horas ou máis ó día chega ó 48,6% do total do estudantado de secundaria, porcentaxe que chega ó 65,9% de engadirille aquelas persoas que o usan entre 2 e 3 horas ó día. No relativo ó uso das redes sociais, as porcentaxes son semellantes, ascendendo ó 69,9% as persoas que as utilizan máis de 2 horas ó día (concretamente o 30,3% úsanas entre 2 e 3 horas, e o 39,6% 4 horas ou máis ó día).

Para Galicia os datos proceden do estudo realizado entre o Valedor do Pobo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a AMTEGA e a USC no 2014 denominado "*Mocidade on line*" que, a través da realización de enquisas a máis de 44 mil adolescentes con idades comprendidas entre os 12 e os 17 anos, ratifícase o uso universal e as intensidades anteriormente mencionadas.

Con todo, salienta o estudo específico dos medios utilizados para a conexión, onde máis do 81% das persoas afirma que o principal medio é o móbil. Neste mesmo sentido, o 90,7% dos enquisados dispoñía de móbil (1 de cada 3 antes dos 11 anos), sendo a idade media de acceso ó primeiro móbil ós 11,1 anos.

En relación ós usos máis frecuentes, salientan os relacionados coa mensaxería instantánea (75,3%), as redes sociais (66,7%), descargar arquivos (55,4%), procura de información para os estudos (52,5%), escoitar música (48,7%) ou ver series e películas (46,1%). Ademais, tamén aparece o uso de internet para apostas on line, se ben en porcentaxes limitadas do 3,3%.

A análise do "*Mocidade on line*" recolle un profundo estudo do risco de dependencia da mocidade con respecto a internet, afirmando que un 14,1% ten un nivel de risco medio/alto, e que un 4% presenta un uso problemático de internet. Neste sentido, dentro deste uso problemático salienta ó longo dos últimos 12 meses (I) o contacto con descoñecidos (o 31,4%); (II) quedar con persoas



coñecidas exclusivamente a través de internet (o 10,7%); (III) sentirse ameazado ou acosado a través de internet (o 8,9%); (IV) realizar prácticas de acoso a través de internet (o 6,8%); (V) a chantaxe a través da difusión de fotos ou vídeos (3,9%); ou (VI) apostar cartos on line.

Neste último sentido, o de realizar xogos con cartos e apostas por internet, e tendo en conta o potencial aditivo tanto do uso de internet como das propias apostas, nos últimos anos estanse a realizar estudos sobre o impacto destas modalidades na xuventude galega na liña da preocupación recollida polo persoal técnico municipal dos departamentos de benestar.

Así, a Universidade de Santiago de Compostela está a traballar nunha fonda análise sobre esta realidade onde, segundo datos preliminares, se pode afirmar que o 25% dos adolescentes galegos xogan a apostas deportivas presencialmente en salóns de xogo, en tanto que un 9% faino on line (Radio Coruña, 2019)<sup>34</sup>.

### **Outros consumos na mocidade. Alcol, cannabis, cocaína e outros.**

Outro dos elementos a ter en conta en relación ás diferentes vulnerabilidades relacionadas coas adicións é o derivado do consumo de alcohol entre a mocidade, así como dos diferentes xeitos de consumilo.

Segundo ESTUDES (2016), no ano 2014 o 74,5% do estudiantado galego de ensino secundario consumira alcohol nos últimos 12 meses, en tanto que un 65,4% o fixera nos últimos 30 días. Estas porcentaxes da importante presenza do alcohol entre a mocidade complementáanse co feito de que o 44,4% do estudiantado galego de secundaria declara terse emborrachado algunha vez na vida, cifra que se reduce ó 37,4% á hora de afirmar que esta borracheira se producira no último ano, e ó 20,9% con respecto ós últimos 30 días.

En relación ós modos de consumo de alcohol, e afondando nas mencionadas borracheiras, é salientable a presenza do fenómeno do *binge drinking* ou consumo en *atración*, modalidade que declara utilizar o 29,6% dos enquisados, en tanto que o botellón é unha modalidade utilizada polo 46,8% dos enquisados no último ano e polo 19,5% no último mes, coincidindo practicamente as cifras relacionadas co feito de facer botellón e co consumo de alcohol (42,4% dos enquisados afirman ter feito botellón e consumido alcohol nos últimos 12 meses).

Ademais, é preciso indicar que a idade media de inicio de consumo de alcol fíxase nos 14,2 anos.

Con respecto ó consumo de cannabis, segundo ESTUDES (2016), estímase que para o 2014 o 29,1% do estudiantado de secundaria español consumiu esta substancia algunha vez na vida, situándose a porcentaxe no 25,4% no caso de consumo nos últimos 12 meses e do 18,6% no caso do consumo nos últimos 30 días. Neste sentido, é preciso indicar que ESTUDES (2016) indica que o 13,8% do

---

<sup>34</sup> Bravo, Isabel (2019, 24 de febreiro). *El Coruñés Opina*. A Coruña, Radio Coruña Cadena Ser. Véxase nova en [https://cadenaser.com/emisora/2019/02/24/radio\\_coruna/1551022484\\_537363.html?fbclid=IwAR1ocpfRvQ1Qj6mZhTBf7VWcNbOck7wagZJ3suJcXtjnr8CxaMWaNqlrgwQ#?ref=rss&format=simple&link=link](https://cadenaser.com/emisora/2019/02/24/radio_coruna/1551022484_537363.html?fbclid=IwAR1ocpfRvQ1Qj6mZhTBf7VWcNbOck7wagZJ3suJcXtjnr8CxaMWaNqlrgwQ#?ref=rss&format=simple&link=link)

estudiantado consumidor de cannabis se clasifica dentro da categoría de consumo problemático. A idade media no inicio do consumo para o conxunto de España sitúase nos 14,8 anos.

En relación ó consumo de cocaína na mocidade, ESTUDES (2016) afirma que o 3,5% do estudiantado español enquisado afirma ter consumido cocaína unha vez na vida, porcentaxe que se reduce ó 2,8% no caso de consumo nos últimos 12 meses e ó 1,8% no caso de consumo nos últimos 30 días. A idade media de inicio do consumo estímase nos 15 anos.

Con respecto a outro tipo de substancias como as anfetaminas, éxtase ou alucinóxenos as porcentaxes de consumo redúcense substancialmente, ficando as porcentaxes de persoas que consumiron anfetaminas ou éxtase algunha vez na vida no 1,2%, en tanto que a de persoas que consumiron alucinóxenos chega ó 1,8%.

Finalmente, os datos referidos ó consumo de heroína redúcense ó 0,6% no caso de persoas que a consumiron algunha vez na vida, se ben as idades de inicio do devandito consumo se sitúan entre os 14 anos no caso da heroína, e os 15,2 anos nos casos das anfetaminas e do éxtase.

### *O fenómeno do sen fogarismo.*

As persoas sen fogar son unha das representacións máis salientables da exclusión económica que vai vencellada ó illamento social e que, froito de unha importante variedade de causas, deriva na perda do fogar de residencia e, con elo, dunha das máis importantes ancoraxes que ten a persoa ó seu contexto social de referencia.

A Consellería de Política Social (2017) define unha persoa sen fogar como:

...aquela que ten 18 anos ou máis, que na semana anterior á da entrevista foi usuaria dalgún centro de asistencia ou de aloxamento e/ou de restauración e durmiu, a lo menos unha vez, nalgún dos seguintes aloxamentos situados en municipios de máis de 20.000 habitantes: albergue, residencia, centro de acollida, centros de acollida a mulleres maltratadas, centros de axuda ao refuxiado, centros para demandantes de asilo, piso facilitado por unha administración pública ou ONG u organismo, espazo público (estación de ferrocarril, de autobuses, metro, aparcamento, descampado), aloxamentos de fortuna (hall dun inmoble, cova, coche). Consellería de Política Social (2017:15).


Dentro desta categoría, a Consellería segue á Enquisa das Persoas sen fogar (EPSH 2012) que cifra nun total de 1.903 ás persoas consideradas sen fogar, o que supón un incremento do 24% con respecto ós anteriores datos do 2005 que cifraban en 1.535 as persoas sen fogar.

Dentro do grupo de persoas en fogar, salienta o elevado número de homes (1.532) en contraposición ás mulleres (371), en tanto que por idades o grupo máis numeroso é o de entre 45 e 64 anos (o 45,4%) seguindo do de persoas con entre 30 e 44 anos (39,8%).

A Consellería de Política Social (2017) permite certa análise da distribución territorial das persoas en fogar a través do estudo realizado sobre a súa presenza nas grandes cidades (Consellería de Política

Social, 2017: 20-30), onde identifica un total de 340 persoas sen fogar residindo nas devanditas grandes cidades atendendo á seguinte distribución.

Gráfico 42. Distribución da poboación sen fogar nas grandes cidades. Galicia. 2017.



Fonte: Consellería de Política Social, 2017.

Así, no 2017 a maior parte das persoas sen fogar localizábanse nas cidades da Coruña e Vigo, cunha importante diferenza con respecto ás restantes cidades, se ben o fenómeno atópase presente en todas elas ratificando a maior presenza de homes (88,5%) ca de mulleres (11,5%).

Ademais, os datos permiten o estudo dos lugares máis utilizados por estas persoas para durmir, salientando dentro deste aspecto o uso de rúas ou prazas (40,8%) seguindo dos caixeiros automáticos (21,6%), as estruturas como pontes ou estacións (12,8%) e de establecementos comerciais (7,2%).

Con respecto á anterior situación residencial previa á situación de sen fogarismo, boa parte das persoas enquisadas afirma que residía na súa propia casa (34,2%), ou en casa de amigos e/ou familiares (24,7%), de tal xeito que se identifica unha autonomía de carácter residencial.

As situacións de sen fogarismo son causadas a raíz da entrada no desemprego nun 44,6% dos casos, razón seguida das relacionadas coa escaseza xeral de recursos económicos (27%), a ruptura afectiva (21,6%), a adición ás drogas (16,2%) ou ó alcol (13,5%); salientando tamén a presenza dunha elevada porcentaxe de persoas sen fogar en situación crónica, xa que o 68% das persoas enquisadas levan máis de tres anos sen fogar.

### 2.3 SÍNTESE DO CONTEXTO SOCIOECONÓMICO, AS DIFERENTES VULNERABILIDADES E O SEU IMPACTO NA COHESIÓN SOCIAL.

Ó longo do presente apartado foron analizados múltiples indicadores relacionados co contexto socioeconómico xeral de Galicia, da provincia e das súas diferentes comarcas e Áreas territoriais de

tal xeito que se pode trazar un panorama global sobre a evolución nos últimos anos, incluso establecendo comparacións a nivel estatal ou europeo.

Neste sentido, tódolos indicadores amosan a presenza dunha evolución con dúas fases diferenciadas. Nunha primeira fase, entre os anos 2007 – 2008 e 2012 – 2013, dáse unha salientable caída de rendas, de postos de traballo e de ingresos persoais e familiares para, a continuación, no período comprendido entre o 2013 – 2014 e a actualidade, iniciar un proceso de suave recuperación que, en diferentes casos leva a superar as cifras iniciais, pero que noutros casos aínda non as recupera.

Estes riscos xerais son compatibles cun incremento sostido do peso das prestacións sociais dentro da renda dispoñible das persoas, así como coa visibilidade estrutural do risco de pobreza e exclusión como fenómeno. Así, vaise conformando un modelo de sociedade que, en termos xerais, é máis dependente das transferencias sociais e que ten no seu interior amplas capas de poboación en risco de exclusión social que, se ben se incrementan e reducen dependendo do ciclo económico, mantéñense nuns niveis cuantitativos moi salientables que as conforman como un problema público de carácter multifactorial pero de elevado impacto local.

Dentro deste contexto no que o incremento da desigualdade é unha realidade e no que a dispoñibilidade de renda tanto a nivel individual como dos fogares se ve limitada, é preciso focalizar a atención na evolución das diferentes Áreas e comarcas xa que a heteroxeneidade territorial é unha característica que incrementa a dificultade da análise e do deseño e implementación de políticas públicas encamiñadas á mellora da cohesión social.

Así, en tanto a evolución das Comarcas e Áreas de carácter urbano amosa unha recuperación (en termos xerais) dos datos previos á crise económica, tamén é posible observar como os Concellos rurais ou Comarcas e Áreas afastadas destas centralidades urbanas manteñen uns datos significativamente menores ós do período previo, incrementándose o *gap* con respecto ós territorios *tractores*.

Esta dinámica xeral lembra á xa mencionada relación de territorios *gañadores* e *perdedores* á que se facía referencia no apartado relacionado coa demografía, identificando a presenza de *centros* e *periferias* como elemento característico da provincia no relacionado coa evolución socioeconómica e co seu impacto en termos de cohesión social.

Neste sentido, é posible observar como, en termos agregados, existe unha cantidade importante de Concellos que contan cunha renda dispoñible bruta por habitante que non acada o 70% da propia dos habitantes do Concello da Coruña, por exemplo.

Ademais, boa parte destes Concellos están a ver como o peso das prestacións sociais sobre a renda dispoñible dos seus habitantes medra ata superar o 40%, o que os fai amplamente dependentes das transferencias públicas; evolucionando tamén á alza de xeito significativo a cantidade de fogares destes territorios que teñen como único ingreso as prestacións públicas.

Esta evolución de carácter socioeconómico, ó ser cruzada coa evolución de carácter demográfico, leva á emerxencia do concepto de *demotanasia* a aplicar ós Concellos e Comarcas cuxas evolucións

cruzadas amosan un panorama de estancamento (no mellor dos casos) do dinamismo local co que isto supón en termos de limitación das capacidades de desenvolvemento de proxectos vitais para a cidadanía e, polo tanto, de inequidade xeral que se reproduce nun ciclo continuo.

Tamén é preciso referirse á presenza, como elemento estrutural do novo contexto socioeconómico xeral, de novas vulnerabilidades sociais. Así, a pobreza enerxética ou a pobreza infantil configúranse como elementos configuradores da sociedade ás cales é preciso dar resposta de xeito integral, pero que deben ser afrontadas polas políticas de benestar dende a prevención, dende o repotenciamento do enfoque comunitario e en coordinación coas redes de actores sociais que veñen traballando no territorio.

Dentro destas novas vulnerabilidades salientan as relacionadas coa mocidade e co uso/adicción a internet e ós xogos de azar/apostas de xeito presencial e on line. Neste sentido, a evolución do uso de internet, a adicción ó mesmo e as súas diferentes derivadas nas que se pode observar dende prácticas de ciberacoso ata a ludomanía, son elementos que forman parte da realidade da mocidade e que deben ser tidas en conta dentro do abano de actuacións das políticas de benestar locais, en coordinación coas diferentes institucións públicas e sociais que traballan coa mocidade, e procurando novos xeitos de acceso á devandita mocidade fuxindo dunha excesiva institucionalidade.

Finalmente, é preciso facer fincapé na complexidade da realidade socioeconómica que caracteriza ós contextos locais e que presenta múltiples derivadas e influencias cruzadas entre os ámbitos demográficos, económicos, culturais, habitacionais, lúdicos, deportivos, educativos, ou relacionados cos servizos de benestar. Esta complexidade só pode ser afrontada dende políticas públicas integrais, interdepartamentais, multinivel e coordinadas que maximicen o rendemento das súas medidas co obxectivo de limitar as diferentes vulnerabilidades e promover un novo dinamismo social na procura do potenciamento de múltiples centralidades territoriais.

### **3. As políticas de benestar locais e as persoas. Os indicadores máis salientables sobre a actividade e os recursos.**

Unha vez analizado o contexto de carácter demográfico e socioeconómico que marca a realidade de Galicia, da provincia da Coruña e, na medida das posibilidades, das diferentes Áreas territoriais, Comarcas e Concellos da mesma, é preciso estudar a actividade despregada polas políticas de benestar nos últimos anos, así como os seus recursos a través de diferentes indicadores oficiais.

Como non podería ser doutro xeito, dentro deste apartado prestaráselle especial atención ó espazo local como xerador de políticas e de servizos de benestar, a pesar do cal non é posible obviar a realidade multinivel que ten a política de benestar. Neste sentido, salienta pola súa especificidade e volume a resposta de proximidade ás necesidades das persoas dependentes e o impacto que esta resposta ten nos servizos locais de benestar.

Deste xeito, o actual apartado non só pretende ser unha fotografía da situación cuantitativa dos departamentos locais de benestar, con especial atención ós dos Concellos de menos de 20.000 habitantes, senón que, en combinación cos anteriores apartados, configúrase como un punto de partida para o establecemento de medidas encamiñadas ó seu fortalecemento co obxectivo de atender a demandas, explícitas ou non explícitas, dunha sociedade cada vez máis complexa.

Neste sentido, ó longo do presente apartado serán analizadas diferentes variables relacionadas tanto co número de entidades focalizadas nas políticas de benestar (de titularidade pública, social e privada), con especial atención á súa territorialización, así como cos equipamentos de benestar operativos na actualidade. Tamén serán obxecto de especial análise o financiamento das entidades públicas e os seus equipos de traballo, ou os programas máis salientables que estas desenvolven, facendo especial fincapé naqueles servizos locais de elevada capilaridade territorial e de salientable impacto en termos de emprego e de atención ás persoas usuarias, como é o caso do Servizo de Axuda no Fogar.

Finalmente, en relación ó SAF, e tendo en conta tanto as dúas modalidades do mesmo como a súa especial importancia sobre todo nos Concellos de menor volume de poboación e de maior avellentamento, prestarase unha especial atención a diferentes elementos tales como poden ser os equipos que o integran, así como a súa forma de provisión ou os custos/hora do servizo.

Deste xeito, considérase que o SAF é, na actualidade, o servizo máis importante que están a prestar os departamentos municipais de benestar, tanto polo volume orzamentario e de recursos humanos que están a requirir, como polas potencialidades que este ten dende numerosos puntos de vista,

polo cal é preciso afondar no seu estudo para, dende un punto de vista integral, maximizar os seus efectos e as súas posibilidades tanto dende o punto de vista dos coidados, como dende o punto de vista do fomento da ocupación de proximidade e de calidade no eido do benestar.

De xeito complementario, considérase de relevancia rematar este apartado facendo referencia ás persoas con problemas de autonomía, ós coidados, ós servizos e ás persoas coidadoras, xa que este é un dos principais obxectivos das políticas de benestar.

### **3.1 AS ENTIDADES E OS EQUIPAMENTOS DE BENESTAR NA CORUÑA.**

O conxunto de servizos e prestacións que conforman o sistema de servizos sociais necesita contar coas infraestruturas e equipamentos suficientes que permitan unha axeitada prestación dos mesmos, así como un desenvolvemento que responda tanto á realidade da poboación como ás necesidades dos cidadáns de cada territorio.

Neste sentido, e como primeiro paso, é necesario coñecer a rede de actores, tanto de titularidade pública como privada, que integran na provincia o sistema de servizos sociais, así como identificar e ter unha imaxe clara dos centros e equipamentos que, no eido do benestar social, actúan e traballan no territorio.

#### **3.1.1 As Entidades de Servizos Sociais na provincia<sup>35</sup>.**

As entidades que prestan servizos no eido dos servizos sociais na provincia da Coruña son un total de 852, das cales 108 son públicas, 357 son iniciativas de carácter social e 387 son privadas.

Dentro destas categorías, é posible desagregar, xa que nas entidades públicas débese salienta a presenza de 94 entidades locais (a totalidade dos Concellos da provincia ós que se lles engade a Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ordes), as entidades autonómicas como pode ser o SERGAS e a propia Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña, así como outras entidades como poden ser as Universidades, o Consorcio das Mariñas, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, a Axencia Galega de Servizos Sociais, a Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas ou xa, dende outro punto de vista, entidades como o IMSERSO, o Ministerio de Defensa, a Delegación Provincial do Ministerio de Economía e Facenda, o Consello da Avogacía Galega ou o Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia.

En relación coas entidades sociais, salienta, por exemplo, a presenza de 255 asociacións, 25 entidades de carácter relixioso, 16 federacións de entidades, 51 fundacións ou dos sindicatos CC.OO e U.X.T Galicia. Entre as súas principais actividades, salienta a existencia de 35 adicadas ós traballos

---

<sup>35</sup> Neste apartado recóllense as entidades que están rexistradas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, na provincia da Coruña, ata o 30/06/2018.

coa comunidade, 63 que traballan en relación ás persoas con discapacidade, 40 que traballan na inclusión social, ou 37 que traballan en relación coas persoas maiores.

Con respecto ás entidades privadas, débese mencionar a presenza de 140 iniciativas de carácter individual que prestan servizos de benestar, así como 247 sociedades. Entre as súas principais actividades, salienta un total de 78 que se adican ó traballo coas persoas maiores, 66 que se adican ó traballo coas persoas dependentes, 134 que se adican ó traballo coa infancia, así como 24 adicadas ó traballo con persoas con discapacidade.

Un aspecto de relevancia á hora de estudar ás entidades sociais e privadas é a súa implantación territorial, sobre todo no que se refire ós Concellos menores de 20.000 habitantes, de tal xeito que se poidan establecer cooperación efectivas entre as administracións locais e as devanditas entidades en diferentes eidos de actuación. Neste sentido, o total de entidades non públicas localizadas nos Concellos menores de 20.000 habitantes na provincia ascende a un total de 184 , supoñendo isto o 24,7% do total das entidades non públicas rexistradas con actividade na provincia.

Así, as entidades privadas e sociais concéntranse, non xa nos Concellos de máis de 20.000 habitantes, senón nas grandes cidades, o cal supón que na maior parte do territorio a presenza de entidades privadas e sociais sexa limitada e, polo tanto, as oportunidades para xerar complementariedades e cooperación coas administracións locais, tamén sexan limitadas en termos xerais, co que isto comporta para os colectivos cos que estas entidades están a traballar con maior intensidade.

Para ilustrar esta territorialización, a continuación amósase o detalle da implantación das entidades privadas e sociais por Comarcas, e o peso sobre o total das entidades non públicas da provincia.

Táboa 29. Entidades sociais e privadas por Comarcas e peso sobre o total. 2018.

Comarca	Entidades sociais	Entidades privadas	Total entidades non públicas	Porcentaxe sobre total de entidades non públicas da provincia
A Barcala	2	2	4	0,54%
A Coruña	125	141	266	35,75%
Arzúa	3	4	7	0,94%
Barbanza	14	18	32	4,30%
Bergantiños	11	18	29	3,90%
Betanzos	6	9	15	2,02%
Eume	8	10	18	2,42%
Ferrol	53	47	100	13,44%
Fisterra	3	0	3	0,40%
Muros	1	2	3	0,40%
Noia	9	7	16	2,15%
O Sar	4	5	9	1,21%
Ordes	3	13	16	2,15%
Ortegal	4	0	4	0,54%
Santiago	96	81	177	23,79%
Terra de Melide	1	3	4	0,54%



Comarca	Entidades sociais	Entidades privadas	Total entidades non públicas	Porcentaxe sobre total de entidades non públicas da provincia
Terra de Soneira	2	3	5	0,67%
Xallas	2	0	2	0,27%

Fonte: Elaboración propia a partir de RUEPSS


Como se pode comprobar, as comarcas metropolitanas agrupan o 73% das entidades sociais e privadas adicadas ó benestar, de tal xeito que se pode observar unha forte centralización da localización das mesmas, contemplándose varias comarcas que non acadan o 1% do total provincial das entidades non públicas, o cal nun contexto onde as entidades sociais (sobre todo) son as principais prestadoras de servizos para colectivos determinados (discapacidade, por exemplo) a centralización introduce un elemento de inequidade territorial que é preciso ter en conta á hora de deseñar servizos de benestar para a cidadanía.

### 3.1.2 Os Centros de Servizos Sociais<sup>36</sup>.

Na provincia da Coruña hai un total de 605 centros de servizos sociais que contan con 29.637 prazas para os seus diferentes tipos de persoas usuarias.

Analizando estes equipamentos en función da súa área de actuación<sup>37</sup> é posible obter a seguinte distribución sobre o universo dos 605 centros mencionada.

Gráfico 43. Distribución dos centros de servizos sociais por área de actuación. Provincia da Coruña. 2018.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

Como se pode comprobar, dúas son as grandes áreas que engloban a maior parte dos equipamentos de servizos sociais. Por unha parte, a área de infancia, que engloba ás escolas infantís e ós PAI, e que

<sup>36</sup> Neste apartado recóllense os centros que están rexistrados no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, na provincia ata o 30/06/2018.

<sup>37</sup> Análise por áreas de actuación realizada atendendo á clasificación propia do RUEPSS. Con respecto ós equipamentos nos que non figura área de actuación, esta atribúese tendo en conta o seu tipo de usuario principal. Con respecto á área de actuación "Comunidade", procédese á distribución destes equipamentos na área de "Maiores" debido á especialización dos mesmos.

suma 245 equipamentos, o que supón o 41% do total. Por outra banda, atópanse os centros adicados ás persoas con dependencia, que engloban equipamentos como centros de día, centros residenciais ou vivendas tuteladas, que suman 135 centros e supoñen o 22% do total. Tamén son relevantes os equipamentos destinados ó traballo con persoas con discapacidade que, dende diferentes perspectivas asistenciais, suman 103 centros e supoñen o 17% do total.

De xeito máis limitado en relación ós grupos comentados, é preciso mencionar a existencia de 68 centros adicados ás persoas maiores (o que supón o 11% do total), entre os que salientan tanto centros residenciais para persoas non dependentes, como centros de lecer como poden ser os centros sociais; 30 centros adicados á inclusión social de diferentes tipoloxías, incluíndo albergues, centros de inclusión ou centros de acollida básica; 21 equipamentos destinados ó traballo con menores, de carácter residencial, centros de día ou vivendas tuteladas; e finalmente 3 centros adicados ás familias que se corresponden cos Puntos de Encontro Familiar localizados na Coruña, Ferrol e Santiago de Compostela.

Na liña do realizado con anterioridade, é preciso estudar a capilarización no territorio da dotación de equipamentos contabilizada, de xeito que sexa posible estudar a nivel comarcal a presenza de centros en función das áreas de actuación máis salientables.

Táboa 30. Distribución por comarcas dos centros de servizos sociais por área de actuación. 2018.

Comarca	Áreas de actuación							Total Centros
	Infancia	Dependen- cia	Maiores	Menores	Inclusión	Discapaci- dade	Familia	
<b>A Barcala</b>	2		2			2		<b>6</b>
<b>A Coruña</b>	82	52	16	9	15	25	1	<b>200</b>
<b>Arzúa</b>	4	3	4			2		<b>13</b>
<b>Barbanza</b>	12	5	2	1		9		<b>29</b>
<b>Bergantiños</b>	12	9	2	1		7		<b>31</b>
<b>Betanzos</b>	7	6	3	1		8		<b>25</b>
<b>Eume</b>	3	3	5			2		<b>13</b>
<b>Ferrol</b>	35	18	10	3	9	16	1	<b>92</b>
<b>Fisterra</b>	4	1	2	1		4		<b>12</b>
<b>Muros</b>	3	1	1					<b>5</b>
<b>Noia</b>	7	2	7			5		<b>21</b>
<b>O Sar</b>	3	3	1			1		<b>8</b>
<b>Ordes</b>	9	6	1					<b>16</b>
<b>Ortegal</b>	3	2	1	1		2		<b>9</b>
<b>Santiago</b>	51	20	6	4	6	20	1	<b>108</b>
<b>Terra de Melide</b>	3	2	3					<b>8</b>
<b>Terra de Soneira</b>	3	2	1					<b>6</b>
<b>Xallas</b>	2		1					<b>3</b>
<b>Total</b>	<b>245</b>	<b>135</b>	<b>68</b>	<b>21</b>	<b>30</b>	<b>103</b>	<b>3</b>	<b>605</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

A capilarización territorial dos equipamentos de servizos sociais atópase encabezada polos centros adicados á infancia (nomeadamente escolas infantís e PAI), que se atopan presentes en tódalas Comarcas. Esta situación tamén se dá nos equipamentos para as persoas maiores. Nun segundo lugar, atópanse os equipamentos adicados ó traballo coas persoas dependentes, que se atopan presentes en tódalas Comarcas coa excepción do Xallas e da Barcala.


Con respecto ós equipamentos para as persoas con discapacidade, a súa implantación territorial é máis limitada xa que son un total de 5 as Comarcas que non contan con estes centros (Muros, Ordes, Terra de Melide, Terra de Soneira e Xallas), o que comporta un especial esforzo en termos de transporte adaptado. Esta situación tamén se dá no relativo ós centros de menores, ausentes en 10 Comarcas (A Barcala, Arzúa, Eume, Muros, Noia, O Sar, Ordes, Terra de Melide, Terra de Soneira e Xallas).

Finalmente, os equipamentos de menor implantación territorial son os referidos á inclusión e ás familias, só presentes nas Comarcas de carácter metropolitano.

Neste sentido, é preciso salientar que, en tanto a implantación territorial de equipamentos adicados ó traballo coa infancia ou coas persoas dependentes, por exemplo, é importante, noutras áreas como pode ser a de traballos coas persoas con discapacidade, menores ou familia, esta implantación é máis limitada, o que comporta situacións de inequidade de carácter territorial a xestionar a través de servizos complementarios, como pode ser o transporte, ou a necesidade de establecer un proceso de reequilibrio territorial dos devanditos equipamentos para mellorar a súa capilarización.

Ademais, para completar esta análise, é preciso estudar o número de prazas oficialmente operativas por área de actuación e por tipo de equipamento, sobre unha cifra total de prazas nos diferentes centros da provincia de 29.637. Esta cifra pódese desagregar atendendo ás áreas de actuación do seguinte xeito:

Gráfico 44. Distribución do número de prazas dos centros de servizos sociais por área de actuación. Provincia da Coruña. 2018.




Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

A distribución das prazas por áreas amosa a importancia cuantitativa dos centros adicados á infancia (48% das prazas) e á dependencia (28%), seguidos a unha distancia importante das prazas adicadas ó

traballo con persoas con discapacidade (13%), ás persoas maiores (5%), á inclusión (4%) e ós menores (2%).

A análise dos equipamentos de benestar debe ir alén da súa distribución por áreas de actuación, sendo posible o estudo dos diferentes tipos de centros e número de prazas ofertadas englobados dentro das devanditas áreas de actuación que, neste caso, se aplicará ós equipamentos das áreas de infancia, dependencia, maiores e discapacidade, por seren as de maior volume e maior implantación no territorio.

Gráfico 45. Prazas dos diferentes equipamentos de servizos sociais das áreas de actuación máis relevantes. Provincia da Coruña. 2018.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

O estudo dos diferentes equipamentos para a atención á primeira infancia na provincia amosan a existencia de 224 escolas infantís, 14 Puntos de Atención á Infancia, 5 ludotecas e 2 espazos infantís. A distribución das prazas por cada tipo de equipamento supón que o 96% do total correspóndense ás escolas infantís (un total de 13.688 prazas), seguidas dos PAI (180 prazas), das ludotecas (180 prazas) e, finalmente, dos espazos infantís (88 prazas).

Con respecto ós equipamentos para a atención ás persoas dependentes, na actualidade atópanse operativos na provincia un total de 74 centros de día, 58 centros residenciais e 3 vivendas/pisos tutelados. A distribución de prazas por cada tipo de equipamento supón que o 62% das prazas se corresponde cos centros residenciais (5.185 prazas), o 38% das prazas son de atención non residencial de proximidade (3.137 prazas) e as vivendas ou pisos tutelados contan con 36 prazas.

En relación ós equipamentos para persoas maiores, atópanse operativos un total de 5 centros de día, 15 centros residenciais e 16 vivendas/ pisos tutelados. A distribución de prazas supón que o 76% das mesmas (1.197 prazas) se corresponde cos centros residenciais, ás vivendas/pisos tutelados correspóndenlles o 14% (213 prazas), en tanto que ós centros de día lles corresponde o 10% das prazas, cun total de 159.

Finalmente, con respecto ós centros para o traballo con persoas con discapacidade, atópanse operativos un total de 37 centros ocupacionais, que ofertan 1.560 prazas (o 41% do total), 29 centros de día con 1.294 prazas (o 34% do total), 19 centros residenciais con 851 prazas (o 22% do total) e 18 vivendas / pisos tutelados con 135 prazas (o 4% do total).

Aterrando esta distribución á realidade comarcal, obsérvanse salientables diferenzas entre territorios.

Táboa 31. Distribución por comarcas dos equipamentos de atención á primeira infancia. 2018.

Comarca	Área de actuación - Infancia								Total prazas
	Escolas Infantís		Ludotecas		Espazos infantís		PAI		
	Nº de centros	Prazas	Nº de centros	Prazas	Nº de centros	Prazas	Nº de centros	Prazas	
<b>A Barcala</b>	1	71					1	20	<b>91</b>
<b>A Coruña</b>	81	5.734			1	56			<b>5.790</b>
<b>Arzúa</b>	2	82					2	40	<b>122</b>
<b>Barbanza</b>	10	578	2	80					<b>658</b>
<b>Bergantiños</b>	12	726							<b>726</b>
<b>Betanzos</b>	6	364					1	20	<b>384</b>
<b>Eume</b>	2	132					1	20	<b>152</b>
<b>Ferrol</b>	32	1.812	1	40	1	32	1	20	<b>1.904</b>
<b>Fisterra</b>	3	113					1	20	<b>133</b>
<b>Muros</b>	3	123							<b>123</b>
<b>Noia</b>	5	187					2	40	<b>227</b>
<b>O Sar</b>	3	149							<b>149</b>
<b>Ordes</b>	7	300					2	40	<b>340</b>
<b>Ortegal</b>	1	41					2	40	<b>81</b>
<b>Santiago</b>	49	2.895	2	60					<b>2.955</b>
<b>Terra de Melide</b>	2	147					1	20	<b>167</b>
<b>Terra de Soneira</b>	3	132							<b>132</b>
<b>Xallas</b>	2	102							<b>102</b>
<b>Total</b>	<b>224</b>	<b>13.688</b>	<b>5</b>	<b>180</b>	<b>2</b>	<b>88</b>	<b>14</b>	<b>280</b>	<b>14.236</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

Como se pode comprobar, e se menciona con anterioridade, os equipamentos da área de atención á primeira infancia atópanse en tódalas Comarcas da provincia, salientando polo seu volume o número de escolas infantís e as máis de 13.000 prazas de diferente titularidade que estas supoñen. Ademais, as escolas infantís vense complementadas nos Concellos de menor tamaño polos Puntos de Atención á Infancia.

Neste sentido, a oferta de centros e prazas segue a distribución da poboación, situándose esta maior oferta nas Comarcas de carácter metropolitano, en tanto que nas de menor poboación a oferta redúcese, chegando á verificación da existencia de Comarcas nas que non tódolos Concellos contan con equipamentos de atención á primeira infancia, como pode ser por exemplo Ortegal.

Finalmente, as ludotecas e os espazos infantís localízanse maiormente nas Comarcas urbanas, entre as que se pode situar a Barbanza.

Táboa 32. Distribución por comarcas dos equipamentos de atención á dependencia. 2018.

Comarca	Área de actuación - Dependencia						Total prazas
	Centros de día		Residencias		Vivendas/pisos tutelados		
	Nº de centros	Prazas	Nº de centros	Prazas	Nº de centros	Prazas	
<b>A Barcala</b>							<b>0</b>
<b>A Coruña</b>	32	1.399	18	1.933	2	24	<b>3.356</b>
<b>Arzúa</b>			3	170			<b>170</b>
<b>Barbanza</b>	3	120	2	128			<b>248</b>
<b>Bergantiños</b>	5	194	4	209			<b>403</b>
<b>Betanzos</b>	3	154	3	301			<b>455</b>
<b>Eume</b>	1	30	2	228			<b>258</b>
<b>Ferrol</b>	11	492	6	562	1	12	<b>1.066</b>
<b>Fisterra</b>			1	15			<b>15</b>
<b>Muros</b>	1	45					<b>45</b>
<b>Noia</b>	1	60	1	151			<b>211</b>
<b>O Sar</b>	3	115					<b>115</b>
<b>Ordes</b>	3	92	3	95			<b>187</b>
<b>Ortegal</b>	1	10	1	50			<b>60</b>
<b>Santiago</b>	8	327	12	1.141			<b>1.468</b>
<b>Terra de Melide</b>	1	39	1	52			<b>91</b>
<b>Terra de Soneira</b>	1	60	1	150			<b>210</b>
<b>Xallas</b>							<b>0</b>
<b>Total</b>	<b>74</b>	<b>3.137</b>	<b>58</b>	<b>5.185</b>	<b>3</b>	<b>36</b>	<b>8.358</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

Dentro do abano de equipamentos relacionados coa atención á dependencia, salientan os centros de día, como equipamento non residencial de proximidade e, dende unha óptica de carácter residencial, os centros residenciais e as vivendas ou pisos tutelados, todos eles utilizados para dar servizos dentro da lei da dependencia a persoas usuarias coa correspondente valoración.

Como se pode comprobar, alén das Comarcas urbanas que agrupan a maior parte dos equipamentos e das prazas, salienta a existencia de Comarcas que non contan con equipamentos de proximidade non residenciais (Xallas, Arzúa ou A Barcala, por exemplo), así como con outro tipo de equipamentos para a atención á dependencia.

En relación ós centros residenciais, tamén se verifica a existencia de Comarcas sen oferta de prazas (caso de Xallas, O Sar, Muros ou A Barcala), o cal, conxuntamente coa limitada presenza de centros

de día xa mencionada e co salientable avellentamento da poboación nestes territorios, pode xerar tensións en termos de demanda non satisfeita.

Táboa 33. Distribución por comarcas dos equipamentos de atención ás persoas maiores. 2018.

Comarca	Área de actuación - Persoas Maiores								
	Centros de día		Residencias		Vivendas/pisos tutelados		Centros Sociais	Fogares e Clubes	Total prazas
	Nº de centros	Prazas	Nº de centros	Prazas	Nº de centros	Prazas	Nº de centros	Nº de centros	
A Barcala	1	19	1	24					43
A Coruña			6	516	5	59	3	2	575
Arzúa	1	30	1	29	1	34	1		93
Barbanza			1	48			1		48
Bergantiños			1	26			1		26
Betanzos					1	12		2	12
Eume			2	154	1	12	1	1	166
Ferrol			2	316	2	24	4	2	340
Fisterra							2		0
Muros							1		0
Noia	3	110			2	24	1	1	134
O Sar							1		0
Ordes							1		0
Ortegal							1		0
Santiago			1	84	1	12	2	2	96
Terra de Melide					2	24	1		24
Terra de Soneira					1	12			12
Xallas							1		0
<b>Total</b>	<b>5</b>	<b>159</b>	<b>15</b>	<b>1.197</b>	<b>16</b>	<b>213</b>	<b>22</b>	<b>10</b>	<b>1.569</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

Con respecto ós equipamentos para a atención ás persoas maiores, dentro desta área de actuación inclúense diferentes equipamentos especificamente deseñados para a atención á Comunidade segundo indica o RUEPSS, pero cuxos principais usuarios/as son as persoas maiores, tamén segundo indicacións do propio RUEPSS. Ademais, dentro desta área de actuación tamén se inclúen diferentes centros de día para a atención ás persoas maiores de titularidade municipal, que non se atopan restrinxidos para as persoas valoradas como dependentes, como así era o caso da anterior categoría de centros de día. Este tamén é o caso dos centros de carácter residencial.

Neste sentido, os equipamentos para a atención ás persoas maiores pódense dividir en dous tipos de grupos. Por unha banda, os de carácter comunitario composto polos Centros Sociais e polos Fogares e Clubes, presentes en case tódalas Comarcas coa excepción da Barcala e de Terra de Soneira. Por outra banda, os equipamentos de carácter asistencial que, tanto de carácter residencial como non residencial, están deseñados para a atención ás persoas maiores. Dentro deste grupo, salienta a existencia de Comarcas sen oferta, como pode ser Fisterra, Muros, O Sar, Ordes, Ortegal, Terra de

Melide, Terra de Soneira ou Xallas que, como xa se mencionou con anterioridade, son territorios de elevado avellentamento.

Táboa 34. Distribución por comarcas dos equipamentos de atención ás persoas con discapacidade. 2018.

Comarca	Área de actuación - Discapacidade								Total prazas
	Centros de día		Residencias		Vivendas/pisos tutelados		Centros Ocupacionais		
	Nº de centros	Prazas	Nº de centros	Prazas	Nº de centros	Prazas	Nº de centros	Prazas	
A Barcala							2	36	36
A Coruña	7	372	7	334	3	23	8	331	1.060
Arzúa	1	19					1	23	42
Barbanza	3	190	1	33	1	5	4	177	405
Bergantiños	3	80	1	17			3	135	232
Betanzos	1	127	2	130	4	48	1	177	482
Eume	1	38	1	35					73
Ferrol	4	272	5	248	2	8	5	296	824
Fisterra	1	15	1	19	1	7	1	65	106
Muros									0
Noia	2	40					3	80	120
O Sar							1	24	24
Ordes									0
Ortegal	1	21					1	40	61
Santiago	5	120	1	35	7	44	7	176	375
Terra de Melide									0
Terra de Soneira									0
Xallas									0
<b>Total</b>	<b>29</b>	<b>1.294</b>	<b>19</b>	<b>851</b>	<b>18</b>	<b>135</b>	<b>37</b>	<b>1.560</b>	<b>3.840</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

Finalmente, con respecto ós equipamentos para a atención ás persoas con discapacidade, é posible diferenciar entre os equipamentos non residenciais de proximidade (centros de día), os equipamentos de carácter residencial (residencias e vivendas tuteladas), e os equipamentos encamiñados á inserción sociolaboral das persoas usuarias.

Con respecto ós equipamentos non residenciais de proximidade, ó igual có acontecido con respecto ás áreas de atención á dependencia e ás persoas maiores, verifícase a existencia de Comarcas sen oferta deste tipo de centros, como son as de A Barcala, Muros, O Sar, Ordes, Terra de Melide, Terra de Soneira e Xallas. Ademais, estas Comarcas tampouco contan con oferta de centros de carácter residencial, de tal xeito que o colectivo residente nestes territorios non conta con centros específicos para a resposta ás súas necesidades.

No relativo ós centros ocupacionais, a súa expansión no territorio é maior, a pesar de que tamén se verifica que no Eume, Muros, Ordes, Terra de Melide, Terra de Soneira e Xallas non existe a oferta destes equipamentos. Este elemento, conxuntamente co xa mencionado con anterioridade, supón



que as persoas con discapacidade residentes nestes territorios non teñan oferta nin de carácter asistencial nin relacionada coa inserción sociolaboral.

A análise da oferta de equipamentos de carácter non residencial e residencial para a atención ás persoas maiores e dependentes é posible ampliála a través do estudo dos índices de cobertura definidas no “*Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial*” para a determinación das ratios de cobertura así como para as prazas obxectivo dos diferentes equipamentos sociais, co obxectivo de poder establecer unha comparativa e describir a situación actual dos equipamentos de servizos sociais.

Así, o Mapa galego de servizos sociais é, segundo o artigo 44.2 da Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia, o instrumento de planificación encargado tanto da definición das áreas sociais de Galicia como dos criterios de dotación de centros e servizos sociais no territorio

Se ben o Mapa galego de servizos sociais non está publicado nos termos que recolle a Lei 13/2008, no ano 2008 a Xunta de Galicia publica o “*Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial*”. Esta publicación contén tanto o inventario dos recursos sociais de Galicia, para identificar os recursos existentes no territorio no eido dos servizos sociais, como os criterios para a dotación de centros e servizos sociais, definindo, para determinados equipamentos, as ratios de cobertura obxectivo a lograr nos vindeiros anos para os diferentes territorios.

Neste sentido, analizaranse especificamente os índices de cobertura para as prazas de carácter residencial e para as prazas de carácter non residencial para a atención ás persoas maiores de 65 anos, seguindo a metodoloxía do “*Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial*”. Deste xeito, tomando como referencia a ratio de cobertura obxectivo do 5% para as prazas de carácter residencial e do 2% para as de carácter non residencial, a continuación amósanse as necesidades de prazas de xeito territorializado.

Táboa 35. Análise da oferta, índice de cobertura e necesidade de prazas para acadar a ratio do Mapa Galego por Comarcas. 2018.

Comarca	Centros Residenciais				Centros de día			
	Oferta actual		Cobertura		Oferta actual		Cobertura	
	Nº de centros	Prazas	Índice actual	Prazas para acadar o 5%	Nº de centros	Prazas	Índice actual	Prazas para acadar o 2%
<b>A Barcala</b>	1	24	0,77	-132	1	19	0,61	-44
<b>A Coruña</b>	31	2.532	2,83	-1.943	32	1.399	1,56	-391
<b>Arzúa</b>	5	233	4,62	-19	1	30	0,6	-71
<b>Barbanza</b>	3	176	1,21	-551	3	120	0,82	-171
<b>Bergantiños</b>	5	235	1,3	-672	5	194	1,07	-169
<b>Betanzos</b>	4	313	2,87	-231	3	154	1,41	-64
<b>Eume</b>	5	394	6	65	1	30	0,46	-101
<b>Ferrol</b>	11	914	2,27	-1.102	10	470	1,17	-336

Comarca	Centros Residenciais				Centros de día			
	Oferta actual		Cobertura		Oferta actual		Cobertura	
	Nº de centros	Prazas	Índice actual	Prazas para acadar o 5%	Nº de centros	Prazas	Índice actual	Prazas para acadar o 2%
<b>Fisterra</b>	1	15	0,25	-285	0	0	0	-120
<b>Muros</b>	0	0	0	-211	1	45	1,06	-39
<b>Noia</b>	3	175	1,88	-291	4	170	1,83	-16
<b>O Sar</b>	0	0	0	-208	3	115	2,77	32
<b>Ordes</b>	3	95	1	-385	3	92	0,96	-100
<b>Ortegal</b>	1	50	1,13	-170	1	10	0,22	-78
<b>Santiago</b>	13	1.237	3,73	-421	8	327	0,99	-336
<b>Terra de Melide</b>	3	76	2	-112	0	0	0	-77
<b>Terra de Soneira</b>	2	162	2,98	-110	2	120	2,21	11
<b>Xallas</b>	0	0	0	-215	0	0	0	-86
<b>Total</b>	<b>91</b>	<b>6.631</b>	<b>2,43</b>	<b>-6.993</b>	<b>78</b>	<b>3.295</b>	<b>1,21</b>	<b>-2.156</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS e metodoloxía do Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais.

Como se pode comprobar, a táboa atópase especificamente construída para a análise e planificación da dotación de equipamentos adicados ós coidados das persoas maiores, tanto de carácter residencial (centros residenciais) como de carácter non residencial de proximidade (centros de día). Neste sentido, é preciso salientar que en termos agregados a provincia non está a cubrir os índices obxectivo de referencia para ámbolos dous tipos de equipamentos, debendo mencionar a presenza de déficits de prazas que ascenden, no caso das de carácter residencial, a 6.993 prazas, en tanto que para as de carácter non residencial, ascenden a 2.156. Estes déficits proceden duns índices de cobertura que, a nivel provincial, supoñen o 2,43 para as prazas de carácter residencial (sobre o 5% da poboación maior de 65 anos), e para as prazas non residenciais supoñen o 1,21 sobre o 2% da ratio de cobertura obxectivo.

Desagregando a información a nivel comarcal para as prazas de carácter residencial, é preciso mencionar que só a Comarca do Eume supera a ratio recomendada do 5% ó contar co 6%, en tanto que Arzúa sitúase preto da mesma ó contar co 4,62%. Dentro desta categoría é salientable a situación de comarcas como Muros, O Sar e Xallas que non contan con prazas residenciais, ademais de mencionar a situación de Comarcas como A Barcala ou Fisterra que se sitúan por baixo do 1%, índice este que acada a Comarca de Ordes.

En relación ás prazas de carácter non residencial, só as Comarcas de Terra de Soneira e O Sar superan a ratio recomendada do 2%, salientando tamén a situación de Comarcas como Fisterra, Terra de Melide ou Xallas onde non hai oferta, en tanto que na Barcala, Arzúa, Barbanza, Eume, Ordes, Ortegal ou Santiago esta oferta non acada o 1%. Con todo, é preciso mencionar a existencia de certas diverxencias entre o dato oficial do RUEPSS de prazas autorizadas dos diferentes centros de día e a información transmitida dende os departamentos locais de benestar en relación á operatividade efectiva destas prazas. Así, esta diverxencia afecta, por exemplo, a infraestruturas situadas en

Comarcas como Terra de Soneira ou Muros, de tal xeito que se matizaría á baixa o índice de prazas efectivamente en servizo a disposición das persoas usuarias.

O panorama global da oferta de prazas de equipamentos adicados ós coidados das persoas maiores e dependentes amosa unha infradotación xeral, que afecta tanto ás Comarcas de carácter urbano como as de carácter rural, pero é preciso ter en conta o elemento da inexistencia de oferta en diferentes comarcas rurais, en tanto que nas comarcas urbanas a situación é limitación da oferta en relación á posible demanda.

Esta situación é semellante á da oferta de prazas de carácter residencial, debendo engadir que un dos elementos centrais para a dotación das mesmas é o concepto de proximidade e, polo tanto, a axeitada distancia entre os equipamentos e a residencia das persoas usuarias.

A análise da oferta e dos índices de cobertura dos centros (residenciais e non residenciais) para a atención ás persoas maiores é posible ampliala ós centros de atención á primeira infancia (escolas infantís e Puntos de Atención á Infancia), para o cal se atende ó obxectivo do 33% da taxa de escolarización para nenas e nenos menores de 3 anos definido no Cumio de Barcelona da Unión Europea para o ano 2010. É dicir, estudárase a existencia de oferta de prazas no territorio para a cobertura deste índice obxectivo central tanto para as medidas de conciliación da vida familiar e laboral, como para as políticas de benestar dende a óptica dos coidados.

Táboa 36. Análise da oferta, índice de cobertura e necesidade de prazas para acadar a ratio do Cumio de Barcelona do 2010. 2018.

Comarca	Centros de atención á primeira infancia			
	Oferta actual		Cobertura	
	Nº de centros	Prazas	Índice actual	Prazas para acadar o 33%
<b>A Barcala</b>	2	91	32,6%	1
<b>A Coruña</b>	81	5.734	44,5%	-
<b>Arzúa</b>	4	122	31,1%	8
<b>Barbanza</b>	10	578	28,4%	94
<b>Bergantiños</b>	12	726	39,8%	-
<b>Betanzos</b>	7	384	37,7%	-
<b>Eume</b>	3	152	24,5%	53
<b>Ferrol</b>	33	1.832	44,4%	-
<b>Fisterra</b>	4	133	26,4%	33
<b>Muros</b>	3	123	51,3%	-
<b>Noia</b>	7	227	25,8%	63
<b>O Sar</b>	3	149	33,4%	-
<b>Ordes</b>	9	340	31,7%	14
<b>Ortegal</b>	3	81	40,1%	-
<b>Santiago</b>	49	2.895	47,6%	-
<b>Terra de Melide</b>	3	147	48,4%	-
<b>Terra de Soneira</b>	3	132	35,5%	-
<b>Xallas</b>	2	102	35,5%	-

Comarca	Centros de atención á primeira infancia			
	Oferta actual		Cobertura	
	Nº de centros	Prazas	Índice actual	Prazas para acadar o 33%
<b>Total</b>	<b>238</b>	<b>13.899</b>	<b>41,4%</b>	<b>-266</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS

Como se pode comprobar, a oferta de centros e prazas para os servizos de atención á primeira infancia amosa, en termos agregados, unha ratio superior á do obxectivo fixado para o ano 2010, salientando a existencia en numerosas Comarcas de ratios de cobertura superiores ó 40%.

Con todo, é preciso ter en conta a existencia de Comarcas onde non se está a chegar á ratio, como son os casos da Barbanza, Noia, Eume, Ordes e Fisterra, así como o caso da Barcala aínda que con carácter máis limitado. Neste sentido, o número total de prazas de atención á primeira infancia necesario nestas Comarcas para acadar a ratio é de 266, se ben dentro desta análise non son introducidos equipamentos de carácter intermedio como poden ser as Casas Niño ou, no caso das persoas maiores, as Casas do Maior, que nestes últimos anos están a ser obxecto de especial atención por parte da Xunta de Galicia co obxectivo de capilarizar a prestación de servizos de benestar no territorio.

### 3.2 OS DEPARTAMENTOS MUNICIPAIS DE BENESTAR E O PAPEL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

#### 3.2.1 O financiamento dos Servizos Sociais.

Os orzamentos municipais xuntos coas achegas realizadas polas Deputacións provinciais e a administración autonómica son as principais fontes de financiamento dos servizos sociais comunitarios. Este financiamento é completado cos ingresos xerados en concepto de copagamento que realizan as persoas usuarios dos servizos.

A estrutura por programas dos orzamentos municipais<sup>38</sup> permite determinar o gasto municipal que as entidades locais destinan ós servizos sociais comunitarios. Así, segundo os orzamentos municipais aprobados ou prorrogados para o exercicio 2018, é posible obter a seguinte táboa onde se inclúe tanto o orzamento municipal da anualidade, como o volume da política de gasto 23<sup>39</sup> destinada a “servizos sociais e promoción social”, así como o peso desta sobre o total do orzamento aprobado e o investimento por habitante.

<sup>38</sup> Segundo a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

<sup>39</sup> A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, no anexo I define a política de gasto 23: Servizos sociais e promoción social neste sentido: “Imputaranse a esta política de gasto os levados a cabo pola entidade local para a promoción da igualdade de xénero, promoción e reinserción social de marxinados, así como para a xestión dos servizos sociais; prestación de servizos a persoas dependentes e de asistencia social, residencias de anciáns e outros de natureza análoga. Tamén se incluírán as transferencias finalistas a entidades e familias que colaboren na consecución destes fins. Inclúíranse os gastos correspondentes á Administración Xeral, que corresponderán ás actividades dirixidas á planificación, coordinación, control, organización, xestión administrativa e desenvolvemento de funcións de apoio dos distintos centros directivos que integran a política de gasto.”

Táboa 37. Orzamento municipal dos Concellos da provincia para o exercicio 2018, importe do programa de "Servizos Sociais e promoción social" dos orzamentos municipais, % do programa sobre o orzamento municipal e investimento por habitante.

Comarca	Concello	Orzamento municipal 2018	Política de gasto 23: Servizos Sociais e promoción social	% da Política de gasto 23 sobre o Orzamento	Investimento por habitante
ORTEGAL	CARIÑO	4.495.508,66 €	877.090,71 €	<b>19,51%</b>	219,05 €
	CERDIDO	1.189.347,00 €	223.495,17 €	<b>18,79%</b>	191,02 €
	MAÑÓN	1.900.000,00 €	311.466,54 €	<b>16,39%</b>	223,92 €
	ORTIGUEIRA	6.170.109,01 €	939.669,96 €	<b>15,23%</b>	157,50 €
FERROL	ARES	5.998.612,04 €	833.172,00 €	<b>13,89%</b>	147,26 €
	CEDEIRA	4.811.503,40 €	866.110,00 €	<b>18,00%</b>	125,74 €
	FENE	10.640.855,60 €	1.071.433,52 €	<b>10,07%</b>	81,73 €
	FERROL	69.172.261,29 €	6.160.931,41 €	<b>8,91%</b>	91,18 €
	MOECHE	1.811.225,00 €	116.160,00 €	<b>6,41%</b>	94,44 €
	MUGARDOS	6.194.217,29 €	817.953,87 €	<b>13,21%</b>	154,24 €
	NARON	31.856.848,62 €	3.226.392,85 €	<b>10,13%</b>	82,14 €
	NEDA	4.694.691,34 €	987.027,92 €	<b>21,02%</b>	191,10 €
	SAN SADURNIÑO	2.695.000,00 €	525.790,00 €	<b>19,51%</b>	182,76 €
	AS SOMOZAS	2.979.800,00 €	206.651,05 €	<b>6,94%</b>	183,20 €
VALDOVIÑO	5.790.375,00 €	827.209,00 €	<b>14,29%</b>	125,45 €	
EUME	A CAPELA	1.360.000,00 €	237.034,70 €	<b>17,43%</b>	186,06 €
	AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ	13.941.127,55 €	1.737.193,69 €	<b>12,46%</b>	168,27 €
	CABANAS	2.687.553,00 €	449.177,00 €	<b>16,71%</b>	135,54 €
	MONFERO	1.352.126,27 €	259.673,31 €	<b>19,20%</b>	130,82 €
	PONTEDEUME	7.676.776,88 €	1.075.423,25 €	<b>14,01%</b>	135,49 €
BETANZOS	ARANGA	2.320.338,80 €	339.060,63 €	<b>14,61%</b>	175,23 €
	BETANZOS	8.331.728,87 €	844.974,33 €	<b>10,14%</b>	65,29 €
	COIROS	1.468.040,00 €	63.000,00 €	<b>4,29%</b>	34,98 €
	CURTIS	4.414.373,45 €	740.191,98 €	<b>16,77%</b>	186,54 €
	IRIXOA	1.527.000,00 €	241.050,00 €	<b>15,79%</b>	177,11 €
	MIÑO	5.526.128,89 €	326.277,25 €	<b>5,90%</b>	55,25 €
	OZA CESURAS	4.944.556,75 €	702.369,11 €	<b>14,20%</b>	136,83 €
	PADERNE	1.539.963,50 €	276.960,00 €	<b>17,98%</b>	113,46 €
	VILARMAIOR	1.148.584,00 €	139.200,00 €	<b>12,12%</b>	111,45 €
	VILASANTAR	1.890.000,00 €	332.941,00 €	<b>17,62%</b>	266,99 €
A CORUÑA	ABEGONDO	4.294.300,00 €	429.300,56 €	<b>10,00%</b>	78,53 €
	ARTEIXO	37.030.000,00 €	3.109.067,14 €	<b>8,40%</b>	98,59 €
	BERGONDO	6.140.645,89 €	819.334,75 €	<b>13,34%</b>	123,71 €
	CAMBRE	17.146.566,66 €	1.504.491,43 €	<b>8,77%</b>	61,79 €
	CARRAL	5.220.960,29 €	568.447,15 €	<b>10,89%</b>	91,14 €
	A CORUÑA	246.800.000,00 €	28.051.138,73 €	<b>11,37%</b>	114,92 €
	CULLEREDO	23.787.415,28 €	3.376.058,70 €	<b>14,19%</b>	112,60 €
	OLEIROS	28.001.130,00 €	2.149.621,00 €	<b>7,68%</b>	61,07 €

Comarca	Concello	Orzamento municipal 2018	Política de gasto 23: Servizos Sociais e promoción social	% da Política de gasto 23 sobre o Orzamento	Investimento por habitante
	SADA	11.394.500,00 €	1.002.052,04 €	<b>8,79%</b>	65,74 €
BERGANTIÑOS	CABANA DE BERGANTIÑOS	3.427.229,80 €	439.161,11 €	<b>12,81%</b>	101,03 €
	CARBALLO	26.754.882,32 €	1.874.118,59 €	<b>7,00%</b>	60,08 €
	CORISTANCO	3.754.785,60 €	303.565,32 €	<b>8,08%</b>	48,09 €
	A LARACHA	8.020.945,88 €	1.049.277,00 €	<b>13,08%</b>	93,01 €
	LAXE	2.300.000,00 €	219.693,36 €	<b>9,55%</b>	71,10 €
	MALPICA DE BERGANTIÑOS	4.893.560,13 €	553.259,56 €	<b>11,31%</b>	100,26 €
	PONTECESO	5.859.320,70 €	310.735,89 €	<b>5,30%</b>	58,49 €
ORDES	CERCEDA	6.929.015,45 €	697.027,66 €	<b>10,06%</b>	139,63 €
	FRADES	2.087.505,48 €	32.000,00 €	<b>1,53%</b>	13,21 €
	MESIA	2.288.040,79 €	345.469,24 €	<b>15,10%</b>	131,01 €
	ORDES	10.101.183,08 €	53.116,91 €	<b>0,53%</b>	4,22 €
	OROSO	6.963.825,86 €	412.806,87 €	<b>5,93%</b>	55,40 €
	TORDOIA	2.750.000,00 €	290.265,29 €	<b>10,56%</b>	84,55 €
	TRAZO	2.737.000,00 €	239.441,66 €	<b>8,75%</b>	75,15 €
	MANC. DE ORDES	1.265.749,18 €	1.029.047,09 €	<b>81,30%</b>	68,59 €
ARZÚA	ARZUA	5.820.235,00 €	537.862,72 €	<b>9,24%</b>	87,84 €
	BOIMORTO	2.622.110,86 €	885.029,95 €	<b>33,75%</b>	433,84 €
	O PINO	4.020.469,63 €	238.144,29 €	<b>5,92%</b>	51,28 €
	TOURO	3.371.616,23 €	459.255,86 €	<b>13,62%</b>	124,36 €
TERRA DE MELIDE	MELIDE	6.876.522,27 €	857.066,88 €	<b>12,46%</b>	114,23 €
	SANTISO	2.004.624,05 €	438.563,23 €	<b>21,88%</b>	269,06 €
	SOBRADO DOS MONXES	1.770.938,91 €	452.579,00 €	<b>25,56%</b>	245,03 €
	TOQUES	1.595.748,05 €	281.141,24 €	<b>17,62%</b>	239,68 €
TERRA DE SONEIRA	CAMARIÑAS	5.001.000,00 €	592.322,10 €	<b>11,84%</b>	109,30 €
	VIMIANZO	5.266.334,76 €	778.711,74 €	<b>14,79%</b>	107,11 €
	ZAS	3.006.609,71 €	428.534,80 €	<b>14,25%</b>	91,74 €
XALLAS	MAZARICOS	3.060.938,59 €	351.892,32 €	<b>11,50%</b>	87,67 €
	SANTA COMBA	6.985.976,28 €	1.468.047,99 €	<b>21,01%</b>	154,91 €
A BARCALA	A BAÑA	2.521.110,18 €	341.989,03 €	<b>13,57%</b>	96,58 €
	NEGREIRA	4.776.994,16 €	570.827,86 €	<b>11,95%</b>	82,93 €
SANTIAGO	AMES	24.700.942,22 €	2.079.922,52 €	<b>8,42%</b>	67,45 €
	BOQUEIXON	3.349.496,64 €	652.496,64 €	<b>19,48%</b>	153,82 €
	BRION	6.143.472,94 €	511.037,76 €	<b>8,32%</b>	66,38 €
	SANTIAGO DE COMPOSTELA	110.212.097,31 €	7.416.308,11 €	<b>6,73%</b>	76,89 €
	TEO	15.647.998,20 €	1.736.543,37 €	<b>11,10%</b>	93,98 €
	VAL DO DUBRA	2.004.800,83 €	94.770,00 €	<b>4,73%</b>	24,11 €
	VEDRA	5.267.791,52 €	885.000,00 €	<b>16,80%</b>	175,21 €
FISTERRA	CEE	4.892.741,50 €	353.433,55 €	<b>7,22%</b>	46,88 €
	CORCUBION	1.274.403,91 €	236.138,08 €	<b>18,53%</b>	148,33 €
	DUMBRIA	4.526.198,30 €	103.261,28 €	<b>2,28%</b>	33,82 €

Comarca	Concello	Orzamento municipal 2018	Política de gasto 23: Servizos Sociais e promoción social	% da Política de gasto 23 sobre o Orzamento	Investimento por habitante
	FISTERRA	3.586.155,46 €	175.600,30 €	<b>4,90%</b>	37,09 €
	MUXIA	2.930.303,43 €	294.546,13 €	<b>10,05%</b>	60,71 €
MUROS	CARNOTA	3.060.938,59 €	351.892,32 €	<b>11,50%</b>	86,67 €
	MUROS	6.985.976,28 €	1.468.047,99 €	<b>21,01%</b>	166,98 €
NOIA	LOUSAME	2.121.839,49 €	572.693,19 €	<b>26,99%</b>	166,14 €
	NOIA	11.280.819,11 €	1.222.507,53 €	<b>10,84%</b>	85,52 €
	OUTES	4.976.800,96 €	953.831,27 €	<b>19,17%</b>	146,43 €
	PORTO DO SON	8.646.100,32 €	594.950,82 €	<b>6,88%</b>	64,17 €
BARBANZA	BOIRO	14.775.000,00 €	1.057.826,48 €	<b>7,16%</b>	56,01 €
	A POBRA DO CARAMIÑAL	9.583.717,54 €	772.155,83 €	<b>8,06%</b>	81,80 €
	RIANXO	9.684.370,70 €	2.375.415,33 €	<b>24,53%</b>	212,32 €
	RIBEIRA	22.874.568,55 €	1.532.230,03 €	<b>6,70%</b>	72,42 €
O SAR	DODRO	2.516.373,03 €	424.019,18 €	<b>16,85%</b>	149,72 €
	PADRON	6.965.682,71 €	679.683,93 €	<b>9,76%</b>	80,31 €
	ROIS	3.391.180,20 €	450.127,48 €	<b>13,27%</b>	97,28 €

Fonte: BOP coa aprobación definitiva dos orzamentos municipais para o exercicio 2018 e Ministerio de Facenda

<https://serviciostelematicosexh.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx>

Como se pode comprobar, a heteroxeneidade é un dos elementos que caracteriza a dotación das políticas de benestar, do seu peso sobre os orzamentos aprobados (ou prorrogados), e do investimento por habitante resultante. Neste sentido, obsérvanse diverxencias na construción local do dato primario xa que, por exemplo, verifícase a existencia de Concellos que non inclúen dentro da Política de Gasto 23 o volume do Capítulo I de recursos humanos especificamente adicado á mesma, o cal supón a introdución de matices que dificultan a comparabilidade da información oficial.

Ademais, é preciso mencionar a presenza de Concellos, como é o caso de Ordes ou Frades, que teñen delegada na Mancomunidade as competencias en benestar social. Isto supón que a Mancomunidade conte cuns orzamentos adicados case na súa totalidade ás devanditas políticas de benestar, elemento este que introduce un sesgo salientable á hora de estudar os promedios.

Tendo en conta estas limitacións previas, é posible mencionar que o promedio dos pesos das políticas de benestar no total dos orzamentos dos Concellos da provincia sitúase no 11,50%, en tanto que o promedio de investimento por habitante sitúase nos 116,91€. Neste sentido, o teito dos datos, tanto en termos de peso como en termos de investimento, sitúase no Concello de Boimorto, co 33,75% de peso da política de benestar sobre o orzamento municipal e un investimento de 433,84€ por habitante.

Estudando a distribución territorial dos Concellos que contan con maior investimento por habitante, é posible indicar a existencia de certa correlación entre o maior investimento e a menor poboación e/ou avellentamento da mesma. Así, dos 20 Concellos que presentan un maior investimento por habitante, só Rianxo e As Pontes superan os 10.000 habitantes, podéndoselles engadir os casos de Neda, Vedra e Muros como Concellos que superan os 5.000 habitantes, polo que dos 20 Concellos de

maior investimento por habitante, 15 contan con menos de 5.000 habitantes (Boimorto, Santiso, Vilasantar, Sobrado dos Monxes, Toques, Mañón, Cariño, Cerdido, Curtis, A Capela, As Somozas, San Sadurniño, Irixoa, Aranga, e Lousame).

Polo que respecta ás achegas realizadas pola Deputación da Coruña e a Xunta de Galicia é preciso deterse no obxecto que teñen como achegas finalistas que son. Así, as achegas finalistas que realiza a Deputación da Coruña ós servizos sociais comunitarios municipais teñen como obxecto o apoio ó financiamento do servizo de axuda no fogar básico e a contratación dos equipos municipais diferentes e complementarios ó do persoal de referencia para os Concellos de menos de 20.000 habitantes. Ademais, como sistema de financiamento xeral non adicado especificamente ás políticas de benestar, a Deputación da Coruña conta co Plan de Obras e Servizos (Plan Único de Concellos ou POS+) dende o ano 2017.

No referente ás achegas da Xunta de Galicia, as de natureza corrente, teñen por obxecto o cofinanciamento dos gastos derivados do funcionamento cotiá e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios municipais en cada exercicio orzamentario e o sistema empregado e a través do denominado Plan Concertado mediante o sistema de financiamento recollido no Decreto 99/2012.

As achegas da Deputación da Coruña para o financiamento dos servizos sociais comunitarios nos últimos anos tiveron unha notable evolución a través do FOPPSS como sistema de financiamento para as políticas de benestar locais dos Concellos de menos de 20.000 habitantes. Na táboa seguinte apréciase a evolución das achegas da Deputación para o financiamento dos servizos sociais comunitarios.

*Táboa 38. Achegas realizadas pola Deputación da Coruña ós concellos da provincia en concepto de financiamento dos servizos sociais comunitarios. Anos 2016 – 2018<sup>40</sup>.*

Comarca	Concello	2016	2017	2018	Diferenza 2016 - 2018 (%)
ORTEGAL	CARIÑO	69.027,07 €	53.027,07 €	119.552,00 €	<b>73%</b>
	CERDIDO	22.672,08 €	17.643,83 €	36.468,00 €	<b>61%</b>
	MAÑÓN	37.606,42 €	32.656,42 €	99.136,00 €	<b>164%</b>
	ORTIGUEIRA	95.557,53 €	77.069,53 €	107.478,78 €	<b>12%</b>
FERROL	ARES	63.483,75 €	45.488,21 €	90.902,40 €	<b>43%</b>

<sup>40</sup> RP 2016/11712 Resolución pola que se aproba a concesión definitiva das subvencións correspondentes ao programa FOAXCA 2016. BOP núm. 103, do mércores 1 de xuño de 2016.

RP 2016/8711 Resolución pola que se aproba a concesión definitiva das subvencións correspondentes ao programa FO036A. BOP núm. 82, do luns 2 de maio de 2016.

RP 2016/15377 Resolución pola que se aproba a concesión definitiva das subvencións correspondentes ao programa FOIO0B 2016. BOP núm. 124, do venres 1 de xullo de 2016.

Resolución pola que se aproba o programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2016 (FOPPSS/2016). BOP núm. 39, do luns 29 de febreiro de 2016.

Bases reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2017. BOP núm. 39, do venres 24 de febreiro de 2017.

Bases reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2017. BOP núm. 242, do venres 22 de decembro de 2017.

RP 16525/ 2017 Resolución pola que se aproba o programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2017 (FOPPSS/2017). BOP núm. 99, do luns 29 de maio de 2017.

RP núm. 2018/14387 Resolución pola que se aproba o programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2018 (FOPPSS/2018). BOP núm. 81, do luns 30 de abril de 2017.



Comarca	Concello	2016	2017	2018	Diferenza 2016 - 2018 (%)
	CEDEIRA	67.496,86 €	51.502,50 €	66.496,00 €	<b>-1%</b>
	FENE	67.668,54 €	44.684,99 €	57.940,12 €	<b>-14%</b>
	FERROL	46.873,02 €	- €	- €	<b>-100%</b>
	MOECHE	20.643,83 €	17.643,83 €	26.400,00 €	<b>28%</b>
	MUGARDOS	57.000,67 €	47.012,78 €	84.412,40 €	<b>48%</b>
	NARON	22.289,25 €	- €	- €	<b>-100%</b>
	NEDA	54.586,97 €	37.586,97 €	148.628,12 €	<b>172%</b>
	SAN SADURNIÑO	66.141,66 €	51.502,50 €	58.552,00 €	<b>-11%</b>
	AS SOMOZAS	26.658,12 €	23.658,12 €	40.812,00 €	<b>53%</b>
	VALDOVIÑO	68.504,98 €	50.010,48 €	68.933,80 €	<b>1%</b>
EUME	A CAPELA	20.643,83 €	17.643,83 €	18.012,00 €	<b>-13%</b>
	AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ	64.373,34 €	45.155,82 €	132.392,00 €	<b>106%</b>
	CABANAS	42.570,68 €	31.572,68 €	114.955,00 €	<b>170%</b>
	MONFERO	32.343,83 €	17.643,83 €	14.400,00 €	<b>-55%</b>
	PONTEDEUME	91.158,93 €	69.169,28 €	186.203,28 €	<b>104%</b>
BETANZOS	ARANGA	48.027,80 €	42.128,12 €	83.316,08 €	<b>73%</b>
	BETANZOS	103.075,49 €	83.084,81 €	114.840,00 €	<b>11%</b>
	COIROS	56.981,01 €	45.488,61 €	55.318,00 €	<b>-3%</b>
	CURTIS	59.772,19 €	45.488,21 €	53.428,00 €	<b>-11%</b>
	IRIXOA	34.566,38 €	24.066,38 €	55.163,80 €	<b>60%</b>
	MIÑO	102.591,11 €	90.591,11 €	115.718,00 €	<b>13%</b>
	OZA CESURAS	98.041,57 €	59.403,75 €	113.576,32 €	<b>16%</b>
	PADERNE	52.103,02 €	39.112,54 €	56.954,00 €	<b>9%</b>
	VILARMAIOR	44.815,76 €	31.572,68 €	57.832,00 €	<b>29%</b>
VILASANTAR	62.002,50 €	51.501,50 €	72.064,00 €	<b>16%</b>	
A CORUÑA	ABEGONDO	90.549,98 €	57.140,71 €	128.870,00 €	<b>42%</b>
	ARTEIXO	3.000,00 €	- €	- €	<b>-100%</b>
	BERGONDO	67.486,01 €	51.502,50 €	59.997,52 €	<b>-11%</b>
	CAMBRE	32.883,79 €	- €	- €	<b>-100%</b>
	CARRAL	74.001,76 €	59.008,79 €	211.953,76 €	<b>186%</b>
	A CORUÑA	47.993,52 €	- €	- €	<b>-100%</b>
	CULLEREDO	38.947,48 €	- €	- €	<b>-100%</b>
	OLEIROS	43.981,20 €	- €	- €	<b>-100%</b>
	SADA	105.084,81 €	83.084,81 €	158.238,12 €	<b>51%</b>
BERGANTIÑOS	CABANA DE BERGANTIÑOS	45.571,95 €	31.572,68 €	54.694,00 €	<b>20%</b>
	CARBALLO	40.957,49 €	- €	- €	<b>-100%</b>
	CORISTANCO	45.128,12 €	- €	- €	<b>-100%</b>
	A LARACHA	76.597,87 €	58.600,52 €	189.262,00 €	<b>147%</b>
	LAXE	55.077,27 €	37.586,97 €	62.415,88 €	<b>13%</b>
	MALPICA DE BERGANTIÑOS	65.487,00 €	51.502,50 €	78.905,75 €	<b>20%</b>
	PONTECESO	49.092,29 €	33.097,25 €	60.092,00 €	<b>22%</b>
ORDES	CERCEDA	64.088,21€	48.488,21 €	103.786,00 €	<b>62%</b>
	FRADES	19.981,78 €	0,00 €	0,00 €	<b>71%</b>

Comarca	Concello	2016	2017	2018	Diferenza 2016 - 2018 (%)
	MESIA	61.978,21 €	45.488,21 €	97.058,56 €	<b>57%</b>
	ORDES	25.309,20 €	0,00 €	0,00 €	<b>145%</b>
	OROSO	25.987,90 €	0,00 €	52.490,32 €	<b>102%</b>
	TORDOIA	65.490,31 €	51.502,50 €	58.324,00 €	<b>-11%</b>
	TRAZO	56.858,76 €	43.601,25 €	66.517,00 €	<b>18%</b>
	MANC. DE ORDES	141.723,61 €	120.815,01 €	96.042,40 €	<b>-32%</b>
ARZÚA	ARZUA	52.100,64 €	37.586,97 €	56.764,00 €	<b>9%</b>
	BOIMORTO	44.571,45 €	31.572,68 €	57.232,00 €	<b>28%</b>
	O PINO	43.597,25 €	33.097,25 €	43.014,16 €	<b>-1%</b>
	TOURO	54.745,04 €	45.488,21 €	65.108,21 €	<b>19%</b>
TERRA DE MELIDE	MELIDE	66.986,50 €	52.994,50 €	129.460,00 €	<b>93%</b>
	SANTISO	38.656,38 €	24.066,38 €	88.624,48 €	<b>129%</b>
	SOBRADO DOS MONXES	44.572,68 €	31.572,68 €	106.868,00 €	<b>140%</b>
	TOQUES	42.299,68 €	31.572,68 €	54.420,76 €	<b>29%</b>
TERRA DE SONEIRA	CAMARIÑAS	88.680,71 €	71.088,81 €	75.516,04 €	<b>-15%</b>
	VIMIANZO	70.067,54 €	51.107,54 €	71.987,32 €	<b>3%</b>
	ZAS	70.777,74 €	52.586,24 €	67.540,00 €	<b>-5%</b>
XALLAS	MAZARICOS	67.498,78 €	51.502,50 €	68.560,24 €	<b>2%</b>
	SANTA COMBA	84.782,49 €	75.578,52 €	75.996,00 €	<b>-10%</b>
A BARCALA	A BAÑA	69.496,74 €	51.502,50 €	52.162,00 €	<b>-25%</b>
	NEGREIRA	82.502,44 €	67.692,54 €	95.277,40 €	<b>15%</b>
SANTIAGO	AMES	39.987,37 €	- €	- €	<b>-100%</b>
	BOQUEIXON	68.013,84 €	57.516,78 €	74.306,56 €	<b>9%</b>
	BRION	72.948,41 €	53.027,07 €	63.664,88 €	<b>-13%</b>
	SANTIAGO DE COMPOSTELA	46.996,50 €	- €	- €	<b>-100%</b>
	TEO	80.002,97 €	65.023,07 €	106.806,28 €	<b>34%</b>
	VAL DO DUBRA	76.497,09 €	59.008,79 €	46.528,00 €	<b>-39%</b>
	VEDRA	71.505,64 €	59.008,79 €	88.588,36 €	<b>24%</b>
FISTERRA	CEE	69.932,50 €	52.994,50 €	48.363,14 €	<b>-31%</b>
	CORCUBION	68.979,54 €	52.994,50 €	60.178,00 €	<b>-13%</b>
	DUMBRIA	54.670,24 €	37.573,65 €	106.660,00 €	<b>95%</b>
	FISTERRA	68.022,27 €	53.027,07 €	52.078,57 €	<b>-23%</b>
	MUXIA	82.518,43 €	65.023,07 €	59.860,00 €	<b>-27%</b>
MUROS	CARNOTA	46.566,68 €	31.572,68 €	56.368,00 €	<b>21%</b>
	MUROS	65.988,52 €	52.994,50 €	60.040,00 €	<b>-9%</b>
NOIA	LOUSAME	70.099,32 €	51.501,50 €	44.492,00 €	<b>-37%</b>
	NOIA	85.040,58 €	68.072,22 €	91.184,00 €	<b>7%</b>
	OUTES	58.643,97 €	39.078,97 €	100.987,12 €	<b>72%</b>
	PORTO DO SON	78.056,19 €	62.057,94 €	82.118,00 €	<b>5%</b>
BARBANZA	BOIRO	83.009,91 €	65.023,07 €	127.697,80 €	<b>54%</b>
	A POBRA DO CARAMIÑAL	78.097,31 €	56.043,65 €	66.929,96 €	<b>-14%</b>
	RIANXO	76.998,89 €	59.008,79 €	67.252,00 €	<b>-13%</b>
	RIBEIRA	34.955,38 €	- €	- €	<b>-100%</b>

Comarca	Concello	2016	2017	2018	Diferenza 2016 - 2018 (%)
O SAR	DODRO	64.483,50 €	51.502,50 €	84.794,44 €	31%
	PADRON	89.324,57 €	72.529,37 €	119.528,00 €	34%
	ROIS	74.051,16 €	62.057,94 €	69.500,00 €	-6%
<b>Total</b>		<b>5.668.990,55€</b>	<b>3.951.752,71 €</b>	<b>6.514.987,13 €</b>	<b>14,9%</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos das Resolúcións: RP 2016/11712, RP 2016/8711, Resolución pola que se aproba o programa de financiamento dos Servizos Sociais comunitarios municipais no 2016 (FOPPSS/2016) BOP nº39 de 29 de febreiro do 2016, RP 16525/ 2017 e RP núm. 2018/14387.

Como se pode comprobar, o financiamento do FOPPSS da Deputación da Coruña focalízase nos Concellos menores de 20.000 habitantes, a diferenza do acontecido con respecto a outras liñas de financiamento, que tamén eran aproveitadas polos Concellos de maior volume de poboación.

A evolución nos últimos anos do FOPPSS supón un racionalización dos conceptos financiados, así como un salientable incremento en termos de volume de financiamento, cun incremento do 14,9% con respecto ás cifras baralladas no ano 2016, onde se incluían tamén as diferentes liñas de financiamento de menor entidade que foron englobadas dentro do POS+ como sistema de financiamento xeral da Deputación da Coruña ós Concellos.

Dentro da evolución positiva xeral do novo sistema de financiamento, é posible salientar o salto cuantitativo que este supón para Concellos como Carral, por exemplo, cun incremento do 835%. Neste sentido, tamén é preciso mencionar a existencia de evolucións negativas en Concellos como Monfero (-84%), en tanto que o caso da Comarca de Ordes, coa Mancomunidade, responde en termos xerais ás circunstancias especiais desta entidade.

O incremento no apoio económico da Deputación da Coruña ós servizos sociais comunitarios dos concellos da provincia responde tanto a un cambio do sistema de financiamento da propia Deputación, como á nova fórmula empregada pola institución para o financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais.

Neste sentido, o novo sistema empregado pola Deputación da Coruña para o financiamento dos servizos sociais comunitarios baséase no apoio directo ós concellos no financiamento o persoal de servizos sociais comunitarios distinto do/a traballador/a social, conforme os módulos no que se encadra o persoal correspondente: persoal administrativo grupo C1 e C2, persoal técnico A2, persoal técnico A1 e o persoal auxiliar do Servizos de Axuda no Fogar en réxime de libre concorrència (SAF libre concorrència), segundo base 3 das Bases reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2019<sup>41</sup>. Este sistema supón un avance e racionalización dos diferentes módulos de persoal financiado no ano 2016, sobre todo tendo en conta a xa mencionada entrada en vigor do POS+ como sistema de financiamento xeral da Deputación ós Concellos.

<sup>41</sup> BOP nº 5, do martes 5 de xaneiro de 2019.

A evolución, nos últimos tres anos, do cofinanciamento<sup>42</sup> dos servizos sociais comunitarios por parte da Xunta de Galicia mediante transferencias finalistas recóllese na táboa 39. Estas transferencias para o cofinanciamento dos gastos derivados do funcionamento cotiá e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios municipais inclúen o financiamento básico dos servizos sociais comunitarios básicos, o programa específico de atención á primeira infancia en centros e instalacións que posibiliten a conciliación da vida laboral e familiar, e a axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes.

Neste sentido, é preciso incidir en que unha parte salientable do financiamento da Xunta de Galicia vai dirixido á prestación por parte dos Concellos de servizos derivados da Lei 39/2006, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, concretamente os relacionados co Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de atención ás persoas dependentes, cubrindo así as necesidades financeiras derivadas da competencia local que determina o artigo 11 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, no que se establece que o servizo de axuda no fogar será prestado polas entidades locais.

Táboa 39. Achegas realizadas pola Xunta de Galicia ós concellos da provincia en concepto de financiamento dos servizos sociais comunitarios. Anos 2016 – 2018.

Comarca	Concello	2016	2017	2018	Diferenza 2016 - 2018 (%)
ORTEGAL	CARIÑO	230.143,97 €	266.169,00 €	311.391,12 €	<b>35%</b>
	CERDIDO	116.662,92 €	119.644,15 €	125.832,13 €	<b>8%</b>
	MAÑON	131.916,54 €	116.059,43 €	133.388,60 €	<b>1%</b>
	ORTIGUEIRA	345.116,09 €	361.187,44 €	412.730,59 €	<b>20%</b>
FERROL	ARES	351.692,76 €	382.117,82 €	419.456,23 €	<b>19%</b>
	CEDEIRA	293.289,88 €	324.788,90 €	354.083,78 €	<b>21%</b>
	FENE	422.361,48 €	439.479,11 €	434.893,61 €	<b>3%</b>
	FERROL	1.796.518,54 €	1.737.612,54 €	1.844.336,38 €	<b>3%</b>
	MOECHE	38.019,96 €	50.033,53 €	45.671,57 €	<b>20%</b>
	MUGARDOS	199.082,67 €	213.880,35 €	218.691,14 €	<b>10%</b>
	NARON	931.266,68 €	1.166.415,39 €	1.281.750,59 €	<b>38%</b>
	NEDA	355.240,79 €	390.786,50 €	434.746,60 €	<b>22%</b>
	SAN SADURNIÑO	191.654,15 €	204.092,69 €	211.636,21 €	<b>10%</b>
	AS SOMOZAS	71.994,90 €	86.100,88 €	93.079,60 €	<b>29%</b>
EUME	VALDOVIÑO	389.679,82 €	418.998,80 €	428.189,81 €	<b>10%</b>
	A CAPELA	96.168,72 €	97.984,34 €	115.089,66 €	<b>20%</b>
	AS PONTES DE GARCIA	547.513,09 €	612.017,84 €	640.224,60 €	<b>17%</b>

<sup>42</sup> Resolución do 5 de abril de 2016 pola que se publican as contías das transferencias finalistas efectuadas no exercicio 2015 ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. DOG núm. 71, do xoves 14 de abril de 2016.

Resolución do 8 de maio de 2017 pola que se publican as contías das transferencias finalistas efectuadas no exercicio 2016 ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. DOG núm. 100, do luns 29 de maio de 2017.

Resolución do 30 de abril de 2018 pola que se publican as contías das transferencias finalistas efectuadas no exercicio 2017 ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. DOG núm. 105, do luns 4 de maio de 2018.

Comarca	Concello	2016	2017	2018	Diferenza 2016 - 2018 (%)	
	RODRIGUEZ					
	CABANAS	154.312,96 €	157.783,04 €	160.878,92 €	4%	
	MONFERO	128.986,41 €	130.025,96 €	132.926,52 €	3%	
	PONTEDEUME	296.992,44 €	300.055,85 €	343.552,59 €	16%	
BETANZOS	ARANGA	137.564,05 €	151.588,52 €	189.440,75 €	38%	
	BETANZOS	359.604,60 €	389.783,00 €	429.280,78 €	19%	
	COIROS	94.235,59 €	100.396,07 €	104.051,67 €	10%	
	CURTIS	227.988,17 €	241.440,04 €	258.128,27 €	13%	
	IRIXOA	112.151,76 €	101.988,27 €	118.112,98 €	5%	
	MIÑO	199.270,51 €	231.549,16 €	248.389,64 €	25%	
	OZA CESURAS	385.250,48 €	391.615,01 €	399.648,00 €	4%	
	PADERNE	85.939,13 €	86.412,74 €	96.673,47 €	12%	
	VILARMAIOR	111.213,40 €	117.670,85 €	114.965,54 €	3%	
	VILASANTAR	118.003,97 €	127.899,67 €	147.335,04 €	25%	
	A CORUÑA	ABEGONDO	169.260,49 €	192.782,77 €	192.782,77 €	14%
		ARTEIXO	541.565,69 €	611.865,94 €	611.865,94 €	13%
BERGONDO		260.802,91 €	263.101,79 €	263.101,79 €	1%	
CAMBRE		373.730,46 €	389.493,60 €	389.493,60 €	4%	
CARRAL		104.262,55 €	112.150,42 €	112.150,42 €	8%	
A CORUÑA		3.307.976,70 €	3.674.523,37 €	3.674.523,37 €	11%	
CULLEREDO		413.992,13 €	459.275,87 €	459.275,87 €	11%	
OLEIROS		462.248,43 €	477.722,26 €	477.722,26 €	3%	
SADA		352.304,66 €	377.951,75 €	377.951,75 €	7%	
BERGANTIÑOS	CABANA DE BERGANTIÑOS	152.992,86 €	161.547,30 €	185.555,91 €	46%	
	CARBALLO	410.728,55 €	479.936,60 €	604.875,93 €	93%	
	CORISTANCO	128.750,46 €	205.083,17 €	194.187,18 €	88%	
	A LARACHA	243.886,39 €	274.090,91 €	305.937,34 €	67%	
	LAXE	144.529,47 €	133.354,54 €	134.314,26 €	-1%	
	MALPICA DE BERGANTIÑOS	251.972,78 €	283.207,36 €	335.124,82 €	67%	
	PONTECESO	117.640,93 €	128.575,06 €	156.666,07 €	78%	
ORDES	CERCEDA	258.119,61 €	279.627,50 €	293.239,74 €	14%	
	FRADES	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0%	
	MESIA	133.975,90 €	132.298,66 €	116.775,09 €	-13%	
	ORDES	35.000,00 €	35.000,00 €	35.000,00 €	0%	
	OROSO	28.000,00 €	28.000,00 €	209.268,61 €	647%	
	TORDOIA	118.809,35 €	128.367,14 €	142.622,86 €	20%	
	TRAZO	141.099,90 €	159.037,91 €	158.431,39 €	12%	
	MANC. DE ORDES	462.703,60 €	497.118,00 €	402.950,57 €	-13%	
ARZÚA	ARZUA	181.416,96 €	222.332,61 €	217.396,61 €	20%	
	BOIMORTO	123.086,43 €	134.356,96 €	149.750,88 €	22%	
	O PINO	64.383,11 €	83.537,59 €	97.776,39 €	52%	
	TOURO	169.922,86 €	204.037,95 €	230.149,30 €	35%	
TERRA DE MELIDE	MELIDE	298.861,22 €	322.246,38 €	329.678,84 €	10%	
	SANTISO	150.360,89 €	197.294,70 €	244.953,08 €	63%	

Comarca	Concello	2016	2017	2018	Diferenza 2016 - 2018 (%)
	SOBRADO DOS MONXES	179.930,05 €	216.988,78 €	265.095,88 €	<b>47%</b>
	TOQUES	92.589,47 €	114.961,61 €	123.411,35 €	<b>33%</b>
TERRA DE SONEIRA	CAMARIÑAS	140.277,12 €	167.185,30 €	215.094,14 €	<b>53%</b>
	VIMIANZO	125.564,13 €	143.931,94 €	195.997,87 €	<b>56%</b>
	ZAS	128.215,24 €	149.084,24 €	199.897,23 €	<b>56%</b>
XALLAS	MAZARICOS	118.230,70 €	113.189,06 €	132.296,91 €	<b>12%</b>
	SANTA COMBA	225.591,89 €	249.323,92 €	289.869,78 €	<b>28%</b>
A BARCALA	A BAÑA	107.760,61 €	127.419,21€	182.091,43 €	<b>69%</b>
	NEGREIRA	138.036,05 €	168.314,17€	183.944,04 €	<b>33%</b>
SANTIAGO	AMES	501.696,65 €	594.156,22 €	624.112,09 €	<b>24%</b>
	BOQUEIXON	255.672,54 €	290.816,21 €	340.464,54 €	<b>33%</b>
	BRION	187.335,99 €	197.900,34 €	203.655,93 €	<b>9%</b>
	SANTIAGO DE COMPOSTELA	854.935,45 €	797.188,06 €	1.204.520,57 €	<b>41%</b>
	TEO	308.664,10 €	338.431,23 €	362.079,34 €	<b>17%</b>
	VAL DO DUBRA	78.050,65 €	88.929,32 €	91.806,24 €	<b>18%</b>
	VEDRA	226.938,34 €	269.422,67 €	306.294,09 €	<b>35%</b>
FISTERRA	CEE	74.270,07 €	178.252,59 €	197.391,72 €	<b>166%</b>
	CORCUBION	79.823,64 €	71.536,11 €	71.577,14 €	<b>-10%</b>
	DUMBRIA	44.268,48 €	52.817,88 €	62.054,27 €	<b>40%</b>
	FISTERRA	86.584,79 €	87.020,56 €	84.376,16 €	<b>-3%</b>
	MUXIA	41.067,33 €	41.159,48 €	37.085,74 €	<b>-10%</b>
MUROS	CARNOTA	111.957,67 €	117.364,05 €	137.145,97 €	<b>22%</b>
	MUROS	179.487,44 €	214.047,66 €	234.460,18 €	<b>31%</b>
NOIA	LOUSAME	129.857,32 €	175.489,55 €	207.643,61 €	<b>60%</b>
	NOIA	203.680,64 €	250.680,02 €	256.914,79 €	<b>26%</b>
	OUTES	154.992,50 €	172.850,09 €	216.502,96 €	<b>40%</b>
	PORTO DO SON	160.979,66 €	168.921,02 €	207.697,14 €	<b>29%</b>
BARBANZA	BOIRO	390.884,00 €	440.574,46 €	466.741,03 €	<b>19%</b>
	A POBRA DO CARAMIÑAL	164.081,06 €	170.533,16 €	198.248,48 €	<b>21%</b>
	RIANXO	205.411,43 €	253.849,98 €	282.727,86 €	<b>38%</b>
	RIBEIRA	475.903,64 €	546.733,72 €	602.704,91 €	<b>27%</b>
O SAR	DODRO	129.609,12 €	145.256,94 €	159.975,89 €	<b>23%</b>
	PADRON	217.311,81 €	236.386,96 €	264.504,94 €	<b>22%</b>
	ROIS	115.144,73 €	136.588,41 €	142.668,74 €	<b>24%</b>
<b>Total</b>		<b>25.081.834,79 €</b>	<b>27.600.863,20 €</b>	<b>30.103.151,99 €</b>	<b>20%</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos Xunta de Galicia.

Como se pode comprobar, en termos agregados o financiamento da Xunta de Galicia evoluciona positivamente.

Estudando a evolución do financiamento dos diferentes Concellos, é preciso focalizar a atención nos datos de Oroso que, co incremento do 647%, marca o teito con respecto ó incremento. Neste sentido, os datos de Oroso para o ano 2018 responden á saída do Concello da Mancomunidade de

Ordes que, como se mencionou con anterioridade, xestiona as competencias en servizos sociais e que, no ano 2018, agrupaba a Frades e a Ordes, de tal xeito que o financiamento da propia Mancomunidade evoluciona á baixa de xeito substancial con respecto, por exemplo, o ano 2017. Esta tamén é a razón de que os Concellos de Frades e Ordes contan con financiamentos limitados da Xunta de Galicia, circunscibíndose o de Ordes á partida destinada á atención da primeira infancia.

En termos xerais, a axuda no fogar ás persoas valoradas como dependentes é a partida que presenta un incremento máis notable ó longo dos anos expostos, xa que o resto de obxectos de financiamentos destas transferencias finalistas da Xunta de Galicia teñen unha tendencia estable.

Táboa 40. Evolución dos principais conceptos financiados pola Xunta da Galicia ós concellos da provincia nos servizos sociais comunitarios. Anos 2016 – 2018.


Conceptos financiados	2016	2017	2018	Diferenza 2016 - 2018 (%)
<b>Financiamento Básico Servizos Sociais Comunitarios</b>	4.404.619,44 €	4.551.040,91 €	4.656.777,79 €	<b>5,7%</b>
<b>Programa de Atención á Primeira Infancia - Conciliación</b>	1.300.015,05 €	1.318.420,66 €	1.321.420,66 €	<b>1,6%</b>
<b>Axuda no Fogar ás Persoas Valoradas como Dependentes</b>	19.452.391,54 €	21.781.338,35 €	24.124.953,54 €	<b>24,0%</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos Xunta de Galicia.

O financiamento do servizo de axuda no fogar, tanto na modalidade de dependencia como na de libre concorrencia, é o obxecto de financiamento que presenta un maior peso nas achegas que realizan tanto Deputación de Galicia como Xunta de Galicia ós servizos sociais comunitarios municipais dos Concellos da provincia.

Así, e segundo se observa no seguinte gráfico, o 78% do financiamento que reciben os concellos da provincia da Xunta de Galicia ten como destino o financiamento do servizo de axuda no fogar ás persoas valoradas como dependentes e o 47% das achegas que reciben da Deputación da Coruña ten como finalidade o financiamento das horas prestadas polo persoal auxiliar do SAF libre concorrencia.

Gráfico 46. Finalidade das achegas recibidas polos concellos da provincia da administración autonómica e provincial para o financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais. Ano 2018.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos Deputación e Xunta de Galicia.

Cos datos amosados é posible evidenciar como o Servizo de Axuda no Fogar, tanto na modalidade de atención ás persoas dependentes como na modalidade de libre concorrência, vai conformándose como o programa máis relevante que na actualidade están a xestionar os departamentos municipais de benestar.


### 3.2.2 Os recursos humanos nos Servizos Sociais municipais.

Os recursos humanos son a peza fundamental dos servizos sociais comunitarios municipais na súa función como porta de entrada o sistema público de servizos sociais.

Para o ano 2018, o número de profesionais que forman parte dos servizos sociais municipais nos diferentes Concellos da provincia, non incluíndo ás grandes cidades debido ó seu importante efecto distorsionador, ascende a un mínimo de 2.820. Dentro desta cifra recóllese tanto a dotación de persoal técnico e administrativo, como o persoal auxiliar de SAF que, máis alá dos tipos de entidades prestadoras, está a prestar servizo á cidadanía.

A distribución do persoal referido atende ó seguinte gráfico.

Gráfico 47. Peso do persoal técnico, administrativo e de SAF nos Concellos da provincia (non incluíndo ás grandes cidades). Ano 2018.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos municipais, Deputación da Coruña e RUEPSS


Como se mencionaba, o número de persoas profesionais dos servizos sociais municipais ascende a un mínimo de 2.820 para o ano 2018, sendo preciso mencionar que, por unha banda, non se está a incluír o dato das grandes cidades debido ó seu importante volume, en tanto que por outra banda tamén é preciso mencionar que esta cifra é dinámica ó contar con servizos como o SAF, por exemplo, de elevada flexibilidade en termos de recursos humanos.

Neste sentido, a distribución do persoal dos servizos sociais en grandes grupos amosa que o 85% do mesmo, cun total de 2.401 persoas, corresponde ó SAF nas modalidades de dependencia e de libre concorrência, o 12% corresponde a persoal de carácter técnico, cun total de 325 profesionais, en tanto que o 3% restante corresponde ó persoal de apoio administrativo, cun total de 94 profesionais.



Afondando nas diferentes ocupacións englobadas dentro do persoal técnico referido con anterioridade, obtense a seguinte distribución.

Gráfico 48. Ocupacións técnicas nos servizos de benestar dos Concellos da provincia (non incluíndo grandes cidades). Ano 2018.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos municipais, Deputación da Coruña e RUEPSS

Dentro das diferentes ocupacións técnicas salienta, tanto polo seu peso como pola súa relevancia recollida na normativa vixente, a de traballador/a social, presente en tódolos Concellos da provincia que, para o ano 2018, ascende a un total de 158 profesionais, o que supón o 49% do total dos equipos técnicos.

A figura dos profesionais da educación social/familiar ocupa tamén un lugar salientable dentro dos equipos municipais, ascendendo a un total de 75 profesionais e supoñendo o 23% do total dos equipos técnicos.

Xa dende un punto de vista cuantitativamente máis limitado, atópase a figura do profesional da psicoloxía (24,6 profesionais prestando servizo, o que supón o 8% do total), en tanto que os profesionais da pedagogía/psicopedagogía supoñen o 4%, ascendendo a 14 profesionais.

Tamén é preciso mencionar a presenza de diferentes técnicos/as de animación (cultural ou de persoas maiores, con 5 profesionais prestando servizo, o que supón o 2% do total), técnicos/as sociocomunitarios (2 profesionais e o 1%), técnicos/as de prevención (3 profesionais e o 1%), técnicos/as de mediación social ou intercultural (3 profesionais e o 1%), ou asesores/as xurídicos (3 profesionais e o 1%).

Dentro da relación de especialidades, tamén é preciso deterse na figura da dirección de equipos que, actualmente, ocupa a 12 profesionais nos Concellos e representa o 4% do total dos/das técnicos/as. Neste sentido, débese mencionar que boa parte destes profesionais da dirección tamén comparten tarefas de xestión técnica e operativa cotiá, de tal xeito que a súas funcións directivas, en termos xerais, non son exclusivas.

Ademais, é salientable a presenza, dentro da categoría de outras ocupacións, de profesionais da docencia, de monitores da terceira idade, de persoal técnico de planificación, de persoal técnico de apoio social, de persoal técnico de integración social, de persoal técnico de sanidade, ou de animadores de servizos sociais. Neste sentido, a amplitude do persoal técnico complementario é salientable, permitindo afondar nas políticas de benestar e amplialas dende un punto de vista comunitario.

Con todo, a pesar de que na maior parte dos Concellos da provincia se atopan implantados os equipos multidisciplinares compostos por traballador/a social e por educador/a social/familiar (con apoio administrativo), é preciso mencionar que a ampliación destes equipos é limitada. Así, como se pode comprobar, verifícanse marxes de mellora na presenza de profesionais da psicoloxía, da prevención, do apoio ou da integración social, por exemplo.

Neste sentido, a maior amplitude ou complementariedade de perfís presentes nos equipos de benestar dos Concellos non se correlaciona de xeito absoluto coa poboación xa que, se ben en Concellos que forman parte das áreas metropolitanas da Coruña, Ferrol ou Santiago, por exemplo, é salientable a presenza de ocupacións *innovadoras* con respecto á xeneralidade dos Concellos, esta non é exclusiva, detectándose esta presenza tamén en Concellos de limitada poboación e de localización allea ás devanditas áreas metropolitanas. Estes son os casos, por exemplo, de Culleredo ou Arteixo, pero tamén os de Bergondo, Padrón ou Dodro

É preciso salientar que os Concellos menores de 20.000 habitantes están a aproveitar o financiamento da Deputación da Coruña a través dos diferentes módulos do FOPPSS para completar os equipos técnicos de benestar e o seu apoio administrativo, supoñendo este sistema un apoio financeiro relevante para a contratación efectiva dos diferentes tipos de profesionais mencionados.

### 3.2.3 A actividade e os principais programas dos departamentos municipais de benestar. O Servizo de Axuda no Fogar.

O Programa de información e orientación en materia social, o Servizo de educación e apoio familiar, o Programa básico de inserción social, o Programa de fomento da cooperación e solidariedade social e o Programa de axuda no fogar (SAF) son os programas e servizos definidos no artigo 9 do Decreto 99/2012 a través dos cales os servizos sociais comunitarios municipais, como porta de entrada ó sistema galego de servizos sociais, prestarán mediante atención directa á cidadanía.

Como se pode observar, a complexidade é o factor que determina a actividade dos departamentos de benestar locais, polo que é preciso ter en conta este elemento á hora de xerar o dato primario relacionado coa poboación á que efectivamente se lle presta servizo dende os devanditos departamentos locais, ben sexa a través de intervencións directas, ben sexa a través da información ou asesoramento puntual tanto presencial como, por exemplo, telefónico.

Neste sentido, as dificultades de confiabilidade coas que contan os datos primarios relacionados coa actividade xeral dos departamentos de benestar, provoca que a explotación estatística do Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS) dificulte albiscar toda a profundidade e amplitude do traballo realizado polos equipos técnicos.

Con todo, a efectos de realizar unha estimación sobre o número de persoas ós que se presta servizo público dende os Concellos, e tendo en conta as experiencias analizadas ó longo da elaboración do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña, é posible afirmar que na actualidade os departamentos municipais de benestar dos Concellos menores de 20.000 habitantes da provincia están a chegar a unha porcentaxe da poboación que supera o 20%, de tal xeito que ó extrapolar o dato para o total da provincia, é posible estimar que os departamentos de benestar municipais atenderon, aproximadamente, a máis de 224.000 persoas no ano 2017.

O programa de axuda no fogar, tanto pola súa importancia no financiamento como pola súa dotación de persoal, é o principal programa dos servizos sociais, tal e como se vén revelando ó longo desta análise.

O servizo de axuda no fogar (SAF) consiste en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual, de acordo coa valoración técnica correspondente. O SAF é un servizo que se presta e se xestiona dende o ámbito municipal tanto na súa dimensión básica como na modalidade de atención ás persoas valoradas como dependentes, tal e como indica o artigo 11 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

En base as competencias regulamentarias e de autoorganización de que dispoñen os concellos, estes teñen regulado o servizo de axuda no fogar co obxectivo de garantir a equidade, calidade e intensidade homoxéneas do servizo de conformidade co marco autonómico<sup>43</sup> que define e regula o servizo de axuda no fogar.

Na seguinte táboa recóllense o número de horas prestadas por cada un dos concellos así como o número de usuarios/as beneficiarios deste servizo nas súas diferentes modalidades, libre concorrencia e dependencia dos que se dispón de datos.

---

<sup>43</sup> Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, no capítulo II, define o servizo de axuda no fogar e no seu artigo 11.f) establece que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar responde a necesidade de establecer un marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar ó abeiro da entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, que establece como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións da prestación e desenvolvemento dos servizos no seu artigo 7.b).

Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento que establece na súa disposición derradeira primeira a necesidade de que as corporacións locais adapten a súa normativa municipal, neste caso en materia de axuda no fogar. Igual que acontece co Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

Táboa 41. Número de horas prestadas e usuarios/as atendidos/as segundo a modalidade de SAF libre concorrencia e dependencia nos concellos da provincia. 2018.

COMARCA	CONCELLOS	Modalidade libre concorrencia		Modalidade dependencia	
		Nº de horas prestadas	Nº de usuarios/as atendidos/as	Nº de horas prestadas	Nº de usuarios/as atendidos/as
ORTEGAL	CARIÑO	5847,00	20	29119,00	53
	CERDIDO	1371,00	11	11156,00	39
	MAÑON	4547,00	31	12968,67	49
	ORTIGUEIRA	2962,00	18	43786,00	97
FERROL	ARES	4728,00	36	43298,00	85
	CEDEIRA	3087,00	22	29115,00	0
	FENE	1982,00	15	39234,00	94
	FERROL	24480,00		152580,00	
	MOECHE	2666,00	26	3077,00	23
	MUGARDOS	1807,00	17	16476,00	44
	NARON	0,00	0	108866,00	220
	NEDA	12888,00	103	53314,00	125
	SAN SADURNIÑO	1596,00	8	20186,00	47
	AS SOMOZAS	823,00	6	8219,00	15
	VALDOVIÑO	2082,00	15	44088,00	121
EUME	A CAPELA	2037,00	17	11183,00	31
	AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ	10002,00	95	64309,40	175
	CABANAS	5398,00	40	15073,00	43
	MONFERO	855,00	9	11347,00	45
	PONTEDEUME	8443,00	23	32220,50	55
BETANZOS	ARANGA	3341,00	33	17710,00	62
	BETANZOS	3439,00	66	37462,00	99
	COIROS	2034,00	20	9255,00	28
	CURTIS	1347,00	23	23560,00	87
	IRIXOA	3673,00	28	10879,00	27
	MIÑO	1087,00	19	21415,00	60
	OZA CESURAS	4629,00	42	40695,00	97
	PADERNE	1446,00	16	9159,00	23
	VILARMAIOR	2987,00	28	9957,00	21
VILASANTAR	2939,00	41	13554,00	46	
A CORUÑA	ABEGONDO	3599,00	32	16538,00	35
	ARTEIXO	19200,00	217	50868,00	0
	BERGONDO	1894,00	12	23157,00	57
	CAMBRE	15900,00		43656,00	
	CARRAL	16428,00	72	13174,00	32
	A CORUÑA	139829,00	837	284932,00	684
	CULLEREDO	23436,00	150	44532,00	150
	OLEIROS	27928,00	201	33937,00	94
	SADA	6622,00	59	32320,00	92
BERGANTIÑOS	CABANA DE BERGANTIÑOS	2533,00	49	15537,00	63

COMARCA	CONCELLOS	Modalidade libre concorrencia		Modalidade dependencia	
		Nº de horas prestadas	Nº de usuarios/as atendidos/as	Nº de horas prestadas	Nº de usuarios/as atendidos/as
	CARBALLO	2836,00	64	49727,00	173
	CORISTANCO	1647,00	14	17509,00	37
	A LARACHA	11337,50	77	36588,00	
	LAXE	1839,00	27	12287,00	63
	MALPICA DE BERGANTIÑOS	3380,00	41	34230,00	103
	PONTECESO	919,00	13	12479,00	33
ORDES	CERCEDA	4648,00	54	24574,00	58
	FRADES	2457,00	11	11706,00	25
	MESIA	2973,00	24	1839,00	33
	ORDES	1427,00	9	22950,00	57
	OROSO	1836,00	9	15153,00	41
	TORDOIA	1736,00	11	12513,00	36
	TRAZO	1621,00	20	13430,00	37
ARZÚA	ARZUA	2400,00	8	17364,00	25
	BOIMORTO	2431,00	25	12218,00	35
	CONCELLO DO PINO	1193,45	13	8,395,88	28
	TOURO	2972,97	38	21209,81	54
TERRA DE MELIDE	MELIDE	7761,00	72	30757,00	68
	SANTISO	2826,50	12	23481,96	47
	SOBRADO DOS MONXES	3400,00	37	25718,00	58
	TOQUES	3087,50	21	11028,03	30
TERRA DE SONEIRA	CAMARIÑAS	394,00	9	20294,00	107
	VIMIANZO	4447,00	53	14822,00	84
	ZAS	2295,00	20	18500,00	59
XALLAS	MAZARICOS	3564,55	22	12194,55	39
	SANTA COMBA	1062,50	16	24164,28	71
A BARCALA	CONCELLO DA BAÑA	768,00	14	14103,87	53
	NEGREIRA	2844,00	29	10579,00	50
SANTIAGO	AMES	1670,00	14	35811,00	87
	BOQUEIXON	1543,00	12	35964,00	68
	BRION	1472,00	14	13201,00	25
	SANTIAGO DE COMPOSTELA	5793,00	32	89154,00	227
	TEO	4608,00	25	22969,00	68
	VAL DO DUBRA	449,00	3	6156,00	11
	VEDRA	4426,00	33	27379,00	71
FISTERRA	CEE	720,00	5	17703,72	52
	CORCUBION	2341,50	14	4816,00	16
	DUMBRIA	4059,60	17	4403,30	17
	FISTERRA	968,00	9	6718,00	25
	MUXIA	1158,00	18	2805,05	28
MUROS	CARNOTA	2602,00	14	12695,00	40
	MUROS	2945,00	25	21082,46	62

COMARCA	CONCELLOS	Modalidade libre concorrencia		Modalidade dependencia	
		Nº de horas prestadas	Nº de usuarios/as atendidos/as	Nº de horas prestadas	Nº de usuarios/as atendidos/as
NOIA	LOUSAME	2147,00	14	17889,63	45
	NOIA	2574,00	19	21304,38	62
	OUTES	4531,00	36	19697,41	50
	PORTO DO SON	1792,00	12	18009,37	66
BARBANZA	BOIRO	5978,66	22	-	-
	A POBRA DO CARAMIÑAL	2845,14	25	16786,30	52
	RIANXO	6317,30	53	26110,00	81
	RIBEIRA	6639,75	53	43677,45	114
O SAR	DODRO	4037,00	38	16021,76	49
	PADRON	3295,50	37	21325,91	67
	ROIS	5188,00	24	11372,00	28
Total		542.096,42	3.788	2.536.383,81	6.033

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada polos concellos e RUEPSS

Como se pode comprobar, o volume de prestación de horas no SAF ó longo do ano 2018 ascende a 3.078.480,29 horas, das cales 2.536.383,81 responden á modalidade de dependencia (o 82,4%), en tanto que 542.096,42 horas responden á modalidade de libre concorrencia (o 17,6%).

O número de persoas usuarias totais que utilizaron o servizo SAF no ano 2018 ascende a un total de 9.821, das cales 6.033 son usuarias da modalidade de dependencia (o 61,4%), e 3.788 persoas son usuarias da modalidade de libre concorrencia (o 38,5%)<sup>44</sup>.

De xeito semellante ó realizado con anterioridade, amósase preciso obviar os datos relativos ás grandes cidades para eliminar o seu efecto distorsionador. Neste sentido, o número total de horas prestadas ascendería a 2.381.712,23, das cales 371.994,42 horas pertencen á modalidade de libre concorrencia (o 15,6%) e 2.009.717,81 horas pertencen á modalidade de dependencia (o 84,4%). En termos de persoas usuarias, o número total ascendería a 8.041 persoas, das cales 2.919 serían usuarias do servizo de libre concorrencia (o 36,3%) e 5.122 persoas serían usuarias da modalidade de dependencia (o 63,7%).

En base ás persoas usuarias atendidas polo servizo pódese determinar a taxa de cobertura sobre as persoas maiores de 65 anos que está a ter este servizo nos diferentes concellos da provincia.

Táboa 42. Ratio de cobertura do servizo de SAF segundo as modalidades de libre concorrencia e dependencia nos concellos da provincia. 2018.

Comarca	Concello	Taxa de cobertura de libre concorrencia (%)	Taxa de cobertura de dependencia (%)	Taxa de cobertura global do SAF (%)
ORTEGAL	CARIÑO	1,57%	4,01%	5,59%
	CERDIDO	2,86%	9,2%	12,06%
	MAÑÓN	6,53%	9,35%	15,88%
	ORTIGUEIRA	0,88%	4,53%	5,41%

<sup>44</sup> É preciso mencionar que non se conta cos datos completos dos seguintes Concellos: Ferrol, Cambre, A Laracha e Boiro.

Comarca	Concello	Taxa de cobertura de libre concorrencia (%)	Taxa de cobertura de dependencia (%)	Taxa de cobertura global do SAF (%)
FERROL	ARES	3%	6%	9%
	CEDEIRA	1%	0%	1%
	FENE	0%	3%	3%
	FERROL	-	-	-
	MOECHE	6%	5%	11%
	MUGARDOS	1%	3%	4%
	NARON	-	3%	3%
	NEDA	7%	8%	15%
	SAN SADURNIÑO	1%	5%	6%
	AS SOMOZAS	2%	5%	7%
VALDOVIÑO	1%	6%	7%	
EUME	A CAPELA	4,6%	7,7%	12,3%
	AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ	4,1%	7,1%	11,2%
	CABANAS	4,1%	4,2%	8,3%
	MONFERO	1,4%	6,5%	7,9%
	PONTEDEUME	1,2%	2,8%	4,0%
BETANZOS	ARANGA	4,7%	8,1%	12,7%
	BETANZOS	2,2%	3,2%	5,4%
	COIROS	3,7%	4,9%	8,6%
	CURTIS	2,4%	8,3%	10,7%
	IRIXOA	5,8%	5,3%	11,1%
	MIÑO	1,4%	4,2%	5,5%
	OZA CESURAS	2,5%	5,5%	8,0%
	PADERNE	2,0%	2,8%	4,8%
	VILARMAIOR	7,6%	5,4%	12,9%
VILASANTAR	10,0%	10,0%	20,0%	
A CORUÑA	ABEGONDO	2,00%	2,10%	4,14%
	ARTEIXO	4,40%	-	4,40%
	BERGONDO	0,70%	3,00%	3,70%
	CAMBRE	-	-	-
	CARRAL	4,90%	2,10%	6,97%
	A CORUÑA	1,40%	1,10%	2,57%
	CULLEREDO	3,10%	3,00%	6,07%
	OLEIROS	2,90%	1,30%	4,21%
SADA	1,70%	2,50%	4,19%	
BERGANTIÑOS	CABANA DE BERGANTIÑOS	3,5%	4,4%	7,9%
	CARBALLO	0,9%	2,4%	3,3%
	CORISTANCO	0,7%	1,8%	2,5%
	A LARACHA	2,6%	-	2,6%
	LAXE	3,2%	6,9%	10,1%
	MALPICA DE BERGANTIÑOS	2,4%	5,7%	8,0%
	PONTECESO	0,7%	1,8%	2,6%
ORDES	CERCEDA	3,7%	3,8%	7,4%
	FRADES	1,5%	3,4%	4,9%
	MESIA	2,9%	3,8%	6,6%
	ORDES	0,3%	1,9%	2,2%

Comarca	Concello	Taxa de cobertura de libre concorrencia (%)	Taxa de cobertura de dependencia (%)	Taxa de cobertura global do SAF (%)
	OROSO	0,8%	3,5%	4,3%
	TORDOIA	0,9%	2,8%	3,7%
	TRAZO	2,0%	3,6%	5,6%
ARZÚA	ARZUA	0,45%	1,38%	1,82%
	BOIMORTO	3,43%	4,58%	8,01%
	CONCELLO DO PINO	1,06%	2,23%	3,29%
	TOURO	3,3%	4,47%	7,77%
TERRA DE MELIDE	MELIDE	3,84%	3,5%	7,34%
	SANTISO	2,02%	7,32%	9,34%
	SOBRADO DOS MONXES	5,7	8,2	13,9
	TOQUES	5,68	7,5	13,18
TERRA DE SONEIRA	CAMARIÑAS	0,6%	6,9%	7,6%
	VIMIANZO	2,3%	3,6%	5,9%
	ZAS	1,4%	3,8%	5,2%
XALLAS	MAZARICOS	1,59%	2,74%	4,33%
	SANTA COMBA	0,57%	2,47%	3,05%
A BARCALA	CONCELLO DA BAÑA	1,1%	4%	5,1%
	NEGREIRA	1,68%	2,81%	4,49%
SANTIAGO	AMES	0,4%	2,4%	2,8%
	BOQUEIXON	1,2%	6,6%	7,8%
	BRION	0,9%	1,6%	2,5%
	SANTIAGO DE COMPOSTELA	0,2%	1,2%	1,4%
	TEO	0,7%	2,0%	2,7%
	VAL DO DUBRA	0,2%	0,8%	1,0%
	VEDRA	2,7%	5,5%	8,2%
FISTERRA	CEE	0,27%	2,73%	3%
	CORCUBION	3,67%	4,03%	7,7%
	DUMBRIA	1,8%	1,77%	3,56%
	FISTERRA	0,76%	2,06%	2,81%
	MUXIA	1,21%	1,85%	3,05%
MUROS	CARNOTA	0,95%	2,65%	3,6%
	MUROS	0,94%	2,28%	3,22%
NOIA	LOUSAME	1,38%	4,24%	5,61%
	NOIA	0,54%	1,73%	2,27%
	OUTES	1,62%	2,2%	3,82%
	PORTO DO SON	0,51%	2,75%	3,27%
BARBANZA	BOIRO	-	-	-
	A POBRA DO CARAMIÑAL	1,18%	2,39%	3,57%
	RIANXO	1,94%	2,87%	4,81%
	RIBEIRA	0,97%	2,04%	3,01%
O SAR	DODRO	4,97%	6,03%	11%
	PADRON	1,87%	3,28%	5,15%
	ROIS	1,88%	2,15%	4,03%
<b>Total</b>		<b>0,60%</b>	<b>0,9%</b>	<b>1,5%</b>

Fonte: Elaboración propia a partir de datos cedidos polos Concellos e RUEPSS



A taxa de cobertura das dúas modalidades conxuntas do SAF supera o 1,5%<sup>45</sup> da poboación maior de 65 anos na provincia, sendo sensiblemente superior a taxa de cobertura da modalidade de dependencia (0,9%) cá cobertura da libre concorrencia (0,6%).

Con todo, a heteroxeneidade das coberturas a nivel agregado e a nivel local é un elemento a ter en conta para a realización dunha análise axeitada. Así, o teito das coberturas conxuntas márcaas o Concello de Vilasantar cun 20,04%, seguido de Sobrado dos Monxes cun 15,88%, Mañón cun 13,9%, Toques cun 13,18%, Cerdido cun 12,06% e Dodro cun 11%.

Dentro deste cómputo, é preciso mencionar que esta heteroxeneidade tamén é extensible a nivel local ás taxas comparadas das modalidades de dependencia e de libre concorrencia. Deste xeito, en tanto as maiores taxas de cobertura da dependencia son marcadas por Concellos como Vilasantar co 10%, en tanto que Mañón ou Cerdido superan o 9%; as maiores taxas de cobertura na libre concorrencia márcaas Vilasantar, co 10%, seguido por Vilarmaior co 8% e Neda co 7%.

Como se pode comprobar, o volume do SAF, tanto a nivel agregado como a nivel local, supón unha elevada tensión para os equipos de benestar municipais, tensións estas que se trasladan ás ratios de cobertura e, polo tanto, á prestación efectiva de servizos. Así, a elevada complexidade do SAF, onde interveñen numerosos factores no proceso de servucción, e as posibilidades operativas, técnicas e financeiras dos Concellos, inciden a nivel local na heteroxeneidade presentada e na presenza de fondas diferenzas entre as ratios a nivel comparado, sobre todo tendo en conta a expansión actual do servizo e a presenza, en termos xerais, de listaxes de agarda.

Dentro da evolución do sistema de financiamento específico para as políticas de benestar local dos Concellos menores de 20.000 habitantes levado a cabo dende a Deputación da Coruña, na actualidade o FOPPSS fai especial fincapé na atención ó SAF libre concorrencia, sendo preciso estudar a súa evolución nos últimos anos.

Táboa 43. Número de horas prestadas do SAF libre concorrencia nos concellos da provincia menores de 20.000 habitantes. 2016 - 2018.

Comarca	Concello	2016	2017	2018	Evolución
ORTEGAL	CARIÑO	6.296,00	5.768,00	5.847,00	-7,1%
	CERDIDO	1.539,00	1.463,00	1.371,00	-10,9%
	MAÑÓN	7.204,00	4.298,00	4.547,00	-36,9%
	ORTIGUEIRA	4.038,00	2.767,50	2.962,00	-26,6%
FERROL	ARES	4.880,00	4.497,00	4.728,00	-3,1%
	CEDEIRA	2.208,00	2.963,00	3.087,00	39,8%
	FENE	1.495,00	1.992,00	1.982,00	32,6%
	MOECHE	2.200,00	2.338,00	2.666,00	21,2%
	MUGARDOS	3.367,00	2.264,00	1.807,00	-46,3%
	NEDA	9.969,00	11.324,00	12.888,00	29,3%
	SAN SADURNIÑO	1.546,00	1.482,00	1.596,00	3,2%
	AS SOMOZAS	1.901,00	1.384,00	823,00	-56,7%

<sup>45</sup> É preciso mencionar que non se conta cos datos completos dos seguintes Concellos: Ferrol, Cambre, A Laracha, Arteixo e Boiro.

Comarca	Concello	2016	2017	2018	Evolución
	VALDOVIÑO	2.411,00	1.512,00	2.082,00	<b>-13,6%</b>
EUME	A CAPELA	1.501,00	1.896,00	2.037,00	<b>35,7%</b>
	AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ	7.366,00	9.280,00	10.002,00	<b>35,8%</b>
	CABANAS	6.246,00	5.423,00	5.398,00	<b>-13,6%</b>
	MONFERO	1.244,00	952,00	855,00	<b>-31,3%</b>
	PONTEDEUME	12.548,00	9.901,00	8.443,00	<b>-32,7%</b>
BETANZOS	ARANGA	3.276,00	3.215,68	3.341,00	<b>2,0%</b>
	BETANZOS	2.570,00	3.422,00	3.439,00	<b>33,8%</b>
	COIROS	1.276,00	1.380,00	2.034,00	<b>59,4%</b>
	CURTIS	1.119,00	2.595,00	1.374,00	<b>22,8%</b>
	IRIXOA	1.263,00	2.183,00	3.673,00	<b>190,8%</b>
	MIÑO	2.676,00	2.073,00	1.087,00	<b>-59,4%</b>
	OZA CESURAS	4.631,00	4.392,00	4.269,40	<b>-7,8%</b>
	PADERNE	1.079,00	1.032,00	1.446,00	<b>34,0%</b>
	VILARMAIOR	2.986,00	2.270,00	2.987,00	<b>0,0%</b>
	VILASANTAR	1.672,00	2.446,00	2.939,00	<b>75,8%</b>
A CORUÑA	ABEGONDO	3.072,00	2.967,00	3.599,00	<b>17,2%</b>
	BERGONDO	1.666,00	1.644,00	1.894,00	<b>13,7%</b>
	CARRAL	14.329,00	14.469,00	16.428,00	<b>14,6%</b>
	SADA	6.186,00	6.568,00	6.222,00	<b>0,6%</b>
BERGANTIÑOS	CABANA DE BERGANTIÑOS	1.974,00	2.325,00	2.533,00	<b>28,3%</b>
	CORISTANCO	1.978,00	-	1.647,00	<b>-16,7%</b>
	A LARACHA	10.938,00	11.932,00	11.319,00	<b>3,5%</b>
	LAXE	1.867,00	1.830,00	1.839,00	<b>-1,5%</b>
	MALPICA DE BERGANTIÑOS	3.290,00	3.243,00	3.380,00	<b>2,7%</b>
	PONTECESO	1.341,00	1.131,00	919,00	<b>-31,5%</b>
ORDES	CERCEDA	5.315,00	4.671,00	4.648,00	<b>-12,5%</b>
	FRADES	1.340,00	1.560,50	2.457,00	<b>83,4%</b>
	MESIA	2.209,00	1.611,00	2.973,00	<b>34,6%</b>
	ORDES	1.829,00	1.514,25	1.427,00	<b>-22,0%</b>
	OROSO	1.040,00	1.556,50	1.836,00	<b>76,5%</b>
	TORDOIA	1.527,00	1.768,00	1.736,00	<b>13,7%</b>
	TRAZO	2.209,00	1.611,00	1.621,00	<b>-26,6%</b>
ARZÚA	ARZUA	2.147,00	2.056,00	2.400,00	<b>11,8%</b>
	BOIMORTO	2.186,00	2.383,00	2.431,00	<b>11,2%</b>
	O PINO	2.237,00	1.521,00	1.193,45	<b>-46,6%</b>
	TOURO	3.103,30	2.923,06	2.972,97	<b>-4,2%</b>
TERRA DE MELIDE	MELIDE	7.455,00	7.368,00	7.761,00	<b>4,1%</b>
	SANTISO	4.052,00	3.064,19	2.826,50	<b>-30,2%</b>
	SOBRADO DOS MONXES	3.739,00	3.707,50	3.400,00	<b>-9,1%</b>
	TOQUES	3.112,50	3.115,50	3.087,50	<b>-0,8%</b>
TERRA DE SONEIRA	CAMARIÑAS	459,00	472,00	394,00	<b>-14,2%</b>
	VIMIANZO	2.665,00	2.817,00	4.447,00	<b>66,9%</b>
	ZAS	2.295,00	2.037,00	1.737,00	<b>-24,3%</b>
XALLAS	MAZARICOS	2.380,02	4.424,50	3.564,55	<b>49,8%</b>

Comarca	Concello	2016	2017	2018	Evolución
	SANTA COMBA	833,00	885,50	1.062,50	<b>27,6%</b>
A BARCALA	A BAÑA	1.013,50	1.049,50	768,00	<b>-24,2%</b>
	NEGREIRA	2.106,45	2.172,00	2.844,00	<b>35,0%</b>
SANTIAGO	BOQUEIXON	1.358,00	1.559,00	1.543,00	<b>13,6%</b>
	BRION	1.638,00	1.327,00	1.472,00	<b>-10,1%</b>
	TEO	5.567,00	4.961,00	4.608,00	<b>-17,2%</b>
	VAL DO DUBRA	544,00	436,00	449,00	<b>-17,5%</b>
	VEDRA	4.049,00	4.360,00	4.260,00	<b>5,2%</b>
FISTERRA	CEE	5.331,00	2.082,00	720,00	<b>-86,5%</b>
	CORCUBION	1.681,50	1.707,00	2.341,50	<b>39,3%</b>
	DUMBRIA	5.555,00	5.068,95	4.059,60	<b>-26,9%</b>
	FISTERRA	1.314,00	1.314,00	968,00	<b>-26,3%</b>
	MUXIA	1.655,00	1.898,00	1.158,00	<b>-30,0%</b>
MUROS	CARNOTA	1.364,00	3.278,00	2.602,00	<b>90,8%</b>
	MUROS	1.670,00	2.468,00	2.945,00	<b>76,3%</b>
NOIA	LOUSAME	1.291,00	1.270,00	2.147,00	<b>66,3%</b>
	NOIA	3.932,00	3.592,00	2.574,00	<b>-34,5%</b>
	OUTES	5.082,00	4.767,24	4.531,00	<b>-10,8%</b>
	PORTO DO SON	3.176,00	1.463,50	1.792,00	<b>-43,6%</b>
BARBANZA	BOIRO	7.308,15	666,41	5.978,66	<b>-18,2%</b>
	A POBRA DO CARAMIÑAL	1.910,83	2.810,22	2.845,14	<b>48,9%</b>
	RIANXO	2.271,00	3.886,00	6.317,30	<b>178,2%</b>
O SAR	DODRO	4.313,25	3.722,25	4.037,00	<b>-6,4%</b>
	PADRON	3.294,00	3.391,00	3.295,50	<b>0,0%</b>
	ROIS	2.125,00	3.223,15	5.188,00	<b>144,1%</b>
<b>Total</b>		<b>268.830,50</b>	<b>256.160,90</b>	<b>272.909,57</b>	<b>1,5%</b>

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada polos concellos, RUEPSS e Deputación da Coruña.

Como se pode comprobar, os datos agregados da prestación de horas efectivas de servizo de axuda no fogar da modalidade de libre concorrència nos Concellos menores de 20.000 habitantes amosan unha evolución á alza do 1,5% entre os anos 2016 e 2018.

Esta estabilidade global, cunha lixeira alza, é heteroxénea ó analizala por Concellos, debendo salientarse a existencia de incrementos substanciais, como acontece nos casos de Irixoa (incremento do 190,8%), Rianxo (178,2%), ou Rois (144,1%), en tanto que tamén se verifica a existencia de acusados descenso, como é o caso de As Somozas (-56,7%), Miño (-59,4%) ou, sobre todo, Cee cunha baixa do 86,5% sobre os datos do ano 2016.

Neste sentido, na liña do mencionado con anterioridade, a evolución dispar dos servizos municipais responde a numerosas causas de carácter operativo, técnico e financeiro dos diferentes Concellos, sendo de especial relevancia a intensa relación establecida, en termos xerais, entre as dúas modalidades do SAF (dependencia e libre concorrència). Así, verifícase a existencia dunha práctica compartida entre os equipos técnicos da maior parte dos Concellos pola cal o SAF de libre concorrència tende a cubrir as agardas do proceso de valoración das persoas susceptibles de seren dependentes, de tal xeito que este especial vencello crea, por unha banda, fluxos de persoas usuarias

entre ámbalas modalidades (co que isto comporta á hora de vencellar incrementos do financiamento da modalidade da dependencia por parte da Xunta de Galicia coa baixa do número de horas de servizo por parte da modalidade de libre concorrència), en tanto que tamén comporta a existencia de custos de oportunidade con respecto á utilización da libre concorrència para casos que non respondan ás necesidades das persoas en proceso de valoración da dependencia.

Dentro desta análise do SAF libre concorrència é preciso afondar no apoio financeiro que a Deputación da Coruña está a prestar dentro do Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais (FOPPSS). Como xa se indicou con anterioridade, este programa, que responde á competencia determinada ó abeiro do Decreto 99/2012 que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, evolucionou nos últimos anos e, na actualidade, no caso do SAF financia os custos correspondentes ó persoal auxiliar do devandito servizo, establecéndose, para elo, unha achega<sup>46</sup> de 12,00€ por hora prestada de servizo.

A seguinte táboa amosa a evolución do financiamento da Deputación da Coruña ós concellos da provincia menores de 20.000 habitantes para o servizo de axuda no fogar na modalidade de libre concorrència.

*Táboa 44. Importe das achegas realizadas pola Deputación da Coruña para o financiamento do SAF libre concorrència nos concellos menores de 20.000 habitantes da provincia. 2016 - 2019.*

Comarca	Concello	2016	2017	2018	2019	Evolución 2016 - 2019
ORTEGAL	CARIÑO	17.643,83 €	17.643,83 €	75.552,00 €	75.552,00 €	<b>328,2%</b>
	CERDIDO	17.643,83 €	17.643,83 €	18.468,00 €	18.468,00 €	<b>4,7%</b>
	MAÑÓN	17.643,83 €	17.643,83 €	59.136,00 €	89.460,00 €	<b>407,0%</b>
	ORTIGUEIRA	17.643,83 €	17.643,83 €	42.000,00 €	34.800,00 €	<b>97,2%</b>
FERROL	ARES	17.643,83 €	17.643,83 €	50.902,40 €	58.560,00 €	<b>231,9%</b>
	CEDEIRA	17.643,83 €	17.643,83 €	26.496,00 €	26.496,00 €	<b>50,2%</b>
	FENE	17.643,83 €	17.643,83 €	17.940,12 €	25.900,49 €	<b>46,8%</b>
	MOECHE	17.643,83 €	17.643,83 €	26.400,00 €	28.395,93 €	<b>60,9%</b>
	MUGARDOS	17.643,83 €	17.643,83 €	40.412,40 €	40.412,40 €	<b>129,0%</b>
	NEDA	17.643,83 €	17.643,83 €	119.628,12 €	173.056,45 €	<b>880,8%</b>
	SAN SADURNIÑO	17.643,83 €	17.643,83 €	18.552,00 €	22.636,80 €	<b>28,3%</b>
	AS SOMOZAS	17.643,83 €	17.643,83 €	22.812,00 €	22.812,00 €	<b>29,3%</b>
	VALDOVIÑO	17.643,83 €	17.643,83 €	28.933,80 €	30.855,45 €	<b>74,9%</b>
	EUME	A CAPELA	17.643,83 €	17.643,83 €	18.012,00 €	21.997,01 €
AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ		17.643,83 €	17.643,83 €	88.392,84 €	108.503,33 €	<b>515,0%</b>
CABANAS		17.643,83 €	17.643,83 €	74.955,00 €	64.800,00 €	<b>267,3%</b>
MONFERO		17.643,83 €	17.643,83 €	14.400,00 €	14.400,00 €	<b>-18,4%</b>
PONTEDEUME		17.643,83 €	17.643,83 €	120.230,28 €	128.549,10 €	<b>628,6%</b>

<sup>46</sup> A achega para o financiamento do persoal auxiliar do SAF libre concorrència, establecido na base 4 das Bases Reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais, pasou de ser unha achega fixa de 17.643,83€ nos anos 2016 e 2017 ( por exemplo, BOP nº 39 de 24 de febreiro de 2017) a unha achega calculada en función das horas previstas de prestación do servizo sobre a base de 12,00€ por hora prestada de servizo.

Comarca	Concello	2016	2017	2018	2019	Evolución 2016 - 2019
BETANZOS	ARANGA	17.643,83 €	17.643,83 €	39.316,08 €	40.804,04 €	<b>131,3%</b>
	BETANZOS	17.643,83 €	17.643,83 €	30.840,00 €	39.954,30 €	<b>126,4%</b>
	COIROS	17.643,83 €	17.643,83 €	15.318,00 €	21.195,72 €	<b>20,1%</b>
	CURTIS	17.643,83 €	17.643,83 €	13.428,00 €	15.962,71 €	<b>-9,5%</b>
	IRIXOA	17.643,83 €	17.643,83 €	15.163,80 €	36.029,22 €	<b>104,2%</b>
	MIÑO	17.643,83 €	17.643,83 €	32.118,00 €	32.118,00 €	<b>82,0%</b>
	OZA CESURAS	17.643,83 €	17.643,83 €	55.576,32 €	55.576,32 €	<b>215,0%</b>
	PADERNE	17.643,83 €	17.643,83 €	12.954,00 €	17.880,38 €	<b>1,3%</b>
	VILARMAIOR	17.643,83 €	17.643,83 €	35.832,00 €	36.257,78 €	<b>105,5%</b>
	VILASANTAR	17.643,83 €	17.643,83 €	32.064,00 €	32.064,00 €	<b>81,7%</b>
A CORUÑA	ABEGONDO	17.643,83 €	17.643,83 €	36.870,00 €	41.377,25 €	<b>134,5%</b>
	BERGONDO	17.643,83 €	17.643,83 €	19.997,52 €	35.522,03 €	<b>101,3%</b>
	CARRAL	17.643,83 €	17.643,83 €	171.953,76 €	177.975,52 €	<b>908,7%</b>
	SADA	17.643,83 €	17.643,83 €	74.238,12 €	76.762,78 €	<b>335,1%</b>
BERGANTIÑOS	CABANA DE BERGANTIÑOS	17.643,83 €	17.643,83 €	23.694,00 €	30.516,42 €	<b>73,0%</b>
	CORISTANCO	-	-	-	23.747,28 €	-
	A LARACHA	17.643,83 €	17.643,83 €	131.262,00 €	133.800,03 €	<b>658,3%</b>
	LAXE	17.643,83 €	17.643,83 €	22.415,88 €	23.294,11 €	<b>32,0%</b>
	MALPICA DE BERGANTIÑOS	17.643,83 €	17.643,83 €	39.480,00 €	40.877,08 €	<b>131,7%</b>
	PONTECESO	17.643,83 €	17.643,83 €	16.092,00 €	16.092,00 €	<b>-8,8%</b>
ORDES	CERCEDA	17.643,83 €	17.643,83 €	50.902,40 €	76.323,15 €	<b>332,6%</b>
	FRADES	17.643,83 €	17.643,83 €	16.087,20 €	23.514,35 €	<b>33,3%</b>
	MESIA	17.643,83 €	17.643,83 €	41.414,04 €	43.465,29 €	<b>146,3%</b>
	ORDES	17.643,83 €	17.643,83 €	21.955,20 €	21.955,20 €	<b>24,4%</b>
	OROSO	17.643,83 €	17.643,83 €	12.490,32 €	25.524,03 €	<b>44,7%</b>
	TORDOIA	17.643,83 €	17.643,83 €	18.324,00 €	22.801,31 €	<b>29,2%</b>
	TRAZO	17.643,83 €	17.643,83 €	26.517,00 €	26.517,00 €	<b>50,3%</b>
ARZÚA	ARZUA	17.643,83 €	17.643,83 €	25.764,00 €	35.430,48 €	<b>100,8%</b>
	BOIMORTO	17.643,83 €	17.643,83 €	26.232,00 €	33.804,35 €	<b>91,6%</b>
	O PINO	17.643,83 €	17.643,83 €	17.014,16 €	20.004,00 €	<b>13,4%</b>
	TOURO	17.643,83 €	17.643,83 €	25.105,21 €	25.108,21 €	<b>42,3%</b>
TERRA DE MELIDE	MELIDE	17.643,83 €	17.643,83 €	89.460,00 €	89.460,00 €	<b>407,0%</b>
	SANTISO	17.643,83 €	17.643,83 €	48.624,48 €	36.000,00 €	<b>104,0%</b>
	SOBRADO DOS MONXES	17.643,83 €	17.643,83 €	44.868,00 €	47.934,93 €	<b>171,7%</b>
	TOQUES	17.643,83 €	17.643,83 €	32.420,76 €	37.350,00 €	<b>111,7%</b>
TERRA DE SONEIRA	CAMARIÑAS	17.643,83 €	17.643,83 €	5.516,04 €	5.516,04 €	<b>-68,7%</b>
	VIMIANZO	17.643,83 €	17.643,83 €	31.987,32 €	35.542,49 €	<b>101,4%</b>
	ZAS	17.643,83 €	17.643,83 €	27.540,00 €	28.238,54 €	<b>60,0%</b>
XALLAS	MAZARICOS	17.643,83 €	17.643,83 €	28.560,24 €	40.668,15 €	<b>130,5%</b>
	SANTA COMBA	17.643,83 €	17.643,83 €	9.996,00 €	22.323,58 €	<b>26,5%</b>
A BARCALA	A BAÑA	17.643,83 €	17.643,83 €	12.162,00 €	13.302,95 €	<b>-24,6%</b>
	NEGREIRA	17.643,83 €	17.643,83 €	25.277,00 €	28.870,23 €	<b>63,6%</b>
SANTIAGO	BOQUEIXON	17.643,83 €	17.643,83 €	16.306,56 €	17.910,68 €	<b>1,5%</b>

Comarca	Concello	2016	2017	2018	2019	Evolución 2016 - 2019
	BRION	17.643,83 €	17.643,83 €	19.664,88 €	18.000,00 €	<b>2,0%</b>
	TEO	17.643,83 €	17.643,83 €	66.806,28 €	66.891,50 €	<b>279,1%</b>
	VAL DO DUBRA	17.643,83 €	17.643,83 €	6.528,00 €	11.690,55 €	<b>-33,7%</b>
	VEDRA	17.643,83 €	17.643,83 €	48.588,36 €	58.600,58 €	<b>232,1%</b>
FISTERRA	CEE	17.643,83 €	17.643,83 €	8.298,00 €	8.928,00 €	<b>-49,4%</b>
	CORCUBION	17.643,83 €	17.643,83 €	20.178,00 €	22.962,18 €	<b>30,1%</b>
	DUMBRIA	17.643,83 €	17.643,83 €	66.660,00 €	66.600,00 €	<b>277,5%</b>
	FISTERRA	17.643,83 €	17.643,83 €	15.768,00 €	24.150,49 €	<b>36,9%</b>
	MUXIA	17.643,83 €	17.643,83 €	19.860,00 €	19.860,00 €	<b>12,6%</b>
MUROS	CARNOTA	17.643,83 €	17.643,83 €	16.368,00 €	33.638,59 €	<b>90,7%</b>
	MUROS	17.643,83 €	17.643,83 €	20.040,00 €	28.968,02 €	<b>64,2%</b>
NOIA	LOUSAME	17.643,83 €	17.643,83 €	15.492,00 €	23.020,56 €	<b>30,5%</b>
	NOIA	17.643,83 €	17.643,83 €	47.184,00 €	49.141,58 €	<b>178,5%</b>
	OUTES	17.643,83 €	17.643,83 €	60.987,12 €	60.000,00 €	<b>240,1%</b>
	PORTO DO SON	17.643,83 €	17.643,83 €	38.118,00 €	38.118,00 €	<b>116,0%</b>
BARBANZA	BOIRO	17.643,83 €	17.643,83 €	87.697,80 €	87.697,80 €	<b>397,0%</b>
	A POBRA DO CARAMIÑAL	17.643,83 €	17.643,83 €	22.929,96 €	31.859,11 €	<b>80,6%</b>
	RIANXO	17.643,83 €	17.643,83 €	27.252,00 €	57.721,29 €	<b>227,1%</b>
O SAR	DODRO	17.643,83 €	17.643,83 €	15.492,00 €	23.202,56 €	<b>31,5%</b>
	PADRON	17.643,83 €	17.643,83 €	47.184,00 €	49.141,58 €	<b>178,5%</b>
	ROIS	17.643,83 €	17.643,83 €	60.987,12 €	60.000,00 €	<b>240,1%</b>
<b>Total</b>		<b>1.429.150,23 €</b>	<b>1.429.150,23 €</b>	<b>3.068.443,89 €</b>	<b>3.511.219,28 €</b>	<b>145,7%</b>

Fonte: Resolucións polas que se aproba o Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais (FOPPSS) os anos 2016, 2017, 2018 e 2019.

No período analizado obsérvase unha salientable evolución dos volumes de financiamento do SAF libre concorrencia como consecuencia do paso da modalidade de financiamento de carácter lineal dos anos 2016 e 2017 ó sistema de financiamento por horas de prestación de servizo.

Esta evolución, que en termos agregados supón o 145,7% para o conxunto da provincia, a nivel local ten o seu teito no Concello de Carral, que ve o seu financiamento incrementado nun 908,7%, sendo un total de 20 Concellos os que incrementan o seu financiamento en máis do 200%.

Pola contra, son 7 os Concellos que ven reducido o seu financiamento a consecuencia do troco de sistema, salientando o caso do Concello de Camariñas, que perde o 68,7% e o de Cee, que perde o 59,4%. Esta redución do financiamento vén derivada de non chegar a unha masa crítica de horas de SAF libre concorrencia prestadas efectivamente, razón pola cal a evolución do modo de financiamento lineal ó novo sistema prexudica a estes Concellos.

Estas evolucións dispares responden ás previsións de horas de servizo que estiman os equipos municipais, de tal xeito que o troco de sistema por parte da Deputación supuxo un incremento das posibilidades de financiamento que, como foi observado na táboa anterior, en termos xerais, se acompaña dunha evolución positiva da prestación do servizo. Con todo, verificase a existencia de dificultades de diferentes Concellos para a execución efectiva das horas de SAF libre concorrencia

financiadas dende a Deputación, aspecto este vencellado coa complexidade do proceso de servucción e a súa xestión operativa, o cal comporta en diferentes casos a existencia de posibilidades de financiamento superiores á capacidade de prestación de servizos á cidadanía.

Como se mencionou con anterioridade, unha parte importante da composición dos equipos de benestar dos Concellos vencéllase ó servizo de axuda no fogar nas súas diferentes modalidades. Así, e para realizar a análise do volume de profesionais do SAF, é preciso ter en conta tanto a presenza necesaria de diferentes ocupacións como os sistemas de xestión que os Concellos empregan á hora da prestación do servizo.

*Táboa 45. Tipo de xestión do servizo de axuda no fogar nos concellos da provincia menores de 20.000 habitantes en función da súa modalidade e número de persoal encargado da coordinación e da prestación do servizo. 2018.*

Comarca	Concello	Modalidade de SAF	Tipo de xestión	Persoal de coordinación	Persoal auxiliar	Custo /hora
ORTEGAL	CARIÑO	Libre concorrencia	Directo	2	4	12,00 €
		Dependencia	Mixto		20	
	CERDIDO	Libre concorrencia	Directo	1	8	15 - 20€
		Dependencia	Mixto			
	MAÑÓN	Libre concorrencia	Directo	2	21	14,42 €
		Dependencia				14,59 €
	ORTIGUEIRA	Libre concorrencia	Mixto	3	35	13,97 €
		Dependencia				
FERROL	ARES	Libre concorrencia	Externalizado	2	47	12,28 €
		Dependencia				
	CEDEIRA	Libre concorrencia	Directo	1	25	18,36 €
		Dependencia				
	FENE	Libre concorrencia	Directo	1	5	14,65 €
		Dependencia	Externalizado	2	52	13,19 €
	MOECHE	Libre concorrencia	Directo	1	4	14,57 €
		Dependencia				12,39 €
	MUGARDOS	Libre concorrencia	Directo	1	12	12,00 €
		Dependencia				10,64 €
	NEDA	Libre concorrencia	Externalizado	2	60	13,30 €
		Dependencia				
	SAN SADURNIÑO	Libre concorrencia	Mixto	2	21	12,00 €
		Dependencia				
	AS SOMOZAS	Libre concorrencia	Mixto	2	6	13,00 €
		Dependencia				
VALDOVIÑO	Libre concorrencia	Externalizado	2	35	13,52 €	
	Dependencia					
EUME	A CAPELA	Libre concorrencia	Mixto	1	2	19,16 €
		Dependencia	Externalizado	1	13	12,67 €
	AS PONTES DE GARCIA RODRIGUEZ	Libre concorrencia	Directo	1	9	12,00 €
		Dependencia	Externalizado	1	84	12,93 €
	CABANAS	Libre concorrencia	Directo	1	5	19,20 €

Comarca	Concello	Modalidade de SAF	Tipo de xestión	Persoal de coordinación	Persoal auxiliar	Custo /hora
		Dependencia	Externalizado	1	33	12,41 €
		Libre concorrencia	Directo	1	13	16,05 €
	Dependencia					
	PONTEDEUME	Libre concorrencia	Directo	1	5	16,01 €
Dependencia		Externalizado	1	39	12,84 €	
BETANZOS	ARANGA	Libre concorrencia	Mixto	1	35	15,40 €
		Dependencia	Externalizado	1		12,85 €
	BETANZOS	Libre concorrencia	Directo	1	3	17,14 €
		Dependencia	Externalizado	1	42	11,92 €
	COIROS	Libre concorrencia	Directo	1	10	17,19 €
		Dependencia				
	CURTIS	Libre concorrencia	Mixto	2	23	12,00 €
		Dependencia				14,00 €
	IRIXOA	Libre concorrencia	Mixto	1	16	12,00 €
		Dependencia	Externalizado	1		14,43 €
	MIÑO	Libre concorrencia	Externalizado	2	38	13,74 €
		Dependencia				13,46 €
	OZA CESURAS	Libre concorrencia	Mixto	1	7	16,28 €
		Dependencia	Externalizado	1	60	10,89 €
	PADERNE	Libre concorrencia	Mixto	2	10	14,23 €
		Dependencia				12,90 €
VILARMAIOR	Libre concorrencia	Directo	1	4	14,00 €	
	Dependencia	Externalizado	1	26	13,99 €	
VILASANTAR	Libre concorrencia	Directo	1	17	13,90 €	
	Dependencia				14,25 €	
A CORUÑA	ABEGONDO	Libre concorrencia	Externalizada / Mixta	2	18	12,92 €
		Dependencia				
	BERGONDO	Libre concorrencia	Mixto	2	30	34,90 €
		Dependencia				14,56 €
	CARRAL	Libre concorrencia	Mixto	2	2	16,06 €
		Dependencia	Externalizado		23	15,21 €
SADA	Libre concorrencia	Mixto	2	26	13,73 €	
	Dependencia	Externalizado				
BERGANTIÑOS	CABANA DE BERGANTIÑOS	Libre concorrencia	Mixto	2	17	13,70 €
		Dependencia				
	CORISTANCO	Libre concorrencia	Mixto	3	3	12,00 €
		Dependencia	Externalizado		12	
	A LARACHA	Libre concorrencia	Externalizado	2	33	11,44 €
		Dependencia				11,86 €
	LAXE	Libre concorrencia	Mixto	2	12	13,45 €
		Dependencia				13,55 €
	MALPICA DE BERGANTIÑOS	Libre concorrencia	Directo	2	3	13,86 €
		Dependencia	Externalizado		19	11,54 €
PONTECESO	Libre concorrencia	Externalizado	2	10	14,28 €	
	Dependencia				15,65 €	



Comarca	Concello	Modalidade de SAF	Tipo de xestión	Persoal de coordinación	Persoal auxiliar	Custo /hora
ORDES	CERCEDA	Libre concorrencia	Externalizado	3	32	15,47 €
		Dependencia				
	MANC. DE ORDES (FRADES E ORDES)	Libre concorrencia	Externalizado	3	38	13,73 €
		Dependencia				
	MESIA	Libre concorrencia	Directo	1	13	13,00 €
		Dependencia				13,29 €
	OROSO	Libre concorrencia	Externalizado	2	15	16,00 €
		Dependencia				16,10 €
	TORDOIA	Libre concorrencia	Directo	1	14	12,89 €
		Dependencia				
	TRAZO	Libre concorrencia	Externalizado	2	18	12,75 €
		Dependencia				
ARZÚA	ARZUA	Libre concorrencia	Externalizado	1	25	12,00 €
		Dependencia				
	BOIMORTO	Libre concorrencia	Directo	1	3	12,00 €
		Dependencia			9	
	O PINO	Libre concorrencia	Externalizado	1	21	13,24 €
		Dependencia				
	TOURO	Libre concorrencia	Mixto	2	24	9,04 €
		Dependencia	Externalizado			12,69 €
TERRA DE MELIDE	MELIDE	Libre concorrencia	Externalizado	2	8	11,65 €
		Dependencia				
	SANTISO	Libre concorrencia	Mixto	3	26	13,21 €
		Dependencia				
	SOBRADO DOS MONXES	Libre concorrencia	Directo	2	6	14,40 €
		Dependencia	Externalizado		26	13,00 €
	TOQUES	Libre concorrencia	Directo	3	3	13,19 €
		Dependencia	Externalizado		12	12,37 €
TERRA DE SONEIRA	CAMARIÑAS	Libre concorrencia	Mixto	2	15	16,33 €
		Dependencia				15,82 €
	VIMIANZO	Libre concorrencia	Externalizado	2	22	14,58 €
		Dependencia				13,88 €
	ZAS	Libre concorrencia	Externalizado	2	21	12,35 €
		Dependencia				
XALLAS	MAZARICOS	Libre concorrencia	Externalizado	2	13	12,06 €
		Dependencia				11,40 €
	SANTA COMBA	Libre concorrencia	Directo	1	16	14,00 €
		Dependencia				
A BARCALA	A BAÑA	Libre concorrencia	Mixto	3	19	13,76 €
		Dependencia				
	NEGREIRA	Libre concorrencia	Mixto	1	19	14,64 €
		Dependencia				17,43 €
SANTIAGO	BOQUEIXON	Libre concorrencia	Externalizado	2	41	16,10 €
		Dependencia				
	BRION	Libre concorrencia	Externalizado	2	25	15,35 €

Comarca	Concello	Modalidade de SAF	Tipo de xestión	Persoal de coordinación	Persoal auxiliar	Custo /hora
	TEO	Dependencia				14,51 €
		Libre concorrencia	Externalizado	2	37	16,94 €
	Dependencia					
	VAL DO DUBRA	Libre concorrencia	Directo	1	2	13,00 €
		Dependencia				
	VEDRA	Libre concorrencia	Externalizado	2	50	15,65 €
		Dependencia				15,91 €
	FISTERRA	CEE	Libre concorrencia	Externalizado	1	15
Dependencia			14,98 €			
CORCUBION		Libre concorrencia	Directo	1	11	14,66 €
		Dependencia				
DUMBRIA		Libre concorrencia	Directo	1	8	18,26 €
		Dependencia				15,28 €
FISTERRA		Libre concorrencia	Directo	1	5	12,95 €
		Dependencia				11,28 €
MUXIA		Libre concorrencia	Mixto	1	7	15,90 €
		Dependencia				
MUROS	CARNOTA	Libre concorrencia	Directo	2	2	12,00 €
		Dependencia			10	
	MUROS	Libre concorrencia	Directo	2	2	12,00 €
		Dependencia	Mixto		15	
NOIA	LOUSAME	Libre concorrencia	Directo	1	3	16,18 €
		Dependencia	Externalizado	1	17	10,92 €
	NOIA	Libre concorrencia	Mixto	1	3	27,44 €
		Dependencia	Externalizado	3	22	13,38 €
	OUTES	Libre concorrencia	Directo	1	4	12,00 €
		Dependencia	Externalizado	1	17	10,86 €
	PORTO DO SON	Libre concorrencia	Mixto	3	23	15,37 €
		Dependencia				11,15 €
BARBANZA	BOIRO	Libre concorrencia	-	1	7	-
		Dependencia				
	A POBRA DO CARAMIÑAL	Libre concorrencia	Directo	2	33	16,60 €
		Dependencia	Mixto			14,00 €- 15,00 €
	RIANXO	Libre concorrencia	Mixto	3	29	15,01 €
		Dependencia				14,70 €
O SAR	DODRO	Libre concorrencia	Directo	1	3	13,10 €
		Dependencia	Externalizado	2	31	11,66 €
	PADRON	Libre concorrencia	Mixto	1	3	12,00 €
		Dependencia			2	12,00 €
	ROIS	Libre concorrencia	Mixto	1	33	13,85 €
		Dependencia				13,93 €


Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada polos Concellos e RUEPSS

A análise do cadro precedente amosa a intensidade operativa relacionada co SAF, de ámbalas modalidades, que está a marcar a práctica cotiá do traballo dos departamentos de benestar locais, xa

que en termos agregados, é posible indicar que o número de profesionais técnicos que na actualidade están a coordinar os servizos ascende a 152, en tanto que o número de profesionais auxiliares do SAF ascende a un total de 1.935 para os Concellos menores de 20.000 habitantes da provincia. Neste sentido, é preciso mencionar que dentro do cómputo inclúese o persoal técnico tanto propio do Concello como propio das diferentes entidades prestadoras, aplicando o mesmo cómputo para o persoal auxiliar do SAF.

Como se pode comprobar, a fragmentación dos modelos de xestión das dúas modalidades do SAF é unha das características a salientar xa que, se ben existe unha lixeira tendencia á xestión directa da modalidade de libre concorrència e á xestión externalizada da xestión da modalidade da dependencia, estas tendencias non son absolutas, tal e como se pode observar no seguinte cadro comparativo.

*Gráfico 49 Tipo de xestión do servizo de axuda no fogar nos concellos da provincia menores de 20.000 habitantes en función da súa modalidade. 2018.*



Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada polos Concellos e RUEPSS

Así, se ben na modalidade de libre concorrència a xestión directa é a utilizada no 40,5% dos casos, esta xestión directa é a utilizada no 20% dos casos na modalidade da dependencia. Con respecto á xestión externalizada, as porcentaxes invértense, xa que en libre concorrència este é o xeito de xestión do 27% dos casos, sendo na dependencia o 53%. Con respecto á xestión mixta, que combina equipos propios e de entidades prestadoras externas para a xestión do servizo, esta é a modalidade de xestión escollida no 33% dos casos de libre concorrència e no 27% dos casos da dependencia.

Outro dos elementos centrais para a xestión do SAF é o custo/hora do mesmo, sobre todo tendo en conta o xa mencionado da modalidade de financiamento do mesmo tanto por parte da Deputación como por parte da Consellería de Política Social. Neste sentido, a pesar de que o promedio do custo/hora se establece nos 14,09€, a amplitude de custos é salientable, roldando entre o teito do Concello de Bergondo (libre concorrència de xestión mixta) con 34,90€, e 27,44€ da xestión mixta da libre concorrència de Noia, ou os 19,16€ da xestión mixta da libre concorrència da Capela; e o chan

marcado polos 9,04€ da libre concorrència mixta de Touro<sup>47</sup>, os 10,64€ da xestión directa da dependencia en Mugardos, os 10,86€ da externalización da dependencia en Outes, ou os 10,92€ da externalización tamén da dependencia en Lousame.

Así, de igual xeito có mencionado para a análise dos sistemas de xestión, é posible certa correlación entre as externalizacións e os menores custos/hora, pero esta relación é limitada, situándose en termos promedios o custo/hora dos servizos externalizados en 13,44€/hora, en tanto que as xestións directas se sitúan nos 14,14€/hora. Con respecto ás xestións mixtas, estas sitúase nos 14,93€/h.

### 3.2.4 O papel da Deputación da Coruña. Os principais programas e o apoio financeiro ás entidades locais e ás entidades sociais.

A Deputación da Coruña, atendendo á normativa vixente, ten un rol clave de apoio ós entes locais na súa asunción das competencias en servizos sociais presentes no Título VII da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia. Así, as competencias dos entes locais veñen recollidas no art. 60 da Lei, centrándose na (I) creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, (II) a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios específicos, (III) a colaboración cos servizos da iniciativa social, (IV) a realización de investigación sobre problemáticas locais, (V) a detección e análise de necesidades locais, (VI) a elaboración de plans e programas locais, (VII) a participación na xestión das prestacións económicas e nas subvencións da Xunta, (XI) o fomento e a promoción da solidariedade, (XII) a promoción da participación, e (XIII) a coordinación coas restantes administracións. O art. 61 marca como servizos mínimos a prestar polos concellos os servizos sociais comunitarios básicos, podendo colaborar as Deputacións provinciais cos Entes locais menores de 20.000 habitantes á hora de facilitar asistencia económica, técnica e xurídica.

Esta asistencia das Deputacións provinciais ós Concellos atópase recollida no o Art. 63 da Lei, que determina as competencias das Deputacións, indicando que lles corresponderá a *“asistencia económica, técnica e xurídica ós concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais, especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes”*.

Pola súa banda, o Decreto 99/2012 de 16 de marzo polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, afonda no seu art. 31.3 naqueles eidos nos que as Deputacións deben facer especial fincapé, que son *“o financiamento do SAF básico aos concellos de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento os ditos concellos para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do persoal de referencia regulado no artigo 37 do Decreto”*.

Finalmente, o marco competencial das Deputacións complétase, a nivel xeral, coa Lei 27/2013 de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, que no seu Art. 1º.13, modifica o Art. 36.1 da

---

<sup>47</sup> Prezo final da modalidade determinada polo cómputo global da licitación do servizo de dependencia, que incluía entre as súas melloras certo número de horas de libre concorrència a custo 0 para o Concello.

Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local, ratificando o seu rol no relativo ás competencias propias da Deputación, sobre todo nas relacionadas coa asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica cos Municipios, especialmente cos de menor capacidade económica e de xestión.

Para afrontar estas competencias, as políticas de benestar na Deputación da Coruña atópanse integradas dentro do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, baixo a dirección global da súa correspondente Xefatura de Servizo. Este Servizo conta, á súa vez con dúas Seccións, a de Educación, Cultura e Deportes, e a de Servizos Sociais.

Analizando a composición da Sección de Servizos Sociais, é posible observar a existencia de dúas xefaturas de negociado e un total de 5 prazas de persoal técnico, das cales unha delas é para as políticas de igualdade e as catro restantes para as relacionadas cos servizos sociais das que se atopan cubertas tres. Así, na actualidade, o equipo de benestar atópase constituído por cinco técnicas (dúas técnicas A1 e 3 técnicas A2) ademais da xefatura de sección ocupada actualmente en comisión de servizos.

Neste sentido, é preciso indicar que, na actualidade, ademais da xestión dos equipamentos mencionados e do programa de Teleasistencia, alén doutros proxectos, subvencións nominativas ou actividades puntuais de menor entidade, o groso das actuacións da Sección de Servizos Sociais concéntrase no apoio financeiro ós Concellos menores de 20.000 habitantes e ás entidades do terceiro sector. Así, dentro da cooperación cos Concellos, no ano 2018 foron xestionados créditos iniciais por valor de máis de 6,9 millóns de euros para un total de 80 entidades locais<sup>48</sup>, en tanto que para as entidades sociais contouse cun crédito inicial de 2,1 millóns de euros en tres liñas diferentes<sup>49</sup> para colaborar finalmente con 218 entidades<sup>50</sup>.

Esta serie de actividades e programas asumidos pola Sección de Servizos Sociais contan, para o ano 2018, cun orzamento de 10,9 millóns de euros, integrándose dentro do Servizo de Acción Social<sup>51</sup> que conta cun orzamento total de 24,6 millóns de euros, correspondéndolles a esta parte das políticas de benestar o 6% do orzamento total da Deputación da Coruña, en tanto que, atendendo ó orzamento aprobado do ano 2018<sup>52</sup>, o volume total dos créditos iniciais que a entidade destina ó financiamento dos “Servizos sociais e promoción social”, é dicir, á política de gasto 23 da clasificación por programas<sup>53</sup> dos orzamentos, ascende a 15.214.475,83€, representando o 8,45% do total do orzamento da Deputación.

Como se pode comprobar, a Deputación está a ter unha actividade relacionada coas políticas de benestar locais centrada na asistencia financeira ós Concellos, aínda que tamén é preciso facer mención á existencia de programas de implementación directa tales como pode ser o programa de Teleasistencia. Neste caso, por exemplo, a Deputación presta asistencia directa de balde a máis de

<sup>48</sup> BOP nº 81 de 30 de abril do 2018.

<sup>49</sup> Convocatoria do FOCVAA cun crédito de 500.000€, do FOIE con 600.000€ e do FOAXE con 1.000.000€ para o ano 2018.

<sup>50</sup> Cifras procedentes do sumatorio das entidades financiadas segundo resolucións definitivas das diferentes liñas publicadas no BOP.

<sup>51</sup> Denominación do Servizo utilizada nos orzamentos da Deputación da Coruña, como se pode ver en

<https://www.dacoruna.gal/files/7015/1635/0617/Dosier20Estados20numc3a9ricos20Orzamento202018.pdf>

<sup>52</sup> Orzamento da Deputación publicado no BOP nº 246 de 29 de decembro do 2017.

<sup>53</sup> Segundo a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

2.500 persoas en Concellos menores de 50.000 habitantes adheridos ó programa, tendo a disposición da poboación un total de 3.300 terminais por un valor de 2.769.230,76€ para 4 anos<sup>54</sup>.

Dentro da prestación directa de servizos, tamén é preciso salientar a xestión por parte da Deputación do Centro de día de menores de Ferrol e o Fogar Infantil “Emilio Romay”, se ben a xestión destes centros non corresponde á Sección de Servizos Sociais. O centro de día de menores de Ferrol defínese como un centro específico de atención de día para nenos/as de 0 a 12 anos pertencentes a familias usuarias dos servizos sociais dos Concellos da contorna que, cunha capacidade de 75 prazas, conta con 70 prazas conveniadas co Concello de Ferrol e 5 co Concello de Narón distribuídas en 6 unidades educativas.

Con respecto ó Fogar Infantil “Emilio Romay”, localizado na Coruña, este defínese como un equipamento residencial con unidades de convivencia para nenos/as de 0 a 12 anos que permite, a través do seu programa non residencial (centro de día) e residencial (fogar residencial), apoiar ás familias para superar as dificultades e mellorar a súa autonomía na crianza dos/as fillos/as. En total, o programa de atención de día, que se atopa conveniado cos Concellos da Coruña e de Culleredo, ten unha capacidade de 20 nenos/as, en tanto que o programa de acollemento residencial, con ingreso a solicitude da Consellería de Política Social, conta con 25 prazas nas modalidades de internado e de atención de día.

Ademais, a Deputación colabora activamente co Concello de Culleredo a través dun Convenio de Colaboración polo que se asume o financiamento do mantemento e a reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional A Escada, equipamento de carácter formativo e prelaboral para persoas adultas con discapacidade intelectual media, no que se contempla o fomento de habilidades laborais, de terapia ocupacional e de axuste persoal; orientándose ao emprego ordinario, ou a emprego en empresas protexidas como Centros Especiais de Emprego.

Este sistema tamén é utilizado pola Deputación para a colaboración no mantemento, de xeito coordinado co Concello de Carballo, onde está localizada, da Unidade Asistencial de Drogodependencias que presta servizo nos Concellos de Camariñas, Fisterra, Malpica, Cee, Laracha, Muxía, Ponteceso, Coristanco, Laxe, Cabana, Vimianzo, Zas, Corcubión e Dumbría.

Ademais, dentro deste sistema de colaboración cos Concellos, a Deputación tamén está a financiar o mantemento do Servizo de Asesoría Xurídica Social especializada no Consorcio de As Mariñas.

Con todo, alén destas liñas de prestación directa de servizos ou de colaboración puntual cos Concellos por parte da Deputación, o rol da Deputación nas políticas locais de benestar céntrase na actualidade no financiamento a través do FOPPSS dos equipos (persoal técnico complementario e persoal administrativo) e das horas prestadas polos Concellos en SAF de libre concorrència.

<sup>54</sup>

Información dispoñible en [https://contrataciondelestado.es/wps/portal/!ut/p/b1/hZBPC4JAFMQ\\_UbzX6q52VfdXpdLWP7V7CSGThaxLRPTpU6FLkL3bwG9mHgMalOs4FqV0xeAA-to8TNfcze3aXECB1s7Rq8Odl6wsFDIPkjsYXaUDRKh7pun6c2rPUEJKhgDNDvaYRYEUUzQLSyOZM2risWjJA0gBgB\\_nleT\\_1chfvzUCuw6rXNWJAixiSO-rpYUBWH\\_HvQEzKXMAFzL86XIGziW99-j5f5ctgizTdlLsgSkY2Lcei1WWWh5LpKF6N5OZSve/](https://contrataciondelestado.es/wps/portal/!ut/p/b1/hZBPC4JAFMQ_UbzX6q52VfdXpdLWP7V7CSGThaxLRPTpU6FLkL3bwG9mHgMalOs4FqV0xeAA-to8TNfcze3aXECB1s7Rq8Odl6wsFDIPkjsYXaUDRKh7pun6c2rPUEJKhgDNDvaYRYEUUzQLSyOZM2risWjJA0gBgB_nleT_1chfvzUCuw6rXNWJAixiSO-rpYUBWH_HvQEzKXMAFzL86XIGziW99-j5f5ctgizTdlLsgSkY2Lcei1WWWh5LpKF6N5OZSve/) e en [https://www.dacoruna.gal/novas/ficha-noticia-reducida?id\\_evento=4954&utm\\_source=Enlace&utm\\_campaign=Actualidade&utm\\_medium=Web](https://www.dacoruna.gal/novas/ficha-noticia-reducida?id_evento=4954&utm_source=Enlace&utm_campaign=Actualidade&utm_medium=Web)

Este sistema de financiamento evoluciona a través dos últimos anos dentro da evolución xeral que supuxo o POS+ como modalidade de financiamento ordinario da Deputación ós Concellos, polo cal se integran no devandito POS+ diferentes liñas de financiamento de benestar (envellecemento activo, por exemplo), o que comporta que na actualidade sexa o FOPPSS a ferramenta central da que actualmente dispón o equipo de benestar da Deputación.

Así, como xa se mencionou con anterioridade, no ano 2016 o financiamento da Deputación para as políticas de benestar municipais estaba composto por un total de tres liñas diferentes, (I) o FOAXCA, como programa para o mantemento de servizos sociais municipais que contemplou un orzamento de 1.363.004,62€; (II) o FO063A como liña especializada en programas de envellecemento activo para a mellora da calidade de vida das persoas maiores, que contaba con 261.000€; e (III) o FOPPSS como liña especializada no financiamento dos equipos e das horas de SAF libre concorrencia dos Concellos menores de 20.000 habitantes, que contaba cun orzamento de 4.020.149,78€ e, en cuxo seo, o financiamento das horas do SAF libre concorrencia se realizada de xeito lineal cunha achega ós Concellos solicitantes de 17.643,83€. En total, o financiamento da Deputación para os Concellos no ano 2016 ascende a un total de 5.644.150,40€.

No ano 2017, a raíz da entrada en vigor do POS+ como sistema de financiamento xeral da Deputación á totalidade dos Concellos, as liñas de financiamento das políticas de benestar varían, ficando unicamente o FOPPSS en activo ó seren englobadas o resto das mencionadas no 2016 no devandito POS+. O FOPPSS no ano 2017 financia os mesmos conceptos ca no ano 2016 (equipos técnicos complementarios e persoal administrativo, e horas de SAF libre concorrencia de xeito lineal) e a súa contía ascendeu a 3.951.725,71€.

Finalmente, no ano 2018, o FOPPSS avanza no cómputo do financiamento das horas de SAF de libre concorrencia, pasando da modalidade lineal a unha modalidade de financiamento por hora executada por parte dos Concellos, o cal comporta un incremento substancial das cantidades finais a recibir polos Concellos, contándose no ano 2018 cun orzamento final de 6.514.987,13€.

Con respecto ó FOPPSS, concretamente no ano 2018 e tendo en conta a evolución do módulo de financiamento do SAF libre concorrencia xa mencionado, foron financiados un total de 166 traballadores/as (persoal técnico e de apoio administrativo) dos departamentos municipais de benestar, entre os que figuran 25 técnicos/as A1, 61 técnicos/as A2, 80 persoas de apoio administrativo, así como 256.264,4 horas de SAF libre concorrencia en Concellos menores de 20.000 habitantes.

Deste xeito, o FOPPSS no ano 2018 financia o 37% do persoal técnico global que traballa nos Concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia, e o 77,5% do persoal técnico complementario diferente da figura do/a traballador/a social. Con respecto ó persoal de apoio administrativo, o FOPPSS no ano 2018 financiaba a totalidade destes postos de apoio ó departamento de benestar que están a prestar servizo nos Concellos. Ademais, o FOPPSS financia o 94% do total de horas de SAF libre concorrencia prestadas nos Concellos menores de 20.000 habitantes.

Con todo, é preciso salientar que o aproveitamento das posibilidades de financiamento de persoal e de horas de SAF libre concorrência, na liña do xa mencionado, depende de numerosos factores relacionados coa xestión local de cada un dos Concellos. Así, ó longo dos anos 2018 e 2019 verificábase tanto a existencia de Concellos que executaron cantidades superiores ás financiadas dende a Deputación, sobre todo en relación ó SAF libre concorrência, como casos nos que, a pesar de contar con financiamento, os Concellos non executaron o mesmo ou executárono nunha contía inferior. Este feito comporta que, en termos xerais, exista na actualidade unha capacidade de financiamento superior á capacidade de xestión do mesmo por parte dos Concellos.

A evolución das liñas de financiamento das políticas de benestar locais da Deputación enmárcase na entrada en vigor do POS+ como modo de relación financeiro xeral entre a Deputación e os Concellos da provincia. Así, este novo modelo supuxo un financiamento cunha achega de 90.000.000€ no ano 2017<sup>55</sup>, de 94.192.604,77€ no ano 2018<sup>56</sup>, e de 100.500.000,00€ no ano 2019<sup>57</sup>, e dentro das súas bases inclúe a obrigatoriedade da consignación por parte dos Concellos nos seus orzamentos das cantidades que, con anterioridade, viñan percibindo a través das subvencións finalistas<sup>58</sup>.

Ademais do rol que, atendendo á normativa vixente, ten a Deputación na asistencia ós Concellos nas políticas de benestar locais, con especial atención ós Concellos de menos de 20.000 habitantes, a Deputación da Coruña tamén incide nas devanditas políticas de benestar dende o apoio ás entidades sociais. Neste sentido, as convocatorias máis salientables dos últimos anos son o FOAXE, especificamente deseñada para o financiamento do desenvolvemento de programas de servizos sociais<sup>59</sup>, o FOIE, para o investimento en servizos sociais<sup>60</sup>, e o FOCVAA, destinada ó mantemento de programas sociosanitarios<sup>61</sup>. No ano 2019 o FOAXE foi dividido en FOAXE-P<sup>62</sup> e FOAXE-C<sup>63</sup>, adicadas especificamente ó mantemento de programas e servizos e de centros respectivamente, en tanto que se crea o FOIEV para a cesión de vehículos ás entidades sociais para a mellora dos servizos e programas sociosanitarios e de servizos sociais<sup>64</sup>.

<sup>55</sup> Véxanse [https://www.dacoruna.gal/files/8715/0693/1481/ASIGNACION\\_POS\\_ADICIONAL\\_1\\_2017.pdf](https://www.dacoruna.gal/files/8715/0693/1481/ASIGNACION_POS_ADICIONAL_1_2017.pdf) e [https://www.dacoruna.gal/files/9714/8041/5217/REPARTO\\_FONDO\\_POS\\_2017.pdf](https://www.dacoruna.gal/files/9714/8041/5217/REPARTO_FONDO_POS_2017.pdf)

<sup>56</sup> Véxanse [https://www.dacoruna.gal/files/3715/0668/7453/ASIGNACION\\_POS\\_2018.pdf](https://www.dacoruna.gal/files/3715/0668/7453/ASIGNACION_POS_2018.pdf), [https://www.dacoruna.gal/files/7215/3864/0243/ASIGNACION\\_DE\\_FONDOS\\_1\\_E\\_2\\_FASE.pdf](https://www.dacoruna.gal/files/7215/3864/0243/ASIGNACION_DE_FONDOS_1_E_2_FASE.pdf) e [https://www.dacoruna.gal/files/3815/7182/8301/Asignacion\\_POS\\_AD\\_2\\_2018\\_1.pdf](https://www.dacoruna.gal/files/3815/7182/8301/Asignacion_POS_AD_2_2018_1.pdf)

<sup>57</sup> Véxase [https://www.dacoruna.gal/files/7815/3838/7660/ASIGNACION\\_FONDOS\\_portal\\_transparencia\\_POS\\_2019.pdf](https://www.dacoruna.gal/files/7815/3838/7660/ASIGNACION_FONDOS_portal_transparencia_POS_2019.pdf) e [https://www.dacoruna.gal/files/6415/7131/5747/ASIGNACION\\_FONDOS\\_POS\\_ADICIONAL\\_1\\_2019.pdf](https://www.dacoruna.gal/files/6415/7131/5747/ASIGNACION_FONDOS_POS_ADICIONAL_1_2019.pdf)

<sup>58</sup> Véxase en “2. Finalidade e obxecto” en [https://www.dacoruna.gal/files/9715/0668/7451/BASES\\_E\\_ANEXOS\\_pos\\_2018.pdf](https://www.dacoruna.gal/files/9715/0668/7451/BASES_E_ANEXOS_pos_2018.pdf)

<sup>59</sup> Véxanse as bases específicas do FOAXE no BOP nº48 de luns 12 de marzo do 2018. [https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2018/03/12/2018\\_0000001912.pdf](https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2018/03/12/2018_0000001912.pdf)

<sup>60</sup> Véxanse as bases específicas do FOIE no BOP nº48 de luns 12 de marzo do 2018. [https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2018/03/12/2018\\_0000001914.pdf](https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2018/03/12/2018_0000001914.pdf)

<sup>61</sup> Véxanse as bases específicas do FOIE no BOP nº48 de luns 12 de marzo do 2018. [https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2018/03/12/2018\\_0000001915.pdf](https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2018/03/12/2018_0000001915.pdf)


<sup>62</sup> Véxanse as bases específicas do FOAXE-P do 2019 no BOP nº30 de martes 12 de febreiro do 2019. [https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2019/02/12/2019\\_0000001091.pdf](https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2019/02/12/2019_0000001091.pdf)

<sup>63</sup> Véxanse as bases específicas do FOAXE-C do 2019 no BOP nº30 de martes 12 de febreiro do 2019. [https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2019/02/12/2019\\_0000001090.pdf](https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2019/02/12/2019_0000001090.pdf)

<sup>64</sup> Véxanse as bases específicas do FOIEV do 2019 no BOP nº247 de luns 30 de decembro do 2019. [https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2019/12/30/2019\\_0000010428.pdf](https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2019/12/30/2019_0000010428.pdf)



Gráfico 50. Evolución do orzamento definitivo proposto para o financiamento das entidades sociais en materia de benestar. 2014 – 2019.



Fonte: Elaboración propia a partir da información das resolucións definitivas dos programas destinados ás entidades sociais agás no caso do 2019 no FOIEV, que se toma o orzamento inicial das bases.

Ó longo dos últimos anos os diferentes programas de financiamento das entidades sociais<sup>65</sup> evolucionaron á alza dende os 1.568.170,89€ do ano 2014 ata os 2.589.984,52€ do ano 2019, o que comportou un incremento do 65%, e acadando nesta última anualidade o teito da serie histórica. Este financiamento, segundo datos do ano 2017, estaba a chegar a máis de 200 entidades, mobilizando conxuntamente un orzamento total para os diferentes conceptos e programas obxecto das achegas provinciais que roldaba os 8.2 millóns de euros.

### 3.2.5 Extracto da situación dos servizos sociais na na provincia.

Ó longo do actual apartado analizáronse datos relacionados coa presenza de entidades sociais no territorio, coa dotación e oferta de diferentes equipamentos de servizos sociais a nivel comarcal, coa dotación e financiamento dos equipos municipais de benestar, coa actividade dos mesmos, ou co rol que está a desempeñar a Deputación no apoio ás políticas locais de benestar a través de diferentes vías.

Como se puido comprobar, en termos de dotación de equipamentos de benestar, a realidade territorial amosa unha salientable complexidade e fragmentación en termos da localización de entidades e equipamentos de servizos sociais. Así, en tanto a localización das entidades (sobre todo das entidades sociais e privadas) se vencella directamente co efecto centralidade das áreas metropolitanas das grandes cidades, a nivel da territorialización dos equipamentos de servizos sociais especificamente adicados ós coidados das persoas maiores verifícase unha salientable infradotación xeral.

Esta infradotación é máis relevante ó estudar as prazas de carácter non residencial que deben cubrir as necesidades das persoas usuarias dende o concepto da proximidade, de tal xeito que a oferta comarcal de prazas en centros de día amósase como insuficiente en termos xerais o cal,

<sup>65</sup> Os programas mencionados (FOAXE, FOIE e FOCVAA) foilles engadido no ano 2016 o FOIEF, cuxo obxectivo era o financiamento de investimentos para a finalización de obras e/ou adquisición de equipamentos para a posta en marcha de novos servizos ou prestacións en materia de servizos sociais. Véxase información en [https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2016/09/23/2016\\_000007752.pdf](https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2016/09/23/2016_000007752.pdf)

conxuntamente coa limitación das prazas de carácter residencial, amosa un contexto de oferta limitada que non responde ás necesidades sociais, sobre todo tendo en conta o pronunciado proceso de avellentamento das comarcas máis rurais.

Esta realidade non é a propia da oferta de equipamentos de atención á primeira infancia, onde se verifica a cobertura maioritaria das ratios recomendadas, a pesar da existencia de marxes de mellora en Comarcas como A Barbanza, Eume, Fisterra ou Noia, por exemplo. Con todo, as ratios recomendadas relacionadas coa oferta de prazas límítanse á cobertura do obxectivo do 33% da taxa de escolarización, co cal estase perante a unha maioría de nenos/as cuxa atención nesta etapa recae integramente na familiarización.

Neste sentido, tendo en conta a limitación xeral da oferta de equipamentos adicados ós coidados, que afecta dun xeito máis intenso ós equipamentos relacionados coa atención ás persoas maiores en comarcas rurais, a complementariedade de recursos vese matizada de xeito importante, o cal leva a que a familiarización sexa a base sobre a que se sosteñen as tarefas relacionadas cos coidados.

A familiarización é un elemento central nos coidados que afecta dun xeito máis intenso, se é posible, a colectivos específicos como poden ser as persoas con discapacidade, cuxa oferta de prazas, ademais de limitada, deixa amplos territorios da provincia sen cubrir.

Con respecto á situación das políticas de benestar nos Concellos da provincia, a heteroxeneidade é o elemento que marca tanto o peso destas sobre os orzamentos municipais, como o investimento por habitante, de tal xeito que é posible afirmar que as axendas locais de benestar teñen unha incidencia dispar nos Concellos, o cal leva a traducións orzamentarias substancialmente dispares que levan á introdución da inequidade ou, cando menos, a unhas fondas diferenzas no acceso ós servizos por parte da poboación como consecuencia da devandita heteroxeneidade orzamentaria.

Ademais, a composición e o volume dos equipos de benestar municipais tamén son heteroxéneas, se ben a raíz do apoio da Deputación da Coruña verificase unha salientable implantación tanto do persoal técnico complementario, como do persoal de apoio administrativo, colaborando así coa multidisciplinariedade dos equipos e co alixeiramento das cargas de traballo administrativas que viñan sendo asumidas por parte dos equipos técnicos.

Con todo, a pesar da salientable evolución do financiamento da Deputación para as políticas locais de benestar e do seu incremento cuantitativo, un elemento a ter en conta é a limitación das capacidades municipais á hora da xestión destas posibilidades financeiras. Así, obsérvanse casos de Concellos que, aínda contando con financiamento para a creación de postos de traballo técnicos ou administrativos, por diferentes razóns xurídicas, financeiras ou de xestión, non maximizan o aproveitamento destas posibilidades e non as fan efectivas. Entre estas razóns salientan as relacionadas coa anualidade do financiamento provincial.

Este é un elemento a ter en conta tamén para a análise do principal programa dos servizos municipais de benestar, sobre todo dos Concellos de menor poboación, o SAF. Neste sentido, a variación da modalidade de financiamento da Deputación do SAF libre concorrencia leva a unha

maior oxixenación das facendas locais, pero matízase o seu impacto en termos de incrementos de horas de servizo ás persoas usuarias xa que, en termos xerais, obsérvase unha situación de esgotamento dos recursos técnicos, operativos e de financeiros dos Concellos en relación ó SAF e, máis concretamente, á modalidade de dependencia, que está a focalizar boa parte do rendemento dos departamentos de benestar, sobre todo dos Concellos de menor capacidade.

De tódolos xeitos, o rol da Deputación no financiamento deste programa é central, xa que en datos do 2018, a Deputación financia o 94% das horas de SAF libre concorrencia prestadas polos Concellos menores de 20.000 habitantes. Esta centralidade da Deputación tamén se verifica con respecto á dotación de persoal, xa que a totalidade dos postos de apoio administrativo e o 77,5% do persoal técnico complementario dos Concellos menores de 20.000 habitantes son financiados dende o ente provincial.

O financiamento específico das políticas de benestar dos Concellos de menor poboación a través do FOPPSS, como ferramenta central, complementábase coa evolución da modalidade de financiamento xeral que representa o POS+. Neste sentido, o POS+ engloba a totalidade de liñas de financiamento de benestar de menor volume, coa excepción do FOPPSS, e recolle no seu seo a obrigatoriedade de asunción nos orzamentos dos Concellos das accións previamente financiadas a través das liñas desaparecidas, aspecto este que, en termos xerais, non se verifica a raíz da xa mencionada heteroxeneidade das axendas locais de benestar.

Con todo, alén das ferramentas utilizadas, a Deputación constitúese como o ente central de cara a dotación financeira das políticas de benestar municipais dos Concellos menores de 20.000 habitantes, rol este que xera un salientable abano de posibilidades de carácter técnico para as que, na actualidade, a sección de Servizos Sociais da Deputación se ve limitada en termos de recursos humanos ó se focalizar maioritariamente a súa actividade ata a actualidade no aspecto incentivador das políticas públicas a través das devanditas liñas de financiamento tanto para os Concellos como para as entidades sociais. Así, o rol de asistencia técnica ou de xestión a estes Concellos ou entidades sociais vese relegado a un segundo plano, sempre tendo en conta tamén a xestión directa por parte da Deputación de programas de éxito como a Teleasistencia ou de equipamentos especializados de importante tradición e calidade de servizo sobre os que se amosa preciso facer unha reflexión en termos competenciais.

### **3.3 POÑENDO O FOCO NA ATENCIÓN ÁS PERSOAS CON PROBLEMAS DE AUTONOMÍA. OS COIDADOS, OS SERVIZOS E A DEPENDENCIA.**

Como se pode comprobar no apartado anterior, o servizo de axuda no fogar é un dos elementos cuantitativamente máis salientables dos departamentos locais de benestar que están a asumir as tarefas de coidados (ou apoio ás persoas coidadoras) das persoas con dificultades de autonomía.

Neste sentido, e asumindo as proxeccións demográficas, é relevante realizar un achegamento á realidade das persoas con dificultades de autonomía e das propias persoas coidadoras xa que se prevé un incremento substancial do seu número e das necesidades das mesmas, elemento este a ter en conta en relación coa implementación da Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

Así, dentro da lóxica das influencias cruzadas que vai alén dunha lectura restrinxida da distribución competencial entre espazos administrativos, e tendo en conta que os servizos sociais comunitarios se constitúen como a canle normal de acceso ó sistema de servizos sociais (artigo 10.1 da Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia), a continuación analizaranse diferentes indicadores relacionados coas persoas con dificultades de autonomía, coas súas persoas coidadoras, e coa evolución da implementación e dos servizos da lei da dependencia, xa que este conxunto está a determinar de xeito maioritario o funcionamento e a organización dos servizos locais de benestar.

### 3.3.1 As persoas dependentes. Elementos a considerar.

Un dos elementos que están a determinar tanto o alcance como a organización dos servizos locais de benestar é o relacionado coa atención ás persoas en situación de dependencia. Dentro desta categoría é preciso ter en conta, por unha lado, aquelas persoas que están valoradas atendendo á Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, é dicir, que teñen o acceso a un determinado abano de servizos recoñecido atendendo á normativa vixente; e, por outro lado, a aquelas persoas que se autoperceben como dependentes, é dicir, que teñen dificultades para realizar as Actividades da Vida Diaria pero que non se atopan valoradas atendendo á Lei 39/2006.

Neste sentido, ámbalas dúas categorías de persoas dependentes (as valoradas atendendo á normativa vixente e as non valoradas, ou aínda non valoradas) veñen sendo nos últimos anos un dos principais colectivos a atender dende os servizos locais de benestar, e as proxeccións demográficas xa amosadas prevén que o seu impacto sexa cada vez maior.

Así, un dos programas municipais máis utilizados á hora de iniciar as atencións ás persoas dependentes que aínda non son valoradas, é o SAF básico ou libre concorrencia que, como foi analizado con anterioridade, é competencia local. Con todo, este servizo forma parte dun abano de alternativas que debe ser considerada polas políticas locais de benestar atendendo ás posibilidades e á evolución da sociedade, para o cal é preciso realizar, en primeiro lugar, un achegamento ó total de persoas que se autoperceben como dependentes en Galicia para, con posterioridade, focalizar a atención nas persoas valoradas.

Esta análise realizarase utilizando datos oficiais procedentes do Sistema Estatal de Indicadores de Servizos Sociais e do Instituto Galego de Estatística, sendo posible a análise a nivel de Galicia e, en determinados indicadores, a nivel provincial e por Áreas territoriais. De tódolos xeitos, esta

limitación da profundidade territorial é compensada polo interese dos datos amosados e pola importancia e elevado impacto local das tendencias xerais.


### 3.3.1.1 As persoas con dificultades de autonomía. Evolución e situación dos servizos.

Os datos oficiais do Instituto Galego de Estatística permiten realizar un achegamento ás persoas que “precisan de axuda de alguén para realizar actividades cotiás da vida diaria por razóns de discapacidade, vellez ou enfermidade”<sup>66</sup>, de xeito que estas constitúen o total das persoas con problemas de dependencia das que, como se indicou con anterioridade, unha parte delas se atopan valoradas e recoñecidas como dependentes atendendo á normativa vixente.

Na actualidade existen en Galicia un total de 117.875 persoas que se teñen dificultades á hora de realizar as súas actividades da vida cotiá, das cales 48.194 residen na provincia da Coruña, o que supón o 41% do total. Estas estimacións supoñen que o 4,4% dos galegos e o 4,34% dos habitantes da provincia se atopan en dificultades na súa vida diaria. Esta cifra medra dende os 100.860 galegos na situación e os 37.155 habitantes da provincia contabilizados no ano 2007, que supoñían un 3,72% e un 3,33% respectivamente.

A continuación amósase a distribución por idade das persoas que teñen dificultades á hora de realizar as actividades cotiás.

Gráfico 51. Distribución da poboación que ten problemas de autonomía por idades. Galicia. 2017.



Fonte: IGE

Como se pode comprobar, existe unha relación directa entre a idade e as dificultades para a vida autónoma, de tal xeito que o 66% do total destas persoas teñen 75 anos ou máis, en tanto que os casos de persoas menores de 50 anos se reducen ó 12%.

Analizando a distribución territorial destas persoas por Áreas, é posible obter a seguinte táboa.

<sup>66</sup> Véxase definición de persoa dependente en: <http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=ga&paxina=001&c=0205001001&ruta=definiciones/defcod.jsp?C=02050010010000>

Táboa 46. Distribución das persoas con dificultades de autonomía por Áreas. 2017

Área territorial	Ano 2017	
	Incidencia	Número total
A Coruña Suroriental	4,64	3.042
Ferrol-Eume-Ortegal	5,7	10.745
Costa da Morte	6,53	8.732
Barbanza-Noia	4,84	4.773
A Coruña	3,58	15.466
Santiago	2,82	5.436
<b>Provincia da Coruña</b>	<b>4,34</b>	<b>48.194</b>
<b>Galicia</b>	<b>4,4</b>	<b>117.875</b>

Fonte: IGE

Na táboa obsérvase tanto o número total de persoas con dificultades para acometer as tarefas cotiás como a incidencia, entendida a incidencia como a porcentaxe de persoas sobre o total de habitantes do territorio analizado. Así, as maiores incidencias rexístranse nas Áreas da Costa da Morte e de Ferrol-Eume-Ortegal, en tanto que as Áreas de Santiago e da Coruña contan coas menores incidencias.

Dentro desta análise territorial é posible achegarse á evolución da distribución en función do tamaño dos Concellos, se ben con datos do total de Galicia.

Táboa 47. Evolución da distribución das persoas con dificultades de autonomía por tamaño do Concello. Galicia 2007-2017

Tamaño do Concello	Ano 2007		Ano 2017	
	Incidencia	Número total	Incidencia	Número total
<b>Menor de 10.000 habitantes.</b>	5,7	50.390	6,52	50.112
<b>Entre 10.000 e 20.000</b>	2,77	12.981	4,63	23.446
<b>Entre 20.000 e 50.000</b>	2,47	10.751	3,58	15.432
<b>Máis de 50.000 habitantes</b>	2,79	26.888	2,97	28.885

Fonte: IGE

A táboa amosa un claro vencello entre o número de persoas con dificultades de autonomía e o menor tamaño do Concello no que residen, de tal xeito que a incidencia nos Concellos menores máis que duplica a incidencia nos Concellos de máis de 50.000 habitantes. Ademais, a evolución da devandita incidencia é á alza en tódolos Concellos, se ben esta dáse con especial énfase nos Concellos de menos de 20.000 habitantes.


Neste sentido, é posible relacionar a presenza de dificultades de autonomía nas persoas tanto coa idade, como co tamaño dos Concellos, de tal xeito que se vai compoñendo un escenario onde os Concellos de carácter rural e poboación máis avellentada sexan os que deben afrontar con maior intensidade as circunstancias desta poboación e que, para o caso da provincia da Coruña, xa se pode observar con claridade na Costa da Morte, por exemplo.

Con todo, en termos xerais, no ano 2017 case un de cada dez fogares (9,89% dos fogares) da provincia ten unha persoa en situación de dependencia, en tanto que esta porcentaxe para o conxunto de Galicia é do 10,15%, cifra que evoluciona á alza dende o 8,56% da provincia do ano 2007, o cal ratifica que se está perante unha situación non puntual senón estrutural dentro do contexto demográfico galego e provincial xa analizado.

Con respecto ós tipos de dificultades para a vida autónoma á que se enfrontan as persoas<sup>67</sup>, estas agréganse en dependencia de carácter moderado, de carácter severo, e gran dependencia. Na actualidade, o 42,03% das persoas que presentan dificultades para a vida autónoma son considerados dependentes moderados, o 28,68% son considerados dependentes severos e o 29,29% son considerados grandes dependentes, precisando estas últimas persoas o máximo grao de apoio para acometer a totalidade das actividades básicas da vida diaria.

En canto á duración no tempo da situación de dependencia, a continuación amósase a distribución actual con datos para Galicia do ano 2017.

Gráfico 52. Análise das persoas con dependencia segundo os anos que hai que o son. Galicia. 2017




Fonte: IGE

Así, máis do 65% das persoas que presentan dificultades para a vida autónoma leva entre 2 e 10 anos precisando de apoio, en tanto que case o 20% levan entre 10 e 40 anos precisando apoio, de tal xeito que a duración no tempo do seu coidado é un factor a ter en conta de cara ás persoas coidadoras.

Con respecto á intensidade dos coidados, medidos en número de horas diarias que precisan as persoas non autónomas, os coidados prestando atenden á seguinte distribución.

<sup>67</sup> Véxase metodoloxía para a construción do indicador polo IGE en <http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=ga&paxina=001&c=0205001001&ruta=definiciones/defcod.jsp?C=02050010010000>

Gráfico 53. Distribución do número de horas de cuidados recibidos polas persoas dependentes. Galicia. 2017



Fonte: IGE

Como se pode comprobar, case o 56% dos casos precisa entre 3 e 12 horas de cuidados diarios, salientando tamén que o 28% dos casos precisan entre 13 horas diarias ata a totalidade da xornada, de tal xeito que non só se pode afirmar que os cuidados son extensos en anos, senón que son intensos en horas diarias de adicación á persoa dependente por parte da persoa cuidadora.

En relación ás persoas cuidadoras, os datos oficiais ofrecen a evolución dos diferentes tipos de cuidadores/as de persoas dependentes, aínda que é preciso ter en conta que para cada dependente poden existir diferentes tipos de persoas cuidadoras. Con todo, asumindo a cautela metodolóxica, a continuación expónse a táboa ilustrativa.

Táboa 48. Evolución da incidencia dos diferentes tipos de persoas cuidadoras. Galicia. 2007 – 2017.

Tipo de persoa cuidadora	2007	2011	2017
<b>Membros do fogar</b>	82,04	79,71	81,38
<b>Parentes</b>	26,45	27,03	29,84
<b>Persoas/empresas contratadas</b>	17,71	16,93	17,43
<b>Servizos sociais públicos</b>	7,23	16,72	18,66
<b>Persoas non remuneradas</b>	5,43	2,29	4,56
<b>Entidades sociais</b>	1,87	2,77	2,74

Fonte: IGE

A táboa amosa como os membros do fogar e os parentes son os/as cuidadores/as tradicionais principais das persoas dependentes, se ben cunha salientable diferenza xa que os membros do fogar roldan (e superan) en toda a serie histórica o 80%.

A continuación atópase outro grupo de servizos de coidado integrados pola iniciativa pública e pola iniciativa privada. Así, se ben a iniciativa privada rolda en toda a serie o 17%, a pública representada polos servizos sociais inicia a serie cun dato do 7,23%, para chegar no 2011 ó 16,7% e á actualidade cun 18,6%. Con respecto a outro tipo de entidades cuidadoras, as entidades sociais teñen un rol de carácter limitado, en tanto que as persoas non remuneradas ou voluntarias representan na actualidade o 4,5%.



É importante focalizar a atención nos tres colectivos centrais de cuidadores/as. En relación á familia (fogar ou parentes), estes asumen o papel protagonista dos cuidados, co que isto supón tendo en conta as variables de intensidade diaria e extensión no tempo. En relación á iniciativa pública, esta conta cun importante pulo inicial (anos 2007 – 2011) onde a súa incidencia se ve duplicada para, no seguinte período, limitar esta evolución dentro da continuidade da expansión. Con respecto á iniciativa privada, ocupa un rol salientable dentro das entidades cuidadoras que non se ve limitado pola expansión da iniciativa pública, co que isto comporta en termos de dispoñibilidade de renda por parte das persoas dependentes e, polo tanto, da introdución da inequidade de carácter económico. De tódolos xeitos, tanto as entidades prestadoras de servizos de cuidados públicos como privados poden ser considerados cuantitativamente como complemento dos cuidados dentro da familia ou do fogar.

Neste último sentido, é preciso indicar que, para o ano 2017, da totalidade de fogares galegos que teñen persoas con dificultade de autonomía, o 72,15% supoñen un gasto, en tanto que o 27,85% non supoñen gasto. Con respecto á asunción do gasto por parte dos fogares, no 59,84% do total é o fogar o que asume a totalidade dos gastos, tendo un 12,32% dos fogares algún tipo de axuda para custear os devanditos gastos causados pola presenza de persoas con dificultade de autonomía.

Ademais, co obxectivo de afondar na análise das necesidades das persoas con dificultades de autonomía, débense estudar o conxunto de servizos que estas precisan, así como o grao de cobertura da súa demanda, para o cal se seguirán os datos oficiais subministrados polo Instituto Galego de Estatística.

A continuación amósase táboa resumo de diferentes tipos de servizos que responden ás necesidades do colectivo estudado, así como a estimación da súa recepción ou non recepción por parte das persoas, de tal xeito que se obteña unha primeira óptica sobre a existencia dunha demanda non satisfeita, de ser o caso.

*Táboa 49. Evolución da necesidade e recepción de determinados servizos ás persoas con dificultades de autonomía. Galicia. 2011 - 2017.*

Tipo de servizo	Satisfacción do mesmo	2011	2017
<b>Teleasistencia</b>	Total necesidade	13.709	18.523
	Precisan e reciben	4.815	6.465
	Precisan e non reciben	8.894	12.058
<b>Axuda a domicilio</b>	Total necesidade	40.911	53.096
	Precisan e reciben	21.653	23.325
	Precisan e non reciben	19.258	29.771
<b>Cuidados sanitarios especializados</b>	Total necesidade	20.375	26.659
	Precisan e reciben	6.293	9.070
	Precisan e non reciben	14.082	17.589
<b>Estadía en centros de día</b>	Total necesidade	12.324	18.221
	Precisan e reciben	4.711	5.898
	Precisan e non reciben	7.613	12.323
<b>Programas de respiro</b>	Total necesidade	8.656	10.500

Tipo de servizo	Satisfacción do mesmo	2011	2017
	Precisan e reciben	1.020	1.646
	Precisan e non reciben	7.636	8.854
	Total necesidade	9.812	9.049
Comida a domicilio	Precisan e reciben	1.724	2.746
	Precisan e non reciben	8.088	6.303
Transporte adaptado	Total necesidade	16.961	18.215
	Precisan e reciben	6.049	3.775
	Precisan e non reciben	10.912	14.440


Fonte: IGE

Como se pode comprobar da exposición dos datos do IGE, recollidos para o conxunto de Galicia nos anos 2011 e 2017, a evolución dos números absolutos de persoas que precisan os diferentes servizos son ascendentes en termos xerais, coa excepción do servizo de comida a domicilio.

Esta evolución das necesidades dos servizos dáse dentro dun contexto xeral de incremento do número de persoas con problemas de autonomía, xa que se ben no ano 2011 o IGE contabilizaba un total de 94.251, no ano 2017 contabilizábanse 117.875, o cal supón un incremento do 25%.

A continuación analizaranse, para cada servizo, a evolución das necesidades e da súa resposta, de tal xeito que sexa posible afondar na existencia de demanda non cuberta.

Gráfico 54. Evolución das necesidades e cobertura do servizo de teleasistencia polas persoas con dificultades de autonomía. Galicia, 2011 - 2017




Fonte: IGE

O servizo de teleasistencia amosa unha evolución positiva na súa necesidade por parte das persoas con dificultades de autonomía dun 35%, pasando no ano 2011 dunha necesidade por parte de 13.709 persoas, a ser precisado por 18.523 persoas. Esta evolución positiva é seguida por un incremento do número de persoas que, necesitando o servizo, recíbeno, pasando de 4.815 persoas no 2011 a 6.465 persoas no 2017, o que supón un 34% máis.

Con todo, ó medrar o servizo en igual proporción á necesidade, o número de persoas que necesitan o servizo pero que non o reciben tamén medra, xa que no 2011 un total de 8.984 persoas non reciben o servizo, e no 2017 esta cifra é de 12.058 persoas, o que supón un 36% máis. É dicir, na actualidade

en Galicia precisarían de teleasistencia e non dispoñen dela 12.058 persoas das cales, realizando unha estimación sobre a poboación da provincia da Coruña<sup>68</sup>, un total de 4.980 persoas residirían na provincia.

Gráfico 55. Evolución das necesidades e cobertura do servizo de axuda no fogar polas persoas con dificultades de autonomía. Galicia, 2011 - 2017



Fonte: IGE


O servizo de axuda no fogar constitúese no máis necesitado do conxunto de servizos de atención ás persoas con problemas de autonomía, evolucionando a súa necesidade nun 30% entre as anualidades estudadas.

A resposta a estas necesidades tamén evoluciona á alza, pasando de atender a 21.653 persoas a un total de 23.335, o que supón un incremento do 8%, pero a intensidade do incremento da necesidade supón que as persoas que precisarían e non reciben o servizo pasen de 19.258 persoas no 2011 a 29.771 persoas no 2017. Neste sentido, as cifras de persoas atendidas pasan do 53% no 2011 ó 44% no 2017, en tanto que as persoas non atendidas pasan do 47% ó 56%, é dicir, incrementaríase a demanda non satisfeita no conxunto de Galicia nun 55%.

Con respecto á provincia, realizando a estimación indicada con anterioridade sobre a base do peso poboacional sobre o conxunto de Galicia, un total de 12.996 persoas residentes na provincia terían necesidade do servizo e non o recibirían no ano 2017.

<sup>68</sup> Segundo datos oficiais do IGE, no 2017 a poboación da provincia da Coruña é o 41,3% do total de Galicia.

Gráfico 56. Evolución das necesidades e cobertura de coidados sanitarios especializados das persoas con dificultades de autonomía. Galicia, 2011 - 2017




Fonte: IGE

En relación ós coidados sanitarios especializados, a súa necesidade tamén evoluciona á alza no período estudado, pasando no 2011 de seren precisados por 20.375 persoas ás 26.659 persoas do 2017, o cal supón un incremento do 31%. O seu nivel de cobertura no 2011 ascendía ó 31%, o cal supoñía que recibían estes coidados un total de 6.293 persoas, en tanto que no 2017 o nivel de cobertura era do 34%, con 9.070 persoas recibindo estes coidados. Na actualidade o 66% das persoas que necesitarían o servizo non o están a recibir, polo que a demanda non satisfeita destes servizos estímase en 17.589 persoas

Na estimación para a provincia da Coruña, é posible indicar que esta ascendería a 7.655 persoas.

Gráfico 57. Evolución das necesidades e cobertura das estadias en centros de día das persoas con dificultades de autonomía. Galicia, 2011 - 2017




Fonte: IGE

Na liña da evolución ascendente xeral de tódolos servizos, as estadias en centros de día tamén son necesitadas por máis persoas, pasando no 2011 de 12.324 persoas ás 18.221 do 2017, o que supón un incremento do 48%.

Este incremento da necesidade vai acompañado dun incremento do número de persoas que reciben o servizo, pasando das 4.711 persoas no 2011, o que supón o 38% do total, ás 5.898 persoas (o 32% do total), de tal xeito que os servizos medran nun 25%. Con todo, e visto o incremento xeral da necesidade, as persoas que non reciben o servizo pasan das 7.613 no 2011 (un 62% do total) ás 12.323 persoas no 2017 (un 68% do total), incrementándose a cifra nun 62%. Con respecto á provincia, a demanda non atendida suporía 5.090 persoas que precisan o servizo e que non están a recibir.

Gráfico 58. Evolución das necesidades e cobertura dos programas de respiro. Galicia, 2011 - 2017




Fonte: IGE

A necesidade dos programas de respiro evoluciona á alza entre o 2011 e o 2017 nun 21%, pasando a cobertura do servizo de responder a 1.020 persoas no 2011 (un 12%) ás 1.646 persoas no 2017 (un 18%), o que supón unha evolución á alza do servizo do 61%. Neste sentido, o incremento do servizo medra máis có incremento da necesidade, aínda que as persoas que precisan de programas de respiro e non contan con eles pasa dos 7.632 no 2011 (un 88% do total) ás 8.854 persoas no 2017 (un 84% do total).

Con respecto á provincia, a estimación de persoas con necesidade non cuberta ascendería a un total de 3.657.

Gráfico 59. Evolución das necesidades e cobertura da comida a domicilio. Galicia, 2011 - 2017




Fonte: IGE

A evolución xeral da necesidade da comida a domicilio é descendente no período analizado xa que se pasa das 9.812 persoas no 2011 ás 9.049 no 2017, o que supón unha caída do 8%. Esta caída coincide co incremento substancial das persoas que precisan e que reciben o servizo, que pasan de 1.724 no 2011 (un 18% da demanda) a 2.746 no 2017 (un incremento do 59% e unha cobertura do 30% da demanda), de tal xeito que as persoas que precisando o servizo non o reciben, evolucionan das 8.088 no 2011 (un 82% da demanda) ás 6.303 no 2017, é dicir, unha caída do 22% (un 70% da demanda).

A nivel provincial, a estimación de persoas que precisan o servizo e non o reciben ascendería a 2.604.

Gráfico 60. Evolución das necesidades e cobertura do transporte adaptado. Galicia, 2011 - 2017



Fonte: IGE

Finalmente, o último dos servizos estudados é o relacionado co transporte especialmente adaptado para as persoas con dificultades de autonomía, cuxa necesidade se incrementa nun 7% pasando das 16.961 persoas do 2011 ás 18.215 do 2017.

Con respecto á cobertura, no 2011 era dun 36% xa que se prestaba servizo a 6.049 persoas, en tanto que no 2017 obsérvase unha salientable redución na cobertura ó recibiren servizo un total de 3.775 persoas, o que supón unha caída do 38% e pasar a dar servizo ó 21% das persoas necesitadas, figurando un total de 10.912 persoas no 2011 como non receptoras do servizo (un 64% do total) e no 2017 un total de 14.440 persoas (o 79% do total), o que supón un incremento na demanda non satisfeita do 32%.

No relativo á provincia, estímase que na actualidade 5.964 persoas precisan o servizo e non o reciben.

### 3.3.1.2 As persoas coidadoras. A súa situación xeral.

Como se pode observar, as persoas coidadoras son un elemento fundamental para a atención ás persoas con dificultades de autonomía, sobre todo tendo en conta a existencia dunha importante necesidade non atendida polos servizos analizados.

O Instituto Galego de Estatística analiza a realidade das persoas cuidadoras en Galicia, definíndoas como “*Aquelas persoas que, sen percibir remuneración a cambio, axuda a algunha outra persoa en situación de dependencia a realizar as tarefas da vida cotiá. Ás persoas ás que cuida poden residir tanto no mesmo fogar como noutro. Non se consideran como remuneracións as posibles axudas da Lei da dependencia*”<sup>69</sup>.

É salientable esta definición xa que exclúe ás persoas cuidadoras que teñan relación económica coa persoa cuidada ou que teñan remuneración, de tal xeito que se pon énfase no voluntariado e na prestación de cuidados por parte da esfera familiar, excluindo así tanto os servizos de carácter público e privado, como os de iniciativa social se hai remuneración.


Atendendo a esta definición, na actualidade contabilízanse en Galicia un total de 144.539 persoas cuidadoras, das cales 62.056 habitan na provincia da Coruña. As persoas cuidadoras en Galicia evolucionan dende as 122.158 do ano 2007, pasando polas 118.931 do 2011, o cal supón un incremento final do 18,3%. Con respecto á provincia, no 2007 rexistrábanse 49.658 persoas cuidadoras e no 2011 49.266, supoñendo un incremento final do 24,9%.

Nestes intres é posible afirmar que, na actualidade, o 5,39% dos habitantes de Galicia se poden considerar persoas cuidadoras, en tanto que para a provincia a cifra sería do 5,59%.

O perfil tipo dunha persoa cuidadora en Galicia respondería a unha muller de entre 45 e 64 anos. De feito, as mulleres son o 62,8% das persoas cuidadoras (os homes o 37,8%) e, en termo de idades, salientan os treitos de entre 45 – 64 anos (rexístranse un total de 47.948 mulleres, o que supón o 52,85% das mulleres e o 33,1% do total de persoas cuidadoras) e o de 65 ou máis anos, no que se rexistran 27.860 mulleres, o que supón o 30,7% das mulleres (e o 19,3% do total de persoas cuidadoras). Entre os homes, salienta o treito de idade de 45 a 64 anos con 25.584 cuidadores, o que supón o 47,5% dos homes e o 17,7% do total de cuidadores/as.

Con respecto á distribución territorial das persoas cuidadoras en función do tamaño do Concello de residencia, é posible realizar o seguinte achegamento.

Gráfico 61. Distribución das persoas cuidadoras por tamaño do Concello. Galicia. 2017



Fonte: IGE


69

Véxase a definición do IGE en <http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=ga&paxina=001&c=0205001001&ruta=definiciones/defcod.jsp?C=02050010010000>

Como se pode observar, na actualidade é posible completar o perfil realizado con anterioridade indicando que a muller cuidadora de entre 45 e 64 anos reside nun Concello de menos de 10.000 habitantes, xa que este é o caso do 36,3% das persoas cuidadoras, seguido dun 29,3% que reside en Concellos de máis de 50.000 habitantes.

Con respecto ás persoas atendidas polos cuidadores/as, é preciso salientar que no 79,5% dos casos, as persoas cuidadoras atenden a membros do seu propio fogar, dándose este caso en 114.861 persoas, en tanto que 29.678 cuidadoras (o 20,5% do total), os cuidados diríxense a persoas que non forman parte do fogar. É dicir, o perfil da cuidadora avanza introducindo o elemento familiar como aspecto clave na relación coa persoa a coidar.

Gráfico 62. Distribución das horas adicadas ós cuidados. Galicia. 2017



Fonte: IGE

Un dos principais elementos que determina a vida das persoas cuidadoras é a intensidade da súa disposición para coa persoa dependente, intensidade medida en número de horas semanas adicadas ó coidado. Como se pode ver no gráfico anterior, o principal abano de horas de adicación é o composto por entre 30 e 69 horas semanais, que declaran como adicación un total de 39.138 persoas cuidadoras, o que supón o 27% do total.


É preciso salientar que máis do 52% das persoas cuidadoras afirma adicar máis de 30 horas á semana ás tarefas de coidado, o que supón que un total de 76.089 cuidadoras se sitúan entre (practicamente) unha xornada laboral semanal e a ocupación da totalidade do seu tempo nas tarefas de coidado das persoas dependentes, é dicir, estase a falar dunha adicación de cuase-exclusividade.

A intensidade das tarefas relacionadas cos cuidados dificultan a súa complementariedade coa vida laboral, de tal xeito que o 64,5% das persoas cuidadoras no 2017 non se atopan ocupadas (93.297 persoas), en tanto que o 35,5% restante se atopan ocupadas (51.242 persoas). Este feito é posible vencellalo coa adicación en horas analizada con anterioridade, xa que se ben as persoas ocupadas lle adican ós cuidados menos horas (o 63,3% lle adican menos de 30 horas á semana), as persoas non ocupadas adícanlle máis horas ás tarefas de cuidados (o 61,2% adícanlle máis de 30 horas á semana).



Outro dos elementos a ter en conta á hora de analizar a situación das persoas cuidadoras é a relacionada coa extensión da súa adicación en anos de cuidados, que se pode observar a continuación en gráfico.

Gráfico 63. Análise das persoas cuidadoras segundo os anos que hai que o son. Galicia. 2017




Fonte: IGE

Do gráfico pódese concluír que máis do 68% das persoas cuidadoras (98.316 persoas) sono por un período que vai dende os dous ós dez anos. Neste sentido, en cifras absolutas, 63.2266 persoas son cuidadoras dentro do intervalo de dous a cinco anos; 35.050 persoas sono dentro do intervalo de seis a dez anos; 19.594 persoas sono dentro do intervalo de once a vinte anos; 15.490 persoas sono no intervalo de un ano ou menos; 9.051 persoas sono dentro do intervalo entre vinte e un anos a corenta; en tanto que 2.087 persoas lévano sendo por máis de 40 anos.

A elevada intensidade e extensión dos cuidados ás persoas dependentes obrigan ás persoas cuidadoras a reducir en grande medida as súas actividades habituais, aspecto este no que é posible observar unha salientable diferenza no comportamento de homes e mulleres, como se conclúe do seguinte gráfico.

Gráfico 64. Análise das actividades habituais que son reducidas polas persoas cuidadoras. Homes e mulleres. Galicia, 2017.



Fonte: IGE


O impacto na vida habitual das persoas cuidadoras é dunha enorme relevancia xa que, por exemplo, 104.782 cuidadoras que declaran reducir as súas actividades de lecer ou relacións sociais, un total de 67.435 son mulleres (o 64%); 80.694 persoas cuidadoras declaran reducir a súa vida familiar, dos cales 54.186 son mulleres (o 67%); 55.310 persoas cuidadoras declaran reducir o traballo doméstico, dos cales 45.217 son mulleres (o 76%); ou 37.244 persoas cuidadoras declaran reducir o seu traballo profesional remunerado, dos cales 26.548 son mulleres (o 71%).

Así, tódalas actividades habituais vense impactadas pola realidade das tarefas de coidado, salientando especificamente as de carácter relacional tanto social, familiar ou profesional, elemento este último que, cruzado pola intensa feminización dos cuidados, leva á redución das posibilidades profesionais das mulleres e, a medio prazo, á redución das carreiras de cotización co que isto comporta para o acceso ás prestacións por desemprego ou á xubilación.

Neste sentido, a intensidade e extensión no tempo das tarefas de cuidados afectan de xeito particular á economía e á saúde. Con respecto á economía, ademais da esixencia de redución do traballo remunerado xa mencionado, o 62,9% das persoas cuidadoras afirman que a súa economía se ve influída polas tarefas de coidado (un total de 90.939 persoas). Con respecto á saúde, esta porcentaxe é do 67,5%, o cal supón que 97.608 persoas ven influída a súa saúde a raíz da asunción das tarefas de coidador, aspecto este no que salienta o deterioro sufrido polas mulleres (o 73,6% das cuidadoras declaran influencia das tarefas de cuidados na súa saúde fronte ó 57,2% dos homes) que é 16,4 puntos superior ó dos homes.

Finalmente é preciso introducir na análise da situación das persoas cuidadoras a asistencia a actividades de formación ou grupos de apoio que melloren a súa situación ou as tarefas asumidas, situación esta que se pode analizar visualmente nos dous gráficos achegados a continuación.

Gráfico 65. Análise das persoas cuidadoras que acudiron a actividades de formación e contido das mesmas. Galicia, 2017.



Fonte: IGE

No primeiro dos gráficos amósase a porcentaxe de persoas cuidadoras que acudiron no ano 2017 a algún tipo de actividade relacionada tanto coas tarefas de coidado como coa situación dos propios

coidadores. Así, no ano 2017 asistiron a estas actividades 18.619 persoas, o que supón o 11% das 144.539 persoas coidadoras existentes en Galicia.

Con respecto ás actividades ás que asisten as persoas coidadoras, estas pódense estruturar atendendo a se o obxectivo é a mellora das tarefas de coidado ou se estas actividades se dirixen en maior medida ó coidador a través, por exemplo, de orientación, autoaxuda grupal, xestión do estrés, mellora da conciliación.

Deste xeito, 6.410 persoas coidadoras acudiron a grupos de autoaxuda ou asociacións de familiares de persoas dependentes, o que supón o 21% do total de persoas que acudiron a algún tipo de actividades; 8.146 persoas acudiron a programas de orientación para o/a coidador/a relacionados coa xestión do estrés ou a mellora da conciliación, o que supón o 27% do total; 12.152 persoas acudiron a programas de información ou asesoramento para a mellora das tarefas de coidado das persoas con problemas de autonomía (o 41% do total); en tanto que finalmente 3.333 persoas (o 11%) acudiron a algunha actividade regrada sobre o coidado

### 3.3.2 A Lei da dependencia. Evolución e servizos.

Dentro dos aspectos máis salientables relacionados cos coidados ás persoas con dificultades de autonomía xa observados atópase a Lei 39/2006 de promoción da autonomía persoas e atención ás persoas en situación de dependencia. Esta supón o recoñecemento do dereito subxectivo das persoas a través da valoración da súa situación en relación coa autonomía para acceder a un abano de servizos de coidado e de mellora da súa calidade de vida.

No proceso de información e recepción da solicitude das persoas en relación á lei da dependencia, análise e valoración da mesma, recoñecemento do grao de dependencia, prestación dos servizos aparelados e financiamento dos mesmos actúan as administracións local, autonómica e estatal.


Dentro desta actuación conxunta das administracións, salienta pola súa especial incidencia dentro das administracións locais a prestación do servizo de axuda no fogar relacionado coa dependencia. Neste sentido, a administración autonómica financia a prestación do servizo por parte dos Concellos, en tanto que estes Concellos asumen operativamente a súa xestión de xeito paralelo ó programa de servizo de axuda no fogar municipal de competencia local.

Deste xeito, a implementación da lei da dependencia e os servizos que comporta leva aparelado un salientable traballo por parte dos equipos técnicos de benestar da administración local, así como a propia revisión das súas funcións e da súa composición, razón pola cal é preciso dimensionar a situación actual da aplicación da devandita lei atendendo ós datos oficiais que o Instituto de Mayores y Servicios Sociales do Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social desagrega a nivel autonómico.

Así, os datos oficiais amosan a intensidade tanto da realidade das persoas dependentes e das persoas coidadoras, como o esforzo das administracións públicas na implementación da lei da

dependencia e dos seus servizos de tal xeito que, se ben nos últimos anos en Galicia se observa unha relativa estabilidade no relativo ás solicitudes activas e ás resolucións, tamén é posible observar un incremento substancial tanto no recoñecemento dos dereitos das persoas beneficiarias como na prestación de servizos ás devanditas persoas recoñecidas como beneficiarias.

Gráfico 66. Evolución das solicitudes, resolucións, persoas con dereito recoñecido e beneficiarios/as con prestacións no seo da lei da dependencia. Galicia, 2013 – 2018.



Fonte: Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar.

Como se pode comprobar, ó longo do período analizado amósase unha estabilidade relacionada co número de solicitudes activas relacionadas co recoñecemento da dependencia, que vai aparelado co número de resolucións, de tal xeito que na actualidade o 99,4% das solicitudes contan con resolución e o 85% destas resolucións supoñen o recoñecemento do dereito da persoa solicitante. Neste sentido, a cifra de persoas con dereito a prestación é ascendente en termos xerais no período, pasando das 56.835 do ano 2013 ás 67.903 da actualidade, o que supón un incremento do 19,5%.

O incremento das persoas cos dereitos recoñecidos vai aparelado á prestación efectiva dos servizos, aínda que con salientables marxes que nos últimos anos se van acurtando. Así, se o período inicia cun 31,8% de persoas con dereito a prestación que non a recibían efectivamente, esta cantidade descende nos últimos anos ata o 11,5%, se ben tocando teito no ano 2015 cun 36,1%.

Con todo, na actualidade contabilízanse un total de 7.804 persoas en Galicia que aínda non reciben os servizos ós que teñen dereito (o total é de 67.903, iniciándose a serie con 38.729 persoas), a pesar de que a cifra de beneficiarios/as con prestacións efectivas chega ás 60.099 persoas (iniciándose a serie con 38.729 persoas, o que supón un incremento do 55,2% no período analizado).

Táboa 50. Evolución dos diferentes tipos de prestacións. Galicia, 2013 – 2018.

Tipo de Prestación	2013	2014	2015	2016	2017	2018
<b>Prevención da dependencia e promoción da actividade persoal</b>	509	567	1.980	3.170	4.167	4.758
Teleasistencia	1.026	1.225	1.667	2.555	4.049	5.268
Axuda no Fogar	9.714	11.107	12.340	16.571	20.465	23.309
Centros de día/noite	5.547	5.731	6.112	6.722	7.062	7.173
Atención residencial	7.584	7.317	7.647	7.738	7.660	8.516
<b>Prestación económica vencellada ó servizo</b>	5.400	5.046	4.822	5.088	6.806	8.132
Prestación económica coidados familiares	12.263	10.865	10.989	12.930	13.392	12.953
Prestación económica asistencia persoal	47	80	85	88	100	111

Tipo de Prestación	2013	2014	2015	2016	2017	2018
<b>Total prestacións</b>	42.090	41.938	45.642	54.862	63.701	70.220
<b>Total persoas con prestacións</b>	38.729	39.004	41.823	49.101	55.370	60.099

Fonte: Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar.

A táboa amosa a evolución tanto das persoas con prestacións, como do total de prestacións e os diferentes tipos de prestacións recibidas polas persoas dentro da lei da dependencia. Neste sentido, ademais de facer énfase no incremento xeral dos totais, é preciso focalizar a atención na evolución dos diferentes tipos de servizos.


Así, as prestacións relacionadas coa prevención da dependencia e promoción da actividade persoal ascenderon un 835% no período analizado, en tanto que as relacionadas coa teleasistencia medraron un 413%, ou as prestacións económicas relacionadas coa asistencia persoal un 136%. Con todo, este tipo de prestacións non son as maioritarias reducíndose no caso das prestacións de prevención a 4.758, no caso da teleasistencia a 5.268 e no caso das prestacións económicas de asistencia persoal a 111.

Con respecto a outro tipo de prestacións máis maioritarias, salienta o incremento do servizo de axuda no fogar que pasa de 9.714 prestacións a 23.309, o que supón un 140%, sendo a primeira das prestacións en Galicia. A esta séguelle en importancia a de carácter económico vencellada ós coidados familiares, que na actualidade conta con 12.953 prestacións e que ascende un 6% no período analizado.

As prestacións de atención ás persoas dependentes en equipamentos especializados tamén se ven incrementadas, pero dun xeito máis matizado. Así, as atencións residenciais medran un 12% pasando das 7.584 prestacións ás 8.516, en tanto as prestacións relacionadas cos centros de día ou noite pasan das 5.547 ás 7.173, medrando un 29%.

Neste sentido, é posible indicar que, dentro dun contexto xeral de expansión das prestacións e dos diferentes tipos de prestacións, cuantitativamente o esforzo máis salientable estase a facer no servizo de axuda no fogar.


Gráfico 67. Evolución do total de prestacións relacionadas coa dependencia e o SAF dependencia. Galicia, 2013 – 2018.



Fonte: Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar.

Atendendo ás evolucións mencionadas, na actualidade a distribución dos diferentes tipos de prestacións amósase no seguinte gráfico, tendo en conta a agregación das de carácter económico nunha única categoría a efectos explicativos.

Gráfico 68. Distribución dos tipos de prestacións da lei da dependencia. Galicia. 2018.



Fonte: Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar.

Así, na actualidade a maior parte das prestacións asúmeas so o servizo de axuda no fogar (o 33%), en tanto que o 30% corresponde á agregación das diferentes prestacións económicas. A atención residencial e a atención en centros de día/noite asumen un 12% e un 10% do total respectivamente, en tanto que as últimas posicións ocúpanas a teleasistencia (un 8%) e as actividades de prevención e promoción da actividade persoal (7%).

Finalmente é preciso mencionar que as resolucións que na actualidade (ano 2018) se atopan activas (79.927) corresponden maiormente ó Grao III, é dicir, o nivel máis elevado de recoñecemento, que agrupa ó 21,97% das mesmas (17.519). O Grao II suma un 19,19% con 15.296, en tanto que o Grao I suma un total de 13.854, o que supón o 17,38%. Ademais, 11.824 resolucións (o 14,83%) non teñen grao.

Con respecto ó perfil das persoas beneficiarias das prestacións, o 65% do total do ano 2018 para o conxunto de España son mulleres (686.417), en tanto que o 35% restante son homes (367.858), salientando que, en xeral, o grupo máis numeroso corresponde ás mulleres de 80 e máis anos, cun total de 440.615 beneficiarias, o que supón o 64,19% das mulleres e o 41,79% do total de persoas beneficiarias.

### 3.3.3 Síntese sobre as persoas con problemas de autonomía, as persoas cuidadoras e os servizos.

Ó longo do actual apartado analizáronse as diferentes circunstancias relacionadas coas persoas que teñen dificultades coa súa autonomía, cos servizos que estas reciben e coas persoas cuidadoras, ademais de facer unha especial referencia á evolución nos últimos anos da lei de dependencia e das principais prestacións que esta leva aparelado para as persoas que teñen recoñecido o dereito.

En Galicia, segundo os datos obtidos, existen no ano 2017 un total de 117.875 persoas con dificultades para a asunción autónoma das actividades cotiás, das cales 48.194 son habitantes da provincia da Coruña. Analizando a distribución interna por Áreas territoriais, obsérvase unha salientable incidencia nas Áreas máis avellentadas (Costa da Morte, Ferrol-Eume-Ortegal, por exemplo), en tanto que as Áreas urbanas contan cunha incidencia notablemente inferior.

Esta desigual incidencia das persoas con problemas de autonomía ratifícase ó estudar a distribución atendendo ó número de habitantes dos Concellos, observando unha relación inversa entre o número de habitantes e a incidencia dos problemas de autonomía. Así, a maior número de habitantes (Concellos de máis de 50.000 habitantes), menor incidencia das persoas con problemas de autonomía, e a menor número de habitantes, maior incidencia. Deste xeito, son os Concellos de menor poboación (e máis avellentada) os que maior incidencia teñen do fenómeno, elemento este que se verá potenciado a curto prazo a raíz das proxeccións demográficas analizadas.

Seguindo coa análise, a presenza de problemas de autonomía é un aspecto que marca a vida das familias en cuxo seo se atopa a persoa, xa que as persoas requirirán uns coidados que, en promedio, supoñen entre 3 e 12 horas diarias (28% do total supoñen de 3 a 6 horas e outro 28% supoñen de 7 a 12 horas), en tanto que a duración destes coidados en anos sitúase entre 2 e 5 anos (concretamente o 43% dos casos). É dicir, a necesidade de coidados por parte das persoas con problemas de autonomía é intensa en horas de atención e extensa en anos, e é asumida maioritariamente por membros do fogar, de tal xeito que a familiarización dos coidados é fundamental.

Así, é a familia (os membros do fogar) a que maioritariamente atende ás persoas con problemas de autonomía, sobre todo tendo en conta que a cobertura dos servizos no ano 2017 oscila entre o chan do 16% correspondente ás persoas que reciben programas de respiro e o teito do 44% das persoas que reciben o servizo de axuda no fogar. Deste xeito, a intensidade da cobertura de servizos para as persoas con problemas de autonomía é limitada e, tendo en conta a evolución á alza do número destas persoas, en diferentes servizos como pode ser o propio SAF, as estadías en centros de día ou o transporte adaptado, incluso se reduce entre o ano 2011 e o 2017.

Neste sentido, estímase que no ano 2017 existen en Galicia 144.539 persoas coidadoras que non teñen relación económica, laboral ou remuneración coa persoa coidada, das cales 62.056 corresponden á provincia da Coruña, o que supón o 5,39% do total de habitantes de Galicia ou o 5,59% dos habitantes da provincia.

O perfil tipo de persoa coidadora é unha muller de entre 45 e 64 anos que reside nun Concello de menos de 10.000 habitantes que atende a un membro do seu propio fogar cunha intensidade de entre 30 a 69 horas semanais por un período de entre 2 a 5 anos.

Esta intensidade e extensión dos coidados supoñen un elevado impacto para a vida da persoa coidadora en tódolos sentidos, dende o relacionado coa vida familiar, coas actividades de lecer, coas tarefas domésticas e coa vida laboral. En todos estes aspectos o impacto sobre as mulleres é substancialmente superior ó impacto sobre os homes coidadores, impacto este que non é

amortecido acudindo a ferramentas tales como asociacións de persoas cuidadoras, grupos de autoaxuda ou formación, xa que estas opcións son utilizadas por un 11% das cuidadoras.

Dentro deste escenario de elevada intensidade dos cuidados a raíz da evolución á alza das persoas con dificultades de autonomía, salienta a presenza dos servizos relacionados coa lei da dependencia como transferencia de certos custos relacionados cos cuidados dende a esfera familiar á esfera pública ou, cando menos, da presenza de certo apoio ás persoas cuidadoras.

Neste sentido, ó longo dos últimos anos en Galicia as prestacións da lei da dependencia evolucionaron á alza de xeito substancial, reducíndose as persoas que tendo dereito a contar con prestacións, aínda non contaban con elas de xeito efectivo.

Con todo, é preciso indicar que unha boa parte das prestacións son en forma de servizo de axuda no fogar, ferramenta esta que de non ser complementada por outros servizos relacionados coa atención residencial ou coas estadias en centros de día, non produce os efectos necesarios nin nas persoas dependentes (a maior parte delas con Grao III recoñecido) nin nas persoas cuidadoras a raíz da limitación do propio servizo en horas semanas e a intensidade e extensión no tempo das tarefas de cuidado das persoas dependentes.

Esta importancia do SAF como elemento que se está a constituír en ferramenta central da atención ás persoas dependentes (valoradas atendendo á lei da dependencia e non valoradas) ten un elevado impacto nos departamentos locais de benestar xa que, no caso do SAF libre, é de titularidade municipal, e no caso do SAF dependencia, é un servizo de xestión municipal e de financiamento autonómico.

Así, os equipos SAF, tanto sexan de xestión directa ou indirecta, supoñen unha salientable tensión nos departamentos de benestar locais en termos de capacidade de xestión e de optimización de recursos, de tal xeito que a adecuación destes departamentos ás necesidades e esixencia dos cuidados (e dos seus diferentes tipos) como ferramenta en expansión será un dos retos máis salientables a curto prazo das políticas locais de benestar na liña da matización da familiarización destes cuidados e da procura da complementariedade entre as esferas familiar, social e pública de provisión de servizos.



## 4. Conclusións e Recomendacións.

Ó longo do presente documento foron analizados, en tres apartados diferentes, os principais aspectos relacionados coa evolución demográfica, co contexto socioeconómico, e coa situación dos servizos sociais e dos principais programas das políticas locais de benestar; amosando así un panorama integral resultante do estudo conxunto (I) das persoas, (II) das súas condicións de vida, e (III) da actividade dos servizos de benestar, dentro dos cales se fai especial mención á actividade da Deputación da Coruña así como, ó final, á situación dos coidados e os servizos relacionados coas persoas con problemas de autonomía.

O último punto da Diagnose da provincia da Coruña vén conformada pola formulación das principais conclusións extraídas da análise dos anteriores apartados, así como pola elaboración de diferentes propostas para a mellora e ampliación do alcance e profundidade das actividades dos departamentos locais de benestar.

Estas conclusións e recomendacións terán como veyro xeral a procura da mellora da calidade de vida da poboación e, máis concretamente, da mellora da autonomía individual e relacional das persoas, de tal xeito que se enmarquen e sexan coherentes coas liñas xerais que o Plan de Acción deseña para a actividade de Área de Benestar da Deputación da Coruña. É dicir, as recomendacións propostas para a provincia non só son coherentes cun deseño xeral a nivel provincial, senón que contribúen a este deseño trasladando de xeito *abaixo – arriba* tanto as necesidades locais como as circunstancias puntuais que se presentan no desenvolvemento cotiá das tarefas dos departamentos locais, e que inflúen de xeito determinante no rendemento das políticas locais de benestar e, polo tanto, na súa capacidade de resposta fronte ás situacións sociais.

Neste sentido, ó longo dos últimos anos a Deputación da Coruña evoluciona no seu sistema de apoio ós Concellos de menos de 20.000 habitantes. Esta evolución insírese na emerxencia do POS+ como principal ferramenta de colaboración financeira xeral, en tanto que tamén presenta no relativo ás políticas de benestar unha fonda evolución das ferramentas de apoio financeiro.

Así, tanto o contido do apoio como os volumes financiados evolucionaron de xeito significativo a partir do ano 2017, sempre dentro da modalidade incentivadora, sendo minoría os programas de apoio técnico directo ós Concellos, aspecto este no que a continuación se fará fincapé atendendo á realidade territorial.

Deste xeito, na procura de seguir avanzando e mellorando no apoio integral que a Área de Benestar da Deputación presta ós Concellos, e tendo como referencia o principio de autonomía local, a

continuación preséntanse as principais conclusións e recomendacións xurdidas para a provincia no seo dos traballos de elaboración do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña.

### 4.1 AS PRINCIPAIS CONCLUSIÓNS .

#### A) A evolución demográfica

Os datos amosados ó longo do apartado demográfico indican que, se ben a provincia en termos xerais e observada como un todo conta cunha situación de estabilidade poboacional nos últimos 20 anos, cun suave ascenso no período 1998 – 2007 e un suave descenso no período inmediatamente posterior, esta realidade aterra de xeito complexo e heteroxéneo a nivel comarcal e local.

Así, son unicamente as comarcas urbanas de A Coruña e Santiago de Compostela as que amosan un comportamento positivo da poboación, en tanto que a Barbanza amosa certa estabilidade, e resto das Comarcas amosa caídas que oscilan entre cifras de suave descenso (Bergantiños, Betanzos ou Ordes) e cifras de salientable devalo. Entre estas últimas comarcas é preciso situar á Comarca de Ferrol que, a pesar de contar cun dos Concellos que máis está a medrar poboacionalmente, como é o caso de Narón, en conxunto presenta unha importante caída.

O crecemento da poboación, que recae nas comarcas metropolitanas, non se expande á totalidade dos Concellos que forman parte delas, senón que se circunscribe á primeira coroa metropolitana dos mesmos (caso de Arteixo, Oleiros, Culleredo, Ames ou Teo). Ademais, é preciso ter en conta que este proceso de expansión poboacional destes Concellos tampouco afecta a todo o seu territorio de xeito máis ou menos homoxéneo, senón que complementa importantes incrementos nos principais núcleos urbanos, con salientables caídas demográficas nas parroquias máis rurais.

Neste sentido, na liña mencionada ó longo do documento, obsérvase un dobre proceso dinámico de centralización da poboación onde as cabeceiras de comarcas e os núcleos urbanos das comarcas metropolitanas operan atraendo á poboación das localidades rurais. Con todo, dentro deste proceso xeral é preciso aclarar que parte das cabeceiras das Comarcas non están a contar coa capacidade suficiente de retención da súa propia poboación e da poboación dos núcleos rurais do seu territorio de influencia, de tal xeito que ó seu tempo, tamén emiten poboación cara as principais centralidades, que son as Comarcas metropolitanas.

Este proceso non é absoluto, senón que existen cabeceiras de Comarca con potencia para limitar de xeito considerable os devalos xerais, tal como acontece no caso de Carballo, por exemplo que, conxuntamente con A Laracha, estabilizan boa parte da poboación de Bergantiños. Este tamén é o caso de Betanzos e Miño, que contribúen á estabilidade da poboación da Comarca de Betanzos, sobre todo no caso do Concello de Miño que evoluciona á alza de xeito sensible nos últimos anos.

Ó tempo, a Comarca da Barbanza presenta unha estabilidade xeral nos últimos 20 anos, marcada polo suave devalo de A Pobra e Rianxo, e polo suave ascenso de Boiro e Ribeira, constituíndose, en

termos xerais, como unha Comarca que atrae poboación e que non comparte as dinámicas de caída das comarcas rurais.

Esta evolución da poboación a nivel comarcal e provincial comporta a emerxencia dunha tendencia estrutural ó despoboamento de Concellos rurais e dos núcleos e parroquias rurais dos Concellos que actúan como cabeceiras de comarca, así como dos núcleos e parroquias rurais da primeira coroa metropolitana das cidades.

Esta situación verificase analizando a realidade, por exemplo, de comarcas como Fisterra, onde a súa principal centralidade, Cee, gaña poboación no núcleo urbano, en tanto que se enfrenta a un proceso de fondo despoboamento do resto do seu territorio; en tanto que tamén se verifica en comarcas urbanas como pode ser A Coruña, por exemplo, onde nos Concellos de Arteixo ou Culleredo está a acontecer un proceso semellante, pero cunha intensidade diferente.

A evolución da dinámica da poboación nas Comarcas relaciónase tanto cos saldos vexetativos como cos saldos migratorios, sendo preciso mencionar que a provincia conta con saldos vexetativos negativos dende finais dos anos 80 do século pasado. Estes saldos afectan a tódalas comarcas, coa excepción de Santiago, sendo dunha intensidade limitada en comarcas como A Coruña ou a Barbanza, e dunha intensidade salientable en comarcas como Betanzos, Ortegá ou Terra de Melide. Neste sentido, só 5 Concellos contan con saldos vexetativos positivos estables no período 1975 – 2015 (Ames, Arteixo, Cambre, Culleredo e Oroso), pertencentes todos eles á primeira coroa metropolitana das cidades de A Coruña e Santiago de Compostela.

A estabilidade das cifras da poboación na provincia, vista a caída xeral do saldo vexetativo en case todo o territorio, provén dos saldos migratorios que, analizados dende finais dos 90 ata a actualidade, son positivos en case todo o período, coa excepción das anualidades 2013-2014. Neste caso, a evolución do saldo a nivel provincial e galego é parello, salientando a importante entrada de poboación ata o ano 2007, onde o saldo inicia a súa caída ata chegar a cifras negativas para, con posterioridade ó 2014 recuperar a liña ascendente na provincia.

Estes saldos migratorios positivos concéntranse nas Comarcas de A Coruña e Santiago, que repiten o esquema mencionado de importantes entradas de poboación ata o 2007, caída ata chegar a cifras negativas (no caso da Coruña, non no de Santiago), e recuperación ata a actualidade.

No caso da Barbanza, Bergantiños, Ferrol ou Betanzos, obsérvase unha evolución heteroxénea, que complementa importantes entradas na primeira década do século XXI con caídas a partir dos anos 2010 ata a actualidade que, no caso da Barbanza ou Betanzos, recuperan cifras positivas.

Con respecto ó resto das comarcas, en termos xerais a situación dos saldos migratorios é negativa en todo o período analizado, coa excepción de determinadas anualidades en comarcas como Muros, por exemplo. Con todo, é posible mencionar que estas comarcas, que tradicionalmente actúan como emisoras de poboación, afondan nesta dinámica histórica nos últimos anos, aspecto este que incide negativamente no agravamento do devalo poboacional, tanto máis canto unha boa parte das

entradas de poboación se relacionan co retorno da poboación emigrante en idades non activas, en tanto que as saídas se relacionan coa nova emigración.

Estas dinámicas poboacionais, que dan nunha importante tendencia ó despoboamento de boa parte do territorio, comportan unha necesaria reflexión sobre a capacidade de retención/atracción de poboación por parte destes territorios, así como de asentamento da devandita poboación a través de alternativas económicas de proximidade que garantan a calidade de vida da mesma e a súa estabilidade. Neste sentido, a verificación do proceso poboacional mencionado comporta a debilidade da xeración de capacidades produtivas endóxeas, así como do aproveitamento dos sectores económicos máis vencellados ó territorio.

Esta debilidade xeral pode ser expandida ó sector do benestar, sobre todo tendo en conta a infradotación xeral da oferta de equipamentos especificamente adicados ós coidados xa mencionada, de tal xeito que na actualidade non se está a aproveitar a capacidade das políticas e dos servizos de benestar á hora de xerar de economías de proximidade que se vencellen de xeito directo á retención/atracción de poboación en contornas de especial tensión.

Esta situación afecta tanto á infradotación de centros e equipamentos que, como se verificou, afecta con especial intensidade ás comarcas rurais, como ás necesidades de recursos humanos capacitados que teñen programas de benestar de proximidade como é o caso do SAF. Así, a desconexión entre formación e prestación do servizo, á que se lle debe engadir unha especial preocupación polas condicións laborais das profesionais que comporta unha limitada capacidade de atracción de persoal xerada polo sector, supón que, outra vez máis, non se maximicen as posibilidades de xeración de economías de proximidade de benestar a través dun sector en expansión nos últimos anos.

A análise exhaustiva sobre a situación do SAF, sobre a que se entrará con posterioridade dende a óptica dos coidados, debe contar, entre outros, cun enfoque relacionado coa promoción económica e o emprego de proximidade en contornas rurais. Neste sentido, no ano 2018 o número de profesionais auxiliares de SAF nos Concellos menores de 20.000 habitantes contaba cunha cifra mínima de 1.935 profesionais, o cal amosa ás claras a súa intensidade en termos de contratación, a elevada capilarización do mesmo dende a óptica do territorio e as posibilidades que este xacemento de emprego ten en materia de retención de poboación en contornas rurais.

Con todo, atendendo ás indicacións dos equipos técnicos dos departamentos de benestar locais, na actualidade un dos factores que determina que non se estea a prestar máis horas de SAF (sobre todo da modalidade de libre concorrência) é o relacionado coa ausencia de persoal capacitado. Así, os diferentes sistemas para o acceso ó certificado de profesionalidade correspondente non están a dar os resultados necesarios para fornecer as entidades prestadoras do suficiente número de profesionais. Ademais, os centros onde se imparte formación como o Ciclo Medio de Atención a persoas en situación de dependencia, da familia de Servizos socioculturais e á Comunidade da Formación Profesional, limítanse ás grandes cidades e só o IES Félix Muriel de Rianxo se localiza en contornas rurais.

É dicir, perante un sector en expansión, de elevada necesidade de recursos humanos formados, e de elevada potencialidade en termos de creación de postos de traballo en contornas rurais, na actualidade detéctase unha salientable desconexión entre as planificacións das políticas locais de benestar e as de promoción económica e emprego que, sobre todo en contornas rurais, dá na perda de oportunidades para a retención/atración de poboación, co que isto comporta para Concellos e núcleos rurais que contan, como se observa, cun salientable problema de despoboamento.

A desconexión entre as políticas de promoción económica e emprego e as de benestar locais supón a perda de capacidades no territorio para o aproveitamento de posibilidades de desenvolvemento endógeno, prevendo unha especial intensidade dende a demanda sobre todo nas Comarcas de carácter máis rural que, na actualidade, son aquelas nas que menos oferta existe, sobre todo de equipamentos de servizos sociais centrados nos coidados.

Esta demanda, de previsible expansión nos vindeiros anos atendendo á evolución das pirámides de poboación, vén determinada pola existencia de complementariedade na oferta dos recursos idóneos e pola limitación dos tempos no acceso ós mesmos, de tal xeito que a oferta sexa efectiva para a atención ás persoas en cada situación. De non ser así, o circuíto establecido entre demanda explícita de potenciais usuarios/as e oferta verase interrompido, derivando boa parte da responsabilidade que en materia de coidados debería ter a esfera pública, co apoio da social, cara a familiarización, co que isto comporta á hora da asunción do impacto dunhas tarefas claramente feminizadas dentro das familias e, na liña da presente conclusión, co seu efecto correspondente á hora de limitar as posibilidades de creación de postos de traballo de proximidade no sector do benestar.

Un dos aspectos máis salientables á hora de xerar territorios atractivos para a retención/atración da poboación nos Concellos rurais, e nos seus diferentes núcleos, é a xeración dun abano de programas e servizos de benestar que contribúan á mellora da calidade de vida da poboación dende unha óptica máis ampla cá asistencial. Neste sentido, verifícase unha tendencia dos departamentos municipais de benestar, sobre todo dos Concellos de menor volume poboacional e menor capacidade, á *hiperfocalización* do traballo dos equipos técnicos en relación á tramitación de recursos (sobre todo para as persoas maiores) e, máis concretamente, á xestión do SAF.

Esta tendencia á *hiperfocalización* ten como consecuencia que, na actualidade, un dos baleiros máis salientables das políticas locais de benestar sexa o relacionado co traballo comunitario. Dentro deste aspecto, salienta a necesidade de incrementar os esforzos de cara ó establecemento de fluxos estables de colaboración coas entidades sociais ou entidades asociativas do territorio, de tal xeito que se chegue a un efecto multiplicador das accións lideradas dende os departamentos municipais.

Con todo, ó longo do territorio é posible detectar diferentes accións de carácter comunitario de elevado impacto que, lideradas dende os departamentos de benestar locais, contan cunha importante valoración e que contribúen á conformación de territorios atractivos. Estas accións teñen diferentes obxectivos que inclúen o traballo coas familias de persoas coidadoras, as escolas de pais e nais, as accións interxeneracionais de recuperación e transmisión de cultura, o traballo sociosanitario en colaboración co sector saúde, o voluntariado, as accións de prevención en colaboración cos

centros educativos, a mellora dos hábitos alimentarios na infancia, o traballo con persoas con discapacidade, ou as accións de inclusión social de colectivos de persoas inmigradas, por exemplo.

É dicir, se ben se detecta unha salientable tendencia á *hiperfocalización* dos departamentos locais de benestar nos coidados, coas limitacións xa mencionadas, é posible detectar un amplo substrato de accións comunitarias de elevado interese e impacto social que é preciso potenciar e ampliar na liña da mellora da calidade de vida da poboación e da capacidade de atracción/retención de poboación no territorio. Neste sentido, a tensión entre a *hiperfocalización* e a xeración de programas innovadores e comunitarios é salientable nos Concellos de menor volume.

Dentro destes aspectos é preciso facer unha mención especial ás necesidades detectadas en termos de mobilidade, sobre todo nos Concellos máis rurais e concretamente nos núcleos que se atopan espallados por todo o territorio. Neste sentido, un dos elementos a ter en conta de cara á mellora da capacidade de retención/atracción de poboación é a necesidade de mellorar a conectividade dos diferentes núcleos de poboación dos Concellos, algo no que na actualidade está a traballar a Xunta de Galicia a través do seu Plan de Transporte Público de Galicia pero no que, de xeito común por parte dos equipos técnicos de benestar municipais, se bota en falla un maior énfase con respecto ós núcleos rurais.

Así, é interesante a emerxencia de experiencias relacionadas co transporte público local que, con diferente intensidade, están a incidir dende o punto de vista municipal nesta problemática. Estes é o caso de Concellos como Teo ou Arteixo, co deseño e posta en funcionamento de sistemas de transporte público local, ou de Boimorto, Betanzos, Cabanas, ou Toques, entre outros, que desean este sistema para as persoas maiores ou para roteiros relacionados coas actividades municipais ou con visitas ó Centro de Saúde.

De tódolos xeitos, é preciso mencionar que se verifica a necesidade dunha maior coordinación en materia de benestar a varios niveis. En primeiro lugar, como se indica, a nivel intramunicipal, entre os diferentes departamentos municipais. En segundo lugar, a nivel local entre os departamentos municipais de benestar e os actores do TSAS e as entidades asociativas. En terceiro lugar, a nivel comarcal, entre os equipos municipais de benestar dos Concellos e, á súa vez, entre estes e o tecido social e asociativo. Finalmente, en cuarto lugar, a nivel supracomarcal e dende un punto de vista técnico e metodolóxico, entre os equipos técnicos dos Concellos e de outras administracións, como é o caso da Deputación. Neste último sentido, amósase preciso incrementar a intensidade da asistencia técnica e metodolóxica prestada por parte da Deputación ós equipos municipais de benestar, así como dos esforzos en coordinación destes equipos técnicos locais, co obxectivo de avanzar cara políticas de benestar integradas e comúns atendendo á necesaria adaptación das mesmas ós contextos locais e infralocais.

Ademais, como non podería ser doutro xeito, estas accións contan cun efecto en termos de economías de benestar de proximidade, co cal reitérase a incidencia na dinamización socioeconómica dende múltiples puntos de vista, elemento no cal a Deputación da Coruña ten un especial papel a raíz da súa competencia xeral de asistencia ós Concellos, pero que na actualidade se ve potenciado a través de programas como o Plan de Emprego Local.

Así, na liña de maximizar as posibilidades das economías de proximidade do benestar, considérase de especial importancia a coordinación interna dos diferentes departamentos da Deputación e, concretamente no caso do PEL, para dar resposta ás necesidades do territorio e dos Concellos en materia de benestar, focalizando os apoios nos baleiros detectados e obtendo efectos multiplicadores que será preciso avaliar para ampliar ou corrixir.

Esta necesaria coordinación é extensible, ademais, a outro tipo de liñas de financiamento da Deputación ós Concellos como é o caso das propias do Departamento de Cultura, que facilita a contratación de persoal para as áreas de cultura, así como de persoal de atención e dinamización de museos e centros de interpretación municipais. Neste sentido, tal como se menciona con anterioridade, bótase en falla unha maior amplitude das accións comunitarias de benestar, debendo ser posible a conexión das actividades desenvolvidas polos equipos técnicos complementarios financiados pola Deputación a través das convocatorias específicas de benestar coas accións culturais desenvolvidas polo persoal das áreas de cultura financiados a través das convocatorias específicas de cultura da Deputación.

A través desta conexión será posible incrementar o perímetro das accións de benestar locais incorporando o ámbito sociocultural e mellorando o seu alcance a través do acceso a entidades asociativas locais de elevada capilaridade no territorio, sempre na liña da creación, tanto na Deputación como a nivel municipal, de *coalicións do benestar* conformadas por múltiples actores que traballen de xeito coordinado na creación de territorios atractivos como paso ineludible na resposta pública á dinámica do despoboamento.

## B) O avellentamento e a soidade.

Como se menciona con anterioridade, se é preciso ter en conta a realidade comarcal, local e parroquial á hora de analizar a complexidade da evolución demográfica da provincia, este esquema é operativo tamén para o estudo do proceso de avellentamento que afecta á provincia.

Así, a pesar de que indicadores como o índice de avellentamento da provincia son menores có promedio de Galicia, este debe ser aterrado á realidade comarcal para obter unha visión completa. Neste sentido, só as comarcas de Santiago, Barbanza e A Coruña contan con índices inferiores ó promedio da provincia, en tanto que comarcas como Terra de Soneira, Muros ou Ortegal duplican tanto os datos galegos como provinciais. Deste xeito, é posible mencionar que a maior parte do territorio da provincia vese afectado por un profundo proceso de avellentamento do que, na liña do anterior apartado, só fican excluídos non xa as Comarcas urbanas mencionadas, senón que dentro delas, salientan os Concellos de Culleredo, Arteixo, ou Ames, por exemplo, como os que presentan datos de avellentamento máis limitados, conxuntamente con Concellos como Oroso ou Narón, de elevado dinamismo demográfico, pero que forman parte de Comarcas máis avellentadas.

É preciso salientar este contexto complexo xa que a nivel local pódense observar realidades, en Concellos de elevado dinamismo demográfico, que complementan as tensións xeradas en termos de

servizos de benestar relacionados coa atención á primeira infancia ou conciliación en determinados núcleos, con outro tipo de tensións xeradas pola demanda (máis ou menos explícita) de servizos relacionados cos coidados e coa atención ás persoas maiores e/ou dependentes.

Ademais, as proxeccións da poboación para o 2030 amosan, en termos comarcais, un afondamento do proceso de avellentamento que provoca que, incluso en determinados territorios, o grupo de poboación de maior volume estea constituído polas mulleres maiores de 85 anos, elemento que determinará de xeito salientable a orientación dos servizos de benestar, tanto máis canto este feito se deberá compaxinar coa tradicional dispersión da poboación nos núcleos rurais galegos.

Neste sentido, a pesar de que o proceso do avellentamento non é exclusivo dos núcleos rurais, ten neles unha incidencia maior que, compaxinado coa perda de poboación estrutural analizada no anterior apartado, provoca o xurdimento de fenómenos como a soidade non buscada e, finalmente, o despoboamento. Así, un dos elementos que está a marcar o deseño dos servizos de benestar dos Concellos rurais e de menor poboación, é unha complexa situación que vencella avellentamento, soidade e despoboamento, perante a cal se están a utilizar ferramentas como o SAF (con especial énfase da modalidade de libre concorrência), a Teleasistencia da Deputación, ou programas que, baseados no lecer, pretenden implicitamente a recuperación de hábitos comunitarios que minimicen a perda progresiva das redes sociais e familiares que se está a dar a raíz do devandito despoboamento.

Esta situación tamén se está a verificar nos núcleos urbanos de vilas ou cabeceiras de comarca onde, sobre todo nos seus cascos antigos, viven unha importante porcentaxe de persoas maiores con problemas de mobilidade e accesibilidade ós seus fogares que, dun xeito diferente ó mencionado nos núcleos rurais, tamén xera situacións de soidade non buscadas. Estes poden ser os casos dos núcleos urbanos de Concellos como Noia, Melide, Neda, Cee ou Muros, por exemplo, onde ás dificultades mencionadas se lles une o feito de seren considerados (caso de Noia, por exemplo) zonas de especial importancia histórica co que isto comporta en termos de rehabilitación de edificios.

Ademais, a soidade non é un fenómeno que se vencella exclusivamente ó avellentamento, de tal xeito que é posible atopar esta situación en persoas ou familias residentes en núcleos urbanos de elevado dinamismo demográfico pero que, por mobilidade laboral, se ven privados das redes familiares e comunitarias dos seus lugares de orixe e, nos seus novos lugares de acollida, aínda non teñen conformadas novas redes de apoio. Este é o caso das persoas inmigrantes, pero tamén dos fluxos internos propios do resto do estado e de Galicia que, sobre todo en lugares como as áreas metropolitanas das grandes cidades, teñen unha especial incidencia e deben ser analizados dende o punto de vista da necesidade da xeración de novos hábitos e redes comunitarias.

Neste sentido, os enfoques recomendados para a actuación con estes colectivos son de carácter proactivo e familiar, se ben estes enfoques baten cunha realidade xeral da actuación dos departamentos locais marcada pola elevada intensidade operativa da reactividade e a tramitación de recursos, sobre todo nos Concellos de menor poboación. De tódolos xeitos, a actividade despregada polos diferentes Concellos en materia comunitaria supón un salientable substrato sobre o que emprender novas actuacións innovadoras ou que potencien os programas xa existentes, de tal xeito



que a pesar das esixencias operativas cotiás e da limitación dos medios, os equipos municipais de benestar tenden a asumir un perímetro de actividade amplo, loitando por fuxir do concepto de *hiperfocalización* en actividades relacionadas coa tramitación de recursos.

Como se menciona con anterioridade, dentro das medidas que na actualidade se están a poñer en práctica que poden incidir en materia de avellentamento e soidade atópanse as relacionadas coa Teleasistencia e o SAF, consideradas como ferramentas básicas para paliar a soidade. Nesta liña, tamén se recoñece a importante potencialidade que teñen os programas de voluntariado, aínda que na actualidade considérase un elemento no que mellorar a través da inclusión de persoal técnico específico. Con todo, na actualidade existen Concellos con intensos programas de voluntariado que ofrecen un salientable substrato sobre o que actuar tanto dende o punto de vista da prevención do avellentamento e da soidade como, dende un punto de vista máis amplo, da xeración ou rexeneración de hábitos comunitarios.

Este recoñecemento por parte dos equipos de benestar locais das limitacións no traballo co voluntariado tamén se estende, en termos xerais, ás relacións coas diferentes entidades sociais ou asociativas, debendo salientarse que un dos programas de voluntariado de maior recoñecemento está a ser xestionado por Cruz Vermella en diferentes territorios da provincia. Así, recoñécese que a mellora na coordinación e nos fluxos de información coas entidades suporía ampliar as ferramentas das políticas locais de benestar, incrementando o seu alcance e incluso mellorando o deseño de medidas, co que isto comportaría en termos de mellora xeral do rendemento a medio prazo das actuacións preventivas.

Neste sentido, é importante facer énfase na mellora da coordinación coa rede de entidades sociais e asociativas dende un duplo punto de vista. En primeiro lugar, o traballo conxunto coas entidades asociativas locais comporta un incremento na capacidade de transmisión de información bidireccional entre os departamentos de benestar e as persoas que conforman as asociacións, o cal supón a mellora da capilaridade da información dos departamentos de benestar chegando a máis xente, en tanto que tamén supón unha mellora da capacidade de resposta pública a situacións de risco.

En segundo lugar, a mellora do coñecemento e coordinación coas entidades do terceiro sector de acción social comporta, ademais dos efectos mencionados con anterioridade que son extensibles ás entidades do TSAS, efectos á hora de traballar con colectivos específicos evitando así a soidade e o illamento que, como se está indicando, non unicamente se atopa relacionado co avellentamento. Así, para a mellora do traballo en relación, por exemplo, co colectivo de persoas con discapacidade, é central a mellora da coordinación coas entidades sociais que, na actualidade, son as básicas á hora de traballar con este colectivo.

Con todo, na liña do xa comentado, en xeral os equipos técnicos municipais amosan a necesidade de afondar nesta colaboración coas entidades, observando unha especial carencia no ámbito das entidades asociativas territoriais que, no caso da loita contra a soidade, resultan de especial interese e capilaridade no territorio, sobre todo en contornas rurais.

Dentro da necesaria mellora xeral da coordinación das actividades dos departamentos de benestar co ecosistema de actores que traballan en políticas de benestar, é preciso estender esta análise á coordinación cos Centros de Saúde e cos Centros Educativos.

As relacións cos Centros de Saúde poden ser consideradas como heteroxéneas e irregulares xa que, se ben os equipos técnicos municipais consideran que estas están a ser efectivas en referencia ó colectivo das persoas dependentes ou, en casos puntuais, á detección ou intervención en casos de soidade, estas experiencias non se trasladan a un concepto máis amplo do benestar social. Neste sentido, a pesar da limitación das prácticas de colaboración proactiva entre os departamentos de benestar e os Centros de Saúde, existen casos de intenso traballo conxunto formal ou informal, como poden ser os do Boqueixón, Monfero, Abegondo ou Tordoia, por exemplo, en diferentes eidos de actuación (deseño de menús escolares saudables, charlas informativas, visibilización do traballo das persoas coidadoras...), en tanto que tamén se verifica a existencia de casos, como poden ser os Concellos de Narón ou Camariñas, onde os profesionais da saúde lideran proxectos sociosanitarios de referencia e de elevado éxito social nas comunidades.

A análise das relacións dos departamentos de benestar dos Concellos de menor poboación da provincia cos Centros Educativos amosa unha salientable heteroxeneidade, alén da resposta reactiva a situacións de risco. Neste sentido, dende a óptica da prevención, a relación dos departamentos de benestar cos centros educativos é fragmentada, verificándose a existencia de casos de importante tradición de traballo conxunto (por exemplo, Carral, Cerceda, As Pontes, Dodro, Padrón, Fene, Noia...), en tanto que tamén se verifica a existencia de casos nos que a programación dos centros educativos en relación á prevención atópase deseñada e implementada polos equipos docentes dos centros a través de diferentes posibilidades de captación de recursos.

Con todo, en termos xerais, os equipos de benestar municipais salientan a emerxencia de problemas relacionados coas adiccións, co machismo ou coa saúde afectivo-sexual susceptibles de enfoques supralocais integrados, que na actualidade, non se están a dar, así como da necesidade da avaliación do impacto dos programas implementados para a súa actualización ou redeseño.

Ademais, este traballo conxunto cos centros educativos, ou a través das iniciativas de conciliación tanto en períodos vacacionais como lectivos, ten a potencialidade de poder ser aproveitado dende un punto de vista do desenvolvemento de programas de carácter interxeneracional cos que, ademais de mellorar a socialización das persoas maiores, se poidan desenvolver actividades de transmisión de tradicións culturais, loitando así contra a soidade das persoas maiores e fomentando o avellentamento activo.

Esta ampliación do perímetro das actuacións para as persoas maiores é posible estendela ás actividades deseñadas polas Concellerías de Cultura ou Deportes, por exemplo, de tal xeito que se incrementen os efectos das mesmas tanto dende o punto de vista sectorial (recuperación de costumes, camiños, oficios...) como dende o punto de vista de reforzo das relacións comunitarias, co que isto comporta en termos da loita contra a soidade.

Neste sentido, é de especial transcendencia o financiamento que a Deputación da Coruña destina ós equipos técnicos dos departamentos de cultura municipais, sendo esta unha fiestra de oportunidade salientable de cara ó establecemento de programas comunitarios vencellados a colectivos como as persoas maiores, á mocidade ou outros de especial interese en cada localidade.

Un dos elementos importantes á hora de estudar a resposta ó avellentamento é a través da situación actual dos equipamentos especificamente adicados ó coidado das persoas maiores nas súas diferentes modalidades, tanto de carácter residencial como non residencial.

Neste caso, como se puido observar ó longo do documento, verifícase unha importante infradotación de prazas que, sobre todo nas de proximidade, é dicir, nas prazas en centros de día, afectan con especial intensidade ás Comarcas rurais. Neste sentido, seguindo a liña xa mencionada con anterioridade, a complementariedade entre os recursos idóneos para a atención ás persoas maiores e dependentes, sofre limitacións a raíz da escasa oferta, co que isto comporta á hora da disuasión da posible demanda e da asunción pola esfera familiar das tarefas de coidados.

Esta situación agudízase ó analizar os casos, por exemplo, das comarcas de Fisterra ou Terra de Soneira que contan cunha oferta de centros de día de carácter privado<sup>70</sup>. A oferta máis próxima da rede pública de xestión consorciada atópase nos Concellos de Cabana de Bergantiños e de Muros, o cal xera salientables disfuncións para as persoas susceptibles de seren usuarias, provocando a disuasión da demanda e a tendencia á utilización doutros recursos como o SAF que, en determinados casos, poden non seren idóneos para dar resposta ás necesidades das persoas usuarias. É dicir, a infradotación da oferta pública xera problemas de equidade territorial no acceso ós equipamentos existentes, así como de equidade económica ó ser a oferta privada a única de referencia no territorio.

Neste sentido, e como recurso intermedio, diferentes Concellos da provincia están a prestar servizos relacionados coa estimulación terapéutica que, cunha maior ou menor intensidade, tenden a suplir a carencia de equipamentos de proximidade para a atención ás persoas maiores ou a súa especificidade para casos de persoas valoradas en situación de dependencia. Estes son os casos de Bergondo, Vedra, Teo ou Ares, que están a prestar servizos ás persoas usuarias e, ademais, tamén contan con programas específicos para as persoas coidadoras (aspecto este no que se debe ter en conta a experiencia de Boqueixón), así como a presenza neste sentido de entidades sociais como AGADEA, AFAL Ferrolterra ou AFAFES que, en diferentes territorios, tamén traballan neste eido. Ademais, tamén salienta a experiencia do Concello de Boimorto en relación á detección temperá das dificultades de memoria en relación coa USC e coa Consellería de Política Social.

Finalmente, tendo en conta a emerxencia xeral do problema da soidade, considérase necesario reflexionar sobre a ausencia de programas específicos neste sentido nos Concellos da provincia, se ben como se mencionou utilízanse diferentes ferramentas (tanto formais como informais) para a súa detección e para o seu tratamento. Así, a vitalidade das redes informais e comunitarias para a transmisión da información sobre a situación das persoas en soidade é un aspecto clave, aínda que é

---

<sup>70</sup> É importante ter en conta que os equipos técnicos de benestar municipais da Comarca indican que o Centro de Día de titularidade privada localizado no Concello de Vimianzo, con 60 prazas autorizadas, non se atopa operativo na súa totalidade.

preciso potenciar esta vitalidade con programas específicos que relacionen axentes de proximidade (establecementos de hostalaría, comercios de proximidade, parroquias...) de xeito complementario á colaboración institucional cos Centros de Saúde, completando un mapa de *antenas* que permitan a detección destas situacións e o traballo con elas cunha axeitada temporalización sen agardar á cronificación. Este é un espazo onde, a través da intensificación da tarefa de asistencia técnica e metodolóxica, a Deputación da Coruña ten unha salientable posibilidade para facilitar o avance e fomentar un achegamento integrado, pero adaptable a cada realidade territorial, ó fenómeno da soidade con carácter preventivo, proactivo e cun enfoque comunitario.

Dentro desta liña relacionada coa vitalidade das redes informais, considérase que a presenza de programas especificamente deseñados para atención ás persoas coidadoras é unha ferramenta de elevada utilidade para a atención ó colectivo de persoas coidadoras que, entre outras situacións, tamén se ven inmersas na soidade, favorecendo a xeración de novas redes sociais entre as persoas asistentes ás actividades e fortalecéndoas psicoloxicamente. Estas actividades coas persoas coidadoras están a ser levadas a cabo en Concellos como Boqueixón, Ares, Bergondo, Monfero ou Narón, por exemplo, en tanto que entidades sociais como AGADEA, AFAL Ferrolterra ou AFAFES, en diferentes territorios, tamén contan con estes programas. Neste sentido, amósanse como de especial interese estas iniciativas mencionadas xa que, dende contextos demográficos e territoriais diferentes, se achegan á soidade das persoas coidadoras con especial éxito.

### C) As múltiples exclusións.

Tal como se puido analizar ó longo do documento, unha das principais fontes para a análise da cohesión social é a taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Europa 2020). Esta indica que, para o ano 2018, o 17,8% da cidadanía da provincia se atopa dentro desta situación, o cal comporta que máis de 199.000 persoas na provincia se atopan en risco de pobreza ou exclusión social. A taxa é do 18,95% para o conxunto de Galicia, en tanto que a nivel territorial, para o ano 2018, rolda entre o teito da Área da Coruña, co 18,98%, e o chan da Área de Santiago, co 15,69%, co cal é preciso recoñecer e reiterar a existencia de fondas diferenzas entre os territorios.

Esta taxa evoluciona ó longo dos últimos anos de xeito descendente dende o teito alcanzado no ano 2015 co 20,55% da poboación. A nivel territorial, tamén dentro dos últimos anos, salientan as cifras da Área da Costa da Morte no ano 2014, co 28,45%, e da Área de Ferrol-Eume-Ortega do ano 2016 co 24,03%, situándose na actualidade no 17,49% e no 18,62% respectivamente.

A análise da taxa realizada é posible complementala a nivel territorial a través do estudo da evolución da renda dispoñible bruta por habitante onde tamén se atopan importantes diferenzas por territorios. Neste sentido, tendo en conta os datos do ano 2015 que indican que a renda por habitante da provincia é de 14.751€, é salientable o feito de que 9 Comarcas contan con rendas que non acadan o 80% do dato provincial, debendo considerar os casos de Comarcas como Xallas, Terra de Soneira, Terra de Melide e Fisterra que escasamente superan o 70% do dato provincial.

Este feito comporta que, a nivel comparativo, un habitante da Comarca de Fisterra conta cunha renda bruta dispoñible anual inferior en 4.277€ ó promedio da provincia, situándose esta diferenza no horizonte dos 7.000€ de se comparar co dato da Comarca da Coruña, que presenta a maior renda.

Estudando a evolución no tempo destas rendas, é preciso mencionar que esta é heteroxénea xa que, se ben o promedio do dato provincial sofre un descenso dun 1% entre o 2008 e o 2015 (a pesar de que se observa unha evolución á alza no período 2012 – 2015), este non responde ás dinámicas das diferentes comarcas. Así, territorios como A Barbanza (8% de evolución positiva), ou Ortegal (4% de incremento) contan con cifras positivas, en tanto que Comarcas como Xallas (-8%), Terra de Soneira (-7%) ou Fisterra (-6%) contan cunha intensa evolución negativa, a pesar da presenza de lixeiras recuperacións no período 2012 – 2015.

Neste sentido, a presenza de fendas de renda é un elemento básico do contexto socioeconómico provincial, salientando a presenza destas fendas, en termos xerais, entre as comarcas da Coruña e de Santiago co resto do territorio, e debendo mencionar a especial intensidade destas fendas en relación á Costa da Morte, á Barcala e á Terra de Melide, comarcas estas de intensa evolución negativa tamén no demográfico.

A nivel territorial tamén é posible estudar o peso das prestacións sobre a renda dispoñible bruta por habitante, observando unha importante evolución xeral á alza tanto a nivel provincial como a nivel de tódalas Comarcas (coa excepción da Barbanza, que mantén no ano 2015 os datos do ano 2010), pero dentro da cal as intensidades destas evolucións difiren e os pesos finais tamén.

Así, en tanto o peso a nivel provincial se sitúa no 31%, o teito do peso acadao a Comarca de Muros co 41%, seguida de Comarcas como Xallas (39%), Ortegal (39%), Terra de Soneira (38%), Ferrol (38%), Fisterra (38%), Terra de Melide (37%), ou A Barcala (36%). Con respecto ás Comarcas que presentan datos menores có promedio provincial, atópanse Santiago (24%) ou A Coruña (28%).

Ademais, é preciso mencionar que aquelas Comarcas con maiores pesos finais son as que evolucionan de xeito máis intenso no período analizado xa que, por exemplo, en tanto Xallas ou Terra de Soneira medran un 8% e 7% respectivamente, Fisterra medra un 6%.

Neste sentido, a conxunción das diferentes variables vai conformando un panorama socioeconómico onde á fenda de renda mencionada con anterioridade engádeselle un maior peso das prestacións sobre a propia renda, o cal revela un menor dinamismo económico xeral no que se afonda en vez de se limitar.

O estudo dos pesos das prestacións sobre a renda introduce un elemento a considerar xa que se verifica que os polos tractores non se corresponden, en termos xerais, coas comarcas urbanas de Coruña, Santiago e Ferrol, senón que esta última, co contexto económico propio na que se atopa inmersa nas últimas décadas, conta con pesos propios dos territorios menos dinámicos. Deste xeito, son as Comarcas de A Coruña e Santiago as que se constitúen como centralidades económicas provinciais e galegos, polo tanto, territorios atractivos en diferentes planos, sempre tendo en conta os matices locais que se veñen mencionando ó longo do documento.

Un dos elementos máis salientables á hora de analizar o contexto socioeconómico dos territorios é o relacionado coa evolución do emprego. Así, en termos de afiliación á Seguridade Social entre os anos 2007 (como teito da afiliación) e o ano 2018, a provincia ve reducidas as súas afiliacións nun 6,7%, en tanto que o dato galego supón un retroceso do 8,5%.

A nivel territorial, tódalas Comarcas contan con evolución negativa agás A Barbanza, que conta cun 3,5% de afiliación a maiores entre os anos 2007 e 2018. Entre as Comarcas que presentan unha intensidade maior na destrución da afiliación atópase Ortegal (-20,2%), seguida de Terra de Soneira (-17,8%), Muros (-13,6%), Xallas (-13,5%), Eume (-13,5%), ou Ferrol (-12,3%). Neste caso, as Comarcas da Coruña e Santiago tamén contan con datos negativos (-6,2% e -0,1% respectivamente), aínda que menos intensos cá maior parte das Comarcas, o cal denota, en termos xerais, unha menor intensidade na redución do emprego e unha maior intensidade na creación posterior.

As exclusións de carácter económico vencelladas co ámbito laboral e coa renda expáñdense en termos familiares, xerando unha salientable situación de pobreza en menores de 16 anos que, atendendo ás cifras oficiais, se sitúa en porcentaxes achegados ó 25% en Galicia para o ano 2017, de tal xeito que a abordaxe a estas situacións debe ser integral a nivel familiar.

Outro tipo de exclusións relacionadas coa emerxencia das situacións de dependencia derivadas do intenso avellentamento e coa necesidade de coidados, sendo un dos elementos máis salientables relacionado coas necesidades de coidados o impacto que a intensa feminización dos mesmos ten sobre as persoas, sobre o seu emprego/empregabilidade e sobre as súas carreiras profesionais, sobre todo atendendo ás súas cotizacións e á xeración de dereitos relacionados coa xubilación. Así, outra das exclusións máis importantes que se está a observar é a relacionada coa das persoas coidadoras, que ten efectos inmediatos a través da ruptura das súas relacións laborais actuais e das relacións sociais no seu contexto, e que ten efectos diferidos sobre as pensións de xubilación, o que incrementa as posibilidades de risco de pobreza no futuro.

Outra das exclusións máis salientables é a relacionada coa presenza das discapacidades, tanto polas propias persoas con discapacidade que no 2017 eran case 94.604 persoas na provincia, como polas persoas coidadoras, sendo preciso mencionar que na provincia atópanse diferentes centros xestionados especializados na atención a este colectivo de carácter residencial, non residencial e relacionados coa inserción sociolaboral, salientando pola súa importancia aqueles xestionados pola iniciativa social.

Estudando a distribución territorial dos equipamentos especializados nas diferentes atencións ás persoas con discapacidade, salienta a existencia de Comarcas sen oferta algunha (Xallas, Terra de Soneira, Terra de Melide, Muros ou Ordes), co cal a inequidade territorial é un elemento que dificulta a situación deste colectivo.

A importancia dos equipamentos especializados na atención ás persoas con discapacidade provoca que as Comarcas urbanas se erixan en centralidades, debendo ter en conta a existencia en Comarcas como A Barbanza, Betanzos ou Bergantiños dunha importante oferta de equipamentos e prazas.

Tamén é preciso mencionar o caso das exclusións vencelladas coas adicións de especial incidencia entre a mocidade, entre as que salientan as relacionadas coas tecnoloxías, co repuntamento das drogadiccións e co alcoholismo, para as cales salienta, en termos xerais, a presenza de actividades nos diferentes Concellos. Con todo, os equipos técnicos de benestar aluden á necesidade de deseñar e implementan nos centros educativos programas amplos e estables relacionados coa prevención, nos que se integren ás familias a través das ANPAS, co obxectivo de incrementar o impacto dos mesmos e a extensión das modificacións da conduta dende o ámbito dos menores ó ámbito familiar.

Finalmente débese salientar a presenza de exclusión derivada de problemas coa vivenda, non só nos Concellos de maior volume, senón tamén en Concellos como Carral ou Teo que, na actualidade, están a atraer poboación. Estes problemas de vivenda detéctanse a raíz do incremento nos últimos anos dos casos de desafiuzamentos relacionados cos alugueiros, para os cales son de relevancia a presenza de servizos como a asesoría xurídica de benestar que, na actualidade, está a prestar o Consorcio das Mariñas co financiamento da Deputación da Coruña.

Ademais, en relación coa capacidade de diferentes Concellos de atracción de poboación, atópase a situación das persoas inmigrantes. Neste sentido, os Concellos levan adiante iniciativas de inclusión a través de múltiples canles, salientando, por exemplo, o caso de Arteixo que, coa presenza dun profesional da mediación intercultural, xera accións específicas individuais e grupais tanto en centros educativos, como en comunidades de veciños. Neste caso, débese prestar especial atención non só á eficacia do servizo senón á capilarización cara hábitos da vida cotiá onde poden xurdir problemas de adaptación (visitas ós centros de saúde, por exemplo) que son reconducidos a raíz da presenza destes profesionais.

Con todo, bótase en falla persoal técnico especializado neste eido, así como un maior apoio das diferentes administracións, de tal xeito que, en termos xerais, é a colaboración formal ou informal entre os equipos técnicos municipais e as entidades sociais a que está a facilitar os diferentes trámites e os procesos de integración dos colectivos de persoas inmigrantes.

#### D) Os coidados.

Un dos elementos fundamentas nas políticas de benestar é a dotación de equipamentos que, dentro das diferentes especialidades e necesidades, se adiquen ós coidados, así como a axeitada complementariedade entre estes equipamentos e outro tipo de recursos como poden ser os programas de SAF, ou programas de conciliación de vida familiar e laboral especificamente deseñados para a atención á infancia, por exemplo.

É dicir, na liña da xeración de territorios atractivos caracterizados pola súa oferta de equipamentos e servizos que dean resposta ás necesidades sociais, os coidados son un aspecto fundamental ó que responder dende a complementariedade das esferas de prestación de servizos, pero salientando neste aspecto ás esferas pública, social e familiar.

Dentro desta análise, é preciso ter en conta a oferta de equipamentos adicados ós coidados, en función dos seus diferentes colectivos obxectivo, para contar cunha primeira visión sobre o nivel de dotación dos mesmos.

Neste sentido, atendendo ás ratios de cobertura marcadas pola Xunta de Galicia no *“Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial”* publicado no 2008, e centrando a análise da oferta dos centros residenciais e non residenciais para a atención ás persoas maiores e dependentes, é preciso salientar a presenza dunha salientable infradotación de ámbolos tipos de equipamentos.

Así, con respecto ás prazas non residenciais de proximidade, os Centros de día, alén de que o número de prazas dos que fornecerse para acadar a ratio de cobertura fixada ascende a 2.156, débese mencionar que só as Comarcas do Sar e Terra de Soneira contan con, inicialmente unha oferta maior. Con todo, débese salientar o feito de que diferentes equipos técnicos de benestar locais mencionan que é preciso matizar a operatividade efectiva das prazas oficialmente autorizadas no RUEPSS de diferentes equipamentos, de tal xeito que o número total de prazas ofertadas diminuíría e, polo tanto, incrementárase o número de prazas necesarias para acadar a ratio. Este feito acontece, entre outras Comarcas, con respecto a Terra de Soneira e, concretamente, cun Centro de día de titularidade privada de 60 prazas localizado no Concello de Vimianzo. Ademais, tamén se debe mencionar que esta situación repítese en varios territorios en relación ós centros de xestión consorciada de titularidade pública.

Esta infradotación xeral dos equipamentos de proximidade para a atención non residencial ás persoas maiores e dependentes é de especial preocupación nas comarcas rurais onde se detecta un maior avellentamento e, polo tanto, necesidade de resposta ás demandas. Neste sentido, tamén é preciso mencionar que, dada a extensión de determinadas Comarcas, o feito de estaren dotadas cun equipamento non comporta que as potenciais persoas usuarias o vexan como un servizo efectivo que cobra as súas necesidades, de aí o elemento substancial da proximidade na dotación destes equipamentos, sobre todo da rede pública.

En relación ós centros de carácter residencial, a infradotación ascende á necesidade de 6.993 prazas novas para acadar a ratio de referencia, salientando neste sentido que só a Comarca do Eume conta cunha oferta máis elevada cá recomendada.

Esta breve panorámica da oferta, que a nivel comarcal é desagregada por titularidades, comporta un elemento xa mencionado, que é a erosión do concepto da complementariedade entre os recursos idóneos para cada persoa usuaria, aspecto este que provoca o traslado dunha maior intensidade cara as restantes posibilidades de cubrir as tarefas relacionadas cos coidados, é dicir, o SAF (en ámbalas dúas modalidades) e, por último e de maior importancia, a familiarización.

Neste sentido, o SAF das modalidades de dependencia e de libre concorrencia, na actualidade, está a asumir a maior parte do financiamento que a Xunta de Galicia (78%) e a Deputación da Coruña (47%) achegan ós Concellos en materia de servizos sociais, contando con 2.401 profesionais auxiliares prestando servizo a case 10.000 persoas por máis de 3 millóns de horas no ano 2018. Estas cifras



poden ser achegadas ós Concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia, ascendendo o número de horas finais a 2,38 millóns a 8.041 persoas usuarias por un equipo de case 2 mil auxiliares.

Os grandes volumes do SAF, para o que na maior parte dos Concellos existe listaxe de agarda, non deben agochar o feito de que, na actualidade, os Concellos están a chegar a un tope operativo relacionado con este servizo. Este tope operativo atópase vencellado tanto coa propia complexidade técnica da servucción do mesmo, para o cal se precisa unha maior dotación de equipos técnicos coordinadores, como vencellado con aspectos periféricos que determinan a servucción, tales como poden ser o deseño das licitacións (de entraren entidades prestadoras externas no proceso), o co-financiamento e as tensións de tesoureiría municipais, as interpretacións diverxentes sobre a posibilidade de contratar equipos propios por parte dos Concellos, a existencia de persoas coa capacitación axeitada para integraren os equipos SAF das diferentes entidades prestadoras ou, por exemplo, a percepción do SAF como un xacemento de emprego de limitada capacidade de atracción.

Neste sentido, tamén resulta salientable atender ó uso que, en boa parte dos Concellos menores de 20.000 habitantes se lle está a dar á modalidade de libre concorrancia do SAF. Así, atendendo ós comentarios dos equipos técnicos, a utilización da libre concorrancia está a ser derivada dende os seus obxectivos iniciais vencellados coa prevención ou co acompañamento familiar, por exemplo, á cobertura das importantes agardas que na actualidade está a ter a valoración das persoas susceptibles de accederen á carteira de servizos da dependencia. Así, este feito comporta que a modalidade básica do SAF sexa considerada a *porta de entrada* ó sistema da dependencia, co que isto comporta en relación ós fluxos de persoas usuarias entre ámbalas modalidades cando estas son valoradas, en tanto que se están xerando custos de oportunidade con respecto a outros colectivos obxectivo que fican sen atención.

A complexidade referida en relación á xestión municipal do SAF, así como a fonda modificación do sistema de financiamento da modalidade de libre concorrancia por parte da Deputación realizada nos últimos anos, supón que, na actualidade, existan posibilidades de financiamento superiores á capacidade de prestación de servizos en diferentes Concellos, co cal amósase preciso incrementar o apoio en materia de xestión ós mesmos para a modalidade de libre concorrancia, aspecto no que a Deputación ten un rol importante, así como analizar as posibilidades de implementar solucións de xestión supralocal ou consorciada da modalidade de dependencia, aspecto este no que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar debería contar cun rol central atendendo ó seu deseño, natureza e obxectivos.

Na liña da análise realizada, é preciso focalizar a atención á familiarización dos coidados, sobre todo atendendo tanto á infradotación dos equipamentos relacionados coas persoas maiores e dependentes, como á situación de elevada tensión operativa do SAF que está inmerso nunha importante expansión nos últimos anos. Así, con respecto á familiarización da atención ás persoas con problemas de autonomía, ó longo do documento foron expostas as principais magnitudes relacionadas coa intensidade e coa duración en anos das devanditas tarefas de coidados, así como coa feminización e coa soidade que implica a asunción destas tarefas, rompendo redes relacionais

das persoas e dificultando ou impedindo as carreiras laborais, co que isto comporta de cara á xeración de dereitos para a xubilación.

Neste sentido, é preciso mencionar que a existencia de apoios formativos ou psicolóxicos, grupais ou individuais, para as persoas cuidadoras é limitada a pesar da concepción unánime entre os equipos técnicos municipais tanto da necesidade de incidir sobre este colectivo, como do importante baleiro que a ausencia de programas específicos supón dentro das programacións de benestar municipais. Ademais, e dende o punto de vista da complementariedade entre os recursos, é preciso reiterar a importancia de programas locais como poden ser os servizos de estimulación cognitiva ou unidades de memoria xa mencionados, que non só palían a necesidade de cuidados intermedios de carácter preventivo, senón que tamén inciden na mellora da situación das persoas cuidadoras.

Nesta mesma liña, pero dentro do colectivo das persoas con discapacidade, salienta a presenza de equipamentos específicos en numerosas Comarcas (aínda que non en todas) que actúan dende o punto de vista dos cuidados (equipamentos residenciais e non residenciais) e dende o punto de vista da inclusión (centros ocupacionais, por exemplo). Con todo, ademais de salientar o liderado da iniciativa social na xestión destes equipamentos, é preciso ter en conta a necesidade de servizos auxiliares como o transporte adaptado para a efectividade dos equipamentos e a axeitada atención ás necesidades das persoas usuarias.

Ademais, dentro deste mesmo colectivo, tamén salienta a existencia de prácticas colaborativas estables entre os Concellos e entidades sociais tales como pode ser o Programa Universo Diverso en Concellos como Sada ou Bergondo. Neste sentido, amósase preciso potenciar, actualizar e expandir estes programas, sempre tendo en conta a necesaria inclusión xeral deste colectivo nas actividades xerais de benestar a deseñar e desenvolver por parte dos Concellos.

Finalmente, en relación ós cuidados á primeira infancia, se ben a oferta de prazas supera, en termos xerais, as recomendacións internacionais, verifícase a existencia de Comarcas con infradotación, así como Concellos que carecen deste tipo de equipamentos. Na actualidade, a Consellería de Política Social está a liderar a implantación de equipamentos intermedios como son as Casas Niño en Concellos rurais, iniciativa de fomento da emprendizaxe rural que será preciso avaliar para observar a súa efectividade tanto dende o punto de vista do incremento da oferta relacionada cos cuidados como dende o punto de vista do fomento da fixación de poboación e da dinamización económica local.

Finalmente, un dos elementos a potenciar é o relacionado cos servizos de conciliación a través de programas como os madrugadores ou dos campamentos estivais, de importante implantación e recoñecido éxito, sobre todo en contornas rurais e sempre atendendo ás necesidades do territorio. Neste sentido, na liña das recomendacións previas, é posible dotar estes programas de contidos de carácter cultural a través de accións interxeneracionais, vencellando así diferentes actividades dende un punto de vista multifuncional.

## E) Os equipos locais de benestar.

A evolución das modalidades de financiamento que a Sección de Benestar da Deputación da Coruña pon a disposición dos Concellos menores de 20.000 habitantes supón unha variación nas posibilidades dos servizos a raíz dun dobre efecto.

Por unha banda, o financiamento do apoio administrativo e de persoal técnico complementario ó/a traballador/s social de referencia permite completar dende un punto de vista integral ó equipo inicial, permitindo tanto unha maior axilidade administrativa e unha mellor atención inicial ó público, como unha atención multidisciplinar ós diferentes casos, achegando tamén posibilidades de ampliar o abano de servizos ofrecidos dende os Concellos.

Por outra banda, a fonda variación do financiamento do SAF da modalidade de libre concorrència supón un incremento no ingreso dos Concellos e, polo tanto, unha maior capacidade á hora da prestación deste servizo que, como se puido observar, aínda non é posible avaliar e que tamén depende doutros factores individuais de cada Concello como pode ser o referente á existencia de sistemas de xestión informatizados ou o rendemento dos equipos propios ou de entidades prestadoras externas.

A evolución do financiamento da Deputación da Coruña, vencéllase coa maior capacidade dos Concellos á hora de incrementar os seus equipos técnicos e administrativos dos departamentos de benestar, así como coas posibilidades do SAF básico.

Así, como foi observado, nos Concellos menores de 20.000 habitantes da provincia a totalidade do apoio administrativo ós departamentos de benestar atópase financiado pola Deputación da Coruña, así como o 77,5% do persoal técnico complementario, cifras estas que reafirman o rol central da Deputación no sostemento efectivo dos departamentos de benestar, así como na multidiscipliniedade dos equipos que fan posibles intervencións amplas e complexas. Neste sentido, salienta a ampla implantación da figura dos profesionais da educación social e/ou familiar, en tanto que outras ocupacións como as relacionadas coa psicoloxía ou a integración social, por exemplo, son de menor implantación nos Concellos, debendo facer máis énfase na importancia da complementariedade entre diferentes especialidades técnicas co obxectivo de crear programas máis amplos e de maior profundidade para avanzar na resposta a necesidades sociais cada día máis complexas.

Ademais, esta situación complétase co financiamento do SAF libre concorrència, no que a Deputación está a soster o 94% do total das máis de 272 mil horas prestadas no ano 2018.

Con todo, a existencia de financiamento, sendo condición básica, non supón a presenza inmediata tanto de profesionais complementarios/as como de maior rendemento do SAF libre concorrència en termo de horas de servizo prestadas, xa que hai diferentes elementos relacionados coa xestión interna municipal que determinan esta relación. Así, aspectos como a interpretación da normativa vixente, as necesidades do cofinanciamento ou, no caso do SAF, a presenza de persoal capacitado ou o deseño das licitacións, no caso de interviren entidades prestadoras externas, inflúen no incremento das posibilidades dos servizos municipais.

Neste sentido, e tendo en conta que na actualidade aínda existen Concellos que non contan con apoio administrativo nin con equipos técnicos complementarios, a pesar da existencia de necesidades operativas e sociais ás que responder, amósase preciso que a Deputación avance na súa colaboración cos Concellos a través, por unha banda, da maior estabilidade temporal do financiamento, en tanto que por outra banda é preciso avanzar dende o punto de vista da asistencia técnica prestada ós Concellos en termos de benestar. Esta evolución do modelo actual comporta o afondamento nas posibilidades abertas a partir do FOPSS do ano 2018 dende o punto de vista da incorporación de novos elementos nos que os Concellos detectan baleiros, o cal suporá o fortalecemento tanto das políticas de benestar locais como do rol da Deputación nas mesmas.

Un dos elementos a ter en conta en referencia ó financiamento que a Deputación pon a disposición dos Concellos menores de 20.000 habitantes para as políticas locais de benestar é a necesaria complementariedade entre as diferentes fontes de financiamento. Así, a entrada en vigor do POS+ como novo modelo de relación entre a Deputación e os Concellos da provincia é un punto clave de cara ó incremento das posibilidades xerais dos Concellos, se ben é preciso ter en conta que, en termos xerais, os diferentes pesos das axendas do benestar local comportan a existencia de heteroxeneidades entre os Concellos no relativo á utilización de fondos do POS+ para as devanditas políticas de benestar, matizando a efectividade da cláusula da obrigatoriedade da consignación nos orzamentos municipais das cantidades que, con anterioridade, viñan percibindo a través das subvencións finalistas relacionadas, neste caso, co benestar.

Con todo, aínda tendo en conta a evolución positiva das diferentes modalidades de financiamento da Deputación da Coruña ós Concellos, sobre todo ós menores de 20.000 habitantes en materia de benestar, é preciso asumir a importante emerxencia de necesidades sociais que, na actualidade, están a verse atendidas de xeito tanxencial, tal como se menciona ó longo do presente documento.

Neste sentido, na liña do afondamento no actual modelo, considérase importante avanzar no mesmo a través de varios aspectos, entre os que salientan, por exemplo, a ampliación plurianual do FOPSS e a introdución no seu seo do financiamento de actividades municipais de benestar, o liderado no deseño de actuacións en rede con diferentes actores das políticas de benestar, ou o establecemento de complementariedades entre os diferentes financiamentos sectoriais da Deputación ós Concellos (financiamento de equipos dos departamentos municipais de Cultura, por exemplo).

Dentro desta liña, tamén se considera o establecemento de axendas de traballo entre a Deputación da Coruña e os Concellos maiores de 20.000 habitantes co obxectivo de analizar as necesidades dos servizos de benestar prestados por estes que teñan un efecto de centralidade comarcal e atraian a habitantes dos Concellos lindeiros menores de 20.000 habitantes.

Ademais, este novo rol da Deputación no apoio ós Concellos menores de 20.000 habitantes para as políticas de benestar no que se combina o financiamento, coa asistencia técnica e metodolóxica, co liderado da rede de actores que, ó tempo, xeran metodoloxías e teñen capacidade de implementación de accións no territorio, e coa xestión directa de programas como é a Teleasistencia; debe comportar unha reflexión competencial sobre a xestión por parte da Deputación de

equipamentos de benestar especializados, tales como son o Fogar Infantil “Emilio Romay” e o Centro de Menores de Ferrol.

A resposta por parte da Deputación ó novo liderado deste modelo de política pública dependerá, en grande medida, da redefinición da Sección de Servizos Sociais e da súa dotación de recursos. Tendo en conta o organigrama actual da Deputación, considérase importante, tanto polo seu volume como pola evolución deseñada, avanzar na creación do Servizo de Benestar que agrupe as competencias coas que na actualidade conta a Sección, diferenciándoas da actual distribución onde se atopan englobadas coas competencias de Cultura e Deportes, se ben esta creación non debe supoñer unha maior fragmentación das liñas de actuación, senón unha maior colaboración nas mesmas a raíz da implantación de ferramentas de coordinación que multipliquen o efecto conxunto das medidas na liña do recomendado no presente Plan de Acción.

Este Servizo de Benestar deberá responder ás necesidades dos equipos técnicos dos Concellos que, ademais das de carácter financeiro, salientan outras relacionadas coa compilación de documentación metodolóxica, co coñecemento dos recursos do territorio, co coñecemento de experiencias locais en temáticas de relevancia, coa formación, ou co asesoramento xurídico específico en materia de benestar.

Neste sentido, outro dos elementos nos que os equipos municipais detectan un importante baleiro é na inexistencia de equipos intermedios que coordinen as actividades de benestar en termos supralocais, que implementen (en coordinación co equipo local) programas dende unha perspectiva comarcal, e que permitan consultas e revisións técnicas das intervencións ó prestar apoio metodolóxico directo ós equipos dos Concellos. Así, é importante o avance da Deputación dentro desta liña, completando un novo mapa de asistencia e de apoio ós Concellos.

Deste xeito, considérase de relevancia que o avance da Deputación no seu modelo de relación cos Concellos, atendendo ás necesidades salientadas dende os equipos municipais, se verifique a través dunha liña de actuación integrada, relacional, estable, proactiva e integral; en contraposición con modelos anteriores fragmentados, atomizados, temporais, reactivos e sectoriais.

Para dar resposta a este veyro de actuación, a Deputación debe dotarse de diferentes tipos de recursos a nivel central e territorial, prestando especial atención ós recursos de carácter relacional que permitirán un efecto multiplicador das actividades, así como un maior impacto das mesmas en termos de axuste no deseño e de incidencia final sobre as necesidades sociais.

Ademais, é preciso facer referencia ó rol que as entidades sociais están a ter na actualidade en relación ás políticas de benestar, especialmente no que respecta á atención a colectivos específicos como pode ser o das persoas con discapacidade ou, dende un punto de vista diferente, o das persoas inmigrantes. Neste sentido, dende as entidades sociais valórase o esforzo orzamentario realizado dende a Deputación nas diferentes liñas de financiamento en vigor, pero afirmase que este debe ser complementado cunha maior estabilidade temporal das devanditas convocatorias.

Como se pode observar, a relación da Deputación coas entidades sociais céntrase no seguimento e control do proceso administrativo das diferentes convocatorias, véndose limitado o rol público relacionado coa asistencia técnica ou coa coordinación destas entidades. Esta é unha limitación salientable xa que, perante a necesidade de avanzar cara ó establecemento de redes territoriais de entidades que traballen no benestar, estase a fomentar unha relación bilateral entre a entidade social solicitante de apoio financeiro e a Deputación como organismo financiador. Deste xeito, considérase preciso avanzar non só na territorialización das accións que as entidades sociais propoñan nas diferentes convocatorias, senón avanzar na coordinación territorial dos diferentes actores que traballan nun mesmo territorio.

Neste sentido, un dos aspectos de maior interese público en relación coas entidades sociais, é a contribución que estas fan á prestación de servizos de cuidados a través da xestión de equipamentos, sobre todo en territorios nos que non hai máis oferta, así como en relación a colectivos de especial necesidade, como pode ser por exemplo o das persoas con discapacidade. Así, a complementariedade entre unha maior estabilidade do apoio financeiro, a óptica da territorialización das accións, o apoio ás necesidades da xestión e mantemento dos equipamentos e dos equipos técnicos das entidades sociais, así como a especial incidencia da coordinación das redes territoriais de actores do benestar, son considerados aspectos centrais a ter en conta de cara ó deseño de posteriores convocatorias de liñas de financiamento para as entidades.

Finalmente, é preciso ter en conta un elemento que, con carácter xeral, non se contempla á hora do deseño tanto de programas como de novos modelos de desenvolvemento institucional ou substantivo dunha política pública. Este é o caso das avaliacións.

Na actualidade son escasos e fragmentados os exemplos de avaliacións de programas de benestar implementados no territorio, debendo avanzar neste eido co obxectivo de contar con información e coñecemento claro para a adaptación das medidas e obter un maior axuste ós obxectivos fixados. Neste sentido, a necesidade de establecer avaliacións, co que isto comporta en termos de fornecemento de datos primarios confiables, é maior atendendo á complexidade do modelo de política pública de benestar que se está a propoñer, onde o elemento relacional conta cun peso substancial e, polo tanto, é preciso facer unha especial énfase non só no control administrativo do proceso de execución das diferentes medidas, senón que é preciso focalizar esta énfase na coordinación da rede, no acompañamento na fase de deseño e implementación das medidas, así como no seguimento e avaliación dos efectos das mesmas tendo en conta o rol dos diferentes actores integrantes da rede neste proceso e a necesidade da súa adaptación ás diferentes circunstancias do territorio.

## 4.2 AS PRINCIPAIS RECOMENDACIÓNIS.

### A) A evolución demográfica

Ó longo do documento verifícase que, na actualidade, a evolución da poboación na provincia é heteroxénea, salientando por unha banda as Comarcas de Santiago e da Coruña, as máis urbanas, como exemplos de evolución positiva que nos últimos anos se vai suavizando (a pesar da existencia de Concellos metropolitanos cuxo incremento poboacional segue a ser intenso), en tanto que outras Comarcas de carácter rural están a afondar nun proceso de devalo poboacional que, en determinadas parroquias e núcleos rurais, chega a niveis de non retorno ou, incluso, ó despoboamento efectivo.

Esta situación de dobre proceso de concentración da poboación (nos núcleos urbanos das cabeceiras de comarca e nos núcleos urbanos máis potentes das comarcas urbanas) comporta, ó longo das últimas décadas, un progresivo abandono dos núcleos rurais que non está a ser contrarrestado a través de iniciativas integradas de promoción económica e emprego de proximidade que incrementen a capacidade de retención ou atracción de poboación destes Concellos e núcleos rurais.

Neste sentido, dende as políticas de benestar existe unha importante marxe de actuación para incidir, tanto na mellora da prestación de servizos á poboación (sobre todo os relacionados cos coidados), como na capacidade de retención e atracción de poboación nos Concellos. Dentro desta marxe salienta a mellora dos programas especificamente deseñados para os coidados, así como a necesaria ampliación de outro tipo de programas de carácter comunitario, así como outra serie de medidas, como pode ser o transporte público local, enmarcadas nunha estratexia integral de mellora da calidade de vida da poboación.

Para dar pé a esta creación de novos programas, ou reenfoque dos existentes, é preciso mellorar a coordinación dos diferentes actores que están a traballar no territorio, dende os diferentes departamentos municipais, ata os actores do TSAS ou entidades asociativas. Neste sentido, a Deputación da Coruña, a través da súa actuación, tamén incide na mellora do territorio e, polo tanto, é susceptible de integrar esta estratexia de mellora xeral da coordinación entre os actores.

Así, na liña de ampliar o perímetro da actuación das políticas de benestar a través da coordinación con outras políticas públicas locais, é salientable, en primeiro lugar, a necesidade de incidir na introdución da óptica de benestar nas políticas de promoción económica e emprego, sobre todo atendendo ós baleiros detectados tanto a nivel de dotación de equipamentos relacionados cos coidados, así como da necesidade de incidir na planificación das accións formativas precisas para dar resposta ás necesidades de persoal dos equipos SAF das diferentes entidades prestadoras.

Ademais, como se mencionaba con anterioridade e dende unha óptica de ampliación das actividades levadas a cabo dende os departamentos de benestar municipais en ámbitos diferentes dos programas relacionados cos coidados, amósase preciso introducir recomendacións dirixidas tanto ó deseño de novos programas como á necesidade de introducir ferramentas de coordinación dos

equipos de bienestar a nivel supralocal. A introdución da óptica supralocal permitirá o avance na creación dun modelo integrado e coordinado de política de bienestar ó tempo que se responda especificamente ás necesidades de cada localidade.

Tendo a mellora da coordinación entre os actores como un elemento central para a mellora xeral das políticas de bienestar e para mellora da súa incidencia na dinámica demográfica, é preciso ampliar esta mellora da coordinación ó traballo coas entidades sociais e asociativas. Neste sentido, recoñecendo a importancia do rol destas entidades dende o punto de vista local, tamén é preciso recoñecer que é posible avanzar no redeseño das liñas de financiamento coas que conta a Deputación para, ó seu través, contribuír a estabilizar a actividade destas entidades, incentivar a súa coordinación cos Concellos e con outras entidades sociais e asociativas, e territorializar as actividades destas entidades, sobre todo tendo en conta as circunstancias de cada Comarca e o rol central que as entidades están a asumir.

### **Recomendación 1. A Deputación na creación de *coalicións de bienestar*. A xeración de estratexias integrais de bienestar a nivel provincial e local.**

Como se menciona ó longo do documento, un dos elementos centrais á hora de incidir no devalo demográfico que se está a observar con especial intensidade en comarcas e concellos rurais é o relacionado coa promoción económica e o emprego, sobre todo introducindo a óptica do bienestar nas medidas xa desenvolvidas na actualidade.

Nesta liña, amósase preciso unha revisión das accións de promoción económica e emprego locais dende dúas perspectivas.

A primeira delas é no ámbito da Deputación, establecendo mecanismos de coordinación entre o servizo de promoción económica, turismo e emprego, e o servizo de acción social, cultura e deportes. Esta coordinación terá como obxectivo a introdución da óptica do bienestar en iniciativas que, na actualidade, están a ter unha especial incidencia nos Concellos como é o caso do Plan de Emprego Local.

Neste sentido, a introdución da óptica do bienestar no PEL supón avanzar non tanto nos perfís das persoas susceptibles de seren contratadas polos Concellos<sup>71</sup> da Liña 1 PEL Concellos, senón na focalización de parte das axudas ó emprendemento (Liña 2 – PEL Emprende) e do apoio ó tecido empresarial para a contratación de persoas en situación de desemprego (Liña 3 – PEL PEMES) no sector do bienestar, sobre todo tendo en conta a situación das Comarcas de carácter rural. Así, será posible reenfocar unha ferramenta de éxito como é o PEL para incidir na inequidade territorial que, como se observou, é unha característica da distribución das entidades privadas que traballan en bienestar.

---

<sup>71</sup> Véxase a cláusula 2.1 das bases do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos Concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, PEL Concellos anualidade 2019. [https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2019/02/06/2019\\_000000853.pdf](https://bop.dacoruna.gal/bopportal/publicado/2019/02/06/2019_000000853.pdf)



Ademais, amósase preciso establecer unha reflexión sobre a necesidade de incidir na formación de persoal que integre os equipos SAF das diferentes entidades prestadoras, razón pola cal a Deputación, tendo en conta a experiencia do Programa Rede Xiana, ten a posibilidade de retomar as actividades formativas encamiñadas á obtención dos requisitos para o acceso ó certificado de profesionalidade requirido para o desempeño da devandita ocupación.

Seguindo coa importancia e intensidade en necesidades de persoal e capilarización territorial do SAF, un aspecto relevante con elevado impacto en termos de dinamización demográfica é a elección do sistema de xestión do mesmo por parte dos Concellos, así como, no caso da elección de sistemas de xestión mixtos ou externalizados, o proceso de deseño e xestión das licitacións correspondentes.

Neste sentido, a introdución nas devanditas licitacións de aspectos relacionados coa contratación pública socialmente responsable é un elemento ineludible para garantir a calidade no emprego e o enfoque relacionado co asentamento e mellora das condicións da poboación no territorio. Dentro desta lóxica de actuación, a Deputación da Coruña conta cunha fiestra de oportunidade salientable ó xestionar plans de formación e ó prestar asistencia xurídica especializada en contratación a través do servizo de asistencia a Concellos.

Así, a través destas ferramentas é preciso incorporar ós departamentos xurídicos, económicos e de contratación dos Concellos e da Deputación ás *coalicións internas de benestar*, e afondar na mellora os procesos de licitación e control de xestión do SAF complementando a óptica de axuste á normativa de contratación vixente coa maximización das posibilidades que esta permite para incidir na garantía de calidade laboral e, polo tanto, na capacidade de atracción de recursos humanos do sector e do territorio.

Con respecto á segunda das liñas de actuación mencionadas esta céntrase na xeración das devanditas *coalicións* a nivel local, onde os departamentos municipais de benestar, promoción económica e emprego, departamentos xurídicos e económicos, así como outros departamentos como poden ser os de cultura ou deportes, por exemplo, deben compartir unha óptica interdepartamental baseada na procura do benestar e na mellora das capacidades do territorio como fundamento para a dinamización demográfica e o desenvolvemento socioeconómico do territorio.

Esta introdución da visión do benestar como elemento consubstancial na acción municipal, e a xeración das *coalicións internas de benestar*, suporá tanto a introdución da necesaria planificación dos servizos de benestar (servizos de coidados, servizos de conciliación, servizos de transporte público...) para dar resposta á creación de novas iniciativas económicas que reterán/atraerán persoal, ó mesmo tempo que estes servizos de benestar serán identificados como fontes de ocupacións cualificadas que redundarán na retención/atración de poboación.

Dentro destas *coalicións internas de benestar* salientan ferramentas como as bolsas de traballo municipais que poñan en relación ás entidades demandantes de recursos humanos e ás persoas demandantes de emprego, aspecto este que fornece de información, ó mesmo tempo, ós servizos

técnicos municipais para anticipar demandas sociais ás que responder en termos de benestar a través da creación de novos servizos ou a través da ampliación ou redefinición dos xa existentes. Estas ferramentas atópanse presentes en diferentes Concellos da provincia, pero é preciso afondar nelas e difundilas axeitadamente de cara a maximizar a súa efectividade e a súa potencialidade.

Dentro da información que xera a presenza de ferramentas de intermediación laboral e de contacto directo coas iniciativas empresariais locais atópase, como se menciona, a relacionada cos servizos de benestar precisos para a conciliación da vida familiar e laboral, sempre na liña de conformar territorios atractivos para a retención/atracción de poboación.

Neste sentido, amósase preciso afondar na presenza de servizos como os programas de conciliación estival ou os servizos de madrugadores que, en relación cos diferentes chanzos educativos, os complementen dende o punto de vista da conciliación á vez que son contemplados como unha oportunidade educativa e laboral. Así, tendo en conta a multifuncionalidade das diferentes recomendacións, é preciso repensar estas actividades dotándoas de contidos relacionados coa transmisión de valores comunitarios ou coa mellora do coñecemento da contorna, de tal xeito que poidan ser núcleos de xeración de novos vencellos, así como de realización de actividades interxeneracionais.

Finalmente, e coa liña marcada da xeración de territorios atractivos, non é posible obviar o traballo coas persoas con discapacidade. Neste sentido, dentro do traballo de xeración de *coalicións internas* e de asistencia ás mesmas por parte da Deputación a través de ferramentas como poden ser as accións formativas sobre contratación ou a asistencia técnica, é preciso facer fincapé nas posibilidades que permite a lexislación vixente a través da utilización de cláusulas sociais, laborais e medioambientais, ou da reserva de contratos<sup>72</sup>, de cara a mellorar a colaboración coas entidades sociais, por exemplo, a través dos centros especiais de emprego activos. Este incremento da colaboración, no que é preciso afondar a nivel municipal e a nivel provincial, contribuirá á xeración de economías de proximidade de especial valor para colectivos específicos, así como a avanzar na súa inclusión sociolaboral.

### **Recomendación 2. O incremento da oferta de formación dirixida á atención ás persoas.**

Na liña de considerar os equipamentos e os servizos de benestar como centros de xeración de economías de proximidade (ademais da súa obvia función inicial de atención ás persoas usuarias), estes equipamentos e servizos actúan como centros de atracción de persoal formado, sendo de especial preocupación na actualidade que as diferentes opcións formativas (entre as que salienta a presenza do Ciclo Medio de Formación Profesional de Atención ás persoas en situación de dependencia localizado nas grandes cidades e no Concello de Rianxo) non achegan o

---

<sup>72</sup> Disposición adicional 4ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro do 2014.

suficiente número de profesionais para cubrir as necesidades do SAF, segundo indican os equipos técnicos de benestar local.

Ademais, esta situación complementábase coa expansión que nos últimos anos está a ter o propio SAF, de tal xeito que a súa demanda de persoal formado supera as posibilidades das ofertas formativas comarcais, debendo avanzar no deseño de accións que permitan á poboación acceder ós requirimentos correspondentes.

Así, na actualidade, o panorama formativo local e comarcal é fragmentado, verificándose a existencia de obradoiros, accións formativas puntuais de liderado local, e accións formativas de liderado privado que, como se menciona, non dan resposta final á situación de necesidade de recursos humanos por parte das entidades prestadoras do SAF. Con todo, ferramentas como os obradoiros de emprego demostraron ser de importante utilidade, polo que se amosa preciso incidir nelas mellorando a selección de perfís e garantindo que os profesionais formados accedan ós postos de traballo ofertados polos diferentes prestadores.

De tódolos xeitos, considérase importante realizar unha fonda reflexión sobre a necesidade de artellar a nivel provincial un programa específico de formación para a obtención dos requirimentos específicos para a incorporación ó SAF. Neste sentido, a Deputación conta cun salientable caudal de experiencia obtida a través do deseño e xestión Programa Rede Xiana onde, a nivel territorial, se incidía directamente na mellora da formación de colectivos específicos para a obtención, entre outros, do certificado de profesionalidade en atención socio sanitaria a persoas dependentes en institucións, válido para a prestación de servizo no SAF.

Este exemplo de Programa de xestión directa provincial, e elevado éxito e capilaridade territorial é unha referencia para ter en conta á hora do necesario deseño de accións formativas coordinadas co obxectivo de incidir directamente non tanto sobre a empregabilidade, senón sobre a inserción laboral directa nun sector de elevada demanda e que, na actualidade, está a ter tensións a raíz da inexistencia de suficientes persoas formadas, sobre todo en contornas rurais, para dar resposta á expansión do mesmo.

Neste sentido, recoméndase á Deputación da Coruña o redeseño, de xeito coordinado cos Concellos e aproveitando a información que estes teñen dos obradoiros de emprego levados a cabo, dun programa específico para a formación en atención ás persoas semellante ó Rede Xiana, para a súa implementación nos Concellos das comarcas rurais.

Ademais, este programa debe ser avaliado atendendo ó efecto final que este teña sobre a demanda explícita de profesionais realizada por parte das entidades prestadoras e sobre a prestación final de servizos á cidadanía, de tal xeito que sexa posible reformular as accións formativas ou as súas modalidades de impartición.

### Recomendación 3. A análise das condicións laborais do SAF.

Ó longo do documento é posible observar, tanto a elevada importancia e capilaridade territorial do emprego no SAF, como as diferenzas existentes entre os custos/hora nos diferentes Concellos, atendendo ás diferentes modalidades de xestión.

Neste sentido, e co obxectivo de avanzar na conformación dun sector económico de proximidade atractivo, é preciso que a Deputación da Coruña, como entidade financiadora da case totalidade de horas prestadas en SAF libre concorrència polos Concellos menores de 20.000 habitantes, realice unha análise das condicións das diferentes profesionais do SAF, tanto en termos de tipos de xornadas laborais, estabilidade laboral, seguridade e riscos físicos, como en termos de remuneracións comparadas.

Esta análise debe conducir á elaboración dunha guía de recomendacións básicas para as condicións a recoller na licitación, contratación e seguimento do SAF externalizado homoxéneas para tódolos Concellos, de tal xeito que se avance na mellora xeral das condicións do sector, prestando especial atención tanto á situación dos Concellos menores de 20.000 habitantes, como a problemáticas como pode ser o desprazamento, a necesidade de axudas técnicas nos fogares, ou a necesidade de reciclaxe formativa.

### Recomendación 4. Programa de estabilidade das entidades sociais.

Ó longo do documento salientase a importante presenza de entidades sociais na provincia e, sobre todo, da xestión de diferentes equipamentos de benestar que estas entidades do TSAS están a levar adiante, asumindo, sobre todo, traballo relacionado coas persoas con discapacidade.

Neste sentido, a raíz da elevada complementariedade entre os servizos de benestar de titularidade pública e os asumidos polas entidades do TSAS, na provincia dáse unha situación de interdependencia que é preciso ter en conta para xerar novas actuacións que amplíen o abano das existentes e que melloren a profundidade das mesmas.

Así, non só é preciso que os equipos municipais melloren o seu coñecemento e coordinación coas entidades sociais, e cos servizos que estas ofrecen nos seus equipamentos e na súa actividade xeral co obxectivo de asentar unha actuación conxunta en forma de *rede*, senón que é preciso avanzar cara fórmulas de estabilidade da actividade destas entidades.

Esta estabilidade debe partir, tanto das propias entidades locais como de institucións superiores ós Concellos que teñen entre as súas liñas de actuación a colaboración e o cofinanciamento de entidades sociais. Neste sentido, amósase preciso que a Deputación avance nas súas diferentes liñas de financiamento das entidades sociais dende varias perspectivas.

En primeiro lugar, recollendo a necesidade de establecer marcos temporais de carácter plurianual para o financiamento e implementación das medidas cofinanciadas.

En segundo lugar, avanzando na definición de sistemas de seguimento, control e avaliación das accións implementadas polas entidades sociais e financiadas dende a Deputación centradas, máis ca na xustificación formal, na avaliación dos efectos das medidas financiadas.

En terceiro lugar, incentivando ás entidades sociais á presentación de proxectos realizados en coordinación directa cos Concellos, que sexan complementarios coas medidas implementadas no territorio, ou que presenten avances metodolóxicos ou técnicos a ter en conta dende o punto de vista da transferencia posterior.

En cuarto lugar, fomentando a territorialización das accións en Concellos rurais onde non se localicen equipamentos ou entidades de servizos sociais. Así, preténdese o fomento do reequilibrio territorial a través da condicionalidade do financiamento, traballando na limitación da inequidade territorial que se observa na actualidade.

En quinto lugar, requirindo a coordinación con outras entidades sociais ou entidades asociativas do territorio, fomentando o traballo comunitario e a participación social.

En sexto lugar, prestando especial atención á estabilidade das entidades xestoras de equipamentos ou programas que, nos seus territorios de referencia, se erixan como único recurso para os colectivos obxectivo. Esta estabilidade debe colaborar para garantir o funcionamento cotiá das entidades e dos seus equipamentos, de elevado interese social local e comarcal, e debe ser o elemento que una ós diferentes actores para a xeración de actividades conxuntas e complementarias.

Ademais, na liña da mellora da colaboración entre Administracións e tecido asociativo en clave de benestar, a intensidade dos fluxos de comunicación non só se debe circunscribir ás entidades do TSAS, senón que debe ser ampliada a outras entidades asociativas de carácter cultural, deportivo... Dende este punto de vista, a mellora da comunicación coas entidades asociativas tanto a nivel sectorial como territorial mellorará o deseño e a implementación das accións de benestar, multiplicando o seu efecto e chegando a máis potenciais usuarios.

É dicir, a nivel local é preciso contar cunha estrutura de gobernanza informal que dea capacidade ó equipo de benestar de integrar achegas das entidades para a mellora do deseño das actividades, ó tempo que se conte con elas para a difusión e implementación. Do mesmo xeito, as actividades das entidades asociativas deben ser deseñadas atendendo ás prioridades do benestar e da inclusión e deben contar co apoio dos equipos técnicos municipais á hora da súa implementación.

Esta gobernanza xerará maiores capacidades para as accións de benestar, maior riqueza no deseño e maiores posibilidades de mellorar a calidade de vida das persoas, sobre todo tendo atendendo ás circunstancias daquelas que viven en contornas de elevada dispersión, así como

daquelas persoas de recente chegada ó territorio que non se atopan inseridas e protexidas polas redes familiares ou comunitarias propias dos lugares de orixe.

#### **Recomendación 5. Establecemento dun programa de actuación conxunta cos Colexios de Profesionais.**

Nas diferentes conclusións e recomendacións do documento véñse utilizando o concepto *coalición* ou *rede* co obxectivo de incidir sobre un modelo de deseño e implementación de políticas públicas centrado na actualidade na distribución competencial e non na colaboración entre os diferentes actores presentes no seo dunha política pública.

Este baleiro, detectado a nivel local, tamén é detectado a nivel provincial, de tal xeito que se amosa preciso avanzar no traballo en rede, liderado dende a Deputación da Coruña, cos diferentes actores da política de benestar, entre os que salientan pola súa potencialidade e capilaridade entre as persoas profesionais os Colexios Profesionais como entidades representativas.

Deste xeito, e co obxectivo de crear novas metodoloxías de traballo para incidir dende un punto de vista multidisciplinar nos diferentes problemas relacionados co benestar, recoméndase o establecemento de canles de colaboración formais cos Colexios Profesionais de Traballo Social, de Educación Social e de Psicoloxía.

A finalidade do establecemento do traballo en rede cos Colexios Profesionais é, ademais do intercambio de información e de coñecemento, a creación de técnicas e metodoloxías para a implementación nos programas a coordinar pola Deputación e a adaptar no territorio e implementar a través de equipos técnicos no propio territorio.

Neste sentido, estes programas, que terán un contido sectorial específico, contribuirán á ampliación do abano de programas a disposición dos equipos técnicos municipais, de tal xeito que a súa implementación supoña avanzar na conformación de territorios atractivos dende múltiples puntos de vista, como se poderá comprobar a través das restantes recomendacións.

Ademais, tendo en conta a salientable potencialidade desta colaboración, recoméndase que a Deputación lidere esta rede de actores nos traballos de seguimento e avaliación de diferentes programas que, na actualidade, se están a implementar dende diferentes Concellos en relación á dinamización da natalidade a través da transferencia de rendas municipais ás familias, os coñecidos *cheques-bebé*.

## Recomendación 6. Deseño e establecemento dun programa de actuación conxunta cos centros educativos e ANPAS.

Un dos elementos principais nos que focalizar a necesidade de contar con programas específicos de actuación, a liderar por parte da Deputación para poñer a disposición dos equipos dos Concellos para a súa adaptación ó territorio e implementación, é o relacionado coas institucións educativas, un aspecto no que é posible mellorar e do cal depende o éxito de numerosas accións de carácter multisectorial. Este é o primeiro dos grandes bloques de actuación onde será preciso o deseño de metodoloxías específicas de actuación coa colaboración dos Colexios Profesionais.

Esta mellora recomendada supón avanzar con respecto a un modelo de traballo xeral entre os departamentos de benestar locais e os centros educativos de carácter reactivo, pasando a traballar proactivamente, é dicir, establecendo programacións conxuntas estables que, como se indica, poidan responder a diferentes propósitos que van, por exemplo, dende a loita contra as adicións, ás actividades de carácter interxeneracional, e dentro do cal ten un espazo importante a programación relacionada coa conciliación da vida familiar e laboral como é o caso dos servizos de madrugadores ou das actividades en período vacacional.

Así, co foco posto na xeración de accións en rede entre os centros escolares e os departamentos locais de benestar, os equipos técnicos municipais recoñecen e detectan un amplo espazo de traballo no eido das relacións comunitarias interxeneracionais. Dentro deste campo, aínda que no marco dun programa de colaboración máis amplo, débense aproveitar as potencialidades que a proximidade xera para o deseño de actividades conxuntas de transmisión de tradicións, oficios, lendas ou toponimias e camiños tradicionais entre as persoas maiores usuarias das actividades de benestar e o alumnado dos CEIP e dos IES.

Estas experiencias poden ser recollidas e recompiladas polo seu elevado interese en termos de difusión en múltiples formatos, tanto entre o público xeral como entre profesionais especializados/as, xerando material de interese para publicacións de carácter académico.

Ademais, esta colaboración entre os departamentos de benestar locais e os CEIP e as ANPA debe ser expandida a outros eidos, entre os cales salienta a posibilidade de deseñar programas de nutrición saudable de proximidade en equidade, accións estas que inciden na xeración de economías locais e que ó mesmo tempo trasladan ó alumnado a posibilidade de almorzar de xeito saudable e equitativo, loitando así contra os casos de risco de pobreza infantil.

Outro exemplo desta serie de programas de colaboración é o Pedibús ou os Camiños Escolares Seguros, iniciativas levadas adiante en diferentes Concellos da provincia relacionadas coa mobilidade urbana e coas escolas que, vencella as prácticas comunitarias cun amplo concepto do benestar onde se vencellan tanto a devandita mobilidade como as prácticas saudables.

Unha derivada salientable do traballo conxunto cos centros educativos é a posibilidade que se abre para os equipos técnicos de xerar novos ámbitos de actuación, tal como é o caso do traballo con colectivos de persoas inmigradas. Neste sentido, é interesante incorporar estas prácticas ó

traballo cos centros educativos, coas posibilidades que isto comporta á hora de multiplicar os efectos do coñecemento mutuo e da interculturalidade.

Finalmente, na liña de ampliar o abano de servizos ofertados dende os departamentos de benestar, e en relación coas familias e coa infancia, considérase de especial interese redeseñar e expandir as iniciativas relacionadas coas Escolas de Familia que, en diferentes Concellos, son consideradas de éxito, pero que precisan unha actualización metodolóxica e chegar a maior cantidade de potenciais usuarios para mellorar no establecemento/reforzo de redes de socialización, favorecendo a intensificación da vida comunitaria.

### **Recomendación 7. Deseño e establecemento dun programa de actuación conxunta cos Centros de Saúde e os IES.**

Na liña do mencionado con respecto á colaboración entre os departamentos de benestar e as institucións educativas, e co mesmo esquema de actuación onde a colaboración e o traballo en rede entre a Deputación e os Colexios de Profesionais deben xerar metodoloxías e técnicas de actuación, os equipos técnicos municipais recoñecen o traballo conxunto cos Centros de Saúde como outro dos elementos nos que se detecta un salientable baleiro a nivel local.

Dentro das posibilidades que abre o establecemento de redes de actuación cos Centros de Saúde, e na lóxica de xeración/rexeneración de hábitos comunitarios que fagan máis atractivo o territorio para a atracción/retención de poboación, sobre todo nos núcleos máis rurais, atópase o deseño (baixo criterios sanitarios) de actividades relacionadas coa activación física das persoas maiores aproveitando camiños tradicionais e roteiros recuperados, o deseño de obradoiros relacionados coa nutrición saudable, ou o deseño de actividades de información e orientación sobre saúde sexual nos IES.

Neste sentido, amósase preciso o establecemento de mesas de traballo comarcais cos Centros de Saúde, co obxectivo de compartir o deseño destes proxectos comúns, así como aterralos ó contexto de cada territorio ou ás situacións específicas de cada IES.

Como se pode comprobar, dende o liderado da Deputación da Coruña, en relación tanto cos departamentos locais de benestar como coa rede de actores da política de benestar, é posible incidir tanto na dinamización de sectores económicos de elevado impacto laboral, como na creación de estratexias de mellora da vida comunitaria, favorecendo o establecemento de redes de actores que traballen no territorio para a mellora do benestar e a calidade de vida da poboación, e favorecendo de xeito directo e indirecto a capacidade de atracción/retención de poboación nos Concellos de menor poboación.



## B) A soidade e o avellentamento.

Os datos amosados ó longo da diagnose verifican a coexistencia no territorio da provincia de dinámicas demográficas contrapostas cuxo efecto se expande ó nivel local, de tal xeito que incluso nos Concellos de maior dinamismo demográfico se atopan exemplos de parroquias de elevado nivel de avellentamento, na liña do recollido en relación ás Comarcas máis rurais, onde este fenómeno pode ser considerado como estrutural.

Así, a evolución demográfica analizada, e as proxeccións futuras, non só recoñecen a vixencia do fenómeno do avellentamento, senón que indican un importante afondamento no mesmo a medio prazo, elemento este que está a marcar o deseño dos servizos de benestar, sobre todo nos Concellos de menos de 20.000 habitantes. Neste sentido, os Concellos de menor volume de poboación están a enfrontarse a unha complexa situación na que se complementa o elevado avellentamento co progresivo despoboamento, debendo garantir os dereitos e os servizos a recibir pola poboación na totalidade do seu territorio baixo o criterio de equidade no acceso ós mesmos.

É dicir, na actualidade, o avellentamento dos núcleos rurais dispersos é un feito que non debe comportar a minoración do acceso dos e das súas habitantes ós servizos e programas públicos de benestar, sendo este o contexto para o deseño das políticas locais e para o deseño de medidas de apoio supralocais.

Esta emerxencia dos fenómenos conxuntos do avellentamento e da soidade, sobre todo en contornas rurais, coa que na actualidade se está a traballar de xeito reactivo a través de servizos como pode ser o SAF (nas súas dúas modalidades) ou a teleasistencia, debe ser respondida tamén a través doutra serie de iniciativas de carácter proactivo e comunitario que tendan á mellora da autonomía individual e relacional das persoas.

Neste caso, se ben se verifica a existencia dun importante núcleo de accións relacionadas co lecer en Concellos menores de 20.000 habitantes que, como obxectivo implícito, asumen a rexeneración dos hábitos relacionais, estas actividades non están a chegar nin ás persoas vulnerables nin están a acadar o efecto da rexeneración e recuperación de hábitos comunitarios nos núcleos de poboación onde se dá con especial intensidade o devalo poboacional. Así, amósase preciso prestar unha especial atención ó deseño de programas relacionados coa soidade nos núcleos rurais que complementen a utilización de ferramentas como a Teleasistencia da Deputación, con outras medidas de carácter comunitario destinadas á mencionada mellora da autonomía relacional das persoas.

Con todo, a soidade non é un fenómeno exclusivo das contornas rurais, comprobándose tamén a súa existencia en núcleos urbanos, e non exclusivamente vencellada co avellentamento, tal como se menciona con anterioridade. Neste sentido, verifícase a carencia de programas específicos relacionados coa soidade, sobre todo das persoas maiores, tamén nos núcleos urbanos que poden ser expandidos, se ben a través doutro tipo de metodoloxías, a colectivos como as persoas inmigradas que, nos lugares de acollida, aínda non contan con redes familiares ou sociais de apoio.

Dentro deste eido de actuación é posible contemplar os programas de voluntariado que, dende a perspectiva do acompañamento ás persoas maiores, ou dende perspectivas máis amplas que inclúan elementos culturais ou de lecer, por exemplo, son de valor na abordaxe da problemática da soidade. Con todo, para o deseño destes programas é preciso mellorar a dotación dos equipos técnicos municipais con persoal especializado, así como incidir na formación das persoas voluntarias co obxectivo de que estas cubran as súas expectativas. Este sentido, é preciso ter en conta a experiencia acumulada tanto por Concellos (Padrón, por exemplo), como por entidades sociais (Cruz Vermella, por exemplo), de salientable tradición no voluntariado.

Un dos elementos a ter en conta na análise da soidade non buscada, sobre todo das persoas maiores, nos centros históricos dos núcleos urbanos é a existencia dun importante campo de actuación en relación á rehabilitación e mellora xeral das condicións das vivendas e da súa accesibilidade que, en diferentes casos, contan con protección debido á súa localización en núcleos de importancia histórica. Neste sentido, esta situación pode ser extensible, con outros condicionantes, á accesibilidade e condicións xerais das vivendas nos núcleos rurais, aspectos estes que poden marcar en ámbolos contextos as condicións de vida das persoas.

Así, amósase preciso mellorar o apoio ós departamentos técnicos dos Concellos á hora de facilitar tanto os deseños como os trámites necesarios para, dende un punto de vista de proactividade e do necesario vencello cos departamentos de benestar, avanzar na mellora das condicións das vivendas ó mesmo tempo que se presta apoio económico as familias para acometer as reformas precisas.

Outro dos elementos a ter en conta no estudo da soidade é o relacionado coas persoas coidadoras que, en virtude da elevada intensidade e extensión no tempo das súas tarefas, vense inmersas na perda das súas redes sociais. Tendo en conta esta situación, considérase preciso avanzar no deseño e implementación de programas de apoio ás persoas coidadoras, asumindo a existencia de exemplos no territorio de elevado interese, que complementen a visión formativa coa visión psicolóxica individual e grupal, así como coa introdución da visión do lecer para desconectar da súa situación cotiá. Estes programas deben ser complementados con servizos auxiliares como o SAF ou o transporte para garantir a súa efectividade.

Na liña de recuperar os hábitos relacionais, un dos aspectos xa mencionados é a multifuncionalidade dos programas de carácter interxeneracional que, en relación cos centros educativos, supoñen dende o punto de vista das persoas maiores, unha importante posibilidade de establecer novas relacións e de transmitir o seu coñecemento á xuventude. Neste caso, verifícase a existencia dun amplo marxe para o deseño e implementación destes programas de elevado interese comunitario.

Finalmente, un dos aspectos a ter en conta para a mellora da capacidade relacional das persoas, sobre todo das persoas maiores en contornas rurais, é o relacionado coa mobilidade. Neste sentido, se ben na actualidade a Xunta de Galicia está a aplicar o Plan de Transporte Público, os equipos técnicos de benestar consideran de xeito unánime que a nivel parroquial as condicións do transporte público impiden a mobilidade das persoas e o seu acceso ás centralidades locais e comarcais, polo que se considera preciso acometer unha análise local das condicións de mobilidade, fluxos e

centralidades co obxectivo de implantar os sistemas de transporte público local máis acaídos a cada realidade.

**Recomendación 8. Actualización e ampliación das actividades levadas a cabo con persoas maiores. A colaboración entre as políticas de benestar e a de cultura.**

Na actualidade as actividades relacionadas co envellecemento activo ou, en termos xerais, dirixidas ás persoas maiores, son un elemento común a tódolos Concellos da provincia que amosan, como se mencionou con anterioridade, non só unha importante vitalidade, éxito e demanda entre os colectivos obxectivo. Con todo, é preciso salientar que, se ben se verifica un importante éxito destas actividades á hora de mellorar a socialización das persoas maiores, tamén se verifica que a estas actividades non captan a posibles persoas usuarias en risco de soidade, para as cales é preciso o deseño específico de programas, á vez que se debe producir unha actualización xeral das actividades dirixidas ás persoas maiores, tendo en conta a evolución nos perfís das mesmas.

Neste sentido, é posible introducir novos elementos dentro do deseño das programacións co obxectivo de avanzar na súa actualización e incremento da profundidade das mesmas. Así, por exemplo, é posible mellorar no deseño de actividades interxeneracionais tanto a través do contacto entre a programación de accións para as persoas maiores cos centros educativos, como a través da programación de accións para persoas maiores que se vencellen con entidades sociais ou veciñais nas que se integre de xeito explícito á mocidade ou á infancia. Este é un exemplo de posibilidades de ampliación do alcance das actividades dirixidas ás persoas maiores que, en termos xerais, deben ser obxecto de actualización metodolóxica e de innovación.

Ademais, é preciso indicar que a curto/medio prazo vai haber un troco substancial dos perfís de persoas maiores usuarias destas actividades, emerxendo un tipo de persoa maior activa, usuaria da tecnoloxía e con inquiredanzas de carácter cultural; características estas ás que se deben adaptar as programacións actuais para manter a súa vitalidade e éxito.

Así, ábrese a posibilidade de introducir a óptica do benestar nas actividades desenvolvidas relacionadas co sendeirismo, coas novas tecnoloxías, ou coa organización de viaxes e excursións, potenciando o seu contido cultural, de recuperación etnográfica e, na liña do mencionado con anterioridade, aproveitando para a introdución da óptica interxeneracional.

Un dos aspectos clave para a implementación desta recomendación a través da incorporación de enfoques culturais na programación de actividades para as persoas maiores, é a existencia de financiamento da Deputación da Coruña para a dotación de persoal técnico para as áreas de cultura municipais. Neste sentido, é preciso ampliar o abano de funcións deste persoal para, de xeito coordinado cos departamentos de benestar municipais, co-deseñen actividades a nivel local atractivas e actualizadas que captan a novas persoas usuarias, sempre na liña da mellora da autonomía relacional das persoas e da recuperación de hábitos comunitarios.

### **Recomendación 9. Deseño e implantación de programas de detección e prevención do deterioro cognitivo.**

Na actualidade, tendo en conta tanto a focalización dos Centros de día para persoas maiores da rede pública consorciada nas persoas con valoración da dependencia, así como a infradotación de prazas, existen experiencias de Concellos da provincia que se forneceron de programas de prevención do deterioro cognitivo de elevado éxito. Estas experiencias están a ser lideradas tanto polas administracións locais como por entidades sociais que veñen traballando ó longo dos últimos anos nestas iniciativas.

Neste sentido, considérase de elevado interese atender a dous tipos de experiencias locais complementarias. A primeira delas é a do programa de detección temperá das dificultades de memoria que leva a cabo o Concello de Boimorto en colaboración coa USC e coa Consellería de Política Social. Neste programa, dirixido para persoas maiores de 60 anos preocupadas pola súa memoria e a familiares de persoas con demencias que precisen asesoramento, realízanse avaliacións neuropsicolóxicas e deséñanse intervencións a través de actividades de estimulación cognitivas individuais e grupais. Ademais, tamén se realizan charlas sobre envellecemento activo e oriéntase ás persoas coidadoras a nivel individual e grupal.

A segunda das experiencias é a levada a cabo nos Concellos de Teo, Vedra, Ares ou Bergondo, por exemplo, en relación á creación dun servizo de estimulación terapéutica para persoas maiores. Este servizo atende, con intensidades variables en función dos Concellos, ás persoas usuarias a través de accións de estimulación cognitiva, favorecendo tanto a activación das persoas usuarias como a conciliación da vida familiar e laboral das súas familias.

Neste sentido, considérase de especial interese non só a difusión destes programas, senón a súa implantación nos Concellos que, na actualidade, teñen especiais dificultades para cubrir a demanda (explícita ou implícita) en relación á rede pública consorciada de centros de día.

Deste xeito, e co obxectivo da creación de programas homoxéneos nos Concellos e, ó mesmo tempo, adaptados á realidade local, recoméndase que a Deputación da Coruña estableza unha colaboración activa tanto cos Colexios de Profesionais (algo xa mencionado), como coas Universidades (na liña xa iniciada polo Concello de Boimorto), creando metodoloxías conxuntas, liderando a implementación e aplicación das devanditas metodoloxías ás persoas usuarias, e realizando as avaliacións correspondentes para acometer redefinicións nas técnicas a utilizar.

Ademais, neste sentido, é preciso ter en conta a experiencia coa que contan entidades sociais de referencia, de tal xeito que sexa posible vencellar ó TSAS na implementación territorial das medidas.

**Recomendación 10. O traballo con persoas cuidadoras. Deseño e implementación de programas de apoio.**

De xeito complementario coa anterior recomendación, aínda que extensible dada a intensidade das tarefas familiarizadas dos coidados, tamén se considera de interese o deseño de programas de apoio a familiares de persoas afectadas polo Alzheimer e outras demencias que, tanto a nivel de apoio psicolóxico individual, como a nivel grupal, ofrezan ós/ás usuarios/as a posibilidade de compartir experiencias ou de asistir a xornadas de formación, sempre tendo en conta a necesidade de contar con servizos auxiliares de apoio. Neste sentido, son de especial interese experiencias locais de elevado éxito, como acontece no caso do Boqueixón, por exemplo, de cara ó seu análise e transferencia.

Con todo, estes programas de apoio ós familiares e cuidadores non se deben circunscribir unicamente ó deseño de actividades específicas para este colectivo, senón que esta especificidade debe ser complementaria coa súa inclusión noutro tipo de actividades xerais deseñadas polo Concello (actividades culturais, deportivas, sendeirismo, lecer...) que deben contar coa posibilidade de acceder a servizos auxiliares para o coidado das persoas dependentes.

O elevado interese destes programas supón a necesidade de realizar un esforzo en termos de difusión dos mesmos para a captación de usuarios/as ou persoas interesadas. Neste sentido, ademais das ferramentas habituais de difusión municipal e outras innovadoras (como poden ser as liñas municipais de whatsapp, por exemplo), recoméndase a transmisión da información relacionada co programa a través das diferentes actividades deseñadas especificamente para persoas maiores polos Concellos, complementando isto coa utilización de establecementos de proximidade (hostalaría, centros de saúde, farmacias, pequeno comercio...) como rede de transmisión de información, así como coa difusión a través das entidades asociativas locais.

Neste sentido, e de xeito coherente coa anterior recomendación, recoméndase o deseño destas actividades de apoio a través da rede de actores liderada pola Deputación da Coruña, de tal xeito que a súa adaptación ás circunstancias locais sexa realizada polos equipos técnicos municipais en virtude do coñecemento exhaustivo das problemáticas individuais das potenciais persoas usuarias.

**Recomendación 11. Deseño e establecemento de programas interxeneracionais para a actuación conxunta entre os departamentos de benestar locais, os CEIP, os IES, as entidades asociativas e as ANPA.**

Na liña do mencionado en anteriores recomendacións sobre a creación dunha rede de actores que, a nivel central, deseñen programas relacionados con diferentes baleiros detectados no territorio, un dos resultados desta rede debe ser a o deseño dun programa, adaptable a cada contexto territorial, onde se establezan vencellos comunitarios e interxeneracionais entre as persoas maiores asistentes ás actividades de benestar e o alumnado dos CEIP e IES. Estas accións

interxeneracionais, como se pode comprobar, teñen unha salientable multifuncionalidade, debendo ser aproveitadas para, dende o punto de vista comunitario, contribuír ó reforzo das relacións sociais entre as persoas maiores, de tal xeito que se constitúen como ferramentas de salientable utilidade á hora tanto de incidir no avellentamento activo como á hora de incidir na soidade.

Neste sentido, este programa debe ser ampliado incluíndo experiencias que, tanto desenvolvidas polos Concellos como polas entidades asociativas ou culturais en activo a nivel municipal ou parroquial, son de especial interese pola potencialidade interxeneracional que teñen.

Como se mencionaba con anterioridade, de cara á mellora e consolidación das redes comunitarias nas que se integran as persoas maiores, así como para facilitar a transmisión de cultura e valores, considérase de interese potenciar a transmisión destas experiencias ó alumnado dos CEIP e dos IES coa colaboración das ANPAS, facilitando deste xeito a integración de pais e nais nestas experiencias.

Neste sentido, é posible aproveitar o coñecemento xurdido nos Obradoiros de Memoria que os Concellos teñen como unha das súas principais actividades, así como outras actividades especificamente desenvolvidas polas persoas maiores, de cara ó seu pulo e ampliación sempre dende o punto de vista da integración na programación xeral dos Concellos e do incremento da colaboración cos centros educativos.

Deste xeito, os obradoiros e actuacións multisectoriais mencionadas xerarán novas redes de socialización das persoas maiores, elemento este que para ser maximizado debe ir acompañado dun especial esforzo de difusión das iniciativas e captación de usuarios/as, superando os colectivos que tradicionalmente asisten de xeito asiduo ás diferentes actividades de benestar.

Con todo, a pesar de que a capilaridade das actividades municipais é salientable, sobre todo das relacionadas co lecer, é preciso indicar que o perfil de asistente ás mesmas non responde ó da persoa en situación de soidade, para o cal é preciso deseñar novos programas específicos.

### **Recomendación 12. Deseño dun programa específico de detección e intervención coas persoas en situación de soidade. O papel do voluntariado.**

Na actualidade, un dos principais baleiros detectados polos equipos técnicos dos departamentos locais de benestar é o traballo coas persoas en situación de soidade, tanto en termos de detección, como de intervención dende a óptica da recuperación das redes relacionais destas persoas.

No contexto da provincia, como se ten mencionado, é posible identificar, por unha banda, contornas amplamente urbanizadas alén das grandes cidades como é o caso dos núcleos urbanos dos Concellos das coroas metropolitanas das mesmas, por exemplo, en tanto que tamén é posible identificar amplas zonas de carácter rural. Neste sentido, alén dos contextos, é preciso deseñar

programas que sigan a liña da revitalización e utilización das redes comunitarias co obxectivo de obter información e previr situacións problemáticas.

Deste xeito, a rede de actores mencionada con anterioridade, deberá deseñar os elementos comúns dun programa de detección e intervención coas persoas en soidade, tendo en conta a existencia e vitalidade local das redes comunitarias e veciñais coas que colaborar para levalos adiante. Neste sentido, en contornas rurais máis avellentadas estase a observar un proceso de esmorecemento destas redes comunitarias e veciñais no que é preciso incidir co obxectivo de *utilizalas* para mellorar a calidade de vida e a autonomía relacional das persoas. Este deseño común será posto a disposición dos equipos técnicos municipais tanto para a súa adaptación ó territorio, como para a súa implementación atendendo ós contextos.

En contornas urbanas as redes comunitarias son diferentes, vencellando a soidade non ó illamento físico, senón ó illamento social. Con todo, o programa de detección e intervención en situacións de soidade debe colaborar con actores comunitarios colaboradores que actúen a xeito de *antenas* (hostalaría, quioscos, farmacias, Centro de Saúde, parroquia, panadarías, perruquerías, asociacións locais...), e detecten a presenza de persoas en soidade e as súas principais problemáticas para, a continuación, informar ós departamentos de benestar locais que, a través de ferramentas de carácter comunitario, ou dos servizos propios do Concello (caso do SAF, ou do programa de Teleasistencia), ou a través das entidades sociais mediante voluntariado ou accións específicas das propias entidades, traballará para a revitalización das redes sociais destas persoas evitando así a soidade e os posibles efectos negativos da mesma.

Este mesmo programa operará a xeito de prevención en casos, por exemplo, como o das persoas cuidadoras de dependentes. Así, estas persoas que contan con servizo de SAF, serán informadas de todo tipo de actividades de lecer e respiro para evitar que a intensidade e extensión no tempo das tarefas de coidado leven aparelado a desaparición das súas redes relacionais. Con todo, para este colectivo, as accións deseñadas dende os departamentos de benestar locais deben contar con servizos paralelos de coidado que cubran as súas tarefas familiares.

Ademais, este programa atópase intimamente relacionado con outros programas xa existentes, como pode ser o Xantar na Casa xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, que deben ser intensificados xa que operan a xeito de dupla ferramenta contra o illamento a través da xeración de menús saudables, individualizados e de calidade.

A detección das situacións de soidade é un elemento central do programa, que debe contar cun abano de recursos que entren a disposición da persoa usuaria en función da súa valoración técnica. Neste sentido, dentro deste abano de recursos atoparíanse tanto o SAF como Teleasistencia, en tanto que tamén serían de elevado interese os programas de lecer de carácter cultural, interxeneracionais, ou de recuperación dos hábitos comunitarios dos que se vén falando ó longo do documento.

Con todo, unha das ferramentas máis salientables para a intervención en materia de soidade é a relacionada co voluntariado. Así, os programas de voluntariado contan cun percorrido que se

debe aproveitar, sobre todo en contacto directo coas entidades asociativas do territorio, facilitando a incorporación destas persoas usuarias a redes de socialización que os leven a, progresivamente, deixar a soidade.

De cara á maximización da utilidade dos programas de voluntariado, non só é preciso contar con persoal técnico específico, senón que é preciso ter en conta as expectativas da persoa voluntaria, os eidos e actividades onde esta se atope máis cómoda, así como o feito de que o voluntariado non debe suplir os programas públicos de benestar, senón potenciais.

Neste sentido, a creación de redes de voluntariado estable, aproveitando a experiencia coa que contan Concellos e entidades sociais que traballan neste eido, e a súa focalización en axentes de elevado coñecemento de proximidade a través de programas específicos (farmacias, bares, comercio de proximidade, quioscos...) potencia a capacidade das mencionadas *antenas* e amplía o seu efecto a numerosos eidos nos que traballar, converténdose nunha potente ferramenta multipropósito das políticas locais de benestar.

### **Recomendación 13. Actualización e ampliación do programa de Teleasistencia da Deputación da Coruña.**

Os equipos técnicos dos Concellos da provincia recoñecen que o programa de Teleasistencia da Deputación da Coruña, non só é unha ferramenta de importante eficacia á hora de loitar contra a soidade, senón que é moi valorada polas persoas usuarias polo seu funcionamento, así como polos propios equipos técnicos.

Con todo, é posible mellorar o rendemento deste programa dende varias ópticas diferentes. En primeiro lugar, a través da ampliación da resposta ás situacións de soidade. Na actualidade estanse a detectar casos onde o illamento físico nos núcleos rurais e a soidade se complementan, non existindo nas proximidades dos/as usuarios/as fogares habitados que sexan susceptibles de recolleren as chaves dos fogares dos/as usuarios/as.

Neste sentido, e tendo en conta que esta situación previsiblemente se verá incrementada, é preciso incorporar ó programa protocolos de colaboración con Protección Civil, coa Policía Local, cos servizos de emerxencia sanitaria ou coa Garda Civil, alén dos propios equipos de benestar municipal, para contar coas devanditas chaves dos domicilios das persoas usuarias que teñan problemas á hora de atopar fogares nas súas proximidades onde depositaren as chaves.

En segundo lugar, é preciso incidir na difusión do programa para mellorar o coñecemento social do mesmo e incrementar a súa demanda. Neste sentido, na liña do xa mencionado con anterioridade, un elemento fundamental para a mellora da difusión dos programas é a colaboración coas entidades asociativas, de tal xeito que poidan operar a xeito de altofalantes e, no caso de Teleasistencia, transmitir a importancia do programa para a prevención, a mellora da calidade de vida e da seguridade das persoas, sobre todo en casos de soidade e illamento.



Esta recomendación, atendendo á ampliación de medidas dixitais de seguridade coas que conta o vixente Programa de Teleasistencia da Deputación da Coruña, atópase na liña do traballo do Proxecto RedMay (programa europeo Interreg V A España-Portugal encabezado pola Consellería de Política Social, a Universidade de Vigo e a Cámara municipal de Braga) e das súas intervencións relacionadas coa implantación de medios tecnolóxicos para mellorar a permanencia das persoas maiores nos fogares a través da mellora da seguridade (Fogar dixital). Como se pode observar, este é un eido no que se está a traballar dende diferentes entidades e iniciativas, xerando unha fiestra de oportunidade a través da creación de sinerxias que deben ser aproveitadas dende o local para a mellora efectiva das condicións de vida da poboación con necesidades especiais.

#### **Recomendación 14. A mobilidade local. O deseño e implantación de sistemas de transporte público local.**

Na actualidade, os equipos de benestar dos Concellos da provincia consideran que un dos principais elementos que incide na soidade, sobre todo das persoas maiores que residen en núcleos rurais, é a situación do transporte público de proximidade, considerada como unha das grandes eivas xerais.

Así, a pesar de que, en termos xerais, os núcleos urbanos que se atopan dentro do ámbito das principais vías de comunicación contan co servizo da grandes liñas, os núcleos afastados destas vías atópanse nunha situación de limitación no servizo recibido, sendo a situación dos núcleos rurais e parroquias máis diseminadas de illamento e ausencia de servizo de transporte público local.

Neste sentido, tal como se menciona con anterioridade, o Plan de Transporte Público da Xunta de Galicia amósase como unha oportunidade de mellora, pero é preciso poñer de relevancia os proxectos de transporte público local iniciados por Concello como Arteixo, Rianxo, Ribeira ou Teo, así como, dende unha intensidade diferente ou atendendo ás necesidades de colectivos específicos, ter en conta a experiencia de Concellos como Boimorto, Cabanas, Toques, por exemplo.

Polo tanto, tendo en conta as experiencias existentes, considérase preciso a actuación local dende un dobre punto de vista en relación á mobilidade.

En primeiro lugar, deseñando sistemas de transporte local para conectar as parroquias e núcleos rurais coas centralidades, difundido a súa existencia e fomentando o seu uso entre a poboación.

En segundo lugar, mellorando a conectividade dos sistemas locais coas grandes rutas. Neste sentido é preciso ter en conta os fluxos, horarios as centralidades que supoñen os diferentes equipamentos de referencia situados nas centralidades comarcais. Neste sentido, é preciso a análise dos fluxos relacionados cos equipamentos de carácter sanitario, formativo, empresarial e comercial que atraen importantes cantidades de persoas traballadoras e usuarios/as con necesidades propias ós que é preciso responder.

Ademais, estes sistemas de transporte local, e o deseño da rede de conectividade co sistema supralocal, deben ser deseñados atendendo a múltiples criterios que van dende a mellora da interacción social das persoas maiores que residen en núcleos rurais (facilitando visitas ós Centros de Saúde ou a organismos oficiais, por exemplo), da mocidade que reside en núcleos urbanos ou rurais (facilitando a mobilidade en relación á escola ou ó lecer), ou das persoas en idade activa (facilitando a mobilidade para acceder ás centralidades laborais).

Neste sentido, tamén é preciso ter en conta a evolución dos programas de mobilidade local, como acontece no caso de Abegondo, que pasaron de contar cun servizo de carácter tradicional de autobús circular, a contar cun sistema de convenios con taxis xestionado polo departamento de benestar para o seu uso por parte de persoas maiores para o seu traslado ós Centros de Saúde, por exemplo.

Para a operacionalización desta recomendación considérase necesario, en primeiro lugar, a realización dunha avaliación das modificacións que están a entrar en vigor relacionadas co Plan de Transporte Público de Galicia, sobre todo no que se refire á conectividade e mobilidade dos núcleos rurais. Ademais, considérase preciso o establecemento dunha colaboración entre a Deputación e as Universidades co obxectivo de establecer análises piloto das necesidades e demandas dos Concellos rurais de menor poboación, estudando as alternativas máis efectivas e eficientes para a creación de sistemas de transporte público local para, con posterioridade, establecer medidas de apoio financeiro para a cobertura destas alternativas.

Finalmente, dentro deste programa, tamén é preciso iniciar accións de información/sensibilización/concienciación sobre o axeitado uso de vehículos sen carné que, en colaboración coas autoridades de seguridade viaria, protección civil e tráfico, incidan sobre o colectivo obxectivo de persoas maiores.

### C) As múltiples exclusións.

Ó longo da diagnose e das conclusións foron expostas diferentes formas de exclusión que afectan á poboación na provincia, salientando tanto aquelas de carácter económico relacionadas coa disposición de rendas, de elevado impacto en termos de transmisión xeracional, como as que teñen un carácter relacional vencelladas coa soidade, coa discapacidade ou as xeradas coas diferentes adicións.

Neste sentido, e directamente vencellado coa dinamización económica que, como se mencionou, é un elemento fundamental á hora de xerar capacidade de atracción dos territorios para a fixación de poboación e na loita contra a exclusión social derivada do risco de pobreza, nos Concellos da provincia, con especial énfase nos de menor poboación e capacidade que se atopan nas Comarcas máis afectadas polas fendas de renda analizadas, amósase como prioritario o establecemento de coalicións entre os departamentos de benestar e os de promoción económica e emprego ou desenvolvemento local, coa finalidade de conectar ámbalas políticas públicas co obxectivo de incidir

sobre a xeración de economías de proximidade e, polo tanto, para xerar postos de traballo que garantan rendas suficientes para a poboación.

Estas coalicións internas deben ser expandidas á creación de dinámicas de traballo conxunto coas entidades asociativas que traballan no territorio, salientando pola súa importancia aquelas que traballan coas persoas con discapacidade. Neste sentido, é preciso facer referencia ó activo que supón a existencia na provincia de equipamentos especificamente deseñados para o traballo con persoas con discapacidade. Esta presenza abre novas posibilidades para o traballo na inclusión deste colectivo dende múltiples puntos de vista, entre os que salienta o de carácter laboral ou o lecer, sendo preciso deseñar actuacións específicas para incidir neste campo de actuación. Con todo, dentro deste aspecto, tamén é preciso facer mención á ausencia en diferentes Comarcas de equipamentos e entidades que traballen especificamente con este colectivo, elemento este que agudiza aínda máis as fendas territoriais xa apuntadas.

Ademais, tamén é preciso recoñecer a heteroxeneidade no establecemento de dinámicas de traballo conxunto entre as administracións e as entidades sociais. Así, se ben se verifica a existencia deste traballo (tanto formal como informal) en diferentes Concellos, este non se expande á totalidade dos mesmos, e incluso á realidade operativa da Deputación da Coruña, de tal xeito que é preciso asentir o substrato existente de colaboración e espallalo a diferentes eidos que van, por exemplo, dende a contratación pública, ó co-deseño de actividades culturais ou de lecer con visión de benestar onde os colectivos de persoas con discapacidade se sintan incluídos.

Outro dos elementos a ter en conta é o baleiro detectado por parte dos equipos locais de benestar en relación ó traballo coa prevención de adicións emerxentes. Trátase da adición ás novas tecnoloxías que pode derivar tanto en ludomanía como en diferentes prácticas de acoso que, por exemplo, se poden vencellar en determinados casos co machismo, sobre todo na adolescencia. Neste sentido, aínda tendo en conta a presenza de diferentes actividades de prevención nos centros educativos, estas son fragmentadas e limitadas, así como procedentes de diferentes orixes, o cal provoca que sexa complexa a avaliación do efecto das mesmas ou que, en todo caso, os equipos de benestar municipais compartan de xeito case unánime unha sensación de limitación das iniciativas desenvolvidas ata o intre.

Así, no marco da ampliación do perímetro de actuación das políticas de benestar locais, e tendo en conta a posibilidade de xeración de novas metodoloxías de aproximación a estas problemáticas de carácter preventivo nos centros educativos a raíz da práctica relacional con diferentes actores e entidades sociais proposta en diferentes recomendacións do actual documento, amósase preciso ampliar esta función de deseño de novas metodoloxías de intervención á problemática da prevención mencionada. Deste xeito, recoméndase que a Deputación lidere tanto a creación de proxectos, como a súa implementación no territorio, en rede cos Concellos, cos centros educativos, coas entidades sociais, coas ANPAS e cos Colexios de Profesionais, sempre atendendo á necesidade de adaptación á realidade territorial destes programas, así como á necesaria avaliación dos efectos dos mesmos.

Tendo en conta a consideración xa realizada da necesidade do deseño e implementación de medidas amplas e integrais que vencellen diferentes eidos de actuación, así como a verificación de que na actualidade, e como consecuencia das fendas sociais ampliadas pola crise económica, un dos colectivos máis afectados polo risco de exclusión é a infancia, recoméndase que a Deputación lidere accións de fomento da nutrición saudable en centros educativos a través da produción de proximidade, recollendo e ampliando as experiencias levadas adiante en diferentes territorios, e tendo como horizonte, ademais da mencionada mellora da nutrición infantil, a incidencia no fenómeno da pobreza infantil dende a equidade. Neste sentido, tamén son de interese a expansión de iniciativas relacionadas coas hortas ecolóxicas nos centros educativos.

Ademais, esta serie de recomendacións centradas na loita contra a exclusión complétanse coa necesaria transferencia de medidas, actualmente en vigor en diferentes Concellos, relacionadas coa mellora do anonimato e da dignidade das persoas que acceden ás axudas de emerxencia locais, concretamente a través do liderado da Deputación na creación dun proxecto de vencello entre as devanditas axudas con diferentes centrais de distribución alimentaria que, ó tempo que garanten a dignidade individual, melloren o proceso interno da xustificación e pagamentos dos Concellos.

### **Recomendación 15. O liderado da Deputación no deseño de sistemas proactivos de intermediación laboral a nivel local.**

Con anterioridade mencionábase a necesidade de xerar *coalicións* entre os departamentos de benestar e os de promoción económica e emprego municipais co obxectivo de integrar as axendas do benestar e da dinamización económica para avanzar no proceso de atracción/retención de poboación.

Una das derivadas máis salientables da potencialidade desta *coalición* é a incidencia sobre os colectivos en risco de pobreza ou exclusión social, cos que é posible traballar non unicamente en termos de elaboración de itinerarios formativos, senón superando a inserción laboral a través de programas específicos integrándoos en ferramentas máis amplas e de maior alcance.

Como se menciona, existen experiencias en diferentes Concellos da Comarca da provincia que, con profundidades diferentes, poñen en marcha ferramentas como as Bolsas de Traballo, deseñadas para axudar ás persoas en situación de desemprego, ás que busquen o seu primeiro emprego ou ás que desexen mellorar a súa situación laboral actual.

Neste sentido, o éxito das Bolsas de Traballo no seu traballo de intermediación efectiva radica na proactividade do mesmo co obxectivo de se converter a referencia local-comarcal na conexión entre as demandas das persoas usuarias e as ofertas de emprego por parte das empresas localizadas na contorna.

Este modelo de intermediación laboral supera ás ferramentas habituais de incidencia local nos mercados laborais centrados unicamente na formación ou na difusión de ofertas de traballo do

sector privado, sendo preciso incorporar as experiencias da xestión das Bolsas actualmente activas na provincia para a súa mellora conxunta.

Así, recoméndase que a Sección de Promoción Económica da Deputación realice un deseño central dos devanditos sistemas de intermediación locais, tendo en conta as experiencias existentes e a necesaria conexión coas políticas de benestar locais, para a súa adaptación e aplicación nos Concellos.

A intermediación laboral debe ser complementada co apoio á xeración de novas iniciativas económicas de proximidade, aspecto no cal diferentes Concellos da provincia contan con liñas específicas de apoio á creación de empresas. Neste sentido é interesante afondar nas xa mencionadas *coalicións internas* xa que estas ferramentas poden ser obxecto de interese por persoas coas que se estea a traballar dende benestar, en tanto que tamén poden ser de interese á hora de xerar iniciativas económicas que respondan ás necesidades de benestar.

De tódolos xeitos, a xeración de novas iniciativas económicas non é o único xeito de promover unha mellor inserción laboral de persoas con determinadas necesidades xa que, por exemplo, os Concellos xestionan o SAF que, como se puido comprobar, conta cun volume e cunha intensidade de recursos humanos que o fan unha oportunidade ó mesmo tempo que se estima a súa expansión, para responder á cal é preciso contar con persoal capacitado.

Neste sentido, dentro das recomendacións xa expostas, figura o liderado da Deputación no deseño e implementación de accións formativas no territorio especificamente pensadas para dar resposta á necesidade de persoal das entidades prestadoras de SAF, de tal xeito que sexa posible aproveitar un xacemento de emprego de proximidade centrado no benestar, de especial incidencia entre as mulleres e en contornas rurais.

#### **Recomendación 16. O liderado da Deputación no fomento dunha contratación pública socialmente responsable.**

A introdución tanto das cláusulas sociais, laborais e medioambientais así como a utilización da reserva de contratos<sup>73</sup> nas licitacións públicas está a converterse nunha ferramenta para que a contratación pública incida na dinamización dos sectores económicos de proximidade e na mellora da inclusión laboral de determinados colectivos con necesidades especiais, sempre dentro do respecto ó principio de seguridade xurídica.

Esta utilización é posible se previamente existe unha extensión das coalicións internas mencionadas con anterioridade entre os departamentos de benestar e promoción económica locais, ós departamentos de carácter xurídico e financeiro, de tal xeito que o Concello utilice un completo abano de alternativas no apoio das políticas de benestar.

---

<sup>73</sup> Disposición adicional cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

A introdución destas ferramentas é posible, e na provincia existen diferentes experiencias de éxito, en licitacións tales como as relacionadas coa recollida e xestión de RSU, por exemplo, de elevada contía económica e de importante intensidade en termos de persoal requirido.

Con todo, na liña do mencionado con anterioridade, o uso das cláusulas sociais e a reserva de contratos por parte das administracións debe atender á normativa vixente, garantindo a seguridade xurídica dos procedementos de contratación.

Así, a actual recomendación céntrase na (I) maximización da utilización das ferramentas de contratación pública socialmente responsable por parte da Deputación da Coruña; (II) a asistencia xurídica especializada en contratación dende a óptica do benestar por parte da Deputación da Coruña ós departamentos de contratación municipais; (III) ó deseño de modelos de pregos especificamente deseñados dende a contratación pública socialmente responsable; (IV) o deseño por parte da Deputación de accións formativas específicas para persoal dos departamentos de contratación e de benestar municipais para o aproveitamento das posibilidades legislativas na contratación pública socialmente responsable.

### **Recomendación 17. Deseño e implementación dun programa de prevención de adiccións entre a infancia e mocidade.**

Na actualidade estanse a espallar ou repuntar diferentes adiccións entre a mocidade. Algunhas delas, como as relacionadas co consumo de alcohol, contan cun importante asentamento social que, en determinados casos, se agrava a raíz do fenómeno do botellón en lugares localizados. Outro tipo de adiccións son menos coñecidas e, polo tanto, máis difíciles de identificar e de traballar con elas. Trátase, por exemplo, das adiccións ás novas tecnoloxías e ós teléfonos móbiles que, na mocidade, poden derivar en diferentes tipos de acoso. Ademais, outra derivada das adiccións de carácter tecnolóxico na mocidade é a relacionada coas apostas e co xogo, tanto nas casas de apostas como a través dos *smartphones*.

Así, se ben se constata a existencia nos centros escolares de actividades de carácter puntual relacionadas coas adiccións mencionadas, estas non son estables nin continuas no tempo como se recoñece por parte dos diferentes equipos técnicos municipais, dificultando a posibilidade de establecer medicións e avaliacións dos seus efectos, así como impedindo o seguimento e garantía de éxito das mesmas.

Deste xeito, considérase necesario o deseño dun programa estable de información e prevención sobre diferentes tipos de adiccións, con especial fincapé nas de carácter tecnolóxico e nas súas derivadas relacionadas co acoso e coa ludomanía. Este programa debería ser complementario coas diferentes accións que se desenvolven, de xeito puntual, por parte dos propios CEIP ou IES, de tal xeito que o deseño territorializado achegará unha maior riqueza e unha maior adaptación ás circunstancias locais aproveitando todo o caudal de coñecemento co que contan os equipos dos Concellos froito da colaboración previa dos centros educativos.

Este programa, a liderar dende os departamentos de benestar locais, debe contar tanto cos centros educativos como coas ANPAS, considerando fundamental para o seu éxito a implicación das familias, para as que se desenvolverán accións específicas de información e sensibilización.

Ademais, é preciso complementar estes programas con outras accións levadas adiante en relación coa igualdade ou coa sexualidade, fortalecendo os programas actuais e completando un abano de actividades de prevención de elevado impacto.

Neste sentido, tal como se menciona con anterioridade, recoméndase que a Deputación da Coruña lidere a rede de actores que co-deseñen o programa, o adapten á realidade de cada territorio, e o implementen. Esta rede de actores debe integrar a Colexios Profesionais, a especialistas das Universidades, entidades sociais, centros educativos, equipos técnicos de benestar municipais, e, sobre todo, ás ANPA.

Como se pode comprobar, o traballo conxunto entre as institucións educativas e os departamentos municipais de benestar é básico á hora de establecer estratexias de prevención. A potencialidade desta colaboración tamén abre portas para o desenvolvemento de programas relacionados coa nutrición infantil saudable que poden ser *refocalizados* atendendo á prioridade de loitar contra a exclusión social e a pobreza infantil dende a garantía da equidade.

#### **Recomendación 18. Deseño dun programa de nutrición saudable de proximidade en equidade nos CEIP e nos IES da provincia.**

Na actualidade, unha das principais derivadas da desigualdade económica provocada, en grande medida, pola recente crise económica, é a relacionada coa pobreza e o risco de exclusión infantil.

Este risco de exclusión infantil afecta á nutrición dos nenos e nenas, que en vez de caracterizarse polo consumo de alimentos saudables, se centra en consumo de procesados de baixo valor nutricional e baixo custo, afectando polo tanto ó seu desenvolvemento físico e mental, ó mesmo tempo que incide de xeito substancial no seu desenvolvemento académico.

Para paliar este fenómeno é posible o desenvolvemento dun programa de almorzos saudables de proximidade que, co obxectivo explícito de fomentar o consumo de alimentos de proximidade non procesados, tamén conta co obxectivo implícito de garantir o axeitado almorzo de todo o alumnado dos CEIP ou dos IES sen establecer diferenzas entre eles.

Este programa, a liderar dende a Deputación en estreita colaboración cos departamentos de benestar e de promoción económica locais, suporía a posta en contacto de (I) produtores, (II) persoal especializado en nutrición, (III) cociñas e/ou servizos de alimentación dos centros educativos, (IV) profesorado, (V) alumnado, e (V) ANPAS; para o cal se debe contar co apoio tanto das diferentes concellerías municipais (con especial atención a promoción económica e emprego pola súa relación cos produtores de proximidade), así como da dirección dos centros educativos.

Ademais, tal como se menciona con anterioridade, dentro deste eido de actuación considérase salientable a implantación nos centros educativos, en función das posibilidades, de iniciativas como poden ser as *hortas ecolóxicas*, que contribúen á mellora do coñecemento do medio do alumnado, e poden ser utilizadas como vehículo para a transmisión de coñecementos en clave interxeneracional.

### **Recomendación 19. Deseño dun programa de fomento do coñecemento da multiculturalidade e inclusión das persoas inmigrantes.**

Na actualidade, diferentes Comarcas da provincia contan, como consecuencia da súa importancia xeral a nivel económico, cunha comunidade de persoas inmigrantes coa que é preciso traballar dende diferentes puntos de vista para mellorar a súa inclusión e o seu benestar, contribuíndo así a crear territorios atractivos nos que as persoas residan con calidade de vida.

Neste sentido, na actualidade diferentes Concellos da provincia contan con programas específicos de atención ás persoas inmigrantes, dos que é preciso extraer conclusións e coñecementos para melloralos, amplialos e fortalecelos.

Con todo, considérase interesante avanzar dende a óptica da atención de carácter individual cara a óptica grupal e comunitaria, deseñando accións que, complementando ás xa presentes nos programas locais en activo, contribúan tanto á mellor inclusión dos colectivos de inmigrantes na sociedade, como á mellora do coñecemento que a sociedade de acollida ten sobre a realidade sociocultural dos lugares de orixe destes colectivos.

Así, na liña de establecer liñas de colaboración estables con centros educativos e entidades sociais e asociativas, é preciso que dentro desta colaboración se inclúan accións específicas relacionadas co fomento da multiculturalidade (sobre todo nas Escolas Infantís, CEIP e IES, así como nas entidades asociativas sectoriais ou territoriais) e coa difusión e mellora do coñecemento da realidade das persoas inmigrantes, sempre co obxectivo de fomentar a mellora da calidade de vida e a loita contra a exclusión.

Ademais, estas accións deben ser complementarias ás propias de información, asesoramento e orientación de carácter xurídico, así como ó deseño de proxectos individualizados de inserción social, con especial énfase no eido laboral e no coñecemento dos idiomas oficiais de Galicia.

### **Recomendación 20. Deseño dun Convenio marco con cadeas de distribución alimentaria para casos de emerxencia social.**

Un dos elementos nos que se considera preciso avanzar en relación ós servizos a prestar ás persoas consideradas dentro das emerxencias sociais é o relacionado coa súa dignidade persoal. Este aspecto debe terse en conta á hora de acceder de xeito efectivo a programas como o de



acceso a alimentos en supermercados, de tal xeito que a confidencialidade, o anonimato e a dignidade da persoa usuaria destes programas se garanta en todo o proceso.

Neste sentido, verifícase a existencia de interesantes iniciativas que poñen en relación ós departamentos municipais de benestar con importantes cadeas de distribución alimentaria, para entregar ás persoas usuarias dos programas de alimentos tarxetas de formato común coas que afrontar os pagamentos dos devanditos alimentos garantindo a súa confidencialidade.

Ademais, estes convenios xeran un proceso interno entre os departamentos contables da cadea de distribución e do Concello que permite facilitar o abono das cantidades correspondentes por cada compra de xeito seguro e verificable, incidindo na mellora dos traballos de comprobación do gasto público propios dos Concellos.

Como se pode comprobar, esta recomendación inclúe o liderado da Deputación no deseño e creación desta serie de Convenios para a adhesión municipal ós mesmos, vencellando a xeración e consolidación dos traballos en rede entre os actores presentes no territorio (neste caso entre os Concellos e establecementos de alimentación de proximidade), de xeito complementario á mellora da garantía da autonomía alimentaria das persoas atendendo tamén á mellora da súa dignidade, sendo posible aproveitar estas sinerxias de cara ó establecemento de protocolos conxuntos de inserción laboral en actividades como a mencionada da distribución alimentaria, de elevada necesidade de recursos humanos.

#### **Recomendación 21. Deseño dun proxecto piloto de vencello entre o deporte e a inclusión de persoas con discapacidade. O exemplo de O Mar na Escola.**

Na liña do fomento do traballo en rede de xeito conxunto entre as entidades sociais, os centros educativos, os departamentos locais de benestar e de deportes, e co liderado da Deputación, é de relevancia o aproveitamento de experiencias de éxito que, na actualidade, se están a desenvolver no territorio e que deben ser analizadas e expandidas ó actuaren sobre colectivos de especial necesidade dende a óptica da súa inclusión.

Este é o caso do programa O Mar na Escola que se está a desenvolver en 17 centros educativos de Camariñas, Carnota, Cee, Dumbría, Fisterra, Corcubión, Muxía e Laxe que, liderado pola Escola de Vela Cataventos de Corcubión, achega os deportes náuticos ós e ás nenos e nenas dos centros.

Neste sentido, é posible aproveitar e ampliar a experiencia deste programa a través de varios elementos. En primeiro lugar, introducindo elementos de carácter interxeneracional xa que, como se pode comprobar, estase a implementar en localizacións de elevada tradición e cultura mariñeira.

En segundo lugar, na actualidade este programa estase a desenvolver na Ría de Corcubión, de especiais características para a práctica segura destas actividades. Neste sentido, é posible aproveitar para a introdución de actividades de inclusión con colectivos de persoas con

discapacidade cos que a nivel comarcal están a traballar dende entidades sociais como APEN ou ASPADEX, pero que é extensible a toda a provincia e a tódalas entidades sociais especializadas.

Ó longo das diferentes recomendacións vencelladas coa loita contra as diferentes exclusións é posible incidir na potencialidade coa que contan as actuacións en rede, así como o elevado interese das accións *multipropósito* deseñadas, de tal xeito que estas accións xeren efectos en diferentes campos estratéxicos para as políticas de benestar locais e que, grazas á xeración da confianza entre os actores, abran posibilidades de novas actuacións posteriores.

### D) Os coidados.

Un dos alicerces das políticas de benestar locais é o relacionado cos coidados ás persoas, tendo en conta a necesaria complementariedade entre as diferentes formas de coidados entre as que salientan, pola súa potencialidade, os coidados no fogar prestados a través do SAF; os coidados prestados a través de equipamentos especializados de proximidade como poden ser os Centros de Atención ás Persoas Maiores, as Escolas Infantís ou os Centros de Día e Centros Ocupacionais para persoas con discapacidades ou necesidades especiais; os coidados prestados a través de prazas de carácter residencial; ou os coidados prestados a través das redes familiares.

Neste sentido, como foi analizado, a nivel xeral da provincia e da maior parte das Comarcas non se están a cumprir as ratios de referencia, sobre todo no relativo á oferta de equipamentos e prazas para os coidados das persoas maiores e dependentes. Este aspecto é preciso enfocalo dende unha óptica multinivel xa que, se ben as competencias á hora da dotación de prazas públicas en centros residenciais son de carácter autonómico, a administración local ten un rol salientable no relacionado coa dotación de prazas de carácter non residencial de proximidade, como así se está a verificar a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

Así, a Deputación da Coruña ten a oportunidade de asumir a interlocución coa Xunta de Galicia a través do Consorcio en relación á mellora da dotación de Centros de día, con especial atención a aquelas Comarcas onde se verifica non só unha especial infradotación, senón nas que se verifica unha especial necesidade social que, en virtude dos elementos estudados que poden dar na disuasión da demanda explícita, non se traslada en listaxes de agarda oficiais en relación ás persoas valoradas como dependentes.

É dicir, non só se debe recoñecer que a natureza do Consorcio é a axeitada para a xestión das necesidades locais en termos de dotación e xestión de equipamentos de proximidade para os coidados, senón que se recoñece que esta dotación debe ser ampliada a través do propio ente consorcial, de tal xeito que se manteña un modelo de prestación de servizos integrado a nivel galego e non se fomenten iniciativas de fragmentación do mesmo. Con todo, reitérase a necesidade de ampliación da oferta consorciada a nivel territorial para cubrir os déficits mencionados.

Ademais, na liña do mencionado en relación á emerxencia local de programas de detección precoz e de estimulación cognitiva, considérase preciso facer unha reflexión sobre a posibilidade da apertura

dos centros de día da rede consorciada a casos non valorados dentro da dependencia, pero con informe de idoneidade dos equipos técnicos municipais; en tanto que esta reflexión tamén debe dar pé a, a raíz do éxito da implantación destes programas, ó fomento dos mesmos dende a Deputación en estreita relación cos equipos técnicos locais e coas entidades sociais que, na actualidade, están a acumular un importante caudal de coñecemento neste sentido, aspecto este que é trasladable a outro elemento xa recollido, que é a necesidade de deseñar e implantar programas de traballo coas persoas cuidadoras.

Outro dos elementos que están a xerar especial tensión na operativa dos equipos locais de benestar é o relacionado coa xestión do SAF, sobre todo tendo en conta elementos como a expansión do mesmo nos últimos anos. Esta tensión, como foi analizada, xorde de diferentes puntos relacionados tanto co centro técnico do traballo, como con elementos periféricos do complexo proceso de servucción que, en todo caso, inciden de xeito determinante no seu rendemento final.

Neste sentido, en primeiro lugar, verifícase que na actualidade non se está a maximizar a capacidade de creación de postos de traballo de proximidade relacionados con este sector a raíz, entre outros elementos, da xa mencionada carencia de profesionais coa formación requirida. Para cubrir esta necesidade xa foron formuladas diferentes recomendacións centradas no deseño e implementación de accións formativas que respondan a tal obxectivo, aínda que non é posible obviar que o actual mapa da implantación territorial das diferentes familias formativas da Formación Profesional centraliza nas grandes cidades, agás no caso de Rianxo, a formación relacionada coa atención ás persoas dependentes, elemento este que xera disfuncións, de tal xeito que se amosa necesaria certa reformulación do devandito mapa dende a óptica da redistribución territorial.

Ademais, en relación á xestión do SAF, considérase necesario acometer unha reformulación da xestión da modalidade de dependencia a través da análise da transferencia da mesma ó Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar a través, por exemplo, da figura da encomenda de xestión e tendo en conta a ampla adhesión municipal ó devandito ente multinivel, de tal xeito que os Concellos, sobre todo os menores de 20.000 habitantes, focalicen a súas capacidades na modalidade de libre concorrència e maximicen a posibilidade de rendemento deste.

Con todo, é preciso mellorar as capacidades de xestión dos entes locais en relación ó SAF. Neste sentido, a Deputación da Coruña, dentro da súa actividade de fomento da libre concorrència a través dun salientable incremento do seu financiamento acontecido nos últimos anos, ten a posibilidade de fortalecer ampliar o seu perímetro de actuación a diferentes posibilidades relacionadas coa xestión tales como (I) a asistencia técnica especializada en contratación de servizos de benestar para, entre outros elementos, apoiar á hora de deseñar licitacións do servizo, de se contemplaren polos Concellos, ou de proceder á contratación de novo persoal nos casos da xestión directa; (II) o establecemento de sistemas compartidos de seguimento da prestación do SAF; (III) a análise conxunta dos datos dos servizos para a súa avaliación e mellora; ou (IV) o deseño de accións formativas específicas, por exemplo.

Estas melloras xerais do servizo deben ser complementarias con outras xa recollidas, de tal xeito que o SAF libre concorrència poida actuar de xeito efectivo a xeito de ferramenta de prevención e de

toma de información primaria para os equipos técnicos, facilitando a entrada de outros programas tales como os relacionados coa mellora da habitabilidade e accesibilidade dos fogares, os programas de educación familiar en vigor, programas de loita contra a soidade non desexada, información sobre ferramentas de promoción económica e emprego ou formación, ou difusión xeral de actividades de rexeneración de hábitos comunitarios, entre outros.

Outro dos elementos sobre os que incidir en relación cos coidados é co fomento de programas de conciliación da vida familiar e laboral, sobre todo nos Concellos de menor capacidade e poboación. Neste sentido, recoméndase o seu fomento xeral, ademais de prestar especial atención á dotación de contidos dos mesmos, recollendo así as complementariedades xa mencionadas con respecto, por exemplo, á posibilidade de realizar actividades interxeneracionais ou interdepartamentais cos equipos técnicos municipais de cultura ou deportes.

Finalmente, en relación ós coidados para os colectivos de persoas con discapacidade, e tendo en conta o rol especial que ten a iniciativa social neste eido, é preciso refocalizar o apoio financeiro prestado dende a Deputación para facer fincapé tanto na redución dos condicionantes administrativos das convocatorias, como na súa maior amplitude no tempo e, sobre todo, prestar especial atención ó mantemento da xestión dos equipamentos, sobre todo naquelas comarcas onde non existan máis entidades prestadoras.

### **Recomendación 22. A interlocución co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. A expansión da oferta de centros de atención ás persoas maiores e a xestión do SAF dependencia.**

A partir do ano 2006, coa creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, as administracións locais galegas, sobre todo as de menor poboación e capacidade, contan cunha ferramenta de colaboración coa Xunta de Galicia de elevado valor e capacidade tanto para a planificación da dotación de equipamentos de benestar, como para a súa xestión. Así, o Consorcio constitúense na actualidade como un ente que, dende a perspectiva multinivel, garante a presenza dun modelo de prestación de servizos integrado en todo o territorio, asumindo as necesidades sociais e traballando de xeito colaborativo para a súa satisfacción.

Con todo, na liña do mencionado ó longo do presente documento, así como das correspondentes Diagnoses Comarcais que forman parte do Plan de Acción, verifícase a necesidade de incrementar os esforzos na dotación de equipamentos públicos, sobre todo dos de carácter non residencial para a atención ás persoas maiores, para acadar as ratios recomendadas. Neste sentido, é preciso prestar unha especial atención á súa dotación dende o punto de vista da proximidade, aspecto básico que determinará a súa operatividade final e, polo tanto, a súa efectividade tanto dende o punto de vista das persoas usuarias como das súas familias.

Así, co obxectivo de non incrementar a fragmentación do modelo de prestación de servizos, é preciso establecer que o Consorcio e os Concellos da provincia menores de 20.000 habitantes integrados, co apoio da Deputación, establezan un horizonte para o incremento da oferta de

prazas en centros de día de atención ás persoas maiores. Esta medida debe ser complementada coa maximización das posibilidades de uso dos equipamentos actualmente operativos a través da posibilidade de reserva de prazas para uso pola modalidade de libre concorrencia, o cal suporía avanzar na idoneidade dos recursos en función da situación de cada potencial usuario/a en cada intre do seu deterioro, sobre todo tendo en conta a elevada espera que na actualidade supón o proceso de valoración da dependencia, que está a xerar un salientable efecto disuasión.

Dentro desta interlocución entre os Concellos de menos de 20.000 habitantes e o Consorcio, é de salientar a necesidade de incluír a reflexión sobre a dotación de equipamentos adicados á atención á primeira infancia en Concellos que, na actualidade, carecen deles e que, no mellor dos casos, están a implantarse outras modalidades de equipamentos como poden ser as Casas Niño, pero que dependen do liderado da iniciativa privada e que deberían ser complementarios á expansión da rede pública.

Finalmente, dentro deste proceso de ampliación e afondamento da relación entre os Concellos e o Consorcio, é preciso introducir a necesaria reflexión sobre a xestión consorciada da modalidade de dependencia do SAF, sobre todo atendendo á presenza de servizos, como é o caso do programa Xantar na Casa, de elevado éxito.

Neste sentido, tendo en conta que os Concellos, sobre todo os de menor tamaño, están a ver como os seus servizos de benestar se están a *hiperfocalizar* a raíz das elevadas tensións da xestión do SAF dependencia, e asumindo que estes Concellos están a chegar a un tope operativo no proceso de servucción do mesmo, considérase preciso que o Consorcio, como ente multinivel de colaboración para a xestión das políticas de benestar, inicie un proceso de reflexión estratéxica sobre a asunción da xestión da modalidade do SAF dependencia que complemente as virtudes da adaptación técnica local ás necesidades de cada persoa usuaria cos avances operativos derivados do modelo consorciado.

### **Recomendación 23. O SAF libre concorrencia e o reforzo da acción da Deputación.**

Tal como se menciona ó longo do documento, o rol da Deputación da Coruña a través do seu sistema de apoio financeiro ós Concellos de menos de 20.000 habitantes é central para a prestación do SAF libre concorrencia.

Neste sentido, tendo en conta a situación mencionada así como a anterior recomendación, é preciso que a Deputación da Coruña afiance a súa aposta polo SAF libre concorrencia a través de diferentes vías. En primeiro lugar, a través do fortalecemento do seu financiamento, non tanto en termos económicos, senón en termos de estabilidade plurianual. En segundo lugar, a través da prestación de servizos de asistencia técnica e metodolóxica ós Concellos para que a ampliación do servizo se traduza, ademais, nun afondamento das súas posibilidades de intervención nos fogares. En terceiro lugar, a través da creación de espazos específicos para a formación especializada e

para a transferencia de experiencias. En cuarto lugar, a través da xeración de ferramentas que permitan o seguimento do servizo e o seu axeitado control de xestión.

Así, de se verificar a posta en marcha dun novo modelo de prestación do SAF baseado na xestión consorciada da modalidade de dependencia, amósase preciso que os Concellos se focalicen nos custos de oportunidade que, na actualidade, xurdían para o SAF libre concorrencia a raíz do seu uso maioritario para a cobertura das agardas de dependencia. Deste xeito, o centro da actuación do SAF de libre concorrencia debe trasladarse da atención ás persoas que están a agardar pola súa valoración (e recepción de servizos) dentro da lei da dependencia, cara a cobertura de necesidades relacionadas co acompañamento e educación familiar, con diferentes intervencións nos fogares ou con outro tipo de necesidades detectadas dende os departamentos de benestar que teñan un carácter individualizado.

Esta evolución do servizo comportará unha necesidade de adaptación á que deberán responder os Concellos co apoio da Deputación da Coruña, para o cal é preciso que a Deputación redefina o seu centro de actuación, avanzando tanto dende o financiamento (con modelos de maior estabilidade temporal), como dende a asistencia técnica directa, así como dende o rol de liderado da rede de diferentes actores da política de benestar xa mencionada, que conta cun elevado potencial á hora de crear metodoloxías e definir proxectos como os que se están a propoñer.

Neste mesmo sentido, un dos elementos máis salientables é a necesidade da presenza dunha asesoría xurídica especializada en benestar a nivel supralocal que, ademais de apoiar nas funcións indicadas, tamén colaborará no deseño de bolsas de traballo para o SAF local, ferramenta coa que non tódolos Concellos contan na actualidade, servindo estas para axilizar o proceso de cobertura de baixas e vacacións do persoal propio.

Como se pode observar, a recomendación céntrase no fortalecemento das capacidades dos equipos técnicos municipais para do SAF libre concorrencia, co obxectivo de avanzar na mellora do servizo como parte fundamental da política de benestar local.

### **Recomendación 24. Deseño de protocolos de actuación para intervencións derivadas do SAF.**

O SAF é un servizo que nos Concellos de menos de 20.000 habitantes está a chegar a máis de 8.000 fogares no ano 2018, polo que a súa elevada capilaridade convérteo nunha fonte de información dun enorme valor para os departamentos locais de benestar.

Neste sentido, é preciso aproveitar este caudal para xerar novas intervencións que superen a atención directa ó/á usuario/a e que se focalicen, entre outras, na valoración da (I) necesidade de realizar obras de rehabilitación, accesibilidade, mellora da eficiencia enerxética ou mellora da habitabilidade das vivendas; e (II) a necesidade de realizar intervencións coas familias e coas persoas coidadoras principais en materia de formación, respiro ou apoio psicolóxico a nivel individual e grupal.

A actuación dos departamentos de benestar municipais nestes aspectos é fragmentada, polo que é preciso crear procedementos para a intervención e homoxeneizala, sobre todo tendo en conta a importancia das devanditas actuacións.

Así, dentro da redefinición do rol da Deputación afondando na función da asistencia técnica, recoméndase o deseño de protocolos internos de actuación dos diferentes departamentos municipais (SAF, equipo técnico de benestar, urbanismo...) en relación á redacción (de ser preciso, e en colaboración con actores sectoriais de importante relevancia como poden ser as Universidades ou o COAG, ou coas propias entidades dependentes da Deputación, como pode ser a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) de proxectos de obras de mellora da habitabilidade dos fogares e de solicitude de apoio económico (de ser o caso); en tanto que tamén se recomenda tal, como se menciona con anterioridade, a expansión dos programas de atención ás persoas coidadoras ou de intermediación en conflitos familiares, de acontecer, para o cal o liderado da Deputación na rede de actores é central.

Neste sentido, é importante salientar que na provincia é preciso avanzar na mellora da habitabilidade das vivendas e da adaptación das súas estruturas e servizos, así como da súa accesibilidade, atendendo sobre todo ás necesidades das persoas maiores. Esta liña de actuación, que ten no SAF unha fonte de información básica, segue o traballo do Proxecto RedMay (programa europeo Interreg V A España-Portugal encabezado pola Consellería de Política Social, a Universidade de Vigo e a Cámara municipal de Braga) e das súas intervencións relacionadas coa creación de contornas amigables – housing para as persoas maiores.

#### **Recomendación 25. O SAF no deseño dun Plan de Formación en Benestar da Deputación.**

Na liña do mencionado con anterioridade, a elevada intensidade do SAF en recursos humanos, así como a variación dos casos individuais ós que se enfrontan no seu traballo diario tanto os equipos técnicos como as profesionais auxiliares, fan preciso o deseño de accións formativas específicas que permitan a actualización constante das persoas ás esixencias do traballo.

Neste sentido, dentro da necesaria elaboración por parte da Deputación dun Plan de Formación en Benestar para os entes locais, é preciso prestar unha especial atención ó SAF dende a perspectiva do avance nas súas metodoloxías de intervención nos fogares.

Ademais, é preciso ter en conta un elemento que, en numerosas ocasións non é ponderado con suficiencia. Trátase da elevada esixencia emocional á que se enfrontan as persoas profesionais dos equipos de benestar e que, con respecto ás auxiliares do SAF, viven en primeira persoa situacións de elevada tensión. Este elemento é preciso afrontalo a través de técnicas psicolóxicas co obxectivo de mellorar a saúde laboral e diminuír o risco do *profesional queimado/a*.

Finalmente, as accións formativas territorializadas presenciais para as persoas profesionais do SAF levan implícito o establecemento de relacións entre estes profesionais, co cal xéranse dinámicas positivas de valor para o desempeño do servizo.

### **Recomendación 26. Deseño dun proxecto piloto para a mellora do SAF a través da Terapia Ocupacional.**

Como se vén comentando, o SAF é un servizo que na actualidade está a ocupar un volume importante de recursos municipais, chegando a numerosos fogares da provincia e amosando a posibilidade de xerar novas intervencións con maior profundidade, sobre todo tendo en conta o profundo proceso de avellentamento do territorio.

Este é o obxecto do proxecto piloto que se recomenda acometer, dotando ós equipos SAF dun apoio en materia de Terapia Ocupacional que, para cada fogar e en virtude dos informes técnicos previos correspondentes, elabore un estudo de adaptación funcional e prevención de caídas. Estas funcións serán complementadas con accións formativas, utilización de axudas técnicas e accións complementarias como os Servizos de Estimulación Terapéutica ou accións relacionadas coa estimulación da memoria descentralizados onde o profesional da Terapia Ocupacional, en coordinación co resto do equipo de benestar, realizará actividades de reactivación e de prevención.

Ademais é preciso facer unha especial referencia ás posibilidades que a Terapia Ocupacional ten en relación á formación das persoas integrantes nos equipos SAF para mellorar as súas habilidades e coñecemento, así como para o asesoramento ás familias cuidadoras tanto en materia de accesibilidade e adaptación dos fogares como en materia de adquisición de axudas técnicas.

### **E) Os equipos e a continuidade das políticas de benestar.**

Un dos aspectos fundamentais nas políticas de benestar locais é o relacionado coa súa continuidade no tempo e, polo tanto, a súa estabilidade. Esta continuidade das actuacións, que é a fonte dos efectos que se procuran, non se acaba sen contar coa continuidade dos equipos que as xestionan e implementan.

Como se puido comprobar, unha parte salientable dos recursos que os Concellos da Comarca menores de 20.000 habitantes utilizan para financiar as políticas de benestar procede da Deputación da Coruña que, a través da convocatoria anual, achega recursos ós Concellos para financiar parte dos equipos e parte do custo do SAF libre concorrencia. Con todo, este sistema de financiamento, alén de evolucionar de xeito substancial ó longo dos últimos anos, segue a ser de carácter anual, aspecto este que pode limitar a continuidade procurada nas políticas de benestar locais a través da introdución de elementos de discontinuidade nos equipos.

Neste sentido, un dos aspectos que inflúen, a nivel xeral, na presenza de retencias locais á hora de realizar a contratación efectiva de profesionais unha vez garantida o financiamento anual, é



precisamente esta temporalidade, de tal xeito que avanzar na superación do marco temporal supón avanzar na cobertura definitiva dos equipos.

Ademais, na análise da situación dos equipos municipais salienta a presenza de persoal técnico complementario ó/á do/a Traballador/a Social. Neste sentido, a posta a disposición por parte da Deputación da Coruña de financiamento para cubrir estes perfís está a ser axeitado ó contribuir á multidisciplinariedade dos equipos e, polo tanto, á xeración de novas intervencións en campos de actuación de interese como é o relacionado cos centros educativos, por exemplo. Con todo, ó mesmo tempo verifícase a necesidade de establecer sistemas de apoio técnico de carácter supralocal que dean resposta ás necesidades dos Concellos de menor volume e que suporán unha expansión do abano de actividades de benestar e unha maior profundidade nas actualmente desenvolvidas.

Neste sentido, na liña do afondamento nas posibilidades do actual modelo de financiamento das políticas de benestar locais por parte da Deputación da Coruña, e tendo en conta a prioridade de avanzar na estabilidade plurianual das mesmas, considérase preciso facer unha reflexión sobre a necesidade da ampliación dos recursos cos que conta a Sección de Benestar da Deputación.

Así, a misión da Sección evoluciona dende a xestión do ciclo do financiamento establecido dende a Deputación para o apoio ós Concellos e ás entidades sociais, ata un novo modelo de coordinación dos recursos especificamente deseñados para o apoio ós Concellos, alén dos de carácter financeiro, ademais de liderar a rede de actores anteriormente mencionada. Neste sentido, dentro da reflexión sobre os medios dos que está fornecida a Sección, recoméndase a creación dun Centro de Recursos a disposición dos equipos técnicos dos Concellos e das entidades sociais que, entre outros elementos, conteña unha recompilación de metodoloxías de intervención en diferentes temáticas deseñadas e creadas a raíz da colaboración coa rede de actores, unha biblioteca on-line con material especializado nas políticas locais de benestar, unha recompilación de experiencias locais de interese, e un banco de información sobre os recursos existentes no territorio a disposición da cidadanía.

Dentro deste Centro de Recursos e para o servizo dos equipos municipais, recoméndase a creación dunha asistencia xurídica especializada en benestar que teña o obxectivo de asesorar ós equipos municipais en relación á normativa, ordenanzas, procesos de contratación de servizos, contratación de persoal, ou outro tipo de aspectos relacionados con eidos máis singulares como pode ser a normativa relacionada coa inmigración, por exemplo.

Dentro deste Centro de Recursos tamén se recomenda o deseño dun Plan de Formación específico en materia de Benestar que englobe tanto ós equipos técnicos como ó persoal do SAF, e que implemente as accións de carácter presencial no territorio.

Un dos elementos máis salientables para o novo Servizo de Benestar, na liña da conformación dunha Rede de Concellos para o Benestar, é a creación de equipos comarcais de benestar coordinados e liderados dende a Deputación para o traballo en relación cos equipos municipais e coas entidades sociais.

Ademais, a Deputación na actualidade está a xestionar equipamentos de servizos sociais especializados, como é o caso do Fogar Infantil “Emilio Romay” e o Centro de Menores de Ferrol. Neste sentido, atendendo á normativa vixente e á distribución competencial recollida, recoméndase o establecemento conxuntamente coa Xunta de Galicia dunha axenda para a asunción da súa xestión por parte da Consellería de Política Social, se ben considérase un aspecto básico a continuidade dos criterios de calidade e individualidade na atención que está a caracterizar a prestación de servizos nestes centros, que os converten en referencia, sobre todo atendendo á sensibilidade dos colectivos obxectivo ós que están dirixidos.

Así, dentro dun marco xeral avance na estabilidade do apoio técnico e financeiro que a Deputación da Coruña presta ós Concellos e ás entidades sociais, e como artellamento operativo dun modelo de política pública integrado, relacional, estable, proactivo e integral entendido como avance do actual modelo, é preciso incidir nas seguintes recomendacións.

### **Recomendación 27. A creación do Servizo de Benestar da Deputación da Coruña. Redimensionamento e dotación de medios.**

Tal como se menciona con anterioridade, o volume da política de benestar da Deputación da Coruña, así como o impacto que esta ten en termos de apoio a Concellos e a entidades sociais, comportan unha especificidade que debe ter a súa plasmación no organigrama administrativo do ente, así como no deseño de ferramentas de coordinación interdepartamental que aseguren a integración da óptica do benestar nas diferentes accións da Deputación.

Neste sentido, a creación do Servizo de Benestar da Deputación da Coruña deberá ir parello ó redimensionamento dos actuais recursos do mesmo na liña de ampliar o apoio financeiro ós Concellos e entidades sociais, sobre todo dende a óptica da maior estabilidade temporal do mesmos, así como de ampliar a función de asistencia técnica e metodolóxica xeral, sobre todo ós Concellos.

Así, recoméndase a creación dun Centro de Recursos de Benestar do que dependan (I) unha ampla recompilación técnica e metodolóxica on-line relacionada coas políticas de benestar locais e con diferentes modalidades de intervención coas persoas usuarias; (II) un buscador on-line que achegue ós equipos técnicos municipais, ás entidades sociais e á cidadanía a información básica relacionada sobre a oferta de entidades e recursos de benestar existente a nivel territorial; (III) unha recompilación de diferentes experiencias de interese implementadas en contornas locais relacionadas con diferentes necesidades sociais; (IV) o deseño e implementación dun Plan de Formación en Benestar; e (V) unha asesoría xurídica especializada en benestar á que poidan acudir os equipos técnicos dos Concellos menores de 20.000 habitantes.

Ademais, recoméndase a creación de equipos comarcais de benestar que, conformados dende unha óptica multidisciplinar, apoien ós equipos técnicos municipais e implementen, en relación con eles, diferentes programas de alcance supralocal. Estes equipos dependerán do Servizo, que

actuará como nó da Rede de Concellos para o Benestar, en tanto que os equipos conformaranse como a aproximación comarca da propia rede.

Finalmente, outra das misións do Servizo será a da convocatoria de Espazos de reflexión para o conxunto dos equipos técnicos municipais. Estas convocatorias terán carácter semestral e terán contidos específicos sectoriais sobre aspectos de elevado interese, complementando a óptica formativa coa relacional.

A presente recomendación representa a creación do nó central da Rede de Concellos para o Benestar, así como a plasmación das súas funcións iniciais relacionadas co apoio financeiro ós Concellos menores de 20.000 habitantes e co apoio técnico e metodolóxico, sempre na liña recollida no documento de Marco Estratégico, que forma parte do conxunto de Informes englobados no presente Plan de Acción de Servizos Sociais.

### **Recomendación 28. A plasmación dun modelo relacional de política de benestar e as posibilidades para a dotación dos equipos.**

Un dos elementos centrais no deseño de política de benestar proposto é o elemento relacional, que terá unha especial incidencia á hora da conformación da Rede de Concellos para o Benestar.

Así, recoméndase o establecemento de liñas de colaboración estables con entidades como os Colexios Profesionais de Traballo Social, Psicoloxía e Educación Social, así como coas Universidades da Coruña e de Santiago de Compostela.

Estas liñas de colaboración deberán dar como resultado o deseño de metodoloxías de intervención e accións relacionadas con diferentes problemáticas recollidas tanto no presente documento como no conxunto de Diagnoses Comarcais, de tal xeito que estas metodoloxías sexan unha das partes do Centro de Recursos mencionado con anterioridade, e que teñan a posibilidade de seren aterradas ó territorio a través dos equipos comarcais e dos equipos municipais, que as adaptarán ó contexto e ás necesidades percibidas. Neste sentido, entre as prioridades para o deseño de intervencións atópanse, entre outras, (I) a detección e traballo coas situacións de soidade non buscada; (II) o deseño de accións relacionadas coa formación e acompañamento individual e grupal ás persoas coidadoras; (III) o deseño de accións de prevención en centros educativos; (IV) o deseño de accións sociosanitarias en colaboración cos Centros de Saúde; ou (V) a colaboración no deseño do Plan de Formación de Benestar e a impartición de accións formativas no territorio.

Ademais, considérase que a colaboración cos Colexios Profesionais mencionados debería ampliarse á conformación dos equipos comarcais que, a xeito de proxectos piloto, iniciarían a súa actividade en diferentes territorios e establecerían un calendario de actuacións en coordinación co Servizo de Benestar da Deputación e cos equipos técnicos dos Concellos atendendo, en función de cada proxecto, ó necesario establecemento de redes comarcais tanto coas entidades sociais ou asociativas, como con centros educativos e centros de saúde.

Seguindo coa lóxica de colaboración cos Colexios de Profesionais, é interesante ampliar esta colaboración ó Colexio Oficial de Arquitectos e Arquitectas de Galicia (COAG), co obxectivo de dotarse dunha asistencia técnica, en coordinación coa Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, para apoiar ós equipos municipais de benestar á hora de analizar as necesidades de habilitación ou accesibilidade das vivendas das persoas susceptibles de seren usuarias dos programas de benestar, e propoñer proxectos de intervención para a súa mellora.

En relación coas Universidades da Coruña e de Santiago de Compostela, amósase preciso establecer fluxos de colaboración en diferentes aspectos. En primeiro lugar, a través da transferencia de coñecemento sobre as políticas de benestar, tanto dende a óptica substantiva como dende ópticas institucionais ou de xestión, entre os centros de xeración de coñecemento e as administracións públicas. Neste sentido, considérase de relevancia o deseño de premios ós estudos ou documentos de investigación orixinais enmarcados dentro deste eido de actuación, de tal xeito que a difusión destes contidos (e a súa integración dentro do Centro de Recursos) contribúa á transferencia de coñecemento e á mellora xeral das políticas de benestar.

En segundo lugar, considérase de especial interese a colaboración das Universidades, a través dos seus respectivos departamentos e grupos de investigación, na conformación do equipo da asesoría xurídica especializada en benestar. Este equipo, ideado para o apoio ós Concellos de menos de 20.000 habitantes e en estreita coordinación co equipo do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios da Deputación, asesorará ós equipos técnicos de benestar dos Concellos en materias como, por exemplo, (I) a redacción ou adaptación de ordenanzas de benestar; (II) a contratación de servizos de benestar e a aplicación dos principios da contratación pública socialmente responsable; (III) a contratación de recursos humanos nas administracións locais; ou (IV) a normativa e requirimentos relacionados cos colectivos de persoas inmigrantes.

Finalmente, tendo en conta a profundidade do modelo de política de benestar a liderar dende a Deputación, considérase de relevancia contar co apoio das Universidades, a través dos seus diferentes departamentos e equipos de investigación, no deseño de metodoloxías de avaliación para, por unha banda, os principais programas de intervención a deseñar e implementar sobre o territorio e, por outra banda, para a avaliación tanto dos aspectos da evolución institucional máis salientables, como para a avaliación do traballo en rede dos actores.

### **Recomendación 29. A ampliación do FOPPSS ás actividades de benestar.**

Como se vén comentando ó longo das conclusións do actual documento, considérase necesario que o novo modelo de política de benestar liderado polo Servizo de Benestar da Deputación avance sobre o actual modelo a través da súa ampliación, como se pode observar nas presentes recomendacións, pero recoñecendo a vixencia do mesmo.

Neste sentido, un dos elementos a ter en conta é que a relación de apoio financeiro da Deputación da Coruña ós Concellos menores de 20.000 habitantes enmarcada no FOPPSS do ano

2018 está considerada como de elevado éxito tanto no que corresponde ó financiamento dos equipos técnicos e administrativos, como no que se refire ó financiamento das horas de SAF libre concorrencia.

Con todo, é importante avanzar no financiamento das accións de benestar, un eido que os equipos de benestar municipais consideran que non está a ser atendido coa suficiente intensidade na plasmación local dos diferentes plans de financiamento, sobre todo atendendo á heteroxeneidade da aplicación dos fondos POS+ ás devanditas accións de benestar.

Así, recoméndase que o FOPPSS sexa ampliado a un terceiro grande concepto composto polas actividades de benestar, de tal xeito que sexan financiadas ó igual cós (I) equipos, técnicos e administrativos, e (II) a prestación do SAF libre concorrencia. Estas actividades tamén serán de implementación plurianual, na liña da recomendación realizada da maior estabilidade temporal.

De tódolos xeitos é preciso focalizar este apoio financeiro para as accións de benestar en cada territorio, aspecto este no que se afonda nas diferentes Diagnoses Comarcais, respondendo así ás necesidades específicas recollidas por cada equipo técnico.

Finalmente, é preciso reiterar que dentro desta redefinición das liñas de financiamento da Deputación para as políticas de benestar, na Recomendación 4 atópase recollida unha proposta de evolución do financiamento dirixido ás entidades sociais deseñada sobre a base da maior estabilidade temporal, así como de outra serie de axustes que se consideran de relevancia na procura dunha maior efectividade das devanditas liñas.

### **Recomendación 30. A importancia da xeración de datos primarios das políticas de benestar.**

Ó longo dos traballos realizados no Plan de Acción verificase que unha das principais problemáticas á hora da análise da actividade dos departamentos municipais de benestar é o relacionado coa existencia e confiabilidade do dato primario relacionado co número de persoas ás que os departamentos prestan servizo. Neste sentido, o concepto de prestar servizo non é tan restrinxido como o dos expedientes activos, senón que é amplo, incluíndo tanto a información presencial, como a asistencia a conferencias ou palestras de benestar, ou a diferentes actividades de lecer.

A verificación das limitacións do actual sistema de recollida de información oficial, o SIUSS, non impide o recoñecemento da existencia de casos que recollen a totalidade das atencións prestadas, realidade esta que permite extrapolar a unha cifra que rolda o 20% o número de persoas que, anualmente, están a visitar (con diferente grao de intensidade) os departamentos municipais de benestar.

Con todo, as limitacións na xeración de datos primarios, que tamén afectan a servizos de elevada intensidade e tensión operativa como é o SAF, supoñen unha disfunción tanto para a operativa

diaria dos departamentos de benestar, como para a súa planificación a medio prazo, de tal xeito que o avance neste sentido é unha necesidade.

Para responder a esta situación, recoméndase que a Deputación lidere os traballos para o deseño e aplicación nos Concellos menores de 20.000 habitantes dunha ferramenta informática que, a xeito de interfaz co SIUSS, permita a introdución de datos de xeito sinxelo (para o seu posterior volcado no devandito SIUSS como ferramenta oficial a nivel estatal), así como a introdución de aspectos que na actualidade non se están a ver recollidos como pode ser a axenda para a cita previa, as aplicacións de xestión orzamentaria local para o control das diferentes partidas, recursos humanos, ou un módulo específico para a xestión do SAF do cal existen diferentes alternativas no mercado na actualidade.

Esta aplicación, a deseñar atendendo á experiencia de diferentes Concellos que contan en Galicia con este sistema, debe ser homoxénea para tódolos Concellos menores de 20.000 habitantes da provincia, e realizada en coordinación coa AMTEGA e coa Consellería de Política Social, de tal xeito que permita, a medio prazo, a obtención de datos primarios fiables e comparables sobre a actividade dos Concellos para a súa explotación e realización de planificación de garantías.

### **Recomendación 31. O deseño dun Programa de Formación en Benestar.**

Dentro do Plan de Acción de Servizos Sociais contemplárase a necesaria elaboración dun Programa de Formación específico en materia de benestar de carácter territorializado que dea resposta ás necesidades de actualización dos equipos dos departamentos, e dentro do cal se insira de xeito específico a realidade do SAF como programa central cunha especial atención, como se menciona con anterioridade, ó traballo das profesionais auxiliares.

Este Programa de Formación en benestar terá como principal obxectivo a actualización das ferramentas e metodoloxías coas que actúan os equipos, favorecendo a interdisciplinidade, e poñendo especial atención a aspectos como a xestión do SAF, o avellentamento, o enfoque sociosanitario ou que incidan en ocos recoñecidos como son os relacionados, por exemplo, co traballo coa mocidade, coa inmigración ou coas persoas coidadoras, aspectos que están a marcar o presente das políticas de benestar nos Concellos da provincia.

O Programa de Formación en Benestar, que será complementado coa xa mencionada dotación dun Centro de Recursos metodolóxicos e experiencias comparadas, completará o abano de alternativas de formación, dentro do cal se insire tamén o deseño e convocatoria de espazos de reflexión con carácter periódico e contido sectorial para os equipos técnicos.

Neste sentido, o deseño do Plan de Formación será realizado atendendo, en primeiro lugar, ás necesidades de formación recollidas de xeito periódico pola Deputación; en segundo lugar, atendendo ás recomendacións dos Colexios de Profesionais e do persoal docente das Universidades; e en terceiro lugar, atendendo ás achegas de persoas de recoñecida experiencia e prestixio. A impartición das accións formativas será realizada con carácter territorial e atendendo

ás circunstancias de cada Comarca, en tanto que estes espazos tamén serán utilizados para a difusión e transferencia de experiencias salientables relacionadas con problemáticas de referencia e con enfoques de especial efecto, sobre todo levadas a cabo en Galicia tanto dende as administracións como dende as entidades sociais.

# OS SERVIZOS SOCIAIS NA PROVINCIA DA CORUÑA

Plan de Acción de Servizos Sociais

